



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Pleno
Número 101

Sesión plenaria
12 de febreiro de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña (doc. núm. 20123, 10/PPLC-000006)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, reguladora da actividade dos grupos de interese en Galicia (doc. núm. 41626, 10/PPL-000033)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 398, do 14.12.2018

Punto 2. Comparecencias

2.1 45055 (10/CPP-000091)

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da situación actual do calendario e das perspectivas do Plan de transporte público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

2.2 37715 (10/CPP-000081)

Do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 365, do 03.10.2018

Punto 3. Mocións

3.1 45115 (10/MOC-000125)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 40247, publicada no BOPG nº 386, do 21.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017



3.2 45116 (10/MOC-000126)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre a defensa pola Xunta de Galicia, nos espazos políticos e institucionais e nos acordos que leve a cabo, dos dereitos humanos, da igualdade de mulleres e homes e do autogoberno. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 43058, publicada no BOPG nº 414, do 18.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

3.3 45124 (10/MOC-000123)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 39868, publicada no BOPG nº 383, do 14.11.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

3.4 45125 (10/MOC-000124)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 35663, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 21.01.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

Punto 4. Proposicións non de lei**4.1 25169 (10/PNP-001794)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis**

Sobre a implantación polo Goberno galego do Servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

4.2 41431 (10/PNP-003132)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central relativa á defensa da inclusión da conexión Vigo-Porto no Corredor Atlántico, dentro do proceso de reforma dos regulamentos UE 1315/2013 e 1316/2013, do Parlamento e do Consello Europeo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018



4.3 41484 (10/PNP-003140)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun plan de vivenda para a emancipación xuvenil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

4.4 42795 (10/PNP-003210)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia destinadas a levar a cabo a xestión directa do servizo de transporte sanitario urxente terrestre en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

4.5 43939 (10/PNP-003268)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e dous deputados/as máis**

Sobre o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2019 en relación co investimento para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

Publicación correccións, BOPG nº 423, do 31.01.2019

4.6 44345 (10/PNP-003308)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e dezanove deputados/as máis**

Sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia respecto ao Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

4.7 44503 (10/PNP-003325)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co prezo das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

4.8 44787 (10/PNP-003348)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Feijóo, Alberto e corenta deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación coa situación de Venezuela.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 423, do 31.01.2019



Punto 5. Interpelacións

5.1 41288 (10/INT-001377)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación do servizo de pediatría no Sistema galego de saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 397, do 13.12.2018

5.2 43481 (10/INT-001434)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego diante da situación da sanidade pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

5.3 43899 (10/INT-001440)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre o incremento da mortalidade nas estradas galegas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 45341 (10/POPX-000127)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do exercicio das súas competencias en materia de sanidade rectificando os recortes e privatizacións para garantir o dereito das persoas á saúde

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

6.2 45342 (10/POPX-000128)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para igualar o nivel competencial de Galicia co das outras nacionalidades históricas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

6.3 45343 (10/POPX-000129)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación actual do autogoberno en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 45339 (10/PUP-000222)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os funcionarios que forman parte da mutualidade que substituíu ao Centro Galego de Bos Aires en Ospaña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

7.2 43711 (10/POP-005204)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis

Sobre o investimento previsto pola Xunta de Galicia, no marco do programa Rexurbe, para a adquisición e posterior rehabilitación de inmobles nos núcleos históricos de Ferrol, Betanzos, Lugo e Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

7.3 45329 (10/PUP-000221)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das execucións orzamentarias do Ministerio de Fomento na Comunidade Autónoma de Galicia nos anos 2015, 2016 e 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

7.4 45340 (10/PUP-000223)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis

Sobre a avaliación do Goberno galego respecto da viaxe institucional a Miami e Nova York anunciada polo presidente da Xunta de Galicia para reforzar as relacións económicas e comerciais cos Estados Unidos de América

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

7.5 44410 (10/POP-005304)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre as razóns da facturación ás familias das reparacións dos equipos informáticos facilitados ao alumnado que forma parte da iniciativa de educación dixital E-Dixgal na modalidade de cesión de uso

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

7.6 43716 (10/POP-005205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para solucionar a situación na que se atopa o servizo de pediatría nos concellos de Moeche, Cerdido, As Somozas e San Sadurniño

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019



7.7 45316 (10/PUP-000220)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da ampliación do funcionamento do servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense ás 24 horas do día

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2017

7.8 42711 (10/POP-005027)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre o cumprimento do convenio asinado coa Deputación Provincial de Pontevedra o 22 de xaneiro de 1991 e ratificado no ano 2000 respecto do predio de Lourizán, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

7.9 43949 (10/POP-005256)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as axudas para previr os danos causados polo lobo e o porco bravo na gandaría e nos cultivos agrícolas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor presidente comunica que a deputada dona Paula Vázquez Verao (EM) xustificou a súa ausencia. (Páx. 8.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para presentar ante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 12.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Toja Suárez (S) (Páx. 16.), Sra. Quinteiro Araújo (EM) (Páx. 18.) e Sra. Egerique Mosquera (P). (Páx. 21.)

Rolda de réplica: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 25.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña: rexeitada por 17 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións. (Páx. 27.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da situación actual do calendario e das perspectivas do Plan de transporte público de Galicia. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 27.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 36.), Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 39.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 42.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 45.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 49.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 53.) Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 53.), o señor Álvarez Martínez (S) (Páx. 55.), o señor Sánchez García (EM) (Páx. 56.), o señor Fernández Prado (P) (Páx. 59.) e a señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle). (Páx. 61.)



Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da sesión, de maneira que a moción 3.1 se debate a continuación. (Páx. 63.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas. (Punto terceiro da orde do día)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 63.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 66.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 68.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 70.)

Nova intervención da señora Solla Fernández (EM). (Páx. 72.)

Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás tres e corenta e catro minutos.

Comparecencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día)

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 74.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 85.), Sr. Fernández Fernández (S) (Páx. 88.), Sr. Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 91.) e Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 94.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 99.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 106.) Nesta rolda interveñen o señor Rivas Cruz (BNG) (Páx. 106.), o señor Fernández Fernández (S) (Páx. 108.), o señor Rodríguez Estévez (EM) (Páx. 110.), o señor Blanco Paradelo (P) (Páx. 112.) e o señor conselleiro do Medio Rural (González Vázquez). (Páx. 114.)

O señor Tellado Filgueira (P) pide a palabra e intervén por unha cuestión de orde con base no artigo 76.3 do Regulamento da Cámara. (Páx. 117.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira, sobre a defensa pola Xunta de Galicia, nos espazos políticos e institucionais e nos acordos que leve a cabo, dos dereitos humanos, da igualdade de mulleres e homes e do autogoberno. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 119.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Villares Naveira (EM). (Páx. 120.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 123.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 125.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 126.)



O señor Villares Naveira (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 129.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luísa Pierres López, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 132.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Pierres López (S). (Páx. 133.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 136.) e Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 138.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 140.)

A señora Pierres López (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 142.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía. (Punto terceiro da orde do día)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 143.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 143.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 146.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Casal Vidal (EM) (Páx. 147.) e Sr. Trenor López (P). (Páx. 149.)

A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 152.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas: rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 154.)

O señor Villares Naveira (EM) comunica a aceptación dunha emenda na seguinte moción, presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 154.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira, sobre a defensa pola Xunta de Galicia, nos espazos políticos e institucionais e nos acordos que leve a cabo, dos dereitos humanos, da igualdade de mulleres e homes e do autogoberno: rexeitado por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 154.)



A señora Pierres López (S) comunica a aceptación dunha emenda na seguinte moción, presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 155.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero: aprobado por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 155.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía: rexeitada por 31 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 155.)

Suspéndese a sesión ás oito e un minuto da noite.



Ábrese a sesión ás dez e seis minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días. Comezamos a sesión.

Xustificou a súa inasistencia a deputada dona Paula Vázquez Verao.

E, sen máis, entramos na orde do día co punto primeiro, textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra dona Ana Belén Pontón Mondelo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Moi bo día, señorías.

Desde o BNG presentamos esta Proposición de lei de transferencia de competencias en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña cun argumento moi claro, e é que a mellor maneira de evitar catástrofes como a do *Prestige* é que a costa galega se xestione desde Galiza. Toneladas de chapapote e incompetencia demostraron que, cando a xestión se fai desde Madrid, a 600 quilómetros de distancia, un accidente pode converterse nunha grande catástrofe ambiental, económica e social. Polo tanto, ter esta competencia é unha cuestión de grande transcendencia para un país no que temos 1.600 quilómetros de costa, para unha nación pesqueira e marisqueira na que temos no noso litoral un dos nosos sinais de identidade e un pilar básico da nosa economía.

Traemos, polo tanto, esta proposición non de lei para defender os intereses de Galiza e como inicio dunha ofensiva institucional para defender máis autogoberno para os galegos e para as galegas. Porque estamos convencidas de que, a maior poder político, máis capacidade para mellorar a vida da xente deste país. (*Aplausos.*)

O actual estatuto —dicímolo con clareza— é un traxe estreito para quen, coma nós, aspira a que Galiza sexa recoñecida como nación. Pero temos que avanzar, aínda que sexa dentro das limitacións que supón o actual marco institucional, porque quedar parado supón retroceder e perder oportunidades. E exactamente isto é o que está facendo o Goberno de Feijóo, facernos retroceder e perder oportunidades ao longo dunha longa década na que non demandou nin unha soa nova competencia para Galiza. Eu creo que isto é importante, porque non é que o Goberno intentara incrementar o autogoberno e non o conseguira. É que nin tan sequera solicitou a convocatoria da Comisión Mixta para solicitar novas transferencias para o noso país. E todo por unha simple razón: polo seguidismo, polo entreguismo, pola subordinación de Feijóo á estratexia recentralizadora do Partido Popular. Isto é o que nos pasa cando temos unha persoa —que senta nese sillón baleiro que, coma sempre, preside este



Pleno— que en vez de actuar como presidente de Galiza actúa como delegado do Goberno —sempre nos recorda que é o representante ordinario— e recadeiro do que manda desde Madrid.

Pero, efectivamente, a vida ás veces tamén nos dá sorpresas. E hai quince días tivemos unha sorpresa neste Parlamento que fai que presentemos esta lei con optimismo. Cremos que temos motivos para o optimismo, despois da rectificación a estes dez anos de non pedir competencias, xa que hai apenas quince días o PP nos sorprendía nesta Cámara —temos que dicilo—sumándose a unha proposta do BNG e asumindo que había que reclamarlle ao Goberno do Estado o máximo teito competencial para equipararnos con Euskadi e Cataluña.

Galiza non é unha comunidade nin de terceira nin de cuarta división. Queremos estar na división de honra, como está o País Vasco e Cataluña. Nós tamén queremos negociar a transferencia das competencias, de todas, de todas, isto é o que proclamaban hai quince días desde as filas populares. Pois ben, esa iniciativa, que contou cos votos do Partido Popular e tamén de todos os grupos do Parlamento ten que desarrollarse. E esta proposición de lei é un primeiro paso dunha ofensiva, dunha axenda galega de transferencias, para incrementar o autogoberno de Galiza. Porque, cantas máis ferramentas teñamos para poder decidir, mellor nos irá aos galegos e ás galegas.

Nós, desde logo, confiamos na capacidade deste país. E temos moitísimas mostras do que somos capaces de facer os galegos e as galegas cando nos deixan facer, cando non son outros os que nos marcan o futuro. Evidentemente, para que Galiza avance hai que ter un proxecto claro, hai que ter autoestima, hai que ser e estar orgullosos do que somos e confiar nas nosas propias posibilidades. Xusto o contrario do que estivo facendo o señor Feijóo durante toda esta década de inquilino en Monte Pío: dez anos con cero competencias, ¡nin unha soa, nada de nada!, un conxunto baleiro. Foi durante todos estes anos cómplice dunha recentralización que prexudica os galegos e as galegas.

Tivemos a Galiza dez anos refén desa estratexia recentralizadora do Partido Popular —que ademais o señor Feijóo acatou con gusto porque é evidente que a comparte—, unha estratexia recentralizadora que primeiro nos xustificaron coa crise e que tivo graves consecuencias. Porque estivemos durante todos estes anos perdendo poder político, porque, aínda que sexa pouco o que tivemos, o certo é que estes dez anos foron dez anos de invasión de competencias coa pasividade do Goberno galego.

E temos moitos exemplos das consecuencias negativas que ten para o noso país esa recentralización. Un caso poden ser as taxas de reposición. Claro, en teoría temos competencias exclusivas en sanidade e educación, pero é que non nolas deixan exercer, porque desde Madrid deciden cantas médicas ou cantos profesores podemos contratar. E mesmo están limitando, polo tanto, as posibilidades de mellorar os servizos públicos. Outro exemplo foron todas esas leis que impuxeron o teito de gasto, polo que o Partido Popular, lonxe de conseguir un mellor financiamento para Galiza, o que permitiu foi a invasión da capacidade do noso país establecendo desde Madrid o teito de gasto e, polo tanto, limitando co instrumento máis potente que podemos ter, como son os orzamentos, a capacidade de intervención e de decisión desde Galiza.



A única transferencia que se tramitou neste Parlamento foi a da AP-9. E, evidentemente, isto fíxose a pesar do Partido Popular, porque durante todos os anos que gobernou no Estado vetou a posibilidade de que conseguíramos esa transferencia. Non lles ocultamos que tamén estamos preocupadas vendo cal está sendo a lenta tramitación desta lei no Congreso, e mesmo poderíamos acabar vendo como, se ao final se cumpre ese amago que acaba de facer Pedro Sánchez, esa lei tampouco se tramita e como unha vez máis volve quedar en papel mollado a reclamación da transferencia a AP-9. Sería unha tomadura de pelo e, desde logo, a nós pareceríanos unha nova discriminación e agravio co noso país.

En todo caso, nós dámoslle a benvida ao Partido Popular na petición de competencias para Galiza plasmada nese recente acordo deste Parlamento. E nós, igual que os galegos e galegas, cremos que temos que ser xente de palabra e que os acordos están para cumprilos. Queremos empezar a darlle contido a ese acordo reclamando a transferencia de salvamento marítimo e de loita contra a contaminación mariña. Estamos seguras de que, tras proclamar nesta Cámara que Galiza debe estar na división de honra en materia de competencias, contaremos co apoio do PP e tamén do resto de forzas políticas parlamentarias. E tamén esperamos que este sexa o inicio dun cambio de rumbo polo que poñamos fin a esa década de letal centralismo que só trouxo para Galiza discriminación, ninguneo e retroceso.

E o último exemplo que tivemos foron os orzamentos do Estado, que evidentemente deixan sobre nós outra realidade, e é que, para que nos respecten como pobo, temos que empezar a facernos respectar tanto desde o Goberno como desde o Parlamento.

Polo tanto, confío, señorías en que o apoio a esta proposición de lei sexa un paso nesa dirección. Porque, ademais, temos razóns de moito peso para solicitarlle ao Estado a transferencia a Galiza das competencias en materia de salvamento marítimo e de loita contra a contaminación mariña. Simplemente reflexionen sobre dúas realidades: temos a taxa de sinistralidade no mar máis alta de toda Europa e somos o segundo punto do planeta máis agredido como consecuencia do impacto de mareas negras de grandes dimensións. Poderíamos pensar que isto é porque somos o territorio polo que máis barcos pasan e con maior número de mercadorías perigosas. Sen embargo, iso non é realidade. O punto que ten un maior tráfico e que condensa un número maior de mercadorías perigosas non é o corredor de Fisterra, é Xibraltar. Entón, efectivamente, para que esta realidade sexa a que temos nas nosas costas, evidentemente ten que haber algunha razón. En fin, os que están entregados ao misticismo poden pensar que temos unha praga bíblica que fai que os galegos e as galegas esteamos condenados a perder as vidas no mar ou a que as nosas costas sexan un polo de atracción para buques cargados de mercadorías. Eu non son desa teoría, máis ben cremos que hai que falar dunha inadaptación da lexislación á realidade galega e tamén da falta dun servizo de salvamento marítimo dimensionado, pensado e estruturado tendo en conta cal é a realidade do noso país.

Hai unha serie de nomes, señorías, que seguro que nos soan a todos e a todas, como *Mar Exeo*, *Cason*, *Urquiola*, *Andros Patria*, *Erkowit*, *Polycommander* ou o *Prestige*. Estes foron algúns dos buques que marcaron a historia negra de todos os grandes accidentes marítimos que sufriu o noso país. Pero tamén hai outras catástrofes, que son as vidas que se perden no mar e que levamos padecendo dunha maneira moi forte nos últimos anos. As estatísticas fálannos de cen barcos afundidos no que levamos de século XXI, os últimos foron o *Sin Querer II* e o *Silvosa*.



E, evidentemente, nós sempre fomos moi claros. Esta traxedia non é imputable a ningún goberno, esta traxedia é un problema estrutural que ten o noso país e que, desde logo, cando estamos vendo que se repite goberno tras goberno, e mesmo en réximes políticos diferentes, é evidente que hai problemas estruturais que necesitan que lles poñamos solucións. Nós temos moi claro que, para poñer solucións, hai que ter ferramentas para facelo e poñer en marcha un novo marco desde o punto de vista do salvamento marítimo e da loita contra a contaminación mariña que teña en conta a realidade galega. Porque é evidente que, se pensamos en como é a realidade da nosa costa, non ten nada que ver co que pasa no resto da península. Fíxense, non hai en todo o territorio do Estado español unha realidade como a nosa: 4.000 embarcacións de baixura e marisqueo a flote, actividades de alto risco, como a extracción de percebe, 1.200 embarcacións auxiliares de batea, 400 barcos que faenan no litoral do cerco, do arrastre ou do palangre. E a esta realidade de toda a actividade que se xera en torno ás nosas rías e ao noso litoral, hai que engadir cen buques diarios no dispositivo de separación de tránsito marítimo de Fisterra, e 35 de mercadorías perigosas; o que fai que cada ano pasen por diante das nosas costas 36.000 buques, dos cales case 13.000 transportan hidrocarburos, como o *Prestige*.

Esta é simplemente unha radiografía dun feito diferencial que fai que necesitemos adaptar o salvamento marítimo á costa do noso país. Desgraciadamente temos moitos exemplos do feito de que non entender a realidade do mar en Galiza provoca problemas de seguridade. Fínxense, hai limitacións de potencia nos motores nas lanchas percebeiras. Isto é unha auténtica barbaridade porque fai que, cando hai un golpe de mar, a xente que traballa nunhas condicións moi perigosas teñan menos posibilidade de saír desa situación. A obrigatoriedade de levar botiquíns, que en moitos casos non collen no tipo de embarcacións que hai na rías do noso país. Sabemos que hai chalecos salvavidas homologados que non son aptos para poder traballar a bordo, e iso, señorías, está poñendo en risco, a vida da xente do mar. Temos unha distribución dos medios de salvamento marítimo discriminatorio, e hai problemas evidentes no funcionamento do sistema de socorro en Galiza que provocan en moitas ocasións retrasos intolerables nos procesos de salvamento. Pensen que, cando un barco en Galiza emite un sinal de socorro, ese sinal vai a Madrid, en Madrid deciden que medios se mobilizan, desde Madrid chaman ao centro de coordinación de salvamento marítimo en Galiza para que aplique esas decisións. Iso significa retrasar dunha maneira inaceptable a toma de decisións para salvar vidas no mar, e sabemos que no mar cada minuto conta e que un minuto pode ser decisivo. Ou temos outro esperpento, como o que pasou na Costa da Morte, que, despois de gastar 2 millóns de euros nunha base e 13 millóns de euros nun helicóptero, segue sen ter unha base de salvamento marítimo helitransportado as 24 horas do día. É unha mostra —eu xa diría que case de desprezo— do desleixo co que tratan o noso país. Despois de gastar 15 millóns de euros, en teoría para dotar a Costa da Morte dunha base de salvamento marítimo as 24 horas, o único que temos é un heliporto fantasma en Lires, que nos demostra o pouco que nos entenden desde Madrid que nin tan sequera son capaces de poñer en marcha unha base de salvamento marítimo. Todo un exemplo da inadaptación do actual marco e dunha mala xestión de recursos públicos.

Por iso nós defendemos estas competencias, para poñer en marcha un novo modelo de salvamento marítimo, un servizo de titularidade galega que responda inmediatamente e que deixe atrás a burocracia; un servizo público, universal e gratuíto que deixe atrás ese modelo



economicista que sabemos que condiciona tanto o salvamento, e un servizo ben dotado e coordinado co resto dos servizos do Estado, de Portugal, da Unión Europea e tamén da Organización Marítima Internacional.

Estamos, señorías, ante unha proposta que é viable e legal, que só depende de que haxa vontade política. Porque, cando os galegos e galegas podemos tomar decisións e nos deixan facer, demostramos que somos quen de mellorar as cousas.

Agardo, señorías, que cumpramos as expectativas, que ninguén dea un paso atrás na defensa de Galiza e, como dicían os ilustres e ilustras deputadas do Partido Popular, que non baixemos da división de honra.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

Bo día.

Pois, unha vez máis, o BNG incide na súa proposta de asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia das competencias de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña, en concreto cunha proposición de lei que agora decide incluír nesta sesión plenaria, cando foi rexistrada en novembro do 2017, é dicir, aproximadamente hai quince meses. Non é a primeira vez —xa dixemos— e, como antecedentes desta mesma cuestión, cabe sinalar que foi obxecto de debate nos anos 2010 e 2014, e a mesma iniciativa foi ao Congreso dos Deputados tamén no ano 2014, con anterioridade ao tratamento polo Pleno desta Cámara galega, cando o BNG contaba con representación nas Cortes Xerais.

Esta posición perseverante e repetitiva do BNG nesta cuestión vai ter tamén por parte do Grupo Socialista unha posición congruente co mantido en ocasións anteriores. Así, como xa afirmabamos hai cinco anos nesta mesma Cámara, por nós non vai quedar o debate desta cuestión, nin seremos impedimento para que se poida tratar con seriedade e rigor un tema que é de moita importancia. Pero manteremos o respecto ao marco competencial.

De superar este trámite parlamentario, este grupo tería que emendar moi fondamente o texto presentado, con argumentos concretos, pola nosa banda, en relación co contido da parte normativa desta proposición de lei, que xa lles avanzo que son moi similares aos anteriormente utilizados por este grupo parlamentario.

É importante recordar, en todo caso, que as últimas transferencias recibidas foron durante o goberno de progreso presidido por Emilio Pérez Touriño, e que dende aquela non existiu ningún tipo de movemento por parte da Xunta de Galicia ao respecto.



Como posición xeral, cabe deixar constancia de que, por parte do Grupo Socialista, se considera necesario apostar decididamente polo impulso das transferencias, tanto neste Parlamento como no Goberno galego, para cumprir mellor cos galegos e coas galegas na prestación de determinados servizos públicos. Sen prexuízo do anterior, non significa que se poida asimilar de xeito automático unha posición favorable a calquera cuestión competencial, senón que será atendendo aos beneficios e á eficiencia das diversas funcións públicas de cara á cidadanía, e precisamente valorándoa nestes termos: beneficios e eficiencias para a cidadanía. Neste caso falamos concretamente de capacidade de resposta e falamos da mellor utilización dos medios. Iso é o que debe primar no momento da valoración da asunción ou non de determinadas competencias. É dicir, unha mellor prestación efectiva dos servizos aos galegos e ás galegas. (Aplausos.)

Precisamente para apostar de xeito decidido polo impulso das transferencias, o Grupo Socialista presentou este último luns unha iniciativa parlamentaria para o posicionamento de todos os grupos, e para o seu posterior debate en Pleno, na que relacionamos unha serie de temas que nos parece que sería necesario promover prioritariamente, un paquete de 30 novas competencias, entre as que existen materias nas que é preciso avanzar —incluso algunhas no ámbito relacionado con esta proposición de lei que se presenta—. Entre elas, a delegación das funcións de inspección sobre embarcacións marítimas, a xestión do dominio público marítimo-terrestre e a ordenación de usos e actividades, o outorgamento de concesións e autorizacións para a utilización do dominio público marítimo-terrestre, os espazos pesqueiros e deportivos integrados nos portos de interese xeral do Estado ou as instalacións previstas no artigo 110.b) da Lei de costas; cuestións nas que cremos que debería de producirse un maior grao de acordo, nas que o traspaso resultaría máis factible e, como dicíamos antes, sempre atendendo aos beneficios e á eficiencia das diversas funcións públicas de cara á cidadanía e precisamente valorándoa nestes termos.

Entrando no contido concreto da proposición de lei, parece conveniente sinalar que, á diferenza doutras competencias, a seguridade marítima é unha competencia que na actualidade non posúe ningunha comunidade autónoma, nin sequera aquelas que teoricamente poderían ter un encaixe acaso menos problemático ou máis xustificable, como son, por exemplo, as insulares, Baleares e Canarias.

É evidente, e ninguén o vai negar, que Galicia é un país europeo onde a pesca e as actividades en relación co medio mariño gozan dunha importancia vital. Pero os accidentes máis graves —e cando falamos de accidentes máis graves referímonos aos de consecuencias e repercusións máis severas, agás aqueles que teñen que ver coa perda de vidas humanas, que nese caso son gravísimos— están asociados aos tráxicos internacionais. E cando hai un accidente destas características inflúen os medios dos que se dispón para afrontalo. Pero tamén inflúe de xeito decisivo a regulamentación internacional, que na maior parte das veces avanza de xeito lento; e incluso, en moitas ocasións, a coordinación e cooperación internacional. Todos temos en mente, pola súa gravidade, o caso do *Prestige* no ano 2002, que puxo en evidencia ante a opinión pública a nefasta xestión por parte do goberno presidido polo señor Aznar —que para o señor Rajoy eran simplemente uns «hilillos de plastilina»—.



É coñecido o marco normativo xeral que establece a Constitución española, cando no seu artigo 149 fixa cales son as competencias exclusivas do Estado e no apartado 1.20^a deste mesmo artigo establece como exclusiva a competencia en mariña mercante, por iso a referencia a ese artigo da Constitución española e ao artigo 36 do Estatuto de autonomía de Galicia no artigo 1 da proposición de lei que presenta o BNG.

Igualmente, coñécese a existencia de convenios e tratados internacionais que obrigan o Estado. Por exemplo: o Convenio das Nacións Unidas sobre o dereito do mar, do ano 1982, que obriga os estados costeiros; o Convenio internacional de busca e salvamento marítimo do ano 1989, que obriga o Estado a dispoñer dun único coordinador en materia de salvamento; o Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar; o Convenio sobre normas mínimas da mariña mercante; o Convenio internacional sobre normas de formación, titulación e garda para a xente do mar; e a normativa comunitaria, cun paquete de medidas lexislativas promovidas inicialmente a través das directivas 2009/18 e 2009/123, tendentes a mellorar a seguridade marítima e a prevención da contaminación ocasionada por buques para reducir o risco de accidentes marítimos, e que corresponden aos seus Estados membros. Son convenios e normativas que teñen que ser asinados ou aprobados polos Estados sen que esta función poida ser asumida polas comunidades ou polas rexións europeas. Polo tanto, constitúen servizos que se prestan máis alá do mar territorial español, estendéndose a augas exteriores doutros países en virtude destes acordos internacionais.

Por decisión da propia Organización Marítima Internacional, España está cubrindo un 1.500.000 quilómetros cadrados, unha superficie moi superior á de toda a península Ibérica. E mesmo tamén existe algunha sentenza do propio Tribunal Constitucional que consideraba indubidable o título competencial estatal en materia de salvamento marítimo, e delimita claramente as competencias de titularidade autonómica, cinguíndoas e delimitándoas ao rescate en Galicia.

Polo tanto, existen aspectos de salvamento marítimo que teñen que ver, por un lado, con compromisos internacionais, que teñen que ver coa lexislación, que teñen que ver co pragmatismo e coa eficacia da súa aplicación, e que teñen que seguir sendo competencia do Estado, incluso na súa dimensión de política exterior. Isto, ademais, crémolos profundamente, porque consideramos que é o mellor para este país.

Pero é certo que, fóra destas cuestións referenciadas, pode existir algunha marxe de actuación nalgunhas das cuestións que hoxe o BNG formula nesta iniciativa, cuestións que ao noso entender veñen coincidir co acordo que se adoptou no Parlamento no ano 2008, no que se solicitaba a petición de transferencia dunha serie de competencias en distintos ámbitos —entre eles están algúns aspectos sobre a seguridade marítima, sobre servizos de salvamento e sobre os servizos de meteoroloxía—. Pero, ao noso entender, afastados da formulación que se establece na proposición de lei presentada hoxe.

En definitiva, como xa afirmabamos hai cinco anos nesta Cámara, por nós non vai quedar o debate desta cuestión nesta Cámara, nin seremos un impedimento para que se poida tratar con seriedade e rigor un tema que é de moita importancia. Pero manteremos o respecto ao marco competencial, e, de superar este trámite parlamentario, este Grupo Socialista tería que emendar moi fondamente o texto presentado.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Bo día.

Nós imos apoiar a toma en consideración desta proposición de lei, porque cremos que abre un debate necesario e, en termos xerais, concordamos co que se propón nela. Como marco xeral, cremos que nos axudaría tamén a dar un primeiro paso nese cambio de rumbo tan necesario coa política centralista e recentralizadora que leva adiante nos últimos anos o Partido Popular. Son moitas as veces que o Partido Popular impediu que Galicia aumentara a súa capacidade de autogoberno. Creemos que este é un exemplo, pero sabemos que moitas veces a negación do Partido Popular para acadar novas competencias foi sistemática neste debate. Creemos que isto é moi significativo, por moito que despois fagan anuncios a favor do autogoberno, se despois no día a día e na realidade o que votan aquí neste Parlamento, e o que fan cando están gobernando, é totalmente contradictorio.

Do tema concreto que falamos hoxe, cremos que sería moi importante acadar a capacidade de decisión en materia de salvamento marítimo e na loita contra a contaminación mariña, porque, como xa se dixo aquí, son temas vitais para o noso país. Sabemos que estes asuntos teñen grande importancia para as costas galegas e cremos que non se poden tomar estas decisións a centos de quilómetros delas.

Os exemplos son múltiples. Como aquí se mencionou, sabemos dos graves danos medioambientais e todas as perdas que trouxeron consigo accidentes —os máis coñecidos e os que non o son tanto— como o do *Mar Exeo*, o do *Casón* ou o do *Prestige*. Pero sabemos tamén que son múltiples os casos de emerxencias que se dan nas nosas costas, e que non son accidentes puntuais. Por desgraza é unha realidade moi frecuente e, en demasiadas ocasións, conlevan, ademais, a perda de vidas humanas.

Se botamos unha ollada e facemos unha reflexión sobre os últimos anos, os datos, a verdade, non deixan lugar a dúbidas de que hai que replantexar por completo o que se está facendo, ou o que se está omitindo facer. Porque, dende logo, non se está sendo efectivo co obxectivo que se persegue. Tanto os datos de sinistros marítimos como de accidentes laborais son moi negativos para o noso país. No ano 2016 producíronse 979 accidentes laborais; no ano 2017, 1.023. E os datos que coñecemos ata o de agora seguen sendo negativos.

Como dicía, é unha cuestión de especial importancia para o noso país, porque se botamos unha ollada, por exemplo, ao último informe da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos, dos 30 casos investigados —sabemos que só se investigan os de maior gravidade—, o 37 % ocorreron en Galicia. É unha porcentaxe moi elevada, polo que cómpre tomar medidas. Son datos moi alarmantes, sobre todo se temos en conta a relación coa perda



de postos de traballo que houbo no réxime especial do mar. Son aínda máis graves se facemos esa relación: perdemos postos de traballo pero a sinistralidade segue sendo moi elevada.

Recentemente debatíamos, á raíz dunha pregunta, sobre a necesidade de abrir unha comisión de investigación sobre sinistralidade marítima en Galicia. Nós non concordamos coa posición da Xunta, que non a ve necesaria por existir unha comisión dependente de Fomento, que é quen leva agora mesmo estas investigacións. Nós cremos que os esforzos suman, non restan en ningún caso —de feito, a propia comisión dependente do Goberno tamén está en relación con organismos europeos—. Un dos problemas que hai con estas investigacións é a lentitude destas. Sabemos que hai que ser moi rigorosos con estas cuestións, pero cómpre pór máis medios. E, en todo caso, cremos que, se Galicia e se a Xunta toman partido e toman medidas, en ningún caso —como digo— restarán senón que tamén sumarán.

E debatemos esta proposta tendo moi presente tamén, por suposto, o acontecido nos días negros de decembro nos barcos de Malpica e Cambados. Seguramente todas recordaremos ese mes de decembro como un dos máis tráxicos para o noso sector do mar. E o que podemos facer ante estas cuestións é escoitar o propio sector, que nos di cousas moi interesantes para evitar que se repitan situacións semellantes no futuro.

Sobre o que aconteceu en Malpica, o que levou por diante a vida de José Ángel, o mellor que podemos facer —como digo— é escoitar o que nos traslada a propia confraría e a propia familia do falecido. As eivas en materia de seguridade estaban detectadas, trasladáranse, teñen que ver co incremento de correntes a raíz das últimas obras realizadas, polo que cómpre tomar medidas. É urxente que se tomen as medidas de inmediato para que —como dixo a nai de José Ángel— ningún mariñeiro volva morrer ás portas da súa casa. E este é un exemplo no que hai que actuar, por suposto; pero sabemos que non é o único, que necesitamos facer unha avaliación da situación das infraestruturas nos portos do país para detectar todos os posibles erros ou fallos que existan para mellorar a seguridade.

Por outra banda, cremos que outros accidentes poñen de manifesto e volven visibilizar as condicións en que moitas veces os mariñeiros e os traballadores do mar deben saír faenar, moitas veces en condicións climatolóxicas moi adversas. E isto ten que ver tamén coa condición económica precaria que teñen que vivir estes mariñeiros, moitas veces asfixiados. Noutras condicións económicas seguramente non se verían abocados a saír nesas condicións.

Se facemos unha avaliación sobre o que se fixo ata o de agora en materia de seguridade e prevención, para nós a avaliación é negativa. Cremos que hai que tomar unhas medidas radicalmente diferentes porque nalgúns aspectos non é que non melloramos senón que cremos que incluso retrocedemos. E unha das razóns deste retroceso —na nosa opinión— ten moito que ver coa política de privatizalo todo que leva adiante o Partido Popular. Non só neste campo —temos falado sobre esta cuestión, en xeral, nos servizos públicos—, pero neste caso concreto hai moitos exemplos aos que cómpre pórllles remedio: privatizouse o servizo de helicópteros de Salvamento Marítimo co argumento de que estaban obsoletos. Tantos anos despois seguiron contratando eses mesmos helicópteros, e ese contrato está facendo que a sociedade galega perda un millón de euros cada ano. Prorrogouse por décimo sétima vez tamén o contrato co que no ano 2006 se privatizou a xestión de catro barcos do



Servizo Galego de Gardacostas, ou privatizáronse os sistemas de radiocomunicación marítima. Este é un modelo que ás únicas que beneficia é a unhas determinadas empresas. Ao conxunto da sociedade galega non lle trae ningún beneficio. Consideramos que hai que cambialo por iso. Por suposto, hai que conseguir o traspaso das competencias pero tamén precisamos que se aposte dunha vez por todas polo público, polos servizos públicos.

Damos este debate, a verdade, sen ter moita esperanza de que o debate se dea en termos realistas. Porque moitas veces —sobre todo con este tema, e levámolo vendo estas últimas semanas—, cando se fala desta cuestión, para o único que se utilizan as intervencións é para dar evasivas ou para buscar autoxustificacións. Nós cremos que non é o que hai que facer. Hai que facer autocrítica. Se hai cousas que se están facendo mal e que se poden mellorar, hai que facer autocrítica. Non se debe empregar este Parlamento para unicamente buscar xustificacións.

E moitas veces tamén se fai caso omiso do que se aproba neste Parlamento. Hai moitos exemplos, pero un exemplo concreto é unha resolución que se aprobou hai xa tres anos pola que se instaba para a posta en marcha dun programa para o desenvolvemento de melloras nos buques, con especial fincapé, obviamente, nos avances de seguridade. E a día de hoxe non coñecemos nada destas propostas. Moitas veces as propostas que se debaten neste Parlamento quedan despois nun baleiro e non se cumpren. E iso tamén é unha obriga do Goberno, cumprir co que este Parlamento aproba. Non se pode utilizar este Parlamento para facer propaganda e que anos despois estas propostas continúen sen ser cumpridas. Non é unha novidade. Cando foi o caso do *Prestige*, no ano 2002, escoitáronse moitísimas promesas en materia de seguridade marítima, ían facerse moitísimas cuestións. Hoxe, tantos anos despois daquel dramático suceso, o único que temos son promesas incumpridas, o único que temos é o mesmo. Vendéronse moitos titulares, e a día de hoxe non se fixo absolutamente nada para que unha traxedia coma esta —traxedia como as que acontecen tantas veces no noso mar— non volva repetirse.

Por iso nós —como dicía— imos apoiar esta proposta, cremos que pode servir para avanzar nestas cuestións. Por suposto, despois, no período de debate, teremos que facer aportacións e emendas, se é que pasa o trámite; que tendo en conta a evolución do Goberno galego, non sabemos se votará a favor —seguramente non, porque, coma sempre, se negará a que Galicia teña máis capacidade de autogoberno—.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días.

Grazas, presidente.

Señorías, antes de nada quería dirixirme ao grupo propoñente da toma en consideración desta lei para dicirlle que non imos entrar no seu xogo. Porque, como dixo tamén a voceira



do Partido Socialista, está rexistrada en novembro de 2017 e estámola debatendo hoxe. Está mola debatendo ao mesmo tempo que vostedes están reclamando esta competencia, nun momento no que se están aprobando unhas contas das que vostedes son cómplices. Son cómplices dos nacionalismos antes que de Galicia. Iso é certo, e queren tapar todo tipo de debate —que veremos despois— nuns orzamentos que lle meten un tixeretazo do 19 % a Galicia, e non pasa nada. (*Aplausos.*) ¡Boca pequena! (*Aplausos.*) ¡Non pasa nada! (*Aplausos.*) ¡Aquí vamos todos reclamar competencias!, porque así xa falamos de que os do PP son os malos malísimos que non queren autogoberno e que non o están reforzando para nada co trámite destas competencias; cando saben vostedes perfectamente —e eu no meu discurso e na miña intervención vou intentar explicarlles por que non é necesario— que máis competencias non é garantía de mellores medios nin de salvar máis vidas, como se dixo aquí.

Nós estivemos sempre no mesmo sitio. Eu estiven revisando os debates que houbo deste tema. Si é verdade que se debateu nesta Cámara xa tres veces: no 2003, no 2010 e no 2014 —no 2014, por certo, antes de que Alberto Núñez Feijóo e o Partido Popular de Galicia revalidaran a súa terceira maioría absoluta—. E, miren, o Partido Popular sempre estivo no mesmo sitio. Iso sábeno os galegos, sábeno perfectamente. E por iso nós estamos sempre da parte dos galegos e aprendendo, ademais, coas catástrofes que tivemos, coas que desgraciadamente temos. Aprendemos moito con elas.

Miren, nós sabemos que o Partido Socialista —e polo que estiven lendo dos outros debates— tamén está na ambigüidade, segue na ambigüidade. E as datas dos debates coincidían na hemeroteca con temas tamén conflitivos e ao mellor non tan apetitosos para o Partido Socialista. E, polo tanto, teñen que estar nesa ambigüidade, non deciden se si ou se non, non son capaces de decidilo. E nós cremos que esta cuestión precisa de dúas máximas que no Partido Popular temos sempre moi presentes, que son a racionalidade e a coordinación. Iso é o fundamental nestas liñas de salvamento marítimo e de loita contra a contaminación, como saben vostedes.

Eu lía o domingo tamén unha información que había nun xornal galego e que falaba da época do Bipartito, porque falaba un pouco deste tema e das declaracións de Touriño; un expresidente da Xunta —que eu respecto profundamente— que dicía que o importante era a coordinación. Nunca se falaba dunha transferencia, da necesidade de transferir estas competencias a Galicia. Tamén lía declaracións de Anxo Quintana nas que dicía que, claro, cando Zapatero necesitaba os votos do BNG, lle permitía todo o que quería. Claro, agora, como non teñen representación en Madrid non son capaces de asumir esas chantaxes que fan a través dos nacionalistas cataláns. Polo tanto, ¿que pasou? Que esas cuíñas, eses compadros que tiñan vostedes con Zapatero —o Bloque Nacionalista Galego—, fíxolles ver aos galegos que o principal que tiñan na súa mente era o nacionalismo e non Galicia, e, polo tanto, despois non conseguiron ningún deputado en Madrid para representalos.

Ben, respecto do salvamento marítimo —que é o importante— hai que falar certamente da disposición de competencias. E o salvamento marítimo está inserido na competencia en materia de mariña mercante, competencias exclusivas do Estado contidas no artigo 149.1.20^a da Constitución —que ninguén fixo referencia a isto—. E a competencia para a súa execución está recoñecida a favor das comunidades autónomas no artigo 264.5 do texto refundido da



Ley de puertos del Estado y de la marina mercante. Sinala —vou ler textualmente—: «*Corresponde a las comunidades autónomas que lo hayan asumido como competencia propia en sus respectivos estatutos de autonomía la ejecución de la legislación del Estado en materia de salvamento marítimo en las aguas territoriales correspondientes a su litoral, en la que se entiende incluida en todo caso la potestad sancionadora*». No Estatuto de autonomía de Galicia prevén asumir esta competencia, no artigo 29.3 do Estatuto de autonomía.

Polo tanto, xa que vostedes lembraban o *Prestige*, si é verdade que o *Prestige* nos fixo reaccionar e aprender moitas cousas. E tivo que pasar moito tempo para que viñera aquí Willem de Ruyter, director executivo da Axencia Europea de Seguridade Marítima, para dicir textualmente que «*ningún Estado miembro por sí solo está preparado para luchar contra un caso así*». ¡Ningún Estado membro! Polo tanto, habería que tomar nota disto. «*La Unión Europea no estaba preparada para afrontar un caso así, no había tantos equipos como se necesitaban*». ¡Canto menos unha comunidade autónoma! —como din vostedes—, xa que a transferencia de competencias non quere dicir que se mellore máis no salvamento marítimo. Son máis importantes os medios que as propias competencias.

Podemos lembrar tamén que no golfo de México, no ano 2010, a Consellería do Mar, Galicia, tivo que remitir e tivo que prestar axuda cos seus medios para que alí nos Estados Unidos puideran facerlle fronte á limpeza de hidrocarburos. Polo tanto, temos que ver que isto ten unhas dimensións superiores ás que vostedes plantexan aquí. E, certamente, ademais, podería ser importante ter as competencias, ao mellor, no seu ideario político; pero é máis importante a coordinación, son máis importantes os medios. E as emerxencias marítimas desta área coordínanse no Centro Zonal de Coordinación de Salvamento Marítimo de Fisterra, como vostedes saben. Hai técnicos moi especializados que coñecen moi ben os medios e que coñecen moi ben como hai que reaccionar.

Eu quero lembrar aquí tamén unha persoa que traballou arreo, que foi a falecida Loyola de Palacio. Despois do accidente do *Prestige* estivo en Europa traballando na lexislación, traballando para que a Axencia Europea Marítima hoxe teña capacidade de reacción nas costas atlánticas e nas costas cantábricas. E é fundamental e necesario non transferir as competencias a Galicia, senón que Galicia estea presente sempre nesas decisións, e que estea presente nesa axencia. Porque realmente —como vimos e como aprendemos desgraciadamente cos casos que tivemos en Galicia— é moi difícil afrontalo individualmente dende unha comunidade autónoma.

Non foi mellor cando os galegos decidiron sobre salvamento marítimo, porque aquí vostedes falan de que Madrid tomou unha decisión. Non, non, miren, houbo unha decisión de instalar un heliporto en Cee, unha decisión política de José Blanco, que despois foi aquí... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, foi tomada co Bipartito cos brazos abertos, cun déficit de operatividade total. Houbo unha decisión de dotarnos en Galicia dun terceiro helicóptero por parte do Bipartito cunha resposta de 30 minutos, fronte ao modelo de dous helicópteros que hai agora, que ten unha resposta de 10 minutos e, ademais, con gardas presenciais de 24 horas os 365 días do ano. O salvamento marítimo de Galicia, os medios que temos en Galicia son para presumir e para sacar peito. Falaban antes da autoestima. ¡Autoestima total!, porque Galicia é unha das comunidades autónomas que ten os mellores medios en materia de salvamento marítimo.



E desgraciadamente teño que dicilo porque temos moito que aprender. Vostedes falaron de accidentes marítimos. Bueno, pois iso foi o que nos deu forzas e nos deu experiencia para saber como é máis eficaz, como é máis efectivo, salvar vidas, e non soamente decisións políticas. Porque certamente —insisto outra vez— ter máis medios é máis importante. Ter competencias non é garantía de salvar máis vidas. Ter máis medios si que pode ser garantía de salvalas; ter medios, ter técnicos, capacidade de reacción e estar ben coordinados.

Eu insisto en que non é o Partido Popular o único que fala deste tema, porque hai comisarios europeos que ratifican estas teorías e un expresidente da Xunta —Emilio Pérez Touriño— que tamén ratifica estas teorías. Polo tanto, nós non somos extraterrestres metidos aquí, e ademais cunha maioría absoluta que os galegos reforzan cada ano que nos presentamos ás eleccións.

Galicia e o Partido Popular apostaron sempre por ter medios, por ter medios moi operativos. E vostedes non vendan isto como un drama, porque realmente Galicia é un exemplo para outras comunidades autónomas. Este verán eu lía que no País Vasco, por exemplo, tiñan dous helicópteros estropeados. Tiveron que alquilar outro helicóptero, e aínda por riba estiveron gastando máis cartos... (*Murmurios.*) Si, si, miren, Galicia dispuxo os medios aéreos as 24 horas —como dixen antes— dos 365 días do ano, cun tempo de resposta de dez minutos. Vostedes, no Bipartito, preferían trinta minutos de resposta. Non sabemos moi ben a que se debe.

Estamos dispoñendo a renovación de catro patrulleiras, e unha patrulleira pesada; incorporamos 42 novas persoas desde 2014. É dicir, saquen peito e presuman do salvamento marítimo en Galicia porque é un exemplo para o resto de España e é un exemplo en Europa.

Insistía antes na racionalidade, no que aquí chamamos «sentidiño», porque tamén é moi importante. É máis importante exercer as competencias e os medios que temos aquí —a coordinación xeral no ámbito europeo, no ámbito internacional e no ámbito do Estado— que intentar ter debates políticos criticando algo que realmente temos que intentar mellorar sempre. É moito máis importante a coordinación, que funcionen os medios. É importante, ademais, mellorar os medios e dispor de financiamento. ¿Por que non se suman vostedes ás peticións que temos nós de que haxa unha cesión, por exemplo, de apoio económico por parte do Ministerio de Fomento, que procedería das taxas de faros e sinais marítimas recadadas e que teñen destino no financiamento das actividades análogas, da Axencia Galega de Emerxencias? É máis importante, como digo, ter sentidiño nas decisións. Porque un comisario europeo veu aquí a dicir que os portos refuxio eran fundamentais, e o Bloque Nacionalista e En Marea néganse absolutamente, sen ningunha xustificación, a que estes portos existan.

Nós queremos máis política de salvamento e menos política co salvamento. Insisto, Galicia aprendeu moito dos desgraciados accidentes que houbo nas costas. E hoxe, grazas ao traballo en Europa, a un arduo traballo en Europa, no Ministerio —e desde Galicia tamén—, temos unha Axencia Galega de Emerxencias que ten unha capacidade de reacción nas costas atlánticas e nas costas cantábricas. E podemos sentirnos máis protexidos, non satisfeitos pero si moito máis protexidos. Polo tanto, cremos que non ten lugar este debate hoxe aquí, que isto é unha cortina de fume que vostedes sacan agora —insisto— porque son cómplices das contas



que meten un tixeretazo dun 19 % a Galicia. Entón, moita competencia; pero despois, de financiamento e de cartos para aquí, ¡ningún! Vostedes prefiren os intereses dos nacionalismos, sexan de onde sexan, que os intereses de Galicia. Iso témolo clarísimo. O autogoberno —o Partido Popular de Galicia tamén o ten claro—, moi reforzado; niso estivo sempre onde está agora o Partido Popular de Galicia, e vaino seguir estando. Iso tamén o saben os galegos.

Nós pensabamos que o PSOE podería sumarse á nosa posición, porque está perfectamente xustificado. Pero, coma sempre, coma sempre, andan na ambigüidade. Eu vou ler o que dixo o señor Touriño, que dixo: «Galicia ten competencias plenas exclusivas desde hai moitos anos en materia de montes e, a pesar diso, os incendios continúan cun goberno e con outro. Esta Cámara debe facer unha reflexión, o seu grupo tamén, porque o problema non necesariamente ten que ver coas competencias, senón co exercicio da capacidade de autogoberno. Hai que saber distinguir entre gañar competencias e actuar eficazmente unidos cando hai unha crise». Pero, claro, ¡onde quedou o señor Touriño xa!, ¡que referencia terá!

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Xa vou rematando.

Eu digo que maiores competencias non son garantía de salvar máis vidas. E eu pediríalle a En Marea que se sume á nosa posición. Como xa dixo que non, que vai apoiar a toma en consideración desta lei, pediríalle, por favor —que despois haberá un debate— ...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...que as contas de Galicia sexan as necesarias e as que queremos, e non ese tixeretazo.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Réplica do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: «Galicia exige las mismas competencias que País Vasco y Cataluña». (Aplausos.) «El Parlamento gallego demanda competencias al mismo nivel que País Vasco y Cataluña». «El PP de Galicia reclama ahora» —era hai quince días— «el máximo autogobierno, como País Vasco y Cataluña». «Feijóo quiere iguales competencias que Euskadi y Cataluña».

¿Que pasou, señores e señoras do Partido Popular? ¿Que pasou nestes quince días? (Aplausos.) (Murmurios.) Quizais, claro, levantou o teléfono desde Madrid o señor Pablo Casado, que lle dá ordes a Feijóo, e díxolles que non tocan máis competencias para Galiza porque a axenda do PP quen a marca é a extrema dereita desde Madrid.

¡Xa vemos canto lles importa Galiza! ¡Un pito, señoras e señores do Partido Popular! (Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Xa vemos, señorías, canto lles importa!



«Galicia non é unha comunidade nin de...» (*Fortes murmurios.*) ¡Escoiten! ¡Se son as súas palabras, son as declaracións dos seus portavoces! Eu pensaba que me ían aplaudir ao final desta intervención despois de citalos tanto. (*Murmurios.*) «Galicia non é unha comunidade nin de terceira nin de cuarta división. Queremos estar na división de honra, como está o País Vasco e Cataluña. Nós queremos negociar a transferencia das competencias, de todas, todas». Querían negocialas todas hai quince días. Chamounos o señor Casado á orde. E, efectivamente, Galiza, señorías, impórtalles un bledo. É exactamente o que lles importa este país e a seguridade no mar. Hai que dicilo, porque é que fan declaracións que son de órdago.

Falounos o Partido Popular aquí de chantaxes nacionalistas. ¡Pero se hai un ano estaban negociando co PNV os orzamentos do Estado e lle negociaron o cupo vasco cunha mellora impresionante para Euskadi mentres lle recortaban 442 millóns de euros a Galicia! E as señoras e os señores do Partido Popular, calados; o señor Feijóo, calado. Porque, evidentemente, para vostedes sempre está antes o Partido Popular que Galiza. Isto é realmente o que está pasando.

Non sei se se enteraron, pero é que en Euskadi están negociando as competencias de salvamento marítimo. Estanas negociando co Goberno central. Está no paquete de transferencias que están negociando. ¿Que pasa? ¿Temos que ir detrás? ¿Temos que esperar a que Euskadi as negocie para que no Partido Popular se atrevan a reclamar algo para este país, cando, se nalgún lugar ten sentido que reclamemos as competencias de salvamento marítimo, é en Galiza? De verdade, non aprenderon nada do *Prestige*. O único que aprenderon é que vostedes sempre, sempre, prefiren que decida Madrid e que non decida Galiza. (*Aplausos.*) É realmente, señorías, un auténtico papelón o que están facendo neste momento.

Evidentemente, o Partido Popular leva dez anos no mesmo sitio, que é en contra de Galiza e subordinando Galiza aos intereses do Partido Popular, cómplice de todas e cada unha das discriminacións.

Benvido, señor Feijóo, a este debate. (*O señor presidente da Xunta de Galicia entra no hemiciclo.*) (*Fortes murmurios.*) É que están moi alterados e alteradas. Non sei se son as enquisas, non sei exactamente en que os alterou ir a Colón. É que veñen así un pouco exaltados coa extrema dereita, non sei exactamente que é o que lles pasa, (*Aplausos.*) porque, efectivamente, eu creo que o señor Feijóo —que agradezo moito que estea agora mesmo, aínda que só sexa para votar, neste debate— ten que explicarnos por que hai quince días defendía isto (*A señora Pontón Mondelo amosa un papel desde a tribuna.*): «Feijóo quiere iguales competencias que Euskadi y Cataluña». E agora, cando os vascos están reclamando a competencia de salvamento marítimo, vén aquí a dicir que non. Imaxino que neste momento estará chamando o señor Casado para dicirlle que vote «non», ¿verdade, señor Feijóo? Porque iso é o que vostedes fan. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Moitas grazas. ¡Que vergoña!

Miren, eu creo que en política é moi importante ter palabra. Hai quince días vostedes votaban que querían as mesmas competencias que Euskadi e Cataluña. Xa vemos que lles durou quince días ese frenesí pro Galiza e que, evidentemente, agora o que traen é o espírito de Colón: subordinación, subordinación e extrema dereita.

¡Que vergoña, señores e señoras do Partido Popular! (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Rematado o debate desta proposición de lei, procedemos á votación.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 40; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 2º da orde do día, que se corresponde co de comparecencias.

Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, por petición propia, para informar da situación actual do calendario e das perspectivas do Plan de transporte público de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular a comparecencia ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, dona Éthel Vázquez.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Moi bos días, señorías.

Comparezo hoxe por petición propia co obxectivo de informar do traballo que estamos a realizar para garantir a mellora do servizo de transporte público en Galicia —para abordar a situación actual—, e do calendario previsto e das perspectivas do que é o Plan de transporte público de Galicia, no que estamos traballando con intensidade. E o certo é que está en pleno desenvolvemento. É un asunto que, como saben, non é novo, que xa tiveron a oportunidade de abordar neste Parlamento xa no marco das comparecencias dos orzamentos de cada ano. Tamén comparecín nesta Cámara antes da posta en marcha, en agosto de 2017, en circunstancias distintas ás actuais, circunstancias complicadas nas que os usuarios estaban sendo prexudicados, víanse prexudicados, por xornadas de folga. E tamén creo que dei conta cumprida nas respostas, nas diferentes respostas, ás iniciativas específicas dos diferentes grupos nesta Cámara. A última foi a do Partido Popular, na que xa avancei os pasos que estamos a dar para modernizar todo o transporte público de toda Galicia neste ano 2019.

Como dixen, en 2019 o Plan de transporte público se implantará en toda Galicia, en todo o territorio da comunidade autónoma. É o transporte interurbano e considero que, por suposto, debe ser explicado con detalle. E por iso solicitei esta comparecencia, para trasladar a esta



Cámara os avances, os pasos que estamos a dar, para implantar un plan de transporte público de futuro e un transporte público en termos de igualdade; un transporte público viable, sostible, útil para que teña futuro, un transporte mellor adaptado ás necesidades de mobilidade dos galegos para que sexa máis apegada á realidade territorial que temos en Galicia.

Quixen aproveitar este momento concreto, xusto o primeiro pleno despois de iniciar a información pública o pasado 1 de febreiro dos primeiros proxectos de explotación dos servizos que se poñerán en marcha o próximo mes de agosto. Polo tanto, inmediatez, interese, preocupación e traballo por parte da Xunta de Galicia para dar toda a información de todo o traballo que estamos a facer e de todos os avances que estamos a realizar.

Señorías, dende a Xunta de Galicia estamos traballando para cumprir a normativa europea, para culminar, polo tanto, en 2019 toda a renovación do Plan de transporte público de Galicia, do autobús interurbano. E seremos a primeira comunidade autónoma en implantar, en modernizar, en realizar esta modernización completa en toda a comunidade autónoma do Plan de transporte público e, polo tanto, dos autobuses interurbanos.

Comezamos este traballo, como saben, no ano 2017 xa para aternos ás normativas vixentes, a un marco normativo europeo que impedía realizar prórrogas nas concesións de transporte, e tamén ás renuncias de determinadas empresas a seguir realizando o servizo de transporte público. Era un dereito que tiñan, renunciar; un dereito que exerceron e, polo tanto, un dereito que exerceron para renunciar a 578 liñas de transporte público interurbano que afectaban fundamentalmente a case todo Ourense, a gran parte de Lugo e, en menor medida, a Pontevedra e á Coruña. Foron condicionantes que fixeron que implantáramos no ano 2017 a primeira fase. Iniciamos a posta en marcha do Plan de transporte público, con novos servizos que estiveron funcionando e que empezaron a funcionar o 8 de agosto do ano 2017.

Polo tanto, é un plan de transporte público inaprazable, imprescindible, para a garantía do servizo público e para a garantía tamén do emprego. Iso é o que pesaba en nós: a responsabilidade de garantir o servizo, de garantir o emprego, e por iso era un plan imprescindible e inaprazable.

Houbo vontade de sacalo adiante. Dende logo, era un desafío. Quixemos trasladar ese plan, convertelo realmente nunha oportunidade para mellorar os servizos de transporte, conscientes de que, por suposto, o transporte público tiña marxe de mellora en Galicia. Porque o certo é que a maior parte dos servizos de transporte público estaban deseñados no século anterior e, por suposto, había marxe de mellora.

Polo tanto, estamos ante unha ocasión única para mellorar o transporte público e para implantar esa necesaria modernización dos servizos de transporte e tamén do sector. E así o fixemos: deseñamos, planificamos, traballamos, e temos unha folla de ruta moi clara, un calendario preciso para protexer os servizos de transporte público, adecuar os servizos e tamén, por suposto, garantir o emprego.

A folla de ruta supuxo implantar en agosto de 2017 os primeiros servizos. É unha folla de ruta que implica que neste ano 2019 implantemos o Plan de transporte público en toda a comunidade



autónoma, en toda Galicia. E facémolo coa experiencia previa do ano 2017 e coa aprendizaxe, dende logo, de todo este tempo, dende a implantación en agosto de 2017 da primeira fase. Temos como meta principal, obxectivo principal, mellorar a mobilidade principalmente no noso rural, en liña coa axenda do Goberno galego, e por iso seguimos co que xa implantamos no ano 2017.

Permítanme facer un balance dos resultados do que supuxeron os servizos que se implantaron en agosto de 2017, porque sen esa primeira parte eu creo que non se entendería o que estamos a realizar neste ano 2019. Un grande esforzo, un gran traballo, escollemos o camiño do máis complicado porque era o mellor para os intereses dos galegos, e ese camiño, que era o complicado pero o necesario para Galicia, foi, despois dun grande esforzo de todos, principalmente dos empregados públicos da Xunta de Galicia, para implantar en agosto de 2017 a primeira fase do Plan de transporte público. Logramos que Galicia non quedara sen transporte, logramos que Galicia non quedara nin un só día sen transporte. Logramos manter o emprego; sen este plan non teríamos empregos no ano 2017, cincocentos empregos que mantivemos e logramos ampliar e mellorar os servizos no rural —si, señorías—, e ademais con modalidades eficientes: o transporte compartido e o transporte á demanda.

En diferentes liñas, articulando a contratación dos novos servizos e, aínda que a lexislación europea nos permitía facer adxudicacións directas, fixemos un proceso moito máis transparente e moito máis participativo.

Garantimos tamén os empregos coa cláusula social, con cláusulas sociais importantes que asinamos cos sindicatos maioritarios.

Pensamos no tecido empresarial galego, nas pequenas e medianas empresas, para maximizar a súa posibilidade, e limitamos o número de contratos para adxudicar a unha única empresa cun 25 %, pensando no tecido empresarial galego, nas pequenas e medianas empresas.

E deseñamos novos servizos despois de moito traballo de diálogo e participativo, novos servizos —como dicía— con dúas modalidades que vemos fundamentais para ter un transporte público de futuro: o bus compartido, utilizar esas prazas baleiras do transporte escolar, sendo os escolares os que teñen atención blindada, porque son sagrados os escolares; e tamén o bus compartido, é dicir, aproveitar que os autobuses non saian baleiros e que realmente saia o bus cando haxa unha reserva ou un veciño que realmente necesite o servizo. O que non queremos son buses medio baleiros, que percorran as nosas estradas, e, polo tanto apostamos, por estas modalidades eficientes.

Ao mesmo tempo, posibilitamos, polo tanto, que aos veciños a onde antes non lles chegaba o bus pois lles chegue o bus grazas a estas novas modalidades de transporte. É un modelo que ten unha grande incidencia social. Saben que o transporte escolar é dos máis extensos de España; o certo é que un cuarto dos quilómetros do transporte escolar de toda España se percorren aquí en Galicia, o que ofrece unha capilaridade excepcional para aproveitar e entender o transporte público ao resto da xente.

Señorías, polo tanto, novas modalidades que puxemos en marcha no ano 2017, melloramos os servizos —800 novas liñas no ano 2017, case o dobre das que había, incremento dun 37 %



dos quilómetros percorridos de autobuses— e atendemos zonas que antes non se atendían, non tiñan transporte, grazas a 491 liñas de bus compartido e grazas a 492 liñas de transporte á demanda que implantamos no ano 2017.

Conseguimos, polo tanto, ofrecer unha maior cobertura territorial e duplicar o número de liñas, triplicando paradas, para que a xente tivera máis oportunidades de mobilidade en Galicia.

Neses novos contratos tamén primamos a calidade, cintos de seguridade, menos antigüidade da frota, modernización dos vehículos, vehículos máis adaptados, e tamén demos cobertura —algo tamén moi importante, que pesaba en nós no ano 2017— aos traballadores, e, ademais, deuse esa cobertura incrementando tamén un 33 % os acompañantes, e, polo tanto, máis postos de traballo.

E tamén activamos ferramentas tecnolóxicas. Puxemos en marcha a plataforma, a páxina web bus.gal, con información de horarios e rutas; tamén a central de chamadas, para consultar o transporte á demanda.

E, con todo, dende logo que aspiramos neste ano 2019 a seguir mellorando. Queremos aproveitar e modernizar o transporte público, queremos aproveitar esta modernización, reforzar a seguridade dos escolares, temos blindada a atención cun acompañante en cada unha das liñas, en todas e cada unha das liñas, pero seguimos afondando con novas tecnoloxías para ofrecer máis información dos escolares.

Proba é as plataformas e as novas aplicacións que temos en probas en Lousame e tamén na zona de Carballo, unha nova aplicación para os coidadores, para ter máis control e información dos escolares. Cando esa aplicación sexa plenamente operativa, ofrecerémolles aos pais a posibilidade de que teñan unha confirmación personalizada sobre a chegada do seu fillo ao centro de ensino.

Polo tanto, avance a todos os niveis, no marco dos primeiros servizos do Plan de transporte público de Galicia. Tras ese traballo inxente, transcorrido xa ano e medio, podemos asegurar, sen equivocarnos, que dende logo temos conseguido que Galicia non quedara nin un só día sen transporte público, logramos dar estabilidade aos traballadores e hoxe o transporte é mellor do que era, e tradúcese nun incremento de viaxeiros do 1,2 %, algo especialmente relevante se temos en conta que, fóra das áreas metropolitanas, os usuarios estaban baixando.

Logramos, polo tanto, un transporte máis moderno, máis eficiente e máis sostible, que teño que dicir que ten boa acollida por parte dos cidadáns. O bus compartido. O bus compartido dende agosto de 2017 foi empregado por máis de 300.000 usuarios xerais, aproveitar esas prazas baleiras dos autobuses escolares; a central de chamadas ten atendido case 4.500 peticións de consultas de transporte á demanda. E, polo tanto, toca seguir traballando nesta liña e coas modalidades que se teñen testado xa dende o ano 2017.

E tal e como tivemos planificado dende o principio, en 2019, volver contratar, todas as liñas crecen en agosto, e tamén en decembro de 2019 que se incorporen ao resto das liñas que caducan en Galicia.



Polo tanto, en 2019 renovaremos todas as liñas de servizo de transporte público de toda a comunidade; unha oportunidade que dende logo é única, que nos permitirá planificar sen condicionantes todo o transporte público da comunidade, modernizar o transporte público, implantar un transporte público sustentable, máis eficiente e mellor adaptado ás necesidades dos galegos deste século XXI.

Para levar a cabo esta nova fase, no transporte público temos ferramentas valiosas —xa o dixen—: a experiencia do aprendido no ano 2017; a tranquilidade das novas modalidades que implantamos no ano 2017 —que están testadas e contrastadas—: o bus compartido, o transporte á demanda; e o aval, o aval que ofrecen os datos, o aval dos resultados, tamén a boa acollida dos usuarios.

Levamos meses volcados no desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia para culminar a súa implantación, un plan en que primamos tres principios básicos: o fomento da mobilidade das persoas en termos de igualdade —a igualdade é unha cuestión importante—, seguridade, calidade, eficiencia social e tamén sustentabilidade económica e ambiental, potenciación do uso do transporte público e tamén favorecer a intermodalidade e tamén favorecer a accesibilidade.

Para conseguir estes obxectivos, organizamos as liñas en diferentes xerarquías: liñas autonómicas, liñas intercomarcais, liñas comarcais, liñas municipais. É unha organización dende logo pensada para responder do mellor xeito posible ás necesidades dos galegos, dos usuarios.

En febreiro de 2018 licitamos os primeiros contratos de servizos, os primeiros estudos encamiñados a analizar en detalle os servizos que se prestan na actualidade e tamén analizar as necesidades. Levouse a cabo un amplo traballo de campo con enquisas, recollendo datos nos principais centros de demanda, nos centros de saúde, nos hospitais, nos centros empresariais, nos polígonos industriais, con diálogo e con participación con todos os concellos, cos todos os concellos que quixeron; non quixo un, que é o Concello de Vigo, pero, dende logo, con todos os que quixeron falamos para ter as súas observacións. Enquisas tamén personalizadas aos usuarios para coñecer as necesidades directas de transporte público.

En abril de 2018 abrimos o primeiro dos procesos de información pública, o documento base do Plan de transporte público de Galicia, un documento base que definía o modelo ao que queriamos chegar, un modelo para organizar o transporte público, e sometémolo á consideración dos diferentes axentes implicados e de todas as persoas que quixeron participar neste documento.

A finais de novembro, un novo paso adiante: aprobado o documento base do Plan de transporte público polo Consello da Xunta, unha vez que foi aprobado polo Consello Galego de Transportes, con informe favorable; un documento reitor, polo tanto, que está a guiar o desenvolvemento dos traballos deste plan que nos vai permitir aproveitar a máxima oportunidade, eu teño que dicir oportunidade histórica, porque é a primeira vez que se fai e nos ofrece a caducidade de todas as concesións neste ano 2019 en Galicia.

Xa en datas recentes, o 31 de xaneiro, o Consello da Xunta acordaba a extensión da modalidade do bus compartido, que ten demostrado ser eficaz e tamén ten demostrado que é unha posi-



bilidade para garantir o transporte público en Galicia. E, polo tanto, apostamos por seguir integrando máis liñas de transporte escolar para convertelo en transporte compartido e, polo tanto, sacarlle máis rendibilidade social ao que son os investimentos do transporte escolar.

E como sinalaba ao principio da miña intervención, hai tan só uns días, o pasado 1 de febreiro, no *Diario Oficial de Galicia*, publicábanse as primeiras informacións públicas dos primeiros proxectos de explotación, cen proxectos de explotación; polo tanto, cen contratos para os servizos de transporte público de Galicia, que renovaremos en agosto e que empezan a funcionar este próximo mes de agosto.

Neste mesmo momento, polo tanto, están á disposición de todos e todas vostedes, de todos os interesados, estes proxectos de explotación, estes documentos técnicos. Teñen liñas, percorridos, horarios, paradas, estudos económicos e financeiros, planos, etc., cen proxectos de explotación, e o prazo en que remata a información pública para que fagan as súas achegas é o próximo 1 de marzo. Este é o primeiro dos grupos dos contratos cuxos servizos iniciamos en agosto de 2017 e que caducan en agosto de 2019.

E para entender o alcance destes cen proxectos de explotación, que son a práctica totalidade das liñas de todo Ourense e de Lugo e zonas determinadas da Coruña e Pontevedra, para que vexan o alcance, permítanme que lles ensine este plano (*A señora conselleira de Infraestruturas e Mobilidade mostra un documento.*) para que vexan todas as liñas que imos implantar o próximo mes de agosto, para que vexan o traballo inxente que estamos a realizar, que é un camiño complicado pero o camiño que debemos facer, porque o fácil é non facer nada. Este é o alcance de todas as liñas que temos que implantar o próximo mes de agosto; todo Ourense, practicamente todo Lugo, parte de Pontevedra e pouco na Coruña. Este é o alcance: dúas mil liñas de transporte, case dúas mil liñas de transporte, 28 millóns de quilómetros ao ano para que fagan estes servizos.

Os primeiros elementos de mellora, polo tanto, destes proxectos de explotación que saen a información pública, estes cen contratos, son o primeiro parámetro de mellora, son os quilómetros a percorrer, que duplicamos. No ano 2017 estes mesmos contratos que sacamos este ano supoñían 14,7 millóns de quilómetros; pois os quilómetros destas dúas mil liñas supoñen 28 millóns de quilómetros; polo tanto, 13 millóns de quilómetros máis e, polo tanto, duplicar os quilómetros percorridos polos autobuses e, polo tanto, ofrecer máis oportunidades de mobilidade aos galegos.

E isto non sería posible sen a modalidade do transporte compartido, esa excepcional capilaridade que nos dá o transporte escolar e que nos permite, dende logo, chegar ás zonas rurais e que chegue o bus a onde antes non chegaba.

De feito, temos previsto que, destas dúas mil liñas que están en información pública nos cen proxectos de explotación, 1.438 son liñas compartidas, en que se presta servizo a trinta mil escolares, e nas que os usuarios xerais poderán empregar esas prazas baleiras, blindando, por suposto, primeiro o que son os escolares, as rutas, os horarios e os tempos de espera.

De feito, esta primeira fase neste ano 2019, que está a información pública en febreiro, que se iniciarán os servizos en agosto, supón que o 35 % do transporte escolar pasará a ser bus



compartido. E a finais de ano, xa en decembro de 2019, co segundo grupo que licitaremos, pois chegará a ser que o 55 % do transporte escolar será modalidade de bus compartido.

No transporte compartido, pois outra importante novidade: aos servizos que veñen funcionando no ano 2017 agora a integración do transporte escolar farémola en función dos centros educativos. Polo tanto, todas as liñas dun centro educativo ou serán bus compartido na súa totalidade ou serán liñas que levará Educación na súa totalidade. Polo tanto, unha mellora importante para mellor información de todos, mellor xestión por parte de todos. Porque a prioridade, dende logo, son os escolares, blindando a súa atención cun acompañante. Volvo reiterar: en cada unha das liñas na que os usuarios sexan escolares, tamén para favorecer a mobilidade dos veciños e evitar que os autobuses circulen baleiros. Nestes contratos que están a información pública, 1.038 liñas serán á demanda, fronte ás 492 liñas á demanda que había no ano 2017. Polo tanto, tamén incrementamos os servizos á demanda, e para favorecer estes servizos á demanda, temos á disposición dos usuarios a páxina web bus.gal, que temos activada, e tamén a central de chamadas e as aplicacións móbiles que está a desenvolver Amtega.

Para estes cen proxectos de explotación, estes cen contratos que están á información pública, serán necesarios máis de mil autobuses para prestar estes servizos, e neste aspecto, en liña co que xa fixemos no ano 2017, deseñamos estes contratos pensando nas pequenas e medianas empresas. Destes cen contratos, moitísimos contratos están pensados en tamaños entre tres e dez autobuses; polo tanto, facilitar dende logo que poidan concursar as pequenas e medianas empresas e que poidan optar á prestación destes servizos. Dos cen, o 66 % destes novos contratos precisan dez ou menos autobuses para realizar estes servizos, e son, polo tanto, asumibles polo tecido empresarial galego, que é o que máis nos importa, as pequenas e as medianas empresas.

Eses novos servizos tamén se traducen en empregos, señorías, para garantir e consolidar os postos de traballo. Para estes cen proxectos de explotación que están a información pública, mínimo 1.113 condutores, nos que está garantida a subrogación, e preto de novecentos acompañantes para estes cen proxectos de explotación que están a información pública. E, sen dúbida, igual que antes, estes dous mil postos de traballo constitúen unha das motivacións máis para seguir traballando, que é o máis difícil, implantar todas as novas liñas de transporte público no ano 2019 en Galicia.

Se falamos en termos económicos, destes cen contratos que temos a información pública, destes cen proxectos de explotación, o volume de negocio son 600 millóns de euros. Estamos a falar de 60 millóns de euros anuais durante dez anos, son contratos de dez anos de concesión de servizo público, 60 millóns ao ano, dos que 45 millóns son directamente achegados desde a Xunta de Galicia como obrigacións de servizo público.

Polo tanto, traballo inxente, señorías, incrementando servizos, multiplicando cobertura territorial, mantendo a filosofía do que implantamos no ano 2017, porque temos a experiencia e dende logo os datos testados con estas modalidades de transporte compartido e bus á demanda, blindando os escolares, seguindo coas cláusulas sociais de referencia, un traballo inxente no que non renunciamos a introducir dende logo novas medidas.



Contamos coa experiencia que nos deu a implantación dos servizos no ano 2017, pero imos incorporar máis melloras. Primaremos a calidade, fronte aos criterios económicos. A calidade computará nun 65 % fronte ao 35 %, que será o criterio económico. Queremos calidade, non contratos máis baratos, senón que queremos calidade. Estableceremos tamén unha tarifa homoxénea, outro parámetro de mellora, outra mellora, unha tarifa homoxénea igualitaria, a tarifa única por quilómetro igual para toda Galicia, porque o certo é que un usuario que percorre dez quilómetros no Barco de Valdeorras debe de pagar exactamente o mesmo que un usuario que percorra dez quilómetros na zona da Coruña ou dez quilómetros na zona de Vigo.

Abordaremos tamén a implantación dunha área de transporte única en Galicia, que estenda os beneficios do transporte metropolitano a toda Galicia; unha iniciativa que levará as vantaxes do transporte metropolitano a todo o territorio da nosa comunidade, a toda Galicia.

Polo tanto, medidas sociais que beneficiarán a todos os galegos; o uso da tarxeta TMG, que permitirá descontos de forma inmediata do 10 % para que se poida utilizar en toda Galicia; a tarxeta Xente Nova, esa tarxeta grazas á cal os menores de 19 anos poden utilizar o autobús interurbano de xeito gratuíto dende o primeiro día; e bonificacións tamén xenéricas de recorrencia, como xa ten o Plan de transporte metropolitano nas áreas metropolitanas. Para isto, todos os operadores estarán obrigados a ter a súa canceladora homologada, para que funcione a tarxeta metropolitana e que funcione a tarxeta Xente Nova.

A estes contratos, que adxudicaremos en agosto, tamén están planteadas tarifas de transporte bonificadas, é dicir, bonos mensuais con viaxes limitadas, tamén bonos de vinte viaxes, que suporán nos bonos mensuais descontos de ata o 75 % e tamén eses bonos de vinte viaxes cun desconto do 50 %.

Tamén realizaremos melloras nas liñas con horarios nocturnos, para dar resposta á mobilidade de moitos galegos cara, por exemplo, aos hospitais, aos seus propios centros de traballo. Polo tanto, outro factor de mellora: horarios nocturnos adaptados ás necesidades de mobilidade e do traballo dos galegos.

Por exemplo, unha nova liña dende Cangas ata a estación de autobuses de Bouzas, e ao centro PSA de Vigo e á zona franca, coincidindo exactamente coas quendas de traballo, polo tanto, facilitando a mobilidade para que os usuarios poidan acudir ao seu traballo.

Tamén introducimos outro elemento de mellora: as paradas seguras, paradas á demanda pola noite, para favorecer a seguridade das mulleres, dos nenos, das persoas maiores e tamén das persoas con mobilidade reducida, en horario nocturno. Paradas seguras, polo tanto, outro elemento de mellora neste ano 2019.

Para favorecer a prestación dun mellor servizo aos usuarios, a empresa adxudicataria debe ter unha base ou unha instalación fixa no ámbito territorial onde prestan servizo, porque, dende logo, o tempo de resposta tamén nos importa, e, polo tanto, primaremos e teremos en conta que a empresa teña unha base no territorio.



Polo tanto, aproveitamos esta oportunidade única de licitar todos os servizos, tamén, para outro elemento novamente de mellora: tráfico compartido, que é algo que podemos deseñar neste ano 2019, porque, como lles dixen, non temos ningún condicionante, deseñamos un plan de transporte público sen condicionantes; outro factor de mellora, ademais das paradas seguras, tráfico compartido, de tal xeito que a maior parte dos tráfico que circulen polo mesmo corredor poderán ser compartidos polos diferentes operadores, porque así quen gana é o usuario e ofrecemos máis posibilidades de servizo.

Deixamos atrás, polo tanto, o modelo de tráfico exclusivos, que nalgúns casos podía afectar o óptimo funcionamento do transporte público. E, polo tanto, outro elemento, na miña opinión, dende logo, de mellora.

Tamén apostaremos por unha homoxeneidade da imaxe, para que sexan máis facilmente identificables os autobuses interurbanos do Plan de transporte público de Galicia. É tamén outro factor de mellora.

En definitiva, señorías, un paquete de cen contratos que empezarán a prestar novos servizos este próximo mes de agosto, que sacamos a información pública logo dun intenso traballo, un traballo titánico, logo de moito diálogo, de moita participación. Estivemos falando periodicamente co sector, coas ANPA, cos sindicatos, cos usuarios, cos concellos, e seguimos dende logo en continuo proceso participativo. E convidamos dende logo as súas señorías a que fagan as súas achegas construtivas; a min gustaríame que fixeran achegas construtivas e que poidamos incorporar. Quero facer este chamamento extensivo a todos para que neste período de información pública todos poidamos mellorar os anteproxectos de explotación, que para iso é a información pública, información pública que, como dicía, remata o 1 de marzo, e unha vez que teñamos analizadas e incorporadas todas as achegas que consideremos oportunas, licitaremos os contratos para que se inicie o servizo o próximo mes de agosto.

De xeito paralelo, seguiremos avanzando no segundo bloque —ata agora falei do primeiro bloque—, cuxa información pública sairá en xuño, a contratación no verán e o inicio dos servizos en decembro. Polo tanto, inicio de servizos do primeiro bloque, en agosto; o segundo bloque, inicio de servizos, en decembro.

E vou rematando xa, señorías. Eu creo que intentei sintetizar o traballo, a planificación e o cronograma e, dende logo, os obxectivos do Plan de transporte público que queremos implantar neste ano 2019 en Galicia, un plan ambicioso, útil, dende logo participativo e tamén transparente, sobre o que queremos dar plena conta neste Parlamento de todos os pasos que queremos dar e que estamos a dar, no que aspiramos a converter esa problemática que é a caducidade das concesións nunha oportunidade dende logo para mellorar, para transformar, para modernizar o transporte público que nunca tivo Galicia e implantalo na nosa comunidade.

Dende logo que é un gran reto, unha oportunidade que nunca tivemos, para ofrecer máis e mellores servizos, especialmente no rural, adecuar o transporte público ás demandas reais dos nosos veciños e adecualo ás demandas do século XXI, e que teñen cabida todas as achegas, señorías, todas as achegas —permítanme insistir— construtivas. E, polo tanto, eu agardo a que trasladen achegas construtivas. Escoitarei con moita atención, coa máxima



atención, para na miña seguinte quenda poder aclarar ou contestar ás cuestións que me plantexen.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día, señora conselleira.

Non sei se vén vostede posuída do espírito de Colón, non se lle nota moito ese espírito patriótico, non debeu estar vostede en Madrid este domingo, pero si que veu aquí vendernos fume, vendernos o fume desas palabras que soan moi ben, da modernización, do futuro, do século XXI, este mantra que están repetindo seguido, pero non nos dixo vostede unha cousa que é fundamental, que é que o que están facendo estano facendo por imperativo legal, por unha sentenza do Tribunal Supremo, porque cometeron unha ilegalidade no ano 2010: en contra da normativa europea, prorrogaron por dez anos os contratos, e daquela por estas lamas.

Agora teñen que andar, de présa e correndo, intentando facer, máis que un plan, porque isto non é un plan, chapa e pintura, facer aí uns apaños, sobre todo porque teñen a posibilidade de facelo co transporte escolar e coa integración, pero non é —e negamos a maior— ningún plan de transporte público, non é de transporte público.

O transporte público, señora conselleira, é moito máis ca isto. Isto é, como moito, un plan de transporte de viaxeiros por estrada, pero non é transporte público, porque vostedes decidiron apostar por unha visión reduccionista e por unha visión curtopracista, porque non teñen unha estratexia global e integral pola mobilidade sustentábel, saudábel e segura, e mesmo incumpren os seus compromisos de facer unha lei de mobilidade, que estaba no seu programa, para que Galiza conte cun sistema de transporte público, de todo o transporte, eficaz, intermodal e moderno. Aquí non hai nada de transporte ferroviario, porque vostedes xa desistiron, por ese espírito de Colón, de reivindicar que Galiza teña un tren galego, un ente ferroviario galego, como se comprometeron a facer no ano 2010 e despois deixaron nun caixón.

Non cren nesas posibilidades, como tampouco se fala nada do transporte marítimo, do transporte de ría, como tampouco se fala nada do que nalgún día pensamos que lles importaba algo, que era o que chamaban vostedes a mobilidade alternativa, que mesmo fixeron un plan director, da mobilidade sustentábel, da mobilidade ciclista, da mobilidade peonil. ¿En que quedou iso? Está pendurado na páxina web da Consellería, pero gastaron os cartos, tiraron con eles e non fixeron nada, porque iso quedou xa completamente esquecido. Igual que fixeron un plan sectorial de estacionamentos alternativos, e nada de nada; cartos tirados ao lixo.

Todo isto, que está na súa páxina web, sen executar e sen cumprir, ten moito que ver co transporte público, non só o que nos acaba de contar vostede agora. Pensamos que son



exemplos dunha consellería e dun departamento de mobilidade sen ideas e sen rumbo, señora conselleira, sen dirección, porque aí parece que non hai ninguén ao volante; ou si, hai alguén ao volante: son empresas privadas, consultoras madrileñas contratadas para levar o rumbo —e así nos vai— da Consellería e do departamento de mobilidade. Teñen empresas empotradas... (*Murmurios.*) —si, si, si, é así— ás que lles concederon a xestión dun servizo público fundamental como é o transporte público. Ao final van ter que coller ese persoal xa e convertelo en persoal fixo da Consellería, porque lle están renovando contrato ano tras ano, e parece —creo— que ata xa teñen a sede esas empresas na propia Dirección Xeral de Mobilidade.

E, claro, véñennos agora cun simulacro... (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Pasoulle algo á señora Prado? ¿Ten algunha inquedanza? ¿Quere comentar algo? (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Non, non, non dialoguen.

O señor BARÁ TORRES: Xa, non. Foi ela quen me interrompeu. (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*) Eu non tiña nada...

Pois ben, o que venden é un fume, unha casca baleira, un apaño para legalizar o que estaba fóra da lei, nin máis nin menos, señora conselleira. Cometeron unha irregularidade e agora teñen que resolvelo. E xa non lles imos falar de todas as présas e a improvisación do ano 2017, porque eses argumentos xa están resesos e repetidos. O que si vimos naquel momento é como tiveron que reparar, corrixir o que era unha auténtica trapallada e unha chapuza, porque o que sacaron vostedes e adxudicaron despois non se correspondía para nada coa realidade. Os concellos puxéronse en pé de guerra e tiveron que repoñer os servizos que había antes. Iso foi o gran plan que fixeron no 2017.

E iso, ademais, despois de pagarlles 800.000 euros en contratos de asistencia técnica a esas empresas, ao que hai que sumar a empresa que teñen contratada para asistencia á Dirección Xeral na implantación e xestión do Plan de transporte, un contrato de 84.000 euros no 2017 e 121.000 no 2018, empresa empotrada na Consellería. E, con todo isto, sae un pseudoplan que, por certo, dixo vostede que pasou polo Consello Asesor, pero non dixo toda a verdade; non dixo que só o apoiaron os membros da Administración, todos os colectivos representativos do sector e da sociedade non apoiaron este plan —e por algo sería—, que non ten estudo de impacto ambiental a pesar de que estamos falando do transporte público e de que un dos obxectivos é mellorar a eficiencia ambiental.

E tampouco teñen a deferencia, cando aproban o plan —por certo, que o aprobaron o 29 de novembro e o publicaron o 17 de xaneiro, non sei que pasou, tiveron que pasar cincuenta días para publicalo—, de mandalo ao Parlamento para poder falar dese plan. E agora presentan os proxectos de explotación —por certo, corríxolle, se non lle importa: o prazo penso que remata, segundo o DOG, o 29 de febreiro, non o 1 de marzo—, que son malos no fondo e na forma. Estes proxectos de explotación, de verdade, señora conselleira, teñen unha absoluta falta de rigor. E despois dos millonarios contratos de máis de 2,5 millóns de euros que gastaron neses contratos de empresas consultoras, a maior parte delas madrileñas, que



non coñecen o territorio, que non teñen idea, que fan unha auténtica chapuza de liñas de servizos e de percorridos, é que lles vai caer unha chuvía de alegacións que eu creo que o mellor que podían facer era retiralos por vergoña, corrixilos, emendalos e sacalos de novo, porque realmente non hai por onde collelos.

Para empezar, non hai ningún estudo de demanda. Vostede fálanos aquí de que hai unha liña para Citroën, ¿e o resto? É dicir, vostedes falan de que hai demanda no Sistema universitario, de que hai demanda no Sistema de saúde, de que hai demanda, por exemplo, nos parques empresariais. Non hai ningún estudo de demanda para atender esa demanda. O que vostedes fan é un corta e pega, con liñas moitas delas, algunhas, que non teñen sentido, suprimen outras liñas que si que son demandas pola poboación, e vanlle chover —xa lle digo— as alegacións nese sentido; e despois poñen outras —xa lle digo— que non utiliza ninguén. A verdade é que o traballo de campo é nefasto, señora conselleira; eu teño que dicirlo así.

Vostedes, ademais, meten os autobuses por sitios por onde non poden pasar. Aquí collen desde o gabinete o Google Maps e entón trazan unha liña, por aquí é a liña máis curta, pero resulta que o autobús por aí non pode pasar. Iso repítese en todos os contratos, e non unha vez, en múltiples veces. Xa non lle vou falar de Pontevedra, que queren meter vostedes os autobuses pola zona peonil. Pero ¿a onde imos parar? Isto non ten pés nin cabeza.

Tampouco hai estudo de viabilidade económica das concesións. E mesmo teñen propostas tarifarias nalgúns contratos que son absolutamente discriminatorias. E xa non digo que creen liñas e servizos á medida dalgún centro escolar privado, que isto xa é o último. É dicir, vostedes non crean liñas para os parques empresarias, para os grandes centros de saúde ou para o Sistema universitario e créanllas á medida para un centro escolar privado que está na parroquia dos Praceres. ¿Isto que estudo de demanda é? ¿Que lle pediron do colexio privado: que lle puxeran dúas liñas, unha de Bueu e outra de Pontevedra? En fin.

Pois ben, todo isto, con esas empresas, seis contratos formalizados en xullo de 2018; desde logo, traballaron arreo, porque en tres meses xa tiñan o plan e nun mes máis tiñan os proxectos de explotación, e ¡así saíron eses proxectos!

E, ademais deses seis contratos, por 2,4 millóns de euros que custou facer todo este traballo de campo e estas propostas, aínda por riba fixeron outro contrato máis de 200.000 euros a unha asistencia técnica de coordinación de todas as demais. Pois mire, moita coordinación non houbo, porque aquí hai servizos e liñas do mesmo concello que aparecen en distintos contratos. O concello de Soutomaior ten servizos do mesmo colexio en distintos lotes, en distintos contratos. Pero ¿que clase de traballo de campo fixeron? ¿Que clase de traballo de coordinación fixeron aquí? ¿A quen lle encargaron isto? ¿Quen o supervisou? Isto non é serio, señora conselleira.

Claro, despois vostedes teñen a cobertura da propaganda, porque tamén adxudicaron 2,5 millóns de euros nun contrato; por certo, tres contratos á mesma empresa para facer publicidade e propaganda da Consellería de Mobilidade e Infraestruturas; 400.000 euros para campañas de seguridade viaria, que non serven para nada —xa llo digo eu—. Se realmente quixeran facer política de seguridade viaria, séntense a falar con todos os sectores, con todas



as administracións, e estuden de verdade o que está pasando —que é moi grave— coa sinistralidade, co incremento das mortes nas estradas —nas interurbanas, nas urbanas, nas autonómicas, en todas—. É un tema realmente moi serio que merece algo máis que unha campaña de publicidade pagada a unha empresa.

600.000 euros para a campaña do transporte público. ¿Para que?, se os índices de uso dese transporte á demanda e da central de chamadas son irrisorios. Por certo, o contrato de atención, información e xestión do sistema de reservas telefónicas nos servizos prestados baixo demanda quedou deserto. Señora conselleira, ¿quen fai este servizo? ¿Pódeme dicir quen fai este servizo que quedou deserto?, porque se está prestando. ¿Quen fai este servizo? Agardo que me dea unha resposta.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: En definitiva, fume, propaganda, chapa e pintura, improvisación, contratos millonarios a empresas consultoras —madrileñas a maior parte—, que fan un traballo moi malo, que deberían devolver os cartos ou pedirles vostedes que fagan o traballo ben. E no fondo imos aquí ao mesmo que pasou cos contratos das ambulancias, o mesmo, ao final concentración en dous ou tres grandes grupos empresariais, e adxudicacións á baixa, precariedade laboral; agora temos unha folga, e xa veremos o que pasa tamén no transporte público. O que demostran con isto é a súa incapacidade para afrontar de verdade un modelo de transporte público eficiente e racional para o século XXI.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Agora saudamos os alumnos e alumnas de 5º de primaria do Centro Ponte dos Brozos, de Arteixo, e os seus profesores e acompañantes tamén. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, don Luis Manuel Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señora conselleira.

Bo día tamén aos alumnos e alumnas dese centro que nos acompañan.

Ben, por empezar tratando de facer algo de distensión, nin a conselleira nin o señor Bará, nin o 1 de marzo nin o 29 de febreiro, porque non é bisesto; o 28 de febreiro é cando remata o prazo para presentar alegacións; en todo caso, vén sendo irrelevante día arriba día abaixo.

Señora conselleira, se algo nos quedou claro da súa intervención, é que se tratou dun traballo inxente; creo que o dixó vostede unhas catorce ou quince veces. Non dubido que sexa un traballo inxente. A proba máis ou menos afortunada dese traballo é o que teñen vostedes



publicado como anteproxectos de explotación. En todo caso, eu comparto algunha das afirmacións que fixo o señor Bará con respecto á calidade dese traballo.

Dixo vostede que en 2017 funcionou grazas aos empregados públicos. Non sei se isto vai funcionar ou non, non sei se van ser vostedes quen de facer fronte a todas as alegacións que seguramente se presentarán. Pero, en todo caso, do que si teño a certeza é de que os funcionarios públicos deixaron de lado a súa participación no desenvolvemento deste Plan de transporte público de Galicia, porque vostedes —polas razóns que sexan— decidiron externalizar o traballo e que foran unha serie de consultoras, algunhas veces cun certo descoñecemento do territorio e, polo tanto, cun traballo que, ben, a realidade dirá se é solvente ou non o é para a necesidade que temos de modernizar —e niso concordo con vostede— o transporte público nesta comunidade autónoma.

As cifras que presenta este anteproxecto, evidentemente, son importantes: falamos de cen contratos, falamos de dúas mil liñas, falamos de 35.904 postos reservados para escolares. E nisto voume permitir facer unha observación: xa ten mérito que veñan vostedes vender que as prazas dos escolares están blindadas no transporte público de Galicia. ¡Só faltaría que, despois de ter transferido toda a responsabilidade do transporte escolar á súa Consellería, agora estiveran comprometidas as prazas necesarias para transportar os escolares aos seus respectivos centros educativos! Sería xa o colmo. Polo tanto, francamente, que isto sexa unha das bondades do plan é como dicir que despois do día vén a noite, é unha obviedade que non deba nin tan sequera ser mencionada.

Pero, ben, indo ao motivo da súa comparecencia, a Xunta de Galicia vai adxudicar nos próximos meses os contratos de transporte escolar e de concesión de servizos. E aquí plantéxanse dous escenarios: ou ben poden contribuír á desaparición das pequenas e medianas empresas do sector ou poden permitir que a mobilidade dos galegos poida seguir sendo prestada por unha parte substancial por parte de pequenas e medianas empresas. A responsabilidade deste goberno, da Consellería que vostede preside, será fixar un marco que aboque ou non á extinción irremediable destas pequenas e medianas empresas.

Fixo vostede referencia en numerosas ocasións ao mantemento de empregos e ao mantemento do tecido empresarial das moitas empresas de transporte de viaxeiros que temos na comunidade autónoma. Creo que iso pode ser un factor indicativo de que teñen certa preocupación, cando menos, por esa realidade e por ese futuro ao que nos imos ver abocados, se van ver abocados os empresarios e empresarias do transporte.

Se a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a de Educación non abordan de forma global e coordinada a licitación dos contratos de transportes integrados, imos ter seguramente unha destrución importante do tecido empresarial dese sector, e para evitalo deberíase definir un modelo de licitación que garanta uns orzamentos suficientes e que impida a creación de oligopolios.

Fixo referencia acertadamente —estou totalmente de acordo— o señor Bará, que me precedeu, ao conflito que temos neste momento co transporte público —que tamén é un transporte público— no caso das ambulancias, e como unha decisión errónea no ano 2015 aboca



a que catro anos despois esteamos enfrontados a unha realidade de conflictividade laboral, pero conflictividade laboral que está sustentada en que as garantías salariais dos traballadores non se poden ver garantidas polo custo dos contratos que se asinaron —insisto— hai catro anos. E isto é un problema moi importante.

Falamos de ambulancias, pero volvamos falar agora dos autobuses. Os seus consultores externos —digo os seus, vamos, enténdame ben, os que contratou a Consellería— consideran que, por exemplo —podemos coller calquera contrato, despois pódolle citar máis—, o 669, que corresponde ao termo municipal de Ponteareas, contempla unha amortización de 3.301 euros por autobús e ano; é dicir, que nos dez anos polos que se licita a concesión se recuperarían unicamente 33.000 euros, que creo que se alonxa moitísimo do que custa un autobús de 55 prazas, cuxo prezo no mercado ronda os 200.000 euros; e se a eses 200.000 lles quitamos un valor residual do 20 %, quedamos nunha cantidade que evidentemente se alonxa moito desa amortización que prevén eses pregos que vostedes acaban de publicar.

Mire, é tal o nivel de diferenzas que hai nos pregos que vostedes publicaron que hai en distintos contratos unha media de amortización por bus de 3.185, de 1.006, de 2.400, de 3.300, de 840 euros, de 1.500, de 1.000, de 994... ¿Que ocorre? ¿Que os autobuses lles van custar unha cantidade distinta aos empresarios segundo que liñas resulten adxudicatarias? Creo francamente que isto deberían revisalo vostedes profundamente antes de proseguir coa adxudicación nos termos nos que está. Ao mellor coas alegacións que presenten as pequenas empresas do sector isto acábase corrixindo.

Creo que os estudos económicos aos que vostede fixo tamén referencia están mal e poden abocar ¿a que?: a que determinadas empresas dun tamaño considerable poidan asumir as perdas inherentes a este modelo de adxudicación en detrimento doutras pequenas que non van poder facer fronte a esas perdas e despois coloquen a Administración nunha situación análoga á que a ten colocado o sector de transporte médico, o sector das ambulancias. Polo tanto, esta é unha realidade que deberan vostedes revisar con moito coidado antes de proseguir con esta adxudicación.

No ano 2017 vostedes licitaron corenta contratos, permitindo que unha empresa puidese facerse cun máximo de dez. Iso vén sendo o mesmo que asumir que o 25 % dos contratos poden caer en mans dunha única empresa. E se esta previsión non se corrixe para a licitación que vostedes vaian sacar, imos enfrontarnos de novo a unha realidade na que pode que catro empresas, cinco, seis grandes empresas poidan facerse coa totalidade cos contratos que vostedes van licitar, precisamente porque serán as únicas que poidan asumir a capacidade de perda económica durante os primeiros anos de vixencia dos contratos, ou que á volta de cinco anos ou seis plantexen unha situación idéntica, un escenario idéntico, ao do sector das ambulancias neste ano 2019.

Segundo as nosas estimacións —creo que bastante acertadas, porque proveñen de información tamén no sector—, hai da orde de trescentas liñas de transporte escolar que poderían teoricamente desaparecer. ¿E iso por que? Porque no caso de que o transporte escolar non se licite este ano —e, polo tanto, case a metade do transporte público pode seguir en mans destas pequenas e medianas empresas—, o certo é que o risco se incrementa por esa licitación que cremos que vai ser en dúas fases.



E, polo tanto, que a elección dos contratos que se licitan este ano e aos que concursará Educación no próximo non obedecen a unha planificación racional é algo obvio, e que moitas empresas que perdan parte dos seus contratos neste ano poden ver a súa viabilidade comprometida para o 2020 tamén o é. ¿E isto por que? Porque a Xunta delegou a responsabilidade respecto do modelo de transporte da mobilidade galega en consultores externos, que non teñen unha liña política marcada desde un executivo caracterizado polo seu carácter burocrático e meramente contable, unha administración que non mostra unha idea clara de país nin unha ambición de protagonizar esta oportunidade para mellorar a mobilidade e poñer as bases para un tránsito das operadoras cara a un futuro no que a mobilidade colectiva e sustentable ten que imperar na nosa sociedade. Cremos que a Xunta debería asumir que serán responsables de que se cree unha situación de oligopolio se non poñen os límites a parte dese mercado de transporte galego licitado por calquera administración pública que pode absorber unha empresa ou grupo de empresas.

A fin de contas, señora conselleira —e vou rematando—, se as administracións públicas interveñen xa no mercado para evitar fusiós e adquisicións de empresas que reduzan a competencia no mercado pola vía dos oligopolios, con moito maior motivo deben ser belixerantes as administracións respecto desta cuestión cando o mercado ten un compoñente público maioritario como é o caso do transporte escolar en Galicia.

Sendo certo que as directivas de contratación da Unión Europea e o actual texto da Lei de contratos do sector público contemplan expresamente a posibilidade de limitar o número de lotes aos que se presentan os operadores, ou de lotes que se adxudiquen aos mesmos, deberían vostedes valorar que modelo de limitación van poñer cando saquen a contratación estes contratos para que precisamente eses centos de empresas, pequenas empresas, en moitos casos familiares, poidan seguir vivindo na nosa comunidade autónoma, poidan seguir mantendo en condicións de dignidade os postos de traballo que actualmente se desempeñan nos transportes tanto de viaxeiros como nos transportes escolares.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Agora saudamos os alumnos e alumnas do CIFP Porta da Auga, de Ribadeo, que son alumnos do ciclo medio de Xestión Administrativa e do superior de Administración e Finanzas. Benvidos ao Parlamento.

Agora si ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas.

Hoxe comeza en Madrid o xuízo a oito presos e presas políticos por defender as súas ideas democraticamente, xúlganos por querer que a xente vote. E, evidentemente, como non quero vivir nun país... (*Aplausos.*), non quero vivir neste Estado onde se poida xulgar a xente, onde se nos poida xulgar por defender as nosas ideas democraticamente, vai toda a miña solidariedade con eles. Agardemos que a sentenza non estea escrita de antemán.



Ben, señora conselleira, para empezar, xa que fixo unha apelación a ser construtivos, a sermos construtivos, eu sempre son construtivo. O que non lle podo dicir é que está ben unha cousa cando vexo que está mal. Tres preguntas, a ver se me contesta e creamos un clima construtivo.

Di que se incrementan os quilómetros nun 37 %. Veña aquí e diga canto se incrementa o orzamento, porque, polo que nós temos estudado, o que se fai é recortar orzamento.

Fala vostede dun límite do 25 % na primeira fase de transporte. ¿E iso significa que pode haber catro empresas que copen todo o transporte en Galicia? ¿Cal vai ser o límite que se fixe?

Só 40 concesións estaban obrigadas a licitarse agora, posto que foron as que se renovaron en 2017. ¿Por que estas 100? ¿Cal foi o criterio que vostede seguiu?

Ben, agardo que as teña apuntado e agardo que mas conteste e que non faga como normalmente, que non contesta.

Vostede falaba de oportunidade, nós tamén criamos que era unha oportunidade, unha oportunidade que non veu da previsión do Goberno galego, que estivo dende 2009 a 2016 sen facer nada, sen prever, sen planificar e sen traballar o futuro do transporte público de Galicia. Pero veu unha sentenza do Tribunal Supremo en marzo de 2016 que lle tombou 129 concesións que vostedes renovaran irregularmente, incumprindo o regulamento europeo. E entón empezou a carreira de obstáculos, unha carreira que foi caracterizada pola continua improvisación a trancas e barrancas e cun caos administrativo importante.

Pero había oportunidade, definíase partindo de cero o Mapa de transportes de Galicia. Pero nós cremos que foi unha oportunidade perdida por ese proceso previo caótico onde xa se foi a feitos consumados, implementando unha primeira fase antes de estar aprobado o Plan de transporte de Galicia, é dicir, empezando a casa polo tellado. Primeiro execútanse medidas de integración e de reordenación das liñas e despois apróbase un plan de traballo que disque é o instrumento planificador para despois licitar esas liñas. O mundo ao revés, señora conselleira.

Vostede dicía que era unha decisión inaprazable, pero vostedes incumpriron mesmo a lei que vostedes aprobaron aquí coa súa maioría absoluta. A lei dicía, no artigo 2.3, que tiñan vinte e un meses para ter aprobado o Plan de transporte público de Galicia dende a entrada en vigor desa lei, e ese prazo era abril de 2018. ¿E vostedes cando o aprobaron? Finais de 2018. Incumpriron a lei.

Pero, ademais, é unha perda de oportunidade, señora conselleira, porque adoce de varias eivas.

Primeiro, a participación, a participación insuficiente. Vostedes falan no documento do Plan de transporte público de Galicia de que previamente este punto de tramitación do Plan de transporte público de Galicia e o seu documento base foi sometido a un proceso de participación pública a través do que o conxunto da sociedade galega presentou as súas suxestións. ¿Cantas suxestións se presentaron, señora conselleira? ¿Onde está esa información para que



a poidamos ver? ¿Onde está a memoria de participación dese proceso, señora conselleira? Non houbo, houbo unha participación moi insuficiente.

Foi unha oportunidade perdida para artellar o país. A lei daba posibilidades de agrupar os concellos para acadar a escala axeitada para o deseño pero tamén para a xestión posterior. Hai concellos que pola súa dimensión e posibilidades financeiras non teñen capacidade para ter persoal especializado na xestión do transporte, fundamental para controlar a actividade das empresas, nun tema moi complexo. Vostedes non fixeron ningún esforzo nin unha liña para tratar de que os concellos se agrupasen, nin a escala metropolitana, cuxo tratamento é insuficiente, nin no rural a escala comarcal; cero iniciativas nese aspecto. Polo tanto, unha oportunidade perdida.

Pero unha oportunidade perdida tamén para a reestruturación do sector, para a reestruturación desas empresas ás que hai que darlles viabilidade no horizonte dos próximos dezvinte anos. Non fixeron ningún esforzo para axudar as empresas a agruparse tamén, a ter dimensión para facer fronte á ameaza que hai, axudada polas súas políticas, do oligopolio de determinadas empresas que poden comer o peixe pequeno. Nada fixeron e vostede vén presumir aquí —despois falarei diso— dese minifundismo.

Tamén houbo unha licitación atropelada que produce erros técnicos, erros técnicos, señora conselleira, gravísimos, gravísimos. E imos falar desa dimensión do sector empresarial, e por iso lle dicía o límite, o oligopolio, e por iso lle dicía reestruturación empresarial.

Mire, dos 100 anteprojectos presentados só hai 3 que pasen de 30 autobuses, 2 de 32 e 1 de 33, contando os buses de reserva. O 56 % dos anteprojectos contemplan 10 buses, coas reservas, ou menos; de feito hai 10 con 10, 8 con 9, 9 con 8, 11 con 7, 5 con 6, 8 con 5 e 5 con 4. ¿Vostede cre que manter isto así é unha boa política para o futuro dos traballadores e traballadoras dese sector? Non. Nós cremos que tiña que ter feito un esforzo na reestruturación do sector. Porque se producen tamén outros efectos perversos, que tamén é o incremento do inmovilizado financeiro para as empresas pero tamén para a Xunta de Galicia, xa que nas concesións que teñen dereito a compensacións —97 de 100—, as compensacións das obrigas por servizo público incorporan as amortizacións, como non podería ser doutro xeito.

Vostede limitouse a xuntar e regular o existente cos servizos escolares e engadiu algúns servizos locais que lle pediron os concellos. Pero iso non é un plan de transporte, señora conselleira. Póñolle un exemplo: Ferrón, Narón, Fene e Neda necesitan dende hai moitos anos unha liña circular que conecte os catro concellos e que foi amplamente demandada. Non está presente no anteprojecto.

Como xa lle dicía, máis da metade dos proxectos non estaban obrigados por lei a ser contratados nesta data. ¿Por que se fixeron 100 anteprojectos e non os 40 de 2017?

Escurantismo, señora conselleira. Teño aquí os pregos dun plan de transporte da Generalitat Valenciana (*O señor Sánchez García mostra un documento.*), e voulle dicir por que, primeiro, vostedes adoecen de opacidade e, despois, de onde veñen os erros que vostedes teñen nas amortizacións e nos cálculos dos custos en xeral.



Custos de amortización —di o documento valenciano—. As condicións fixadas para a amortización técnica das inversións son as seguintes: amortización lineal a dez anos para material renovado e lineal pola diferenza entre dez anos de antigüidade do activo á data de referencia, para o subrogado en caso de acaer circunstancia. Para efectos de cálculo, pártese da adquisición da frota nova con independencia de que se establezan conforme o prego acordos de transmisión empresarial do inmovilizado, do material e de novos contratos. A inversión material móbil estímase a partir dos seguintes parámetros —e pon unha relación de parámetros—.

¿Que pon o proxecto desta consultora das amortizacións? Un parágrafo que di: «*es la suma de los costes anuales de amortización de los diferentes elementos empleados por la explotación del servicio, vehículos y equipos auxiliares*». Isto é que din vostedes das amortizacións. Isto é opacidade. Podería dicir o mesmo do cálculo da enerxía e do cálculo dos custos de persoal, que, por certo, nos dá unha media por condutor de 18.000 euros, cando aquí en Valencia son 36.000 euros, señora conselleira, que lle debería dar vergoña. E, polo tanto, con esta opacidade e escurantismo, non é de estrañar que despois tamén haxa os erros que hai; vostedes prefiren ocultalos detrás desa opacidade.

Erros, que xa se me acaba o tempo. Fixemos o esforzo de xuntar todos os datos dos anteprojectos nun só documento, algo que non teriamos que ter feito se o seu departamento o fixese para axudar a cidadanía e os sectores implicados a entender a información, señora conselleira. Pero fixémoslo nós.

E erros palpables nunha primeira visual. Hai 98 liñas en paradas, hai 183 liñas en expedicións; o total das liñas analizadas foron 1.887. Hai 351 paradas en liñas, hai máis de 800 paradas en posicionamento de volta, hai máis de 600 paradas co mesmo posicionamento con códigos ou nomes ou códigos e nomes distintos; o total de paradas analizadas foi 24.000. Hai case 300 expedicións sen identificador de frecuencia semanal, 58 sen identificador do tipo de día, etc., etc. E isto é o resultado de traballar como vostedes traballaron. Hai 2.300 expedicións co mesmo calendario, frecuencia semanal, tipo de día e temporada anual e que non coinciden no cálculo de circulacións ao ano. Hai 477 expedicións cunha velocidade media menor de 11 quilómetros por hora, señora conselleira, menor de 11 quilómetros por hora. Polo tanto, este é o resultado de traballar como vostedes traballan.

En definitiva, señora conselleira, construtivamente, contésteme só ás tres preguntas que lle fixen ao principio. E dígolle: unha oportunidade perdida. Volvémoslle dicir: deixe isto, señora conselleira, paralice este procedemento, escoite a xente, escoite o sector e dunha vez por todas fagamos o Plan de transporte público que merece este país para os próximos anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Moitas grazas, señor presidente.



Bo día, señorías.

Señora conselleira, bo día e moitas grazas pola súa comparecencia a petición propia para informar de novo a esta Cámara dos avances do Plan de transporte de estradas de Galicia. E moitas grazas tamén polo esforzo que está a facer desde a Consellería por trasladar a información deste plan, non só a esta Cámara, senón tamén ao conxunto da sociedade, en especial ao sector e ás entidades relacionadas: ANPA, usuarios, concellos etc. Esta é a transparencia: contarlles aos sectores e traballar con eles.

Señor Sánchez, está agora a exposición pública, eses 100 primeiros proxectos de explotación de servizos que se van poñer en marcha no mes de agosto. É importante que teñan esa publicidade e transparencia para que a coñezan os cidadáns, as administracións, e se poidan facer alegacións.

E, señor Bará, se hai alegacións, mellor, se o que queremos é que sexa un plan mellor, e para iso se expón, exponse para que a xente o coñeza e aporte e mellore. Esperemos que algo fagan os grupos máis alá desas críticas e fagan aportacións concretas.

E tamén grazas, señora conselleira, a vostede e ao seu equipo, polo enorme e excelente —non só amplo— traballo que foi feito neste campo nesta lexislatura, seguramente un dos máis difíciles que hai na Administración, especialmente dada a realidade galega e a ubicación da poboación en Galicia, pouco parecida á de Valencia, por certo.

Como a señora conselleira acaba de dicir, estamos debatendo un tema de enorme transcendencia e importancia para Galicia, unha ferramenta que é clave para a estruturación do territorio, para equiparar oportunidades entres os cidadáns e para facilitar o desenvolvemento do país, en especial do medio rural; un esforzo nas políticas de transporte que significarán mellora de calidade de vida para os galegos, minimizar un dos principais problemas das sociedades do século XXI como é a mobilidade, permitir mellorar a loita contra o cambio climático e facilitar a inclusión social e a igualdade de oportunidades.

Pero a verdade é que un escoita de novo a oposición e paréceme que seguen na mesma postura destrutiva de 2017; e grazas a Deus que, como agoireiros, teñen pouco futuro; grazas que non se cumpriron os seus presaxios de 2017, que ía caer o mundo; como vimos, todo o contrario.

E xa lles anticipo que van ter o mesmo éxito con estes prognósticos que fan agora, de novo outro fracaso como os agoireiros de 2017, equivocáronse de cabo a rabo. Afortunadamente, a primeira fase do transporte foi un éxito e implantouse de forma xeral e mellorouse ese servizo.

Eu pediríalles que foran construtivos, que aportaran e que tiveran unha visión de país. Teñen agora outra nova ocasión. En 2017 non o aproveitaron, puxéronse do lado da chantaxe das empresas e agora, escoitándoos, dedicaron na totalidade o 80 % do tempo a defender as empresas, o PSOE ao cen por cento, como bo socialista; encántame ver a esquerda nesa postura de defender as empresas.



A Consellería fala dos cidadáns, fala dos servizos, fala dos escolares e fala de Galicia. Esta é a diferenza. E espero que non se volvan poñer do lado das empresas e se poñan do lado dos cidadáns, do servizo, da calidade de vida e de Galicia. Porque xa vimos o que pasou en 2017: unha folga —á que espero, señor Bará, das súas palabras, que non estivera volvendo chamar— dun servizo básico, equiparándoo co tema das ambulancias. (*Murmurios.*)

Xa sei que non lles gusta, rinse, poñen caras, pero garantiuse que Galicia non quedou sen transporte nin un só día. Parece que isto non lles gusta, pero síntoo, así foi, nin un só día; síntoo, teñen que escoitalo outra vez.

Aquela experiencia foi dura pero permitiunos, permitiú á Consellería coller moita experiencia e sobre todo testar xa algún dos servizos novos e algunha das novas propostas que agora se confirman nesta nova fase do plan.

Eu creo que é xeneralizada a satisfacción dos cidadáns. Ela falaba dos tres avais, pero creo que os datos son evidentes —tamén o dixo—: ampliáronse e melloráronse os servizos, especialmente no rural, cos novos modelos de transporte á demanda e compartido, atendendo zonas onde antes non había transporte, 800 novas liñas, duplicando as liñas e triplicando as paradas. E isto fíxose rebaixando as tarifas —tema importante—, con diminución de prezos en case todas as liñas. Incremento de 37 % dos quilómetros percorridos. Mantívose o emprego, a pesar do que vostedes dicían, e exixindo tamén a subrogación. E mellorouse a información, a transparencia, a seguridade, etc., etc., etc. Quero repetilo, porque parece que só quedan coa amortización das empresas de non sei que: isto foi moi positivo para Galicia, especialmente para o rural, e mellorou todo isto.

Di —sempre conta o mesmo, señor Sánchez— que desde 2009 non se fixo nada. Desde 2009 había concesións vixentes que había que respectar e traballouse na mellora desas concesións existentes. Iso é o que se fixo desde 2009. Había concesións existentes, porque aquí somos un goberno responsable, non como o das Mareas, que din cando están querendo chegar ao Goberno que van municipalizar todo, que van acabar coas concesións, e, catro anos despois, ningunha. Porque se hai concesións, hai que respectalas. E iso foi o que se fixo durante eses anos, señor Sánchez.

Pero empece a contar historia en 2007, que sempre empeza en 2009; é en 2007 cando cambiou a normativa europea e dous anos de Bipartito mirando para outro lado, porque non interesaba. Iso é o que hai que contar tamén. E cando chegou o goberno en 2009, tivo que aprobar unha lei de urxencia, porque non fixeron nada nesos dous anos, e agora, durante estes oito anos, melloraron os servizos existentes con concesión. Sigán vostedes defendendo as empresas, nós seguiremos defendendo os cidadáns. (*Murmurios.*)

Si, si, a señora conselleira falaba de tres avais: a experiencia desta primeira fase, a aceptación cidadá e a satisfacción e os datos e os resultados. Eu atrevome, señora conselleira —perdón—, a incorporar un cuarto aval, que é o dos orzamentos, señor Sánchez. E estes son como mellor fala un goberno, cos orzamentos. A Consellería en 2017 foi a que máis subiu de toda a Xunta, e este programa tamén, e en 2018 subiu, e en 2019 subiu sobre o que subiu, e segue incrementando esas datas e ten os orzamentos necesarios para aplicar e para incorporar non



só estas medidas senón algún dos compromisos do presidente, como foi, no propio debate do estado da Autonomía, estender as vantaxes do Plan de transporte metropolitano a toda Galicia, tamén no rural.

Aquí están os cartos, os orzamentos están aprobados —non como eses que queren aprobar vostedes— na Xunta. E este orzamento e este novo plan vai permitírnos volver contratar todas as liñas, planificar e modernizar todas as de Galicia, ter maior cobertura territorial, máis liñas á demanda, máis transporte compartido, chegar ata o 55 % a final de ano, garantir os postos de traballo —non só a amortización das empresas—, unha tarifa homoxénea por quilómetro para igualar todos os cidadáns en Galicia, bonificacións para os usuarios máis frecuentes, melloras en horarios —incluídos os nocturnos—, paradas máis seguras, tráfico compartido e un sistema de licitación que vai permitir a pequenas e medianas empresas ser competitivas, a diferenza doutras comunidades autónomas das que le vostede e outras que quedaron concentradas nun só contrato, onde goberna a esquerda.

Pero, claro, os partidos que critican este plan de transporte público son os que nos gobernos onde gobernan non fan nada ou incluso imposibilitan as medidas que quere implantar a Xunta en transporte metropolitano —xa vou, señor Losada, non se preocupe—, como fai —primeiro, déixeme falar del— o alcalde da Coruña, das Mareas, que parou dous anos a penetración de transporte metropolitano, porque ían xerar —outros agoireiros— non sei cantos problemas. Agora, uns meses despois, case un ano, nalgunhas liñas a xente ten unha satisfacción plena e o incremento de usuarios é evidente. Polo tanto, deixen polo menos de poñer trabas onde gobernan e deixen aos demais.

E miren, señores do BNG, pena que non estea a señora Pontón. A verdade é que ela critica a outros, pero a min gustaríame explicarlle que non sei para que queren máis competencias, se onde ten competencias o BNG non as aplica. En Pontevedra ten competencias de transporte público e cero patatero; competencias, cero. A ver a señora Pontón, que ten tantas competencias, que aplique as que ten o Concello de Pontevedra. Pero non só non poñen o transporte en Pontevedra, senón que tampouco se incorporan ao que lle piden os veciños de facer un transporte metropolitano, incluso cando os de Poio son da mesma cor política.

Pero non, hai que parar a Xunta, como na Coruña, que hai que paralos. O Partido Socialista... (*Murmurios.*) —xa non digamos, señor Losada, ben, que todo chega—, claro, bota dinamita ao transporte en Vigo só por non incorporase ao transporte metropolitano. Pena que esas cidades non incorporen a gratuidade, como fixo a Xunta no seu transporte tamén. Poden facer estas cousas no transporte público, pero non interesa. Pero, claro, en Ferrol esperamos polo transporte, con Mareas; en Pontevedra, igual; onde goberna o Partido Socialista, calquera cousa menos axudar; hai que seguir con esa entelequia de «a Xunta contra Vigo».

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Pois non, a Xunta está intentando implantar este transporte público, pero é o Concello quen non lle deixa.



Polo tanto, estamos ante unha excelente oportunidade, aproveitada, señor Sánchez —mal que lles pese—, aproveitada, e os datos son evidentes. Temos agora a ocasión de seguir entendendo e mellorando esta oportunidade, xa incorporando e ampliando moitas das experiencias testadas anteriormente. O que lles pedimos é que sexan por unha vez construtivos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...que incorporen algunha idea a este plan. E, señora conselleira, xa sabe que desde o Grupo Parlamentario Popular e o Partido Popular de Galicia estaremos apoiando e seguindo construíndo Galicia, pensando nos cidadáns, non en intereses particulares ou partidistas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Réplica, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señorías, o dato que me sorprende é que vostedes volvan caer nos mesmos erros, tropezar na mesma pedra que o que fixeron no ano 2017, os mesmos erros, os mesmos datos que non son certos, que son falsos, teño que dicir totalmente falsos, que evidencian dende logo falta de propostas, falta de ideas, dende logo argumentos, totalmente, teño que dicir baleiros, así de claro. Esa é a gran diferenza. Temos a experiencia do ano 2017 e temos resultados dende logo, que as falsas argumentacións non colan, non colan as falas argumentacións que teñen traído aquí vostedes, que realmente estou sorprendida de que tropecen na mesma pedra que no ano 2017.

Eu ben me lembro do ano 2017, ben me lembro: alarma social, desfeita, monopolio, e nós traballando, o camiño difícil. Si, si, señor Bará. Prognosticaban os males, males malísimos, desfeita, todo isto era un desastre... Leo textualmente: «van provocar unha desfeita nos postos de traballo, unha desfeita na forma da precariedade e temporalidade no emprego, destrución de tecido empresarial e concentración do negocio en grandes empresas, van cara ao monopolio». Señor Bará *dixit*, si, si; si, si.

Trabuouse de cheo, trabuouse de cheo, señor Bará. Nin desfeita nin monopolio, nin despedimentos, nada de nada do que quería prognosticar vostede. *(Aplausos.)* Si que o sería se lle fixera caso a vostede, que me pediu aquí nesta tribuna incumprir a lei. Pedíume incumprir a lei, pedíume claramente que deixara a Galicia sen transporte. Iso foi o que fixo vostede aquí no ano 2017. Polo tanto, aquí o Goberno galego a defender os intereses dos galegos. E o emprego, por suposto que si. E o tempo —tempo ao tempo— é o que nos dá a razón. Polo tanto, imos na dirección correcta.

Señor Bará, no Consello Galego de Transportes, nin un só voto en contra, ¡nin un só voto en contra! Isto non o pode decidir. E falan de erros nos anteproxectos de explotación. Ben, eu volvo insistir en que o fácil, dende logo, é non facer nada, como fan outros —xa entrarei en



profundidade—. No ano 2017 falaban de desfeita: todo fatal, fatalísimo, fatal... E nada diso pasou. Fixemos, palmo a palmo, analizando cun traballo de campo intensísimo, entrevistas e alegacións cunha gran complexidade —que para iso está a información pública—, e o certo é que, en todas as informacións públicas deste tempo, non chegou ningunha de vostedes, ¡ningunha! E as informacións públicas entendo, señor Sánchez, que son un proceso participativo, digo eu que son procesos participativos.

Falaron aquí o señor Sánchez e o señor Álvarez de amortización. Dende logo, volve ser unha mágoa que, en vez de traerme inxedanzas dos usuarios, me traían inxedanzas das empresas. ¿Pero vostedes son representantes da patronal? ¿Pero que inxedanza é a amortización dun vehículo? Por suposto que é diferente a amortización en cada liña, por suposto. Pagamos por quilómetro. Un autobús non hai que pagalo ao cen por cento, porque as empresas utilizan os autobuses tamén para traballos privados. Anoten, por favor. Polo tanto, aquí non me traían argumentos das empresas privadas; tráíanme argumentos dos usuarios sobre as necesidades de horarios e frecuencias, e non argumentos das empresas. *(Aplausos.)*

Falan de gasto público, de que hai que incrementar o gasto público. ¡Máis gasto público! ¡É que é outro argumento das empresas! Eu entendo que cando me sento coa patronal e coas federacións, claro que me din por defecto que máis cartos. ¿Pero onde está a eficiencia dos recursos públicos? ¿Onde está a loxística do transporte? ¿Rendibilidade empresarial ou rendibilidade social? ¿Non hai que sacarles rendibilidade social aos centos de millóns de euros que gastamos —que gastamos non, que investimos— en transporte escolar para ofrecerlles un transporte escolar de primeira aos nosos nenos? ¿Que temos, que pagar gastos públicos para autobuses baleiros? ¿Que eficiencia é esa? ¿Que responsabilidade é esa? ¿Que loxística de transporte é esa? Polo tanto, eu volvo insistir en que estou moi sorprendida de que volvan caer na mesma pedra outra vez e outra vez. Argumentos falsos, argumentos erróneos, argumentos baleiros.

Volvo insistir: o fácil é non facer nada; poderíamos non facer nada, como fan as mareas da Coruña. Dixeron que ían cambiar todas as liñas de autobús urbano e, en catro anos, nada, cero. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O fácil é non facer nada. Tamén o BNG en Pontevedra. ¡É que é a súa obriga legal! É que é así, ¡que lle imos facer! Eu sinto que lles moleste, pero é que o transporte público urbano é competencia municipal: Lei de bases de réxime local, señorías. Santiago no 2017: novo mapa de liñas para implantar xa; seguimos sen saber nada, porque o fácil é non facer nada.

¿E en Andalucía o Partido Socialista? *(Murmurios.)* Caducaron as concesións no 2012. ¡Seis anos enredando! Será que levan seis anos, de forma participativa, coas concesións caducadas en Andalucía. Miren e verán que nada fixo o PSOE de Andalucía cando no 2012 caducaron as concesións, e estiveron seis anos enredando e dándolles voltas, ao mellor, aos papeis. Polo tanto, caducado o transporte público.

Nós non imos deixar caducar o servizo público, porque non queremos que estea en perigo o transporte público. Galicia non queremos que quede nin un día sen transporte. Manteremos o emprego e incrementaremos aínda máis o emprego. No ano 2017 fixémoslo cun trinta e tres por cento máis de acompañantes, e agora temos cen contratos novos de explotacións, dúas



mil liñas, máis de mil cen condutores, acompañantes... Polo tanto, eses argumentos que utilizaron de destrución de emprego, de monopolio, de desfeitas... Eu creo que o tempo xa o deixou claro.

Tamén dende o ano 2017 logramos ampliar a cobertura territorial, o transporte á demanda e o transporte compartido, do que tamén tiñan dúbidas; tiñan dúbidas de todo, todo é unha desfeita. Leo: «O que non vale é que os nenos suban ao transporte regular cunha tarxeta para se identificar, porque entón quen domina non é o transporte escolar, quen ten os dereitos non son os nenos, son as persoas maiores». ¿Que tarxeta? Leo textualmente palabras do señor deputado Raúl Fernández do PSOE no ano 2017. ¿De que falaban vostedes? Outro argumento máis de que no ano 2017 dicían cousas sen xeito. E a realidade impoñe: nenos blindados, escolares blindados porque son sagrados, transporte compartido sen incidencias, trescentos mil usuarios do transporte compartido con plena normalidade e nin unha soa incidencia. Eu teño que dicir que é un éxito porque beneficia; os datos están avalados coa opinión dos usuarios que apostan por esta modalidade, e os alcaldes non paran de solicitarme que implantemos esa modalidade en cada un dos concellos. Os alcaldes do rural non paran de pedir... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, por suposto que tamén alcaldes doutros partidos, non só do partido que sustenta esta cámara.

Tamén, como exemplo paradigmático, na provincia de Ourense imos implantar o transporte compartido en toda a provincia, salvo na cidade. E volvo insistir: creo que as dúbidas teñen que estar xa totalmente disipadas con todo o traballo testado, porque hai plena normalidade e cero incidencias no bus compartido.

Señor Sánchez, vostede, tamén no ano 2017, dicía: «Óptima para que as empresas saquen tallada». Díciame vostede no ano 2017. ¿Que as empresas saquen tallada? Nós estamos polo interese xeral, ¿pero non ve o que fixemos no 2017? Polo tanto, dende logo que para que as empresas saquen tallada, en absoluto. Nós velamos polo interese xeral, polo interese dos galegos e por ter un bo transporte público; velamos polo futuro. E aí están os datos, volvo insistir, porque me falaban tamén todos de monopolio, de empresas e grandes talladas. ¿Pero quen puxo a limitación dos contratos a adxudicar por cada empresa? ¿Quen puxo a limitación? Esta Xunta de Galicia. Mire os datos do ano 2017: as empresas foron pequenas e medianas e en UTE, o sesenta por cento dos contratos adxudicados en 2017 foron a pequenas e medianas empresas, ou en solitario ou en UTE. Polo tanto, revisen os seus datos e non me falen de monopolio cando non é así. (*Aplausos.*) Argumento totalmente falso.

Nas novas concesións do ano 2019 seguiremos promovendo, dende logo, as UTE e as pequenas e medianas empresas, e limitando tamén o número de contratos máximos a adxudicar. E outra evidencia de que velamos polas pequenas e medianas empresas: o sesenta por cento dos contratos que están sometidos á información pública son de menos de dez autobuses.

E podemos falar aquí de máis —permítanme a expresión— *fake news*, que é o que lanzan vostedes continuamente, seguido, difundindo temas falsos. ¿Como que non é participativo nin dialogado? Iso díxoo o señor Sánchez. En absoluto, moita participación xa antes e tamén agora, con enquisas, con entrevistas, analizando os centros de actuación de demanda.



Máis falsidades, señor Sánchez: a liña Ferrol-Fene. (*A señora Vázquez Mourelle amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Está en A4, podo pasarllo en A3; ao mellor en A4 non o ve ben, en A3 ao mellor ve ben. ¡Por favor! A liña Fene-Ferrol está nos proxectos de explotación que están sometidos á información pública. Polo tanto, revise os proxectos de explotación, que están as liñas; revise ben.

Polo tanto, é un traballo enorme que estamos a facer con todos os concellos. Tivemos entrevistas con todos os concellos que quixeron —salvo o de Vigo, que non quixo participar—, analizando os centros de actuación de demanda en detalle, con preto de mil consultas que fixemos a centros de actuación de demanda, con enquisas aos cidadáns —vinte e cinco mil usuarios aos que lles fixemos enquisas—. Polo tanto, fronte ao catastrofismo, fronte ao barullo, fronte á desfeita que queren lanzar vostedes... Dende logo, nada que ver co que se fixo no ano 2017, co aconteceu despois e co que estamos a facer agora.

E aí están os datos: tres de cada catro cidadáns das enquisas son favorables aos servizos á demanda do bus compartido. No caso dos concellos, o oitenta por cento está a favor do bus compartido. Tivemos xuntanzas con todos os axentes sociais e, por suposto, tamén coas ANPA. Eu teño que dicirlles que non son nin serios, nin rigorosos, nin tan sequera algo xustos. Dende logo, falsidades e propostas baleiras sen contido ningún.

Ben, estamos a traballar e, como dicía, hai, por suposto, melloras que vostedes non din. Si que hai novas conexións a diferentes centros de traballo e aos centros de ensinanza; a creación de novas liñas como é O Courel-Pedrafita do Cebreiro, e novas liñas para achegarse aos centros de actuación de demanda, tamén coa máxima participación e diálogo.

Se me permiten, gustaríame que predicaran co exemplo, porque, claro, falan e falan, e o fácil é criticar; o difícil é traballar e facer cousas novas, melloras. Entón, gustaríame que predicaran co exemplo, porque onde vostedes gobernan, nada de deberes, nada de melloras. Porque os concellos de Ferrol e de Pontevedra, que teñen a obriga legal —Lei de bases de réxime local— de implantar o autobús urbano, nada. Eu pediríalles que predicaran co exemplo.

Dende logo, contrasta esa actitude co esforzo que estamos a realizar, e dende a Xunta de Galicia non estamos dispostos a deixar sen servizo os veciños de Pontevedra nin de Ferrol. Os concellos de Ferrol e de Pontevedra deberían de cumprir coas súas obrigas, pero a Xunta de Galicia non imos deixar estes veciños sen servizo. Estarán previstos nos nosos proxectos de explotación eses servizos, pero, dende logo, reservámonos o dereito a ese sobrecusto pola inacción municipal do Concello de Pontevedra e do Concello de Ferrol, e a que se lles repercuta o que é responsabilidade deles, o financiamento destes servizos: 4,5 millóns de euros ao ano na zona de Pontevedra e cinco millóns de euros na zona de Ferrol nos proxectos de explotación da Xunta de Galicia. Gustaríanos que Pontevedra e Ferrol asumiran a súa obriga legal de prestar un servizo urbano.

Como sempre, unha vez máis —que xa dixen aquí—: fai o que eu digo, pero non fagas o que eu fago. Ese é o seu lema, señorías. Dende logo que é sorprendente cando escoito o señor Bará, co que foi Pontevedra... E logo o BNG de Ferrol, ¿sabe o que di o BNG de Ferrol? Que o



Concello de Ferrol implante o transporte urbano. ¡Mire que paradoxo! Polo tanto, eu creo que Pontevedra non elude a súa responsabilidade. Hai uns meses dicía —interpretación única en toda España do Concello de Pontevedra— que non tiña competencia no transporte no rural; interpretación única en toda España. Todos os concellos de España de máis de cincuenta mil habitantes deben de ser parvos. Pero logo cambian de opinión: aí, si, o rural debe de ser noso, imos poñer un transporte á demanda con taxis. Vostedes cambian de opinión como de chabreira, pero a lei é a mesma. Polo tanto, señorías, eu creo que non están lexitimados para dar leccións.

Eu agardo, dende logo, que sexan construtivas as alegacións e as observacións, porque eu creo que estamos aquí, os responsables públicos, para construír e non para dicir falsidades nin para falar de desfeitas e de alarma social cando non é así. Non me pidan que incumpra a lei outra vez, xa mo pediron no ano 2017. Non imos incumprir a lei, imos mellorar os servizos porque ese é o noso obxectivo: traballar por un transporte útil, sustentable, viable economicamente e que teña futuro. E eu volvo insistir: eu agardo as súas achegas construtivas.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ¡O que hai que oír! Dinos o Partido Popular que estamos do lado das empresas. Miren: a min non me mandaron ningunha botella de Vega Sicilia; vostedes diso saben moito. *(Murmurios.)* Vostedes saben moito diso; si, si. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Alégrome moito de que fale de Pontevedra, non sabe como me alegro, señora conselleira, porque teño aquí unha carta que lle mandou o alcalde de Pontevedra hai case un ano, e estamos esperando pola súa resposta. *(O señor Bará Torres amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Aquí propoñíalle un traballo serio e rigoroso de cooperación institucional para facer unha comisión técnica bilateral, para facer despois unha mesa coa participación de todas as entidades sociais e todos os axentes do sector para estudar de verdade unha reforma integral e un transporte de verdade para o século XXI. Non aceptamos como válido que nos queiran impoñer ese transporte metropolitano que non vale, que é un modelo do século XIX ou do XX, pero non vale para o século XXI.

Entón, o Concello de Pontevedra fíxolle unha proposta e estamos agardando a súa resposta. E o Concello de Pontevedra non é que diga que non ten que prestar o servizo no rural, é que presentou un proxecto para ser financiado con fondos europeos no ano 2015 para establecer o transporte á demanda, que se vai aplicar agora porque é o calendario que fixemos naquel momento, e no que se vai investir unha partida financiada por fondos europeos. Entón, o Concello de Pontevedra está traballando, ademais, nun sistema de transporte á demanda que é moito máis avanzado do que teñen vostedes, que non se pode chamar como tal; en todo caso, é un sistema de reserva.



E, claro, vostedes levan anos intentando meter o tema do transporte público en campaña electoral en Pontevedra e non lles funciona, señores do Partido Popular, señora conselleira, ¡non lles funciona! ¿Viron a última enquisa que saíu este domingo? Dous menos. ¡Ata están botando de menos o señor Moreira —que era o anterior candidato— porque co actual van *hacia la debacle*! Iso é o afundimento total, entón —non sei— sigan por aí, porque o resultado, polo que se ve, é marabilloso, ¡o resultado é marabilloso!

Mire: vostede di que queríamos que cometese unha ilegalidade. ¿Pero que está dicindo? Se foron vostedes os que incumpriron a lei no ano 2010. Houbo unha sentenza do Tribunal Supremo que lles botou abaixo ese acordo e de aí viñeron todas as présas, todas as improvisacións, todas estas chapuzas que nos están presentando. Foi unha sentenza. Vostedes podían utilizar a obriga de prestación do servizo público e seguir con esas concesións ata que estivesen os novos contratos coas empresas que renunciaron. Podían facer perfectamente, había esa posibilidade legal; non había que deixar Galiza sen autobús. De ningunha maneira, señora conselleira, non nos veña con ese argumento porque non é de recibo, non é serio; vostede ten máis rigor, ou debería ter máis rigor ca iso.

E agora veñen tamén coa novidade do bus compartido. Pois mire: xa existía no ano 2007 o Tes+Bus. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non! ¡Vostedes, cando chegaron ao Goberno, paralizárono! Aínda seguen existindo as liñas daquela, pero vostedes paralizárono durante oito anos; podía estar xa implantado e agora veñen con isto como innovación. Xa estaba en marcha —e ademais dunha maneira progresiva— nos anos 2007, 2008 e 2009, e vostedes paralizárono, como tamén paralizaron o Noitebús, e agora falan de servizos nocturnos. (*Murmurios.*) ¿Van recuperar o Noitebús? Non, xa vexo que non.

Mire, señora conselleira: vostede fálanos aquí de mil postos de traballo de condutores e condutoras e novecentos acompañantes, pero fálenos de salarios, fálenos de condicións laborais. Porque no ano 2009 o señor Feijóo dixo que ían garantir co novo sistema cinco mil postos de traballo en Galiza nas próximas décadas. Tamén o dixeron daquela, ¿de que vale iso? Iso son anuncios para a galería que non serven de nada. A realidade é que este proceso vai levar á concentración do sector, á redución de custos, a adxudicacións á baixa e á precarización. E xa sabemos o que pasou no que foi o experimento que vostedes están seguindo: os contratos das ambulancias; xa vemos o que está pasando agora, señora conselleira.

En canto aos proxectos de explotación, dixémosllo claro: non hai por onde collelos. É que custaron máis de 2,5 millóns de euros e teñen infinidade de erros: non teñen estudos de custos, non hai estudos de demanda, non hai reordenación de liñas... O que é é un corta e pega e, como moito, un colorea. Isto non vale nin como traballo de fin de carreira dunha titulación universitaria, señora conselleira. Non é serio que nos presenten isto e que o publiquen no *DOG*, ¡retíreno! Teñen que retiralo porque non é serio, non vale.

En fin, que estamos ante un proceso absolutamente falto de rigor, falto de participación e falto de transparencia. Teñen que facer as cousas ben, teñen que retiralo e traernos de novo algo serio que sirva, en realidade, para facer un concurso que responda ás necesidades operativas, que reorganice e que reestrua liñas, que atenda ás demandas dos concellos e de todos os axentes sociais e que nos permita traballar en algo moito máis serio —e máis im-



portante tamén — e que vostedes non están facendo — aínda que o prometeron —: unha lei de mobilidade sustentábel e unha estratexia — de verdade — galega para a mobilidade sustentábel...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...saudábel e segura para o século XXI.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señor Bará, con respecto a esa lei de mobilidade sustentable, o Partido Popular terá ocasión de posicionarse porque o noso grupo rexistrou hai uns días unha proposición non de lei para que se elabore unha lei de mobilidade sustentable, que, por certo, ía no programa electoral do Partido Popular no ano 2016.

Permítame, señora conselleira, que dirixa unhas verbas breves ao señor Fernández Prado porque, claro, cando un oe que o Partido Socialista de Galicia se posiciona do lado das empresas en vez de do lado dos usuarios, cando menos chama a atención, porque, se aplicamos un razoamento análogo, vostedes parece que se colocan do lado dos oligopolios, e iso si que son empresas, e non pequenas e medianas empresas. (*Aplausos.*)

Mire: hai unha realidade evidente, que é o distinto grao de satisfacción que experimentan os usuarios cando o servizo se presta por parte dunha pequena e mediana empresa ou por parte dunha grande empresa, que se rexe cuns criterios distintos; en primeiro lugar, para empezar, nas condicións laborais dos seus traballadores. Polo tanto, defendemos — para que lle quede claro, señor Fernández Prado —, en primeiro lugar, a calidade do servizo, e, en segundo lugar, o mantemento das pequenas empresas, ¡por suposto que si! Das pequenas empresas, porque soen dar un traballo — insisto — nunhas condicións que vou cualificar de distintas.

¿Sabe o que lle preocupa a vostede, señor Fernández Prado? ¿Sabe o que lle preocupa tamén á señora conselleira? ¡As eleccións municipais! Non o Plan de transporte público de Galicia, non o que se vai adxudicar agora, non o que está en información pública. Vexan vostedes as súas intervencións: viñeron falar de Vigo, viñeron falar de Ferrol — non sei por que non falaren de Ferrol antes do actual alcalde que ten, non sei por que non falaren diso —, (*Aplausos.*) veñen falar de Pontevedra... (*Aplausos.*) Veñen falar de temas locais e poñer en solfa a xestión de alcaldías nas que vostedes non gobernan. (*Murmurios.*)

Señora conselleira, di vostede que os cadros de amortización son correctos porque cos buses que van ser usados para esas liñas tamén se fan servizos privados. Home, vale, ¿quere dicir



vostede que hai 1.191 autobuses que van circular a diario por esta comunidade autónoma facendo servizos privados alleos totalmente ás concesións para as que van ser comprados —ou recomprados, segundo sexa o caso— unha vez que se poñan a funcionar? ¿Iso é o que me está dicindo vostede? É dicir, que como fan servizos privados a maior parte do tempo, cando falta preto dun oitenta por cento —nalgúns casos— de financiamento para a amortización, agora resulta que o oitenta por cento se suple cos servizos privados que fan. Non, o razoamento parece bastante sinxelo. Se o argumento seu é que fan servizos privados, entón con eses servizos privados cobren a diferenza dos cadros de amortización.

Mire, simplemente porque non teño tempo para expoñer todas as cifras que fomos estudando, concordo co señor Sánchez: se vostedes tiveran algo de vontade de transparencia, poñerían os datos dunha forma bastante máis accesible e global para poder analizalos dunha forma tamén global, cousa que se pode facer logo de moitas horas de traballo para agrupar a información que está debidamente posta en cada un dos pregos. Iso non o dubido, pero —insisto— deberían facilitar a información pública.

Por exemplo —repítolle—, as diferenzas dos cadros de amortización: o lote 647 ten unha media de amortización por autobús de 3.185, e o lote 670 ten unha media de amortización por autobús de 840 euros; é dicir, practicamente catro veces menos. ¿Son tan eficientes? ¿Coñecen tanto o territorio eses consultores que saben que, utilizando o seu propio argumento, os buses dese primeiro lote, do 647, necesitan ser máis amortizados porque van facer menos servizos privados? ¿Ou é que isto é unha debacle desde o punto de vista da planificación orzamentaria e dos cadros que figuran neses pregos?

Dicíao vostede antes, e citou unhas palabras do meu compañeiro Raúl Fernández —que non está no debate e, polo tanto, non pode defenderse das súas afirmacións—, pero o certo é que, no ano 2017 —vostede negarao—, as liñas empezaron a funcionar porque foron as empresas sacarlles o follón que tiñan vostedes montado e que non sabían como saír del. (*Aplausos.*) Polo tanto, o señor Raúl Fernández tan equivocado non estaba cando dixo o que dixo. (*Aplausos.*)

E, polo tanto, para rematar —insisto—: pretendemos ser construtivos, pretendemos facerlles reflexionar sobre a forma na que van adxudicar vostedes estes contratos e como van limitar as posibilidades de adxudicación; e, sobre todo, de verdade, revisen se os cadros económicos que teñen nos pregos se van adecuar ás posibilidades das pequenas e medianas empresas para que opten a ser adxudicatarias desas liñas, tal e como están concibidas desde o punto de vista económico-financeiro neste momento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Señora conselleira, cando faltan argumentos vostede sempre soe recorrer á descualificación e á demagogia, cando non ten argumentos. Como eu lle fixen



tres preguntíñas moi claras e moi concretas e vostede non pode contestar, entón tense que ir polas ramas e descualificar a oposición, con descualificacións como que traballamos para as empresas. Siga por aí, porque hai moita credibilidade cando unha representante do Partido Popular nos di a nós que defendemos as empresas; un partido condenado por corrupción, un partido que recibía agasallos de grupos que despois recibían concesións de transporte. Siga por aí, que teñen moita credibilidade con eses argumentos. Pero ademais é demagogia, mire, é demagogia. Sei que con vostede non se pode falar en serio nin se pode establecer un diálogo construtivo; non, porque vostede non vén aquí dicir argumentos.

Mire: voulle dicir por que inflúe un mal cálculo de amortizacións á baixa, un mal cálculo de custos de persoal á baixa ou un mal cálculo de custos de enerxía á baixa á hora de licitar as concesións. Mire: cando hai unha empresa que opta a un lote de cinco autobuses —como os que hai—, que é unha pequena empresa dun señor que ten na súa casa o seu local social e fiscal, a diferenza entre unhas amortizacións ben calculadas ou mal calculadas é que teña que renunciar ou non a esa concesión porque non lle dá para poder sobrevivir, señora conselleira. E vostede sabe que, das trescentas empresas que hai neste país, moitas están nese caso, e cando vostedes están calculando á baixa os custos estanas condenando á miseria. O que vostede dixo é demagogia, porque iso son a maioría dos casos; entón, claro que é importante.

Señor Fernández Prado, claro que Valencia é diferente que Galicia e que Castela e León —o seu modelo— tamén, ¡claro que si! Pero o plan contable en Galicia e en Valencia non ten por que ser diferente, ¿verdade? E non son o mesmo para unha persoa que queira ofertar ou participar na licitación estes pregos, (*O señor Sánchez García amósalles un documento aos membros da Cámara.*) onde se especifica exactamente cales son os criterios para o cálculo das amortizacións, cales son os criterios para o cálculo dos custos de persoal, e se fixan negro sobre branco, que cando se pon un parágrafo como o que poñen vostedes aquí, (*O señor Sánchez García amósalles un documento aos membros da Cámara.*) que di que «*es la suma de los costes anuales de amortización de los diferentes elementos empleados para la explotación del servicio*». Isto é de primeiro de BUP, ¿verdade? ¡Non é o mesmo!

Claro, o mesmo que é demagogia falar de que nós nos preocupamos por isto polas empresas, cando en Valencia o custo medio por condutor son trinta e seis mil euros e a media dos custos do persoal que hai aquí, nesta proposta, é de dezaioito mil oitocentos euros. ¿Verdade que é moi diferente para un traballador que haxa unha ou outra realidade? Diso estamos falando, e o resto son demagogia e descualificacións.

Tres preguntas, señora conselleira: ¿por que reduce o orzamento? ¿Por que este é o Plan de transporte de recorte no transporte? ¿Por que? E, se non, veña aquí e desminta e dea as cifras, pero non diga que non, que sobe. Non, non, ¡diga as cifras! Porque se recorta; é o plan dos recortes.

E vostede falaba do 2017. Pregúntolle: ¿que límite vai fixar vostede? ¿O mesmo que en 2017? Mire: en 2017 houbo unha empresa que levou doce lotes de corenta. ¿Sabe canto é iso? Un trinta por cento. Se seguimos esa liña, catro empresas pódense facer con todo o país, ¿verdade, señora conselleira? Porque foi así: doce lotes para Monbus en 2017, ese que enviaba os



Vega Sicilia, ¿verdade? E non digo que teña nada que ver, pero é así. Entón, ¿vai ser o mesmo límite? ¿Si ou non, señora conselleira? ¿Por que agora se licitan cen lotes dentro dese procedemento totalmente tolo que vostedes levan? ¿Por que agora cen lotes e corenta en xullo, señora conselleira? ¿Cal é o criterio que seguiu vostede para incluír agora cen e despois corenta? Son tres preguntas, non é tanto dicir.

E dos falsos argumentos, mire: en 2017 foi un auténtico desastre. ¿Sabe o que pasou na maior parte dos concellos? Que houbo queixas que se lle trasladaron á consellería, que estaba a dirección xeral desbordada, e dixeron: arregládevos coas empresas. E na maior parte dos casos volveron á situación anterior da súa licitación. Iso foi o que pasou.

Despois fala vostede da participación. Está moi ben, o que vostede diga, é a miña palabra contra a súa, pero non sería así se vostedes presentaran unha memoria de participación onde axuntaran que reunións tiveron, en que datas e con que persoas. Ou, cando en vez de dicir «suxestións», viñeran aquí e dixeran «xe suxestións», ¿verdade? Porque así poderíamos cuantificar e obxectivizar os argumentos.

E, despois, o de Fene-Ferrol xa é moito. Mire: eu díxenlle unha liña circular Ferrol-Neda-Fene-Narón, non unha liña Fene-Ferrol: polo tanto, non confunda e non intente confundir.

E, despois, señora conselleira, cando queira falar en serio, falamos. Non se pode vir aquí descualificar cando lle vin traer datos dos erros, dos erros que teñen estes anteprojectos, que son erros de vulto dunha consultora que cobrou un contrato millonario. Porque vostede vén aquí presumir do traballo da consellería, pero aquí quen traballaron foron as consultoras. E as consultoras cobraron millóns, e non se pode permitir que unha consultora de Madrid que cobra...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...millóns de euros do erario público galego teña erros de vulto como os que antes lle citei e que vostede non veu aquí desmentir. Varios, ¿eh? Citeille ata quince erros de vulto, e vostede non pode desmentirmos porque é así. Non se pode permitir iso.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: A participación pública e as alegacións da xente non están para corrixir o traballo técnico que tiñan que facer vostedes, que non só contratan con...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...millóns consultoras, senón que non teñen a capacidade, dentro da consellería, para controlar o traballo técnico destas consultoras. Esa é outra das eivas que teñen vostedes.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, señor presidente.

Piden os tres grupos retirar o plan. ¿Que queren? ¿Como no 2017, volven pedir o mesmo? ¿Volvemos ás mesmas cousas? ¿Que quede a xente sen transporte? ¿Que queren, que prolonguemos as concesións con concesións extraxudiciais, como fai na Coruña con todos os contratos o tripartito da Coruña? Non, hai que licitar porque se esgotan esas concesións. Non podemos retirar o plan e deixar a xente sen transporte.

Deixen de prognosticar a fin do mundo, ¡deixen de prognosticar a fin do mundo! O tripartito está funcionando de verdade na Coruña, entérense. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E tamén en Madrid, tamén en Madrid cos orzamentos. Non se preocupen, (*Aplausos.*) a xente sábeo. Aquí só hai dúas opcións: os tripartitos de esquerda, que se unen con quen sexa (*Balbordo.*) — ¡si, si, si! —, e a opción do Partido Popular en Galicia. Isto é o que hai: a opción do Partido Popular ou os tripartitos de esquerda. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non se preocupen que, ao final, como vimos onte...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...sempre votan xuntos. Polo menos no Concello da Coruña. Miren, deixen de prognosticar a fin do mundo, que non vai pasar. Xa o dixeron no 2017, e non pasou.

Este é un traballo participado, señor Sánchez, entre todos. Xa sei que non lle gusta: os concellos e as ANPA claro que participan e aportan as súas cousas. E, se hai que facer cambios porque hai peticións dos concellos, pois ben feito. Eu animo a consellería a seguir traballando nesa liña.

E claro que están do lado das empresas, pero non das pequenas e medianas empresas; non sei de cales estarán vostedes. Ao mellor Yolanda Díaz pode contarlle que tamén recibía as botellas de Vega Sicilia. Pregúntelle a Yolanda Díaz, a ver de quen. (*Murmurios.*)

Pero mire, señor Sánchez: cento trinta millóns nos orzamentos para o transporte público en Galicia. (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*) Creo que é suficiente... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Lago. Silencio.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Pero, mire: claro que este é un plan —demostroullo cos datos do 2017, e aínda agora o mellora na tramitación actual— que vai favorecer a participación de pequenas e medianas empresas; sesenta por cento na primeira fase. E, nos concursos



para estas liñas pequenas, valorando a calidade e non o prezo, como fai o concurso, vai favorecer a xente que ten eses autobuses, que coñece a xente, que coñece as liñas e que pode dar as melloras de servizo nesas zonas. Claro que vai favorecer nos concursos esas e vai facelas máis competitivas.

Pero permítame, porque non podo deixalo: que me fale de chapuzas das consultoras alguén das mareas... ¡Isto xa é o último que me faltaba! Señor Sánchez, supoño que o di polas contratacións do Concello da Coruña. (*Murmurios.*) Máis de medio millón de euros xa pagados a consultoras de mobilidade e non cambiaron nin unha marquesiña, ¡nin unha! Esas son as consultoras coas que traballa a Marea. Claro, normalmente son amigos, e os contratos van aos amigos das mareas, pero, polo menos, que os amigos lle cambien unha marquesiña. ¡Medio millón de euros e non cambiar unha soa marquesiña en catro anos! ¡Medio millón de euros gastados en contratos!

E agora querían, no orzamento que votamos onte en contra —afortunadamente—, meter aínda cen mil euros máis. ¿Para que? ¿Para outra consultora de amigos? Esas si que son chapuzas, as das mareas coas consultoras de amigos, e na Coruña teñen bos exemplos de como se contratan. (*Aplausos.*)

Señor Álvarez, non falamos de eleccións locais, falamos de transporte metropolitano, que é onde o está parando o Partido Socialista, en transporte metropolitano, en todo ese sistema de transporte público en Galicia. E diso é do que nos queixamos, non falamos de eleccións. Pero, claro, o señor Sánchez fala de Ferrol. Por coller: «*Los agujeros del transporte público*» en Ferrol. (*O señor Fernández Prado amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Claro, eses son os «agujeros». (*O señor Fernández Prado amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Voz de Lugo: «*El caos de los servicios obliga a cerrar la web de los horarios del bus urbano*». Caos en Lugo. (*O señor Fernández Prado amósalles un documento aos membros da Cámara.*) «*El bus, como en el 2015 pero con pleitos*». En A Coruña y pagando... Y dejan las deudas para los demás. No se preocupen. E, xa cando traballan todos xuntos nese tripartito que non lles gusta escoitar: «*La Diputación*» —da Coruña— «*rechaza financiar la modernización del transporte gallego*».

Esta é a política de transportes da esquerda: cando toca gobernar, todo o contrario do que din. Pero, claro, cando a consellería está facendo un plan que está demostrando éxito, que está demostrando como mellora a calidade de vida, que permite baixadas de tarifas, maior implantación, maiores servizos, mellores cousas..., críticas. E, si, só falando de temas económicos de amortización da empresa. Falen dos cidadáns, falen da mellora dos servizos, falen da calidade e aí teremos ocasión de traballar e mellorar entre todos.

Díxenllelo no 2017: eu creo que o transporte público e, en especial, con esta incidencia no medio rural, é unha desas políticas en que calquera partido ten que arrimar o ombro e ten que axudar a un goberno, porque son políticas transcendentais e transversais de Estado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.



Peche da comparecencia, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Bará, a Xunta foi a primeira que puxo o transporte en Pontevedra enriba da mesa coas primeiras xuntanzas, e quen non asistiu foi o Concello de Pontevedra; polo tanto, foi a que falou de transporte en Pontevedra, a Xunta de Galicia. E, tamén, despois de non asistir ás primeiras xuntanzas —ás que non quería vir—, logo si que tivemos unha xuntanza en Santiago e, por certo, viñeron os do Concello de Pontevedra cun par de folios grampados, pouco máis. Un folio en branco para falar dun transporte á demanda do que aínda non coñecemos nada concreto.

Eu, en calquera caso, se o problema é cando se calcula a amortización, como se calcula a amortización... ¿pois que quere que lle diga? Se o problema é ese... E o certo é que escoitei demasiadas veces a palabra «empresa» e eu creo que non escoitei na oposición a palabra «cidadán», que é a que nos debe importar. *(Risos.) (Aplausos.)*

E ao señor Sánchez, que me fai tres preguntas que xa contestei na miña primeira intervención: eu non sei se non entende ou se non atende, pero hai preguntas que eu xa lle contestei. Eu creo que non debe de atender, penso eu.

E tamén: non se recorta, por suposto que non se recorta, non se reduce. Non desaparece nada, aparecen cousas: aparece un transporte no rural, aparece un transporte no rural. E vén outra vez falar con argumentos... Non vou dicir a palabra, porque vexo que lles parece mal, pero é que é a evidencia. Traian outros argumentos, por favor. Pídolles que traian outros argumentos construtivos.

Eu creo que a miña comparecencia hoxe por petición propia é para dar cumprida conta do que estamos a facer no transporte público, da implantación do transporte público en todo o territorio e para explicar polo miúdo os novos contratos —os novos servizos que se implantan en agosto e en decembro, señor Sánchez, porque en agosto caducan uns e en decembro caducan outros; non teño problemas en volverllo repetir—, nun exercicio de máxima transparencia, para que estean debidamente informados, porque creo que é a nosa obriga informar das principais liñas de acción das novas modalidades e da mellora da mobilidade, que é o noso obxectivo: explicar os detalles da renovación e da modernización do transporte público, un asunto que é de gran calado, de suficiente importancia como para ser traído aquí a este parlamento e dar explicacións. Estamos a falar da mobilidade dos galegos, estamos a falar dos novos servizos para prestar aos cidadáns, estamos a falar dos empregos do transporte público, estamos a falar do futuro das pequenas e das medianas empresas.

No 2019 caducan as concesións —volvo insistir, señor Sánchez— en dúas fases: en agosto caducan unhas e en decembro caducan outras. Polo tanto, eu agardo que lle queden claras as súas preguntas. E, polo tanto, estamos ante unha oportunidade única para implantar un transporte que responda ás necesidades dos galegos e para mellorar a mobilidade, fundamentalmente do noso rural, cun plan que está en pleno desenvolvemento.



O certo, señorías, é que a vostedes o plan unicamente se lles acorda cando acapara titulares. Non lles importou cando gobernaban; cando gobernaba o Bipartito non lles importou, non fixeron nada. Non lles importou cando as empresas presentaron as renuncias; non lles importou nada. Non fixeron nada, non lles importou. Tampouco nos procesos de participación: tampouco vostedes fixeron alegacións no proceso de participación, limitáronse a unha posición frontal con argumentos..., xa saben vostedes como son os argumentos, que lles vou dicir. E, polo tanto, nós traballamos para que Galicia non quedara sen transporte. En agosto de 2017, se lles fixera caso, nin había autobuses, nin había emprego, nin había servizos, nin había condutores; menos mal que non lles fixen caso. Polo tanto: un plan avalado polos usuarios, avalado polos tribunais e avalado tamén polos traballadores. Eu creo que, se lles fixeramos caso, retiraríamos o plan, e Galicia quedaría sen transporte. Esa é a súa gran contribución ao Plan de transporte público en Galicia.

A pesar das críticas, dos atrancos e das dificultades, fixemos o máis difícil. Todo é mellorable, por suposto; cando traballas, pódese mellorar, pero cando non traballas non hai nada que mellorar. Non deixamos Galicia sen transporte, non deixamos medio milleiro de traballadores sen emprego e, grazas ao que fixemos no 2017, estamos na vangarda da modernización dos plans de transporte público comparado con outras comunidades autónomas. Esa é a realidade. Temos tramitación avanzada, un cronograma claro, un calendario fixado e traballo planificado —este ano 2019 é en toda Galicia a licitación e a adxudicación e inician os servizos de todas as liñas de toda Galicia— para fomentar a mobilidade dos cidadáns en termos de igualdade, de seguridade, de calidade, de eficiencia social, de sustentabilidade económica e ambiental e de uso transporte público: potenciar o uso do transporte público, a intermodalidade e a accesibilidade.

Empezamos co traballo que imos implantar en 2019. Empezamos xa en febreiro de 2018 con estudos, cun traballo de campo importante, con enquisas, falando con todo o mundo que quería falar, e o 1 de febreiro sacamos á información pública os cen primeiros proxectos de explotación, os cen primeiros contratos para presentar no mes de agosto porque, señor Sánchez —que non está—, en agosto é cando caducan as concesións e, polo tanto, hai que ter os servizos contratados.

Cen contratos, dúas mil liñas —mil catrocentas compartidas—, vinte e oito millóns de quilómetros —polo tanto, duplicamos os quilómetros—, máis de mil autobuses e dous mil empregos, que suporán —neste primeiro grupo— un volume de negocio de seiscentos millóns de euros. E o segundo bloque poñerase á información pública en xuño e iniciárase en decembro, porque é en decembro cando caducan as liñas deste segundo bloque.

Polo tanto, a finais de ano culminaremos totalmente a modernización de todo o transporte público interurbano en Galicia para que sexa máis útil, máis sustentable, máis eficiente —e, polo tanto, que teña futuro— e para incrementar as oportunidades de mobilidade dos galegos, que chegue o autobús a máis xente. Dende logo, queremos autobuses con xente e non autobuses sen xente, estendendo o autobús compartido: no ano 2019, o cincuenta e cinco por cento, a finais de ano, será bus compartido, obtendo un maior rendemento social; non rendemento da patronal, senón rendemento social aos investimentos públicos, blindando a atención aos escolares, ampliando o transporte á demanda e estendendo —como dicía— o bus compartido e o transporte á demanda como clave para a eficacia e a cobertura máxima territorial para o transporte público en Galicia.



Pero con máis melloras e máis medidas unificamos o sistema tarifario: a tarifa única para acabar con esas desigualdades tarifarias. Ampliaremos os beneficios sociais coa Tarxeta metropolitana para que todos os galegos a poidan usar, estendendo a tarxeta Xente Nova a toda Galicia para que todos os nenos a poidan utilizar, e evitar esa barreira que existe a día de hoxe nos plans de transporte metropolitano.

Mellor resposta, cos horarios nocturnos. Liñas con horarios nocturnos para ir traballar, por suposto; co fin de dar facilidades para ir traballar, para ir ao hospital. Novos servizos tamén coas paradas seguras, para ofrecer maior seguridade ás mulleres, persoas maiores, menores, e facilitar os desprazamentos pola noite.

Modernizar a frota, garantía aos traballadores, protexer as pequenas e medianas empresas, polo tanto, un novo mapa de transportes con máis e mellores servizos para reforzar o transporte público en Galicia.

Remato xa. Por suposto que é unha oportunidade para modernizar de forma eficaz o transporte público e adaptalo ás necesidades. Desde logo, é un gran desafío e creo que merece valentía, empeño e ilusión —que os temos— para seguir adiante co Plan de transporte público, para que Galicia non quede sen transporte. Eu novamente os invito a achegas construtivas, e, dende logo, non faltará traballo nin empeño para un transporte útil e viable en termos de futuro e adaptado ás necesidades. Volvo insistir, achegas construtivas.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Substanciamos agora, como consecuencia dunha alteración da orde do día, unha moción.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

O domingo houbo unha mobilización que foi un fracaso, e esa non foi, dende logo, a de Compostela da praza da Quintana. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Pois si, porque mentres membros do Goberno do Partido Popular e o propio señor Feijóo se paseaban en Madrid nesa manifestación do orgullo facha, os galegos e as galegas enchían



as rúas de Galicia, enchían a Quintana, enchendo de dignidade as demandas pola sanidade pública. *(Aplausos.)*

Comprendo a preocupación, porque pincharon nesa mobilización do orgullo facha e agora están preocupados pola afectación das enquisas que van ter nas vindeiras municipais, europeas e seguramente tamén nas xerais. É o que ten a división da dereita.

Pero miren, traemos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio, por favor!

Señor Pazos, silencio.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Están nerviosos. É un tema que molesta á boina e ao birrete.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Mentres esa mobilización pinchou absolutamente, unha vergoña eu creo que para calquera demócrata deste país, porque se manifestaron e se mobilizaron con aqueles que defenden a división — estes si — da sociedade en España. Estes si son os que defenden a división e a ruptura, aquí en Compostela — repito — galegas e galegos se mobilizaban enchendo de dignidade as demandas da sanidade pública, esa é a realidade. A realidade é que temos unha sociedade que non aguanta máis os recortes na sanidade pública.

E miren, os que estaban alí non eran todos votantes de En Marea, seguramente tampouco do BNG nin do PSdeG. Seguramente, moitas desas persoas que estaban alí facían simplemente movidas por demandar o seu dereito á saúde e por ter servizos públicos de calidade no noso país. E mentres iso sucedía, a Xunta facía oídos xordos e non se mobilizaba, non escoitaba, como leva facendo nos últimos meses.

Xa trouxemos esta cuestión aquí en diversas ocasións, porque o problema das urxencias é un problema que reflicte a situación completa de todo o sistema sanitario público galego, algo que non interesa a quen defende que non todo o mundo teña acceso a ese servizo sanitario.

A realidade é que durante todas estas semanas, nas que tamén aquí se votou en contra das propostas para mellorar a situación das urxencias, volvíanse colapsar os puntos de atención continuada, no caso de Vigo, e as urxencias deste país. Por máis que se negue nesta Cámara que non hai colapsos nos servizos de urxencias, non se vai resolver o problema. Hai unha saturación crónica, ¡crónica!, dos servizos de urxencias que remata en colapsos cando se incrementa a frecuentación.

Explicamos xa aquí nalgunha ocasión cal era a xénese dese problema. A xénese dese problema eu creo que se resumía moi ben na maioría das demandas que escoitamos na praza da Quintana o pasado domingo, e é que non temos médicos e médicas, enfermeiros e enfermeiras suficientes en atención primaria; que non hai persoal suficiente nas plantas dos hospitais, que son os que teñen que recibir os ingresos procedentes das urxencias; que non hai



pediatras suficientes neste país e que temos un goberno que está continuamente de costas ao persoal das urxencias dos puntos de atención continuada.

Insisto: persoas nos corredores dun servizo relativamente novo. Porque o problema non é o servizo en si, o problema é que non hai persoal suficiente, nin en atención primaria nin nas urxencias dos puntos de atención continuada. Unha demanda que eu non vou explicar outra vez aquí porque levamos máis dun ano debatendo a necesidade de implantar medidas que supoñan equipos completos; que supoñan que non queden descubertos os puntos de atención continuada; que supoñan que neste país ningunha persoa máis vai morrer nun punto de atención continuada sen ter asistencia sanitaria. Por iso se mobilizaban esas 35.000 persoas, esas 40.000 persoas, non lembro agora a cifra exacta, pero esa Quintana que estaba chea o domingo... *(Interrupcións.) (Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Se queren facer unha batalla de cifras, podemos falar de como se utiliza o photoshop para encher fotografías de Colón. Pero miren, señorías, *(Aplausos.)* temos un problema real, temos unhas demandas reais, temos uns profesionais que levan un ano completo advertindo dunha situación e temos unha Xunta de Galicia que non só non escoita, senón que sinala e ameaza aos profesionais que denuncian os falecementos no servizos de urxencias. Esa é a realidade.

No pasado pleno interpelamos un consello de Sanidade que non quería escoitar nada disto e simplemente se remitiu a facer ataques persoais que, sinceramente, a min impórtanme ben pouco. O que necesitamos, o que nos importa a En Marea, é que se atendan esas demandas das e dos profesionais.

Eu quero dicir aquí, e díxeno o pasado pleno, que hai que recoñecer a valentía, a forza e a capacidade de todo ese persoal que mantén folgas en condicións leoninas, non só polo cen por cento de servizos mínimos, que non se cumpren, senón pola falta de empatía, polos oídos xordos, da Consellería de Sanidade. No caso do Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela, neste caso, estase vendo como de repente pasaron de non haber inicialmente ningún persoal para poder cubrir as demandas dos profesionais, a comezar a facer ofertas. Dixemos que son insuficientes, pero hai que dicir aquí e recoñecerlles aos profesionais ese tesón, ese traballo, porque as folgas si valen, conseguen cousas; as protestas si valen, conseguen cousas; e, polo tanto, imos continuar apoiando esas mobilizacións.

Temos un problema: como se xestionan os propios servizos de urxencias. Pedimos nesta moción que se elaboren plans de continxencia reais que permitan dispoñer de persoal de forma inmediata e que contemplan os ingresos de maneira áxil, porque no pasado pleno o señor Almuíña non soubo trasladarnos como se elaboraban eses plans de continxencia, en canto tempo se chamaba o persoal para abrir esas camas que manteñen pechadas e que tempo máximo lle parecía a el, como conselleiro de Sanidade e, polo tanto, máximo responsable da sanidade pública deste país, canto tempo lle parecía axeitado que unha persoa agardase nun corredor de urxencias.

Necesitamos que esas camas estean abertas, que eses recursos estean dispoñibles, pero que polo menos saibamos que, cando está o servizo saturado, se vai dispor das mesmas, que se van poder abrir, que se vai incrementar o número de profesionais e que o que non vai facer



de ningunha maneira o conselleiro de Sanidade é poñer trabas aos supervisores e supervisoras de Enfermería, aos directores e directoras médicos, para incrementar o número de profesionais que están nos servizos para atender as persoas.

Necesitamos incrementar os efectivos profesionais tanto nos servizos de atención primaria como nos servizos de atención hospitalaria de xeito permanente. É insuficiente. As OPE que se están facendo non incrementan nin un só profesional, o que temos é unha vía de formalizar ou de facer un pouco máis estable unha contratación que leva sendo absolutamente en precario durante os últimos dez anos; é dicir, as OPE que están saíndo agora non crean prazas, e, polo tanto, temos un problema de insuficiencia de persoal en moitos servizos, porque hai que lembrar aquí que non serven de nada as medidas que piden que se alongue a idade de xubilación ou que piden de repente facer un novo contrato. Por certo, no caso de medicina rexeitado amplamente polos profesionais, porque eu creo que é unha chapuza de proposta na que, ao final, pasamos dunha precariedade A unha precariedade B, na que temos un contrato no que os profesionais teñen que estar á libre disposición do que decida a Consellería de Sanidade os 365 días do ano as 24 horas. Iso non é unha proposta seria, e, dende logo, está moi lonxe das demandas que fixemos aquí de contratación estable. Non solventan vostedes a fuxida dos profesionais sanitarios cara a outros sistemas públicos. Non solventan vostedes a carencia de profesionais.

Que se proceda á apertura das plantas e alas inoperativas de xeito permanente. Á Consellería de Sanidade e ao Grupo Parlamentario Popular parécelles ineficiente ter abertas esas camas. Parece ser que non lles foi suficiente reducir nunha década máis de 400 camas no Sistema público de saúde. Non vexo eu que Povisa, que Polusa, que Quirón, vaian pechando camas nos meses de inverno. ¡Están todiñas abertas durante todo o ano!

Así que, polo tanto, os recursos e os servizos públicos, á disposición das necesidades da cidadanía. E que se recuperen, por suposto, esas prazas amortizadas de persoal. Acabamos de trasladalo, o que hai é absolutamente insuficiente. Estamos nunha situación de crise sanitaria motivada pola folgazanería de dez anos, a falta de operatividade na xestión da sanidade pública e polos recortes. Porque, claro, non se pode obrigar os profesionais a xubilarse, presionalos para que se xubilen, para que non alonguen a súa idade de xubilación, e despois dicir aquí que non hai profesionais e que agora hai que pedirilles que atrasen a idade de xubilación. É unha xestión absolutamente nefasta, e necesitamos, dunha vez por todas, poñer medidas sobre a mesa que signifiquen que paseniño imos mellorar esta situación.

Nós propomos estas, evidentemente poderían ser moitas máis, estamos xa esgotadas de traer este asunto aquí sen que se tome nin unha soa medida por parte da Consellería. E, sexan estas ou sexan outras, recomendámoslles que se deixen de pasear polas rúas de Madrid nesas mobilizacións de orgullo facha e que propoñan medidas para mellorar a sanidade pública. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.



Efectivamente, a ver se se poñen outra vez así de *locos de la vida* os deputados do Partido Popular, porque, efectivamente, co lío que hai aquí, Feixóo estaba en Madrid. E vostedes non sei se saben contar, multiplicar e dividir, pero, póñanse como se poñan, cada vez son máis miles de galegos e galegas que xa non lles compran o seu relato. Non llelo compran, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) non llelo compran. Moitos miles, moitos, ¡moitos miles! (*Aplausos.*) Si, moitos miles.

Sen necesidade de facer trampas e sen ocos, sen ningún tipo de oco. Aínda que a Televisión galega faga conexións en directo con Madrid e non retransmita o que está pasando en Galiza, e teñan a indecencia, cos recursos e cos impostos de galegos e galegas, de reflectir a realidade fachoide de Madrid en vez de reflectir a realidade de Galiza, aínda que iso sexa así, había miles e miles de galegos e de galegas nas rúas de Compostela o domingo. ¿Por que? Porque xa non lle compran o seu relato, non lle compran o relato de que a sanidade pública... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PRADO CORES: Dá igual. Aínda que vostedes pretendan que non falemos e non digamos o que pasou, pasou e segue pasando. Segue pasando que hai miles e miles de galegos e galegas que xa saben e xa sofren, desgraciadamente, as consecuencias das políticas sanitarias do Partido Popular, as consecuencias de quedar sen pediatras, as consecuencias de quedar sen substitutos os médicos, as enfermeiras, os enfermeiros, e saben o que é que, en vez de que o seu médico de familia atenda exclusivamente o seu cupo, teña que atender o seu, o do lado e o do outro. Saben perfectamente o que é que os PAC, en vez de estar para atender as urxencias extrahospitalarias, teñan que atender a demanda das persoas que pola mañá non teñen os seus médicos e acaban indo aos PAC. Saben os profesionais o que é estar continuamente con sobredemanda, permanentemente, saben o que é atender a sesenta, setenta e a cento e pico de doentes, como nos están dicindo cada vez que nos reunimos con eles e dixeron tamén neste Parlamento. E como xa están fartas e fartos de que lles digan que iso é temporal, que é unha excepción. Como non é unha excepción, senón que se está convertendo na norma, e como non é un problema puntual, senón que xa é estrutural, xa ninguén lles cre o seu discurso, por iso cada vez son máis os profesionais que están demandando solucións, os que abandonan as mesas e os grupos de traballo, porque xa non cren nada desas *mentirijillas* que vostedes lles contan para ver se baixan a presión, e cada vez son máis os galegos e galegas que saen á rúa porque queren sanidade pública, universal, gratuíta e non están dispostas a crelos e a permitir que vostedes desmantelen a sanidade do noso país.

Por iso nós imos votar a favor desta iniciativa que trae hoxe aquí En Marea, porque vai na dirección das demandas que tamén levamos traído aquí, por activa e por pasiva, de que hai que dotar con profesionais o sistema sanitario público de Galiza, pois os nove anos —xa dez practicamente— de gobernos do Partido Popular supuxeron retrocesos nas condicións laborais, precarización e perda de dereitos dos traballadores e traballadoras, políticas de costas viradas aos profesionais, oídos xordos, prepotencia, ordeno e mando e imposición. Froito diso, cada vez son máis os profesionais que están a dicir ata aquí chegamos, como eses profesionais que estaban nas rúas de Compostela este domingo dicindo ata aquí chegamos, que se senten ninguneados, desprezados, maltratados, que chegan un día si e outro tamén á casa



esgotados, desesperados, porque vostedes, o Goberno da Xunta, lles exixen todos os días que prioricen, que traballen como se fora un día excepcional, en situación de alarma, en situación de pico de gripe, en situación como se acabase de pasar un tsunami, e así non se pode traballar todos os días, así non se pode dar calidade asistencial aos galegos e ás galegas e eles sábeno, e saben que están poñendo en risco a súa profesionalidade, que están poñendo en risco a saúde e a vida dos galegos e das galegas.

Isto só se pode solucionar cun cambio de rumbo e cun cambio de modelo, e o primeiro que hai que facer é dotar de recursos para máis profesionais; recursos para solventar tamén a precariedade de medios cos que están a traballar; recuperar prazas amortizadas e rematar coas taxas de reposición; abrir a totalidade das plantas que teñen pechadas sistematicamente con profesionais estables, non abrir a planta e que haxa 1 ou 2 profesionais correndo de aquí para alá, sen unha atención axeitada, todo iso que levamos demandando por activa e por pasiva.

Dende logo, hoxe apoiamos esta iniciativa de En Marea, pero o BNG vai seguir traéndoa aquí as veces que faga falta, porque dá o mar contra as pedras, pero non lles caiba a máis mínima dúbida, señoras e señores deputados do Partido Popular, de que ao final acaba podendo o mar. Non teñan a máis mínima dúbida. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

A verdade é que non pensei que fora tanta polémica a da manifestación. Pensei que cada un estaba orgulloso da manifestación á que foi. Nós si. *(Aplausos.)*

Ben, entón non se alporicen porque lles digan que foron a unha manifestación. Alí, vostedes cualifican a todo o mundo de traidores. Eu, xa que dou polémica, voules expresar a miña opinión. Chámenme traidor, pero eu prefiro medir o patriotismo en número de enfermeiros que no tamaño da bandeira. *(Aplausos.)* É unha opinión, vostedes non a comparten, hai diferenzas. Nós estabamos alí escoitando á xente, que ten voz. Vostedes escoitaban a VOX, hai diferenzas. *(Murmurios.)* ¡Non pasa nada! ¡Pero se están orgullosos! Hai diferenzas en canto ao clima, incluso. En Compostela amaga con chover ás veces, vostedes estaban alí moi ben, *cara ao sol coa camisa nueva.* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai diferenzas, non pasa nada, cada un defende o que considera que debe defender. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por certo, se me permiten —grazas, presidente—, vense nerviosos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben)*

O señor PRESIDENTE: Tranquilos, non hai ninguén nervioso aquí. Hai médicos na sala tamén, tranquilos.

O señor TORRADO QUINTELA: ¡Ah!, ben, ben. Ata se moveron moito para ir á manifestación. Algúns estaban fóra, e estiveron para aquí e para alá para ir a unha manifestación. Está ben, está ben, cada un vai ás manifestacións que considera oportunas.



Nós defendemos a sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade, e vostedes defenden bandeiras. ¡Está ben! ¡Está ben! Ogallá consigamos algún día salvar persoas que están enfermas coa bandeira, ¡ogallá! Polo menos nós defendemos... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Castiñeira, se non lle pregunta nada o presidente, preguntollo eu, ¿que problema ten vostede con que nos manifestemos cos profesionais sanitarios? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perfecto. Pois entón, déixenme falar dos profesionais sanitarios, que son xente que, por certo, estaba defendendo que fai falta máis persoal no sistema. Había moitos profesionais de urxencias que defenden cousas como que en Santiago, onde hai un conflito en urxencias, vostedes teñen unha xerente... Vostedes defenden o modelo privado máis que o modelo público de empresa, gustaríame saber que futuro tería unha xerente como a do hospital de Santiago nunha empresa privada. Con ese nivel de ineficiencia, gustaríame sabelo.

Pero estes profesionais de urxencias defendían, como defenden os dos PAC, como defenden os servizos sanitarios en xeral, que fai falta maior número de profesionais, e que os problemas de urxencias, que son os que aquí hoxe nos... (*Murmurios.*) Eu estóullelo contando pero xa vexo que non lles importa. Vou falar para este lado, que si que defenden a sanidade pública.

Os profesionais de urxencias defenden que é necesario máis persoal, como o caso de Santiago, onde están demandando máis persoal para mellorar a calidade asistencial, incluso renunciando a dereitos, que isto é unha cousa que hai que ter en conta. Hai quen cando escoita os profesionais de Santiago insúltaos, [*como fixo o presidente da Xunta*], (*Expresión retirada polo señor Torrado Quintela*) nós agradecemoslle o traballo, (*Aplausos.*) porque ademais a súa defensa da calidade é a defensa de todos. Non nos olvidemos de que cando un profesional da sanidade fala de mellorar o seu sistema, está falando de mellorar o sistema que nos afecta a todos, e por iso é importante, bastante máis importante, que escoitar cousas sobre felonías e traizóns, que non melloran a calidade asistencial da xente, e creo que isto é moi importante, sobre todo nesta iniciativa.

Fronte aos insultos, nós imos agradecerlles aos profesionais que se manifesten, imos estar con eles e imos defender, no mesmo sentido que eles o fan, que hai un problema de persoal, porque ese é basicamente o problema que está detrás do problema de urxencias de Santiago, de urxencias en xeral, dos hospitais e dos PAC.

Teñen un problema que explota en urxencias pero non é unicamente de urxencias. Hai un problema porque hai camas pechadas, porque hai plantas pechadas en hospitais, porque iso fai que haxa pacientes en urxencias que non poden ser derivados, polo tanto, acumúlanse e satúranse nos pasillos, e pasa o que pasa nos pasillos dos hospitais.

Que haxa menos profesionais implica que atenden máis lento, e aínda que redobran o seu esforzo, non son quen de duplicarse. Non poden estar... —¡aínda!, porque eu dos profesionais sanitarios, ao final, creo calquera cousa— en dous sitios distintos á vez, por agora non son capaces, e sen embargo fan un traballo moi bo. Pero, aínda así, a saturación de persoal que acode aos servizos de urxencias é imposible de atender coa redución de persoal que vostedes lles están aplicando. ¡Coa redución de material non lles conto! Como poden escoitar vostedes, os dos PAC —se é que os escoitan algunha vez— están traballando en condicións, a verdade, bastante lamentables.



Nós imos apoiar esta iniciativa porque defende basicamente o que nós tamén vimos defendendo hai moito tempo: que hai un problema co servizo de urxencias que afecta a varias cuestións. Plantexa a iniciativa a necesidade de tomar medidas en todos os aspectos dos hospitais e nas derivacións. E plantexa o que nós vimos defendendo, que é moi importante escoitar os profesionais.

Os profesionais sanitarios estaban o outro día en Compostela. Defenderon que a súa sanidade é de todos, e que é preciso, moi preciso, defendela porque está en perigo. E nós compartimos con eles que hai un grave problema de recortes que estamos empezando a pagar agora, e de inatención ou desatención por parte da Consellería de Sanidade; consellería que, por certo, está bastante desaparecida, que debera desaparecer completamente e cambiar toda a dirección, que iso si que é importante. E mentres, outros andan para aquí e para alá, manifestándose con aguiluchos. Nós preferimos defender a sanidade pública.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor Torrado, eu penso que o presidente da Xunta non insultou a ninguén, polo tanto, esa expresión ímola retirar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Mencionou ao presidente, ao mellor fíxoo inconscientemente, por iso digo que a imos retirar. Estará vostede de acordo en que se retire. Queda retirada a expresión.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Bos días. Moitas grazas, presidente.

Non imos debater aquí onde houbo máis participación nas manifestacións. Afortunadamente... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Iso sobra. É que ás dúas manifestacións vostedes estalle poñendo apodosos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Lago, señor Lago, ¡señor Lago!, véxome na obriga de chamalo á orde e xa sabe que non me gusta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ese tipo de expresións, non. Sei como o fago, non me faga agora que... Vou de vez en cando ao rehabilitador e sei moi ben como usar a man. Coidado con esa expresión tamén. [*¡Solo jodería, vamos!*] (*Expresión retirada posteriormente polo señor presidente por considerala unha descortesía.*) ¡Home, por favor, que me diga iso a min! Iso si que non o podo consentir. ¡Iso si que non, eh! ¡Por aí non paso! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, ¿que expresión mala dixen? Bueno, iso... en fin. Perdón, é unha descortesía pero non é un insulto. É unha descortesía, perdón. Queda retirada a miña expresión. A ver se vostedes retiran algunhas cando as din tamén. (*Protestas.*)

Veña, señora Amigo, continúe.

A señora AMIGO DÍAZ: Afortunadamente vivimos nun país libre e democrático, onde cadaquén pode asistir ás manifestacións que crea conveniente. Quería dicir outra cousa, que o



patriotismo se mide en que o Goberno central lle dea o mesmo a Galicia que a Cataluña. *(Aplausos.)* Todos somos cidadáns de primeira, e non vaia ser que por manterse nun posto se lles dea máis a uns que a outros.

Vimos debater aquí, unha vez máis, sobre sanidade, sanidade galega, e unha vez máis parece que estamos a falar de realidades diferentes, sanidades diferentes. Imos centrar o debate, deixemos de facer demagogia, sexamos serios e falemos de realidades.

Mentres que organismos internacionais de toda solvencia poñen a nosa sanidade entre as máis valoradas do mundo, os nosos hospitais e os nosos profesionais son premiados polo seu labor en xestión, polo seu labor científico e asistencial, vostedes seguen anclados no pesimismo e no catastrofismo.

Somos líderes mundiais en transplantes, en fecundación asistida, en sistemas de detección precoz de cancro. Temos o máximo histórico en intervencións cirúrxicas, en consultas. Temos menores listas de espera desde que hai rexistros, vías rápidas... Pero non lles vale nada, seguen a poñer de maneira continuada paus ás rodas.

Dende hai dezaseis anos, nunca antes de agora os galegos valoraron mellor a sanidade pública. A sanidade pública sempre foi unha prioridade nos orzamentos da Xunta de Galicia, adicando un 40,45 %, preto de 4.000 millóns de euros, no ano 2019, a cifra máis alta da historia na nosa comunidade autónoma, convertendo a Galicia na quinta comunidade autónoma con maior gasto sanitario consolidado.

Temos un sistema de saúde universal e gratuíto. Por fortuna, os usuarios del, que son os doentes, sábeno e valoran o que teñen. Vostedes din que non nos escoitan os galegos. Pois mire, para non escoitarnos, ¡temos 41 escanos! *(Aplausos.)*

Os servizos de urxencias non contan cunha actividade programada e teñen unha gran variabilidade de carga de traballo nas diferentes épocas do ano. O Servizo Galego de Saúde elabora anualmente, no mes de outubro, plans de continxencias para a época da gripe, coa finalidade de atender o incremento da demanda asistencial ou o aumento da necesidade de ingreso hospitalario.

Ditos plans son elaborados e asinados por cada unha das EOXI, en colaboración cos profesionais, e remitidos á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Eu non lles vou falar moito mais diso, falouse en comisións de sanidade, na Comisión 5ª, falouse en Pleno, o conselleiro deixouno claro no último pleno, pero nada diso lles vale.

Desde logo, o obxectivo do Sergas sempre é establecer a mellor coordinación entre servizos e recursos de atención primaria e hospitalaria, así como urxencias sanitarias, o 061. Cando se producen incrementos de demanda asistencial, realízanse adaptacións do modelo de asistencia para solventar as situacións, contemplando as necesidades de habilitación de recursos, tanto estruturais como de persoal, segundo van crescendo as necesidades. Non vou dicir o que mellorou na plantilla o Servizo Galego de Saúde. Simplemente direi que incrementou



desde o 2008 ao 2018 en 2.353 profesionais. Dicir que se segue a traballar, adaptando os recursos ás necesidades de cada momento. Esta é a realidade, o resto é alarmar.

Evidentemente, en sanidade sempre temos que optar á excelencia, pero sen perder a coherencia e, como bos galegos, «o sentidiño». Xestionar os recursos de todos os galegos para que a sanidade que temos hoxe a poidamos manter no futuro e que os nosos fillos dispoñan dos mesmos recursos que nós temos hoxe debe de ser a prioridade dun goberno responsable, e nese sentido se traballa desde a Xunta de Galicia e desde a Consellería de Sanidade.

Estamos vivindo momentos de cambios —é verdade— e de reestruturación. Por parte da Consellería hai predisposición negociadora e o conselleiro de Sanidade así o dicía no último pleno. Están a traballar con comisións técnicas, con representantes sindicais e con traballadores de PAC; tamén con atención primaria e, por suposto, con traballadores de Urgencias. Neste momento estase a traballar e negociar en melloras para os profesionais que, sen dúbida, repercutirán tamén en melloras para os doentes. E desde o noso grupo esperamos que as negociacións se pechen o máis pronto posible e se chegue a acordos favorables para todas as partes.

Xa llo dixen na última intervención e repítollo nesta, señora Solla, sabemos que hai falta de médicos de atención primaria e de pediatras, isto é unha realidade a nivel estatal, non só en Galicia. Téñense feito moitas xestións neste sentido desde a Xunta: contratos estables, petición de máis prazas de formación... e, desde logo...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora AMIGO DÍAZ: ...nós non negamos a realidade —termino xa, señor presidente—. Imos escoitar os galegos nas súas reivindicacións lexítimas de melloras na sanidade. Estamos con grupos de traballo e negociacións cos profesionais para responder a estas demandas e resolver os problemas que, sen dúbida, existen. Pero a quen non podemos escoitar sobre este tema é aos grupos da oposición, que levan tantos anos errando na súa diagnose, difundindo mentiras e facendo propostas que nunca foron respaldadas electoralmente pola cidadanía. Esta moción é só un exemplo máis desa estratexia de emenda á totalidade do noso sistema sanitario que levan dez anos repetindo, que non lles funcionou antes e que tampouco lles vai funcionar agora.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Grupo autor da moción, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

E grazas aos grupos da oposición.

Unha consideración previa, señora Amigo. Desgraciadamente non, neste país non hai liberdade e non todo o mundo pode dicir o que quere. E se non que llelo recorden a esas dúas



persoas, a Carlos e a Serafín, que estiveron anos agardando un indulto ante unha sentenza absolutamente inxusta. E queremos lembrar aquí a aplicación da súa lei, a lei mordaza, e a todos os sindicalistas enxuizados por defender o dereito ao traballo. Dende logo, aquí non existe liberdade, *(Aplausos.)* así que non, non todo o mundo pode manifestarse neste país dicindo o que lle pete, *(Aplausos.)* desgraciadamente. *(Aplausos.)*

Teñen 41 escanos de momento, *(Murmurios.)* agora dividiron... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Agora dividiron o seu produto, é o que ten o libre mercado. *(Murmurios.)* Agora hai varias fórmulas para ofrecernos o mesmo. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)* Silencio, por favor. *(Murmurios.)* ¡Silencio! *(Murmurios.)*

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Miren, está moi ben que digan que non negan a realidade, e é un avance porque ata o de agora era todo negativo, todo era mentira, todo o que dicíamos non era certo. Pero trasladar que as medidas que propomos van en contra do sistema sanitario público é unha mentira, obviamente. Porque solicitar que se repoñan as prazas suprimidas, solicitar que estean á disposición os servizos e as unidades de hospitalización que vostedes manteñen pechadas, non é camiñar en contra do sistema público de saúde. Quizais é camiñar en contra do seu modelo sanitario de esquilma da sanidade pública, e despois de esquilma durante dez anos, agora vimos dicindo que non hai profesionais e que non podemos facer nada para resolvelo.

Por máis que repitan a mentira do orzamento, non se converte en realidade. Temos un 8 % menos, en termos reais, de orzamento, comparativa co ano 2009, señora Amigo. E, evidentemente, cen euros agora non valen o mesmo que cen euros hai dez anos. E a realidade pálpase para os galegos e galegas, por iso encheron a Quintana o pasado domingo. ¡Por iso a encheron!, porque hai listas de agarda en atención primaria, porque non hai pediatras para todas as nenas e nenos en Galicia, porque hai listas de espera que non son as que vostedes publican, que esa non é a realidade. Polo tanto, esa realidade pálpase, vívese, nótase na pel as galegas e galegos e por iso saen a protestar. E, evidentemente, de todas as cores, porque alí o que se defendía era a sanidade pública, non como no outro lado.

E isto non se vai solventar, dende logo, con comisións técnicas feitas para marear os profesionais. Solvéntase con orzamento e con vontade política. E o mesmo que lles pedimos aquí os grupos parlamentarios cando fixemos o debate orzamentario, pedíronlle os profesionais da sanidade pública. Por iso lles dixeron que era un engano que foran levar propostas a unha mesa, a unha comisión técnica, sen orzamento. *(Murmurios.)* Iso foi o que lles dixeron a pasada semana os profesionais médicos, esa é a realidade, ese é o problema, ¡hai que investir e hai que saber investir! E hai que dedicalo aos profesionais.

Temos un problema grave, señora Amigo, e isto non o vai solventar don Pelayo. Desgraciadamente, isto téñeno que solventar o orzamento e recursos para a sanidade pública.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.



Suspendemos a sesión.

Eu case diría de vir ás catro menos cuarto, son dúas horas. *(Murmurios.) (Protestas.)* ¿Pero dúas horas non chegan para comer? ¡Home, por favor! *(Protestas.)* ¡Catro menos cuarto! ¡Catro menos cuarto, por favor, que despois andamos moi mal de tempo! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu case diría que é mellor ás catro menos cuarto. Mantéñome, ¡catro menos cuarto! A próxima vez non pregunto. *(Murmurios.)* ¡Catro menos cuarto!

Suspéndese a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde e retómase ás tres e corenta e catro minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reanudamos a sesión continuando co punto 2º da orde do día, de comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro do Medio Rural, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia ten a palabra o conselleiro do Medio Rural, don José González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO RURAL (González Vázquez): Señor presidente, señorías. Boas tardes a todos e a todas os aquí presentes.

Se ben é certo que me vou estender uns minutos, o meu discurso hoxe aquí podería resumirse na seguinte afirmación: o rural ten futuro.

Non podo empezar a miña primeira comparecencia ante esta Cámara como conselleiro do Medio Rural de Galicia doutra forma que non sexa con esta tan rotunda, e á vez tan certa, afirmación: o rural ten futuro.

En maior ou menor medida, todos os que hoxe estamos aquí temos conexión co rural. Probablemente moitos de vostedes, sendo máis novos, acompañaban os seus pais e nais cada fin de semana, nas vacacións de verán ou no Nadal, á aldea para visitar os avós. Tempo despois, sendo menos novos, regresaban a esa aldea pero xa non a visitar os avós, senón para ensinarllela aos fillos.

Moitos dos aquí presentes lembrarán nacer, medrar, ter amigos, estudar, no rural, ata que lles petou na porta a necesidade de trasladarse á cidade. Quen non garda na memoria como era xogar ás agachadas entre cabazos, aprender a pescar á beira do río ou coñecer o comechón das ortigas cando en pleno verán, e usando pantalón curto, caíamos mentres xogabamos nas viñas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu lembro todo isto. E se digo o das viñas é porque de aí son eu, do Ribeiro, e sufrín como moitos de aquí ese peto na porta da necesidade de irse á cidade. E sufrín tamén a mentalidade que os que hoxe estamos aquí sufrimos: a de considerar o rural como un lugar de segunda.



Na miña comarca dicíase: ou estudas, ou vas ás viñas. Noutras zonas de Galicia dise: ou estudas, ou vas coas vacas. E así en cada lugar, dependendo do motor económico desa comarca. Pero esa mentalidade vai cambiar porque o rural ten futuro, porque esta consellería ten como propósito fundamental que en Galicia sexa prioritario vivir no rural tanto en interese económico como en calidade de vida; polo tanto, tamén vivir do rural.

En maior ou menor medida, todos os que estamos aquí sentimos amor polo rural, e sentir ese amor, ese orgullo, é sentir orgullo de Galicia. É por isto que hoxe os quero invitar a todos, señorías, a todos e cada un dos membros desta Cámara, a que me acompañen nunha viaxe por Galicia; unha viaxe por Galicia sen necesidade de saír do Parlamento. Gustaríame que me acompañasen pola nosa comunidade e que xuntos sexamos quen de entender o enorme reto que temos nesta consellería.

Comecemos todos esa viaxe entrando nunha explotación gandeira e vexamos os problemas e retos que aquí nos esperan.

Unha das cousas boas que ten ser conselleiro son as visitas que podo facer aos nosos agricultores e gandeiros. Nestes cento corenta días visitei xa un bo número de explotacións gandeiras, e aí o que encontrei foi xente xove con ambición e ganas de facer ben as cousas; xente preocupada polas condicións hixiénico-sanitarias e polo benestar dos seus animais; xente formada e que concibe a súa explotación como un negocio que ten que acadar a súa rendibilidade; xente que interpreta a gandería como unha actividade que fixa poboación no rural e que ten tamén que actuar como custodio do territorio.

¿Cales son os retos do noso sector lácteo? ¿Como podemos axudar neste eido?

Miren, como anunciei a semana pasada, imos poñer en marcha a Estratexia de dinamización do sector lácteo galego contando con todos e cada un dos axentes implicados. Deste xeito, faremos fronte aos catro grandes retos de futuro aquí presentes: a reforma da PAC, na que defendemos e defenderemos os intereses de Galicia; a profesionalización do sector a través da formación continua e da innovación; a rendibilidade das explotacións, cunha transformación paulatina pero sen pausa; e, por suposto, a mellora da base territorial a través dunha nova lei para recuperar e poñer en valor a terra agraria produtiva de Galicia.

Estes son datos oficiais. O prezo medio do leite en Galicia, en datos de decembro, é de 31,7 céntimos; dous céntimos superior ao mesmo mes en 2016. É dicir, nestes dous anos de lexislatura, o prezo do leite medrou un 6,4 %. Os empresarios gandeiros facturaron en 2018 preto de 851 millóns de euros, un 4,4 % máis que no exercicio anterior. E na comparativa con 2016, o incremento é nada máis e nada menos que dun 16 %.

En canto á produción, no 2018 foi de 2.739.400 toneladas, un incremento do 3 % respecto do 2017 e do 5,2 % respecto do 2016. ¿Datos positivos? Si, moi bos. ¿Poden mellorarse? Por suposto, e nese camiño estamos, non nos imos contentar con estas cifras.

Debemos apostar por un cambio de mentalidade que comece no costume que temos todos ao falar do leite. Falar só do prezo do leite é ver o sector de maneira limitada. Temos que



falar de custos, teñen unha importancia vital. Debemos tamén empezar a falar de marxes, de marxes de beneficio, así poderemos avaliar correctamente a situación do sector.

Non ten sentido ningún comparar unicamente o prezo entre comunidades e países cando o custo de produción do leite é totalmente diferente respecto deses outros lugares. A produción do leite en Andalucía ou en Holanda, con diferentes parámetros de calidade, de graxa ou de proteína, é ben diferente á produción galega; é lóxico que os prezos sexan distintos. Por isto mesmo tampouco ten sentido dicir canto se deixou de ingresar ou canto se perdeu en comparación con outros territorios. A marxe de beneficio é, polo tanto, o que os nosos gandeiros, o que todos, debemos comezar a valorar.

Ademais, sempre falamos do prezo de base, ao que lle deberíamos sumar as primas de calidade e das condicións do leite. Por todo isto, non cabe dúbida de que a aposta para os empresarios gandeiros é a da calidade da produción, valor engadido e rendibilidade. Isto faise en parte a través da transformación da materia prima, e desde a Xunta de Galicia axudamos e seguiremos axudando nesta transformación.

Ademais, na última publicación do BOE está o decreto que regula a identificación da orixe do leite, que beneficia tanto os empresarios gandeiros como tamén os consumidores. Púxose en marcha o contrato tipo homologado de compravenda de leite, e conseguíuse aprobar tamén o decreto de cesión de prezos, a través do cal a industria ten que dar a coñecer os datos sobre prezos de compravenda do leite.

Cada vez hai máis equilibrio, cada vez hai máis transparencia, pero debemos seguir traballando de forma coordinada e conxunta. Esperamos que o actual Goberno de España cumpra os compromisos asumidos e siga defendendo os intereses dos empresarios gandeiros.

Polo tanto, e como comentaba hai un minuto, o impulso da calidade da produción agroalimentaria é vital para o desenvolvemento dun rural con futuro. Neste sentido é clave para nós, e facemos unha aposta importante por ela, a Axencia Galega de Calidade Alimentaria. Creada en 2018, reforzamos a súa estrutura dende que eu son conselleiro, separando dúas áreas. Por unha banda, a formación e a innovación no ámbito agrario, e, por outra, a calidade diferenciada.

Nun mundo cada vez máis globalizado é de extrema necesidade o estímulo da formación, da investigación e da innovación no desenvolvemento das producións agroalimentarias. E Galicia aí ten que estar e ten que competir. E só se pode competir co seu principal feito diferencial, que non é outro que a calidade dos nosos produtos; buscar a excelencia nos nosos produtos para destacar nun mercado cada vez máis interconectado e competitivo.

Para todo iso temos trazadas unhas liñas de futuro que Agacal poñerá en marcha para reforzar o sistema público de investigación e innovación no ámbito agroforestal.

Entre outras medidas —e medidas concretas— quero destacar as seguintes. En primeiro lugar, a creación da reserva xenética vexetal de Galicia, que mediante Agacal impulsará a creación, en terreos da axencia ou da Xunta, dun espazo ou espazos para a conservación das



coleccións de material xenético forestal, froiteiro, viñas, castaños ou mesmo das variedades autóctonas de oliveiras que está a desenvolver nestes momentos o CSIC a través dun convenio coa Consellería.

Tamén a creación de unidades mixtas de investigación con empresas do ámbito forestal e agrogandeiro para desenvolver en Galicia liñas de investigación e valorización conxuntas e mobilizar capital privado.

A consolidación, en terceiro lugar, da rede de centros da Agacal como ámbito demostrativo para a proba de novas tecnoloxías no ámbito agroforestal; unha cuestión non menor e na que temos un forte compromiso, como é o reforzo do persoal dos centros de investigación, recuperando liñas de investigación con pouca dotación de persoal investigador nos últimos anos. O establecemento das bases do plan de modernización das instalacións, maquinaria e parque móbil deses centros de investigación. E, finalmente, o reforzo da estrutura, da xestión e administración da axencia

A aposta polos produtos de calidade alimentaria con selos de calidade diferenciais vese nun aumento das partidas orzamentarias, neste ano 2019, de preto dun 5 por cento. Incrementáronse en case un 6 por cento, cunha cifra próxima aos tres millóns de euros, as destinadas ás actividades de promoción de produtos de calidade realizadas por consellos reguladores ou asociacións sectoriais. E tamén se incrementa nun 20 % o Plan especial de promoción agroalimentaria, cun orzamento de preto de 1,2 millóns de euros.

Se viaxamos por Galicia, non só veremos a potencia do sector lácteo, que é moi importante, senón tamén a das denominacións de orixe e das indicacións xeográficas protexidas, todas elas baixo o paraugas da Agacal. Desde a faba de Lourenzá ata a comarca vitivinícola da Ribeira Sacra; desde o queixo de Arzúa ata o mel de Galicia; desde a castaña ata o licor de herbas, desde a tenreira galega ata o pan de Cea, ¿non é acaso unha viaxe incomparable o que nos ofrece o noso rural?

A maior parte dos produtos agrogandeiros que nos fan sentir orgullosos, que nos fornecen como galegos, están protexidos por denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas. Temos 33 selos de calidade diferenciada e traballamos para sacar adiante as de «vaca» e «boi» de Galicia e a de «pan galego». Agardo que antes de que remate a lexislatura estean xa postas en marcha. Pero tamén estamos a estudar a posibilidade de dar apoio a máis produtos, como poden ser outros derivados do porco ou da excepcional horta galega, á que pretendemos dar un importante impulso.

Galicia, señorías, é un referente en produción agroalimentaria de calidade, e imos potenciar o seu recoñecemento mediante unha forte promoción das nosas denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas, co obxectivo claro de que os nosos produtores acaden maiores prezos nos seus produtos, porque a marca Galicia é un referente de produción agroalimentaria de calidade.

Traballamos tamén nunha visión integral que aborde a promoción desde unha perspectiva territorial, na que o produto ten que ser un elemento vertebrador do territorio onde se cul-



tiva. Neste sentido, acabamos de presentar hai dúas semanas, en colaboración coa Consellería de Cultura e Turismo, un plan estratéxico e de dinamización do territorio das comarcas vitivinícolas de Galicia, porque entendemos que o viño ten que ser o protagonista do desenvolvemento destas comarcas tamén no ámbito do turismo. Este plan farase —como non podía ser doutra maneira— coa colaboración de todos os axentes do territorio interesados. Por citar algún deles —xa se está a falar con todos eles—: denominacións de orixe, rutas do viño, grupos de desenvolvemento rural e mesmo xeodestinos turísticos. Apostamos, como xa dixen, polas DO, polas indicacións xeográficas protexidas e polos produtos que nos fornecen como galegos.

No tempo transcorrido dende que fun nomeado conselleiro, puxemos en marcha diferentes iniciativas relacionadas con outro deses produtos, como é a castaña, que para nós ocupa un lugar importante. En primeiro lugar, o Plan de recuperación de soutos tradicionais de castañas de Galicia, que presentaremos en breve, comezando polo souto do concello de Folgoso do Courel. A próxima convocatoria da Mesa da castaña como ferramenta de diálogo con todo o sector. Ou a conservación e reprodución do material xenético das nosas variedades tradicionais de castañas mediante a súa plantación en fincas da Consellería, como primeiro paso para a súa cesión aos propietarios particulares, buscando que as novas plantacións se fagan de maneira ordenada e con variedades autóctonas, coas nosas.

Vaiamos agora nesta viaxe ata as explotacións agrícolas. ¿Quen traballa nelas? Precisamos que cada vez máis haxa xente nova, mozos, que permitan a remuda xeracional. Pero tamén xente formada e que avance na súa profesionalización, de xeito que poida convivir un sector produtor forte e profesional con aqueles que se dedican á agricultura ou á gandería a tempo parcial, tan tradicional na nosa terra.

É por iso que a Consellería do Medio Rural acaba de resolver a convocatoria das axudas para a mellora de explotacións do ano 2018 por un importe total e conxunto superior aos 50 millóns de euros, dos cales 13 millóns son para a creación de empresas para agricultores mozos.

Fun eu quen neste Parlamento no 2017, e como portavoz do Partido Popular na Comisión de Medio Rural, presentou unha iniciativa para rebaixar a presión fiscal sobre os agricultores mozos beneficiarios destas axudas; iniciativa que contou co apoio unánime de todo o Parlamento. E tamén esta iniciativa foi trasladada pola Xunta ao Goberno central. Foi o noso propio presidente quen presentou a cuestión ao ministerio. A semana pasada soubemos que os tribunais deron a razón aos que defendiamos que a postura da Axencia Tributaria Estatal non era correcta, que non se podía facer tributar estas axudas no mesmo ano da incorporación. E agora entendemos que, se se quere apoiar o rural e a remuda xeracional, hai que ir máis alá e establecer a imputación destas axudas nun período non inferior aos cinco anos que lles exiximos de permanencia na actividade aos mozos.

Reclamamos tamén ao Goberno central que adecúe a tributación das axudas de incorporación a este criterio, mediante unha modificación da normativa do IRPF, co obxectivo de que os mozos e mozas que se incorporen á actividade agrogandeira teñan máis facilidades para sacar adiante a súa explotación.



Queremos tamén lembrar como traballamos para defender os intereses dos agricultores e gandeiros diante da reforma da política agraria comunitaria a partir do ano 2020.

As nosas grandes liñas neste ámbito son as seguintes, que lles vou relatar e que xa coñecen porque falamos delas neste Parlamento.

En primeiro lugar, queremos e defendemos unha PAC forte común, que manteña o actual orzamento e que financie exclusivamente con fondos europeos o seu primeiro pilar: as axudas directas.

Queremos tamén medidas que recoñezan as particularidades do noso territorio dentro dun plan estratéxico nacional, como establece a normativa comunitaria. Queremos, porque apoiamos as nosas explotacións, unha discriminación positiva para as zonas de montaña e con limitacións naturais. Queremos un tope máximo de 60.000 euros por explotación, para favorecer as pequenas e medianas explotacións, porque esas son as nosas, as galegas.

Defendemos tamén con forza os dereitos históricos dos agricultores e gandeiros galegos, e tamén, dentro da definición de agricultor xenuíno, o agricultor a tempo parcial.

E na defensa da posición galega na reforma da PAC, onte mesmo tiveron ocasión de anunciar no Consello Agrario de Galicia a creación dun grupo de traballo específico para acordar cos sectores implicados a posición da nosa Comunidade na elaboración do Plan estratéxico español.

Sigamos con esta viaxe por Galicia, observemos a paisaxe, miremos ao noso redor. ¿Que podemos destacar? ¿Que é o que caracteriza a estrutura da propiedade en Galicia? Señorías, Galicia ocupa tan só o 6 % do territorio español pero ten máis do 16 % da superficie rústica de España e o seu maior número de parcelas catastrais, máis de once millóns de parcelas, que albergan a 1.672.000 titulares catastrais; é dicir, temos unha quinta parte dos titulares catastrais de rústica censados a nivel nacional e case o 30 % de todas as parcelas de rústica que hai en España. Polo tanto, Galicia é a comunidade autónoma con maior grao de parcelamento de España.

A parcela catastral de rústica ten en Galicia unha superficie media de pouco máis de dous mil cincocentos metros cadrados. A superficie media de terreo por titular en Galicia sitúase en 1,7 hectáreas, mentres que no conxunto de España é de 5,74 hectáreas. Para alcanzar esa superficie media, cada titular en Galicia necesita de sete parcelas, mentres que no resto de España só de cinco. Todo isto dános unha idea da dificultade de mobilizar as terras na nosa comunidade.

A superficie agraria útil de Galicia é de máis de seiscentas mil hectáreas, o que supón o 21 % da superficie, pero son, é certo, trescentas mil hectáreas menos que hai trinta anos.

Carecemos, por outra banda —e isto é importante tamén—, de datos estatísticos fiables que nos permitan establecer un perfil do propietario de solo rústico galego, especialmente no que se refire ao monte de titularidade privada particular.



Os datos do catastro inmobiliario —e isto tamén é unha realidade— non están actualizados, de maneira que moitas propiedades están a nome de persoas falecidas, e, realmente, ou ben pertencen a unha pluralidade de propietarios que as adquiriron por herdanza, ou ben se trata de titulares fóra de cobertura, ilocalizables. Tampouco temos datos fiables sobre a súa idade, ocupación ou distancia do lugar de residencia ao terreo da súa propiedade, aínda que o proceso de desagrarización permítenos concluír que unha porcentaxe moi importante se corresponde con propietarios que viven fóra do rural e que están desvinculados da actividade agrogandeira.

Por citar as principais deficiencias do catastro de rústica en Galicia, sinalaría as seguintes: a existencia dun elevado número de parcelas a nome de ilocalizables; a falta de adecuación de parcelas catastrais coa realidade física dos predios; a inexactitude de moitas das revisións catastrais que se realizaron nos municipios galegos; as dificultades para realizar cambios nos datos catastrais, sobre todo pola tardanza que hai neses cambios; a rixidez na confidencialidade dos datos catastrais, que dificulta o seu uso para poder avanzar na elaboración de mecanismos de diagnose de mercados de terra en Galicia.

En definitiva, estes datos, que nos dan unha idea da dificultade que estamos a abordar, tamén nos permiten afirmar que unha parte importante do solo rústico de Galicia, arredor do 75 % do total, está composta por pequenas parcelas dispersas, pertencentes a propietarios na súa maioría desligados do rural, que posiblemente perciban xa a súa propiedade como unha carga máis que como unha posible fonte de ingresos. Sen embargo, a capacidade agronómica do solo rústico galego está fóra de toda dúbida, e a superficie abandonada non é necesariamente a de peor condición agronómica.

Por outra banda, hai unha demanda clara de terra produtiva de diferentes usos: agrícolas, gandeiros e forestais. Esta demanda procede de explotacións actualmente existentes no rural galego, pero tamén se observa un interese crecente de novos emprendedores e de suxeitos dispostos a investir no noso rural. Polo tanto, faise necesario abordar unha reforma lexislativa que favoreza a mobilización da terra produtiva de Galicia, poñendo en conexión a oferta e a demanda de terra con instrumentos que garantan a seguridade xurídica dos investimentos. Ademais, deberá buscarse un equilibrio entre os intereses dos oferentes e os demandantes da terra.

De acordo con todo isto que acabo de explicar, a Consellería do Medio Rural, xunto co Grupo Parlamentario Popular, está a redactar unha proposición de lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia. Esta lei dará cumprimento e recollerá no seu articulado as medidas propostas nas recomendacións 71 a 83 do ditame da Comisión de estudo para a reforma forestal, respectando así o mandato parlamentario; quero recordar que era o mandato das tres cuartas partes desta Cámara.

Esta recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia require de forma previa unha planificación integral do territorio rural e dos usos do solo rural, baseándose para isto na aptitude do territorio para cada un deses usos. Por iso, estamos a traballar xunto coa Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda no cumprimento das recomendacións 62 a 70 do antedito ditame e na elaboración do Catálogo de terreos de alta produtividade agropecuaria e forestal de Galicia.



Ademais, no ámbito da mobilización de terras, este goberno ten o compromiso de finalizar administrativamente nesta lexislatura os 108 procesos de reestruturación parcelaria abertos a día de hoxe en Galicia. Quero recordar e poñer aquí en valor o que fixo a Xunta neste proceso. En concreto, actuouse nestes anos en 1.025 zonas de reestruturación parcelaria, que son case cincocentas cincuenta mil hectáreas, e beneficiaron a case catrocentos trinta mil propietarios en máis de catro millóns de parcelas. *(Aplausos.)*

Señorías, unha viaxe por Galicia lévanos, sen dúbida, a observar que a nosa comunidade está tatuada de montes e bosques. Vivimos, afortunadamente, nunha terra cun sector forestal importantísimo. E nós defendemos a necesidade de ter un monte multifuncional vivo, dinámico e sostible, tanto dende un punto de vista ambiental como económico. Esta conselleira, neste ámbito forestal, vai traballar, como non podía ser doutro xeito, baseándose nas recomendacións da Comisión especial de estudo para a reforma da política forestal.

Como exemplo, tomando as súas recomendacións e como primeira actuación, acabamos de anunciar no Consello agrario de onte a primeira das actuacións do plan de pastos en extensivo, ao que se refire a recomendación 23 do ditame, que vai comezar no concello ourensán de Cualedro coa adecuación dunhas trescentas hectáreas, para funcionar tamén como ferramenta de prevención dos lumes forestais. Vanse crear pastizais que serán arrendados, a través do Banco de terras, a gandeiros da comarca para a súa explotación. E seguindo a recomendación 38 do ditame, fixemos unha aposta importantísima polo noso monte ao crear na estrutura da consellería dúas direccións xerais: Defensa do monte e Planificación e ordenación forestal.

Resulta evidente —pero nós plasmámolo na estrutura— dicir que para a prevención de incendios é fundamental a existencia dun monte limpo e ordenado, no que se faga unha xestión forestal sustentable. É por iso que apoiaremos a ordenación dos montes, para aumentar a superficie forestal ordenada na nosa comunidade. Por iso, poñeremos en marcha un incremento moi substancial das partidas destinadas á elaboración dos plans de ordenación forestal dos distritos. Estes Porf téñense que desenvolver dentro do ámbito do catálogo de terreos de alta produtividade agropecuaria e forestal, porque o monte ten que desenvolverse dentro dos límites que veñan marcados por esa planificación.

Tamén dentro deste ámbito de planificación, remataremos o Plan forestal de Galicia, que, ademais de ser presentado no Consello da Xunta para a súa aprobación, traeremos a este Parlamento como tiñamos comprometido, e recollerá con claridade todas as recomendacións do ditame da comisión que lle afecten.

Quero destacar, porque o considero da máxima importancia e era unha reclamación de todo o sector, que desde o pasado novembro estamos desenvolvendo os traballos para a realización do inventario forestal de Galicia, cumprindo así tamén a primeira das recomendacións do ditame.

Tamén puxemos en marcha, mediante a creación de grupos de traballo cos representantes do sector forestal, a comisión de simplificación normativa a que se refire a recomendación número 9. En breve teremos publicado o decreto dos aproveitamentos forestais, que suporá un avance moi importante nesa simplificación.



Pero tamén avanzamos —e isto tamén era unha demanda do sector— no proceso para lograr a rescisión de consorcios e convenios dos montes produtivos, coa finalidade de orientar a xestión pública a aqueles nos que a produción veña moi condicionada por valores ambientais ou culturais de interese xeral, outra das recomendacións do ditame, en concreto a sexta.

Estamos rematando, dentro dun marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Consellería do Medio Rural, o desenvolvemento do concepto de bosque modelo e monte periurbano, tal e como recolle a recomendación número 30 do ditame, co fin de atopar un sistema de xestión axeitado aos montes con alta demanda de uso sociorrecreativo. Só para a Mancomunidade de montes de Vigo destinamos máis de 1,3 millóns de euros, que permitirán actuar en 670 hectáreas que foron moi afectadas pola vaga de lumes do 2017.

Como poden comprobar, señorías, todas as liñas estratéxicas da Consellería van en consonancia, e cada unha delas permite que outras avancen, prosperen e se retroalimenten entre si. Un monte ordenado axuda a previr incendios; un monte ordenado axuda a evitar un dos peores males que asolagan a nosa comunidade.

Falemos de cifras primeiro. En 2017 houbo 3.121 incendios na nosa comunidade, cun total de 62.309 hectáreas queimadas. En 2018 houbo 1.426 incendios, cun total de 2.608 hectáreas. Son 60.000 hectáreas menos, un 96 % menos do territorio ardido. Dou cifras exactas debido á importancia que estas teñen. É certo que os datos do 2018 son moi bos comparados co do 2017 ou cos de hai unha década, do ano 2008, no que houbo case o dobre de incendios. Pero mentres haxa un só conato de lumes, as cifras serán malas.

Se algo aprendemos estes anos, precisamente grazas a unha das leccións que sacamos da comisión de estudo, é que Galicia non arde, señorías, a Galicia quéimana. (*Aplausos.*) Tres de cada catro incendios son intencionados; tres de cada catro incendios son provocados directamente pola man do home; tres de cada catro. Por iso, traballamos en reforzar a investigación dos incendios a través da coordinación entre o Servizo de extinción e as forzas e corpos de seguridade do Estado. E tamén é necesaria a colaboración cidadá. Por iso temos o compromiso —e farémolo antes da temporada de máximo risco deste ano— de poñer en marcha o teléfono anónimo onde dar datos dos delincuentes incendiarios.

Señorías, Galicia ten un dos mellores dispositivos de prevención e extinción de incendios. Como poden comprobar, a Xunta traballa intensamente nestas dúas áreas. Non podó evitar destacar, polo tanto —e como xa antes falei—, o gran cambio estrutural que levamos a cabo na Consellería en decembro de 2018, unha reestruturación baseada na creación dunha nova dirección xeral denominada Defensa do monte; unha dirección xeral pensada unicamente para dedicar todos os recursos humanos e orzamentarios a estes dous piares: prevención e extinción, sempre entendendo a prevención como a clave na que focalizarse e anticiparse ao problema para reducir os danos futuros.

O esforzo necesario para a prevención require a unión de todos —repito, a unión de todos—, desde os propietarios dos terreos ata a coordinación de todas as administracións: concellos, deputacións e a propia consellería.



A Xunta de Galicia fai unha aposta moi decidida por esta colaboración entre administracións, cumprindo tamén as dúas recomendacións que falaban disto no ditame, a 45 e a 54. Esta colaboración recóllese no convenio asinado entre a Xunta, Seaga e a Fegamp, que nos converterá en pioneiros en Europa en poñer en marcha un sistema público de xestión de biomasa que facilitará a propietarios e concellos cumprir coas súas obrigas legais.

Este convenio conta cun investimento de nada menos que 28 millóns de euros en catro anos de fondos propios; nestes momentos temos xa máis de cento cincuenta concellos adheridos; unha cifra importante para un convenio que asinamos en decembro e no que cremos profundamente, e que provocará unha mellora que todos poderemos comprobar este mesmo ano.

Logo de pactalo coa Fegamp, quero anunciar hoxe nesta Cámara que o convenio vai abrir a súa adhesión a todos os concellos de Galicia, porque queremos facer un apoio aínda maior a eses concellos. Nos meses que levo como conselleiro traballamos arreo, xunto coa Fegamp, para dar un maior apoio administrativo aos concellos, co fin de facilitarlles o cumprimento das súas obrigas na limpeza das franxas arredor dos núcleos de poboación galega, sendo conscientes todos —señorías, todos debemos selo— da dificultade de manter limpas as franxas dos 37.000 núcleos de poboación de Galicia. Este maior apoio administrativo aos concellos vaise traducir en medidas concretas, que son as que vou enumerar.

En primeiro lugar, elaboración por parte da Xunta de Galicia e de Seaga dun plan básico municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais que se adecúe ás características de cada un dos concellos adheridos.

En segundo lugar, a creación dun programa informático por parte da Xunta que facilite aos concellos a tramitación do procedemento de limpeza das franxas, a execución subsidiaria. Pero tamén a elaboración e remisión aos concellos —aos que teñan os seus núcleos delimitados— dos planos das franxas secundarias ao redor dos núcleos de poboación, así como tamén a relación dos titulares catastrais. E tamén como medida importante, a elaboración dun manual do procedemento e de todos os modelos de requirimentos que se deban tramitar na limpeza das franxas, dando resposta a todos os alcaldes de Galicia, con independencia do partido político, que así nolo pediron.

Ademais deste apoio aos concellos, o convenio ten por obxectivo o apoio económico ás rozas ás que están obrigados os propietarios das franxas, pero cunha filosofía clara, distinta e diferente, que vén tamén do ditame: que as nosas franxas se rocen unha soa vez, para despois desenvolver, na medida do posible, actividade agrogandeira nelas. Con esta finalidade, dedicaremos unha partida do convenio á promoción desta actividade, promovendo proxectos de pastoreo, de plantación de froiteiras, hortas ou mesmo cereal nas franxas daquelas aldeas que reúnan as condicións e requisitos que se determinen no convenio. Estamos a traballar nestes momentos coa Fegamp para a determinación destes requisitos.

Tamén quero resaltar, nesa aposta pola colaboración cos concellos, que a Xunta destinou nestes últimos dous anos máis de seis millóns de euros na adquisición de novos tractores con rozadoras, para incentivar e fomentar a limpeza da maleza.



Pero, a pesar de todas as medidas de prevención que se poidan tomar na loita contra o lume, desgraciadamente é practicamente imposible que se produza ningún, e é por iso que tamén hai que investir en medidas de extinción, e entre as que podemos destacar, atopamos as seguintes.

En primeiro lugar, a integración no dispositivo das brigadas de entes adscritos e o incremento do tempo de traballo dos fixos-descontinuos, que van a duplicar o seu tempo de traballo de tres a seis meses no período 2018-2020.

Ademais, tamén se renovou o parque de camións de extinción, ao que se destinan este ano máis de dous millóns e medio de euros para a adquisición de once vehículos motobomba. Debo lembrarlles que nos últimos anos renovamos 66 vehículos.

Coa finalidade tamén de mellorar o dispositivo, puxemos en marcha neste Parlamento o Grupo de expertos que recolle a recomendación 60 do ditame, expertos que tamén lles lembro que foron designados por todos os grupos parlamentarios. Estou convencido de que, dada a experiencia e cualificación dos seus compoñentes, as súas propostas contribuirán, sen dúbida, a acadar o obxectivo de incrementar a eficacia do noso servizo.

Este conselleiro e esta consellería defenden un servizo de extinción público e profesional, e ademais versátil. Ten que traballar na extinción, pero tamén, e de xeito máis activo, na prevención. Para tal efecto, quero anunciar que, antes de que remate o primeiro trimestre do ano, me vou reunir cos diferentes integrantes do servizo para explicarlles todas as modificacións operadas e escoitar as súas propostas. E tamén lles anuncio a inmediata posta en marcha dun programa de formación do servizo de acordo coa recomendación 108 do ditame, que terá que recoller as demandas dos membros do dispositivo para avanzar na súa profesionalización, xa de por si moi alta.

Por último, en materia de prevención e extinción de incendios, precisamos unha nova lei de prevención e extinción de incendios, queremos unha nova Lei de prevención e extinción de incendios e faremos nesta lexislatura unha nova lei de prevención e extinción de incendios. *(Aplausos.)*

Señorías —e vou rematando xa—, esta viaxe por Galicia, proporciónanos unha conclusión clara: está en xogo o futuro, por iso as liñas mestras da nosa consellería pasan polo fortalecemento do rural. Como poden comprobar, a miña consellería fai un grande esforzo e centra o seu traballo en levar a cabo as medidas do ditame que aprobou esta Cámara; un ditame, como dixen antes, aprobado polas tres cuartas partes do Parlamento.

Fagamos do rural o motor do crecemento da Galicia que vén, e iso só se consegue investindo nel correctamente. Este Goberno apostará por facer un rural competitivo, promocionando a súa actividade económica e facendo da cadea produtiva do rural un éxito para todos os seus compoñentes, desde os máis modestos dos seus produtores, ata a máis grande empresa de transformación agroalimentaria.

Queremos un rural non só no que se poida seguir vivindo, senón no que ademais se desexe vivir; un rural forte que sexa garantía de crecemento económico e demográfico; un rural forte que sexa garantía de mantemento dos nosos costumes e tradicións.



A aposta do Goberno galego polo rural é clara, e a claridade demóstrase con cifras e feitos, non só con palabras. Señorías, o rural ten futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios. Rolda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moita grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Señor conselleiro, naquela Consellería do Medio Rural que presidía Suárez Canal naquel Goberno de coalición, o rural colleu categoría de país (*Aplausos.*), dun todo, cun Goberno que tiña plena confianza nas potencialidades de terra e xente, un rural que quería e necesitaba saír de si mesmo coas súas propias potencialidades, que eran e son moitas. E durante tres anos e medio esa consellería principiou a xerar solucións propias para problemáticas propias.

Vostedes entraron de novo e derrubaron a esperanza porque Ence non podía consentilo; porque os que negaban e renegaban da bosta e da corredoira como pasado do que renacer non podían consentir que os seus negocios se debilitasen en favor da xente do pobo. E así nos foi, porque o modelo que hoxe temos non é do que vostede falou, esa viaxe non é a que eu realizo todos os días. Resúmese en poucas palabras: intensividade, impacto brutal medioambiental, deserto agrario e máis e máis eucalipto. E aínda así, o rural ten futuro para nós.

Velaí as realidades dependendo da comarca galega que un visite. O abandono ao que o Goberno do PP ten sometido a Galiza e ao rural é notorio, e abonda con dar unha volta, aínda que sexa en clase de turista. Nós non só viaxamos, senón que vivimos en e para o rural.

Quedan arredor de mil seiscentas explotacións leiteiras, e destas moi poucas dispoñen de base territorial abonda para teren sostibilidade e futuro. As vacas son máquinas de producir leite, vellas ao terceiro parto, confinadas nun pequeno espazo e condenadas a tragar en concentrado e transformalo en leite e residuo, por chamarlle así. E ese leite é entregado en mans de multinacionais que o transforman, o distribúen e pagan aos produtores o que queren e como queren. O que nos vai quedando, pois, do sector lácteo está nutrindo en líquido multinacionais afincadas fóra do territorio, porque o Partido Popular nunca apostou por un sector transformador lácteo galego, ¡nunca!

Non cren na xente que os vota, ¡son da raza dos amos! Xa se sabe, os criados son inferiores e non teñen nin sequera o valor do traballo. Porque, lonxe de diversificar, é dicir, lonxe de seguiren as pautas que o propio país diverso marca, vostedes apostaron e apostan polo monocultivo, ou polos monocultivos, e Ence manda unha vez máis e condena o pobo galego a aspirar a unha plantación de eucaliptos como complemento ás ridículas pensións agrarias. Feixóo dixit, aquí.



Sen embargo, a principal riqueza de Galicia residía e reside na fertilidade do seu chan, na variedade e benignidade do seu clima e na forza de traballo e adaptación ao medio das súas xentes. Pois ben, vostedes entraron a saco nestas posibilidades e reducíronos a isto que temos: despoboamento, abandono das actividades agrarias, avellentamento e claudicación. Porque hai xa bastantes anos, cando saíamos do franquismo económico, en Galicia púxose a funcionar o ideario rural de Ence e toda a política agrícola e gandeira pivotou sobre o forestal, e ano a ano foise desmantelando. Vostede falou de 300.000 hectáreas hai trinta anos, eu fálolle de moitas máis.

Foise desmantelando a riqueza agrogandeira en aras dun rural ao servizo de catro mangantes e en contra da maioría. Galicia converteuse nunha grande plantación de piñeiro e, sobre todo, de eucalipto, en detrimento da súa vocación agrícola e leiteira, e decenas de miles de hectáreas agrarias pasaron a ser superficie forestal, cun aproveitamento ínfimo. No Ourense dos noventa, quedaban aínda 15.000 ou 20.000 explotacións, hoxe non quedan nin vinte.

¿Está ou non de acordo en que onte e máis hoxe unha explotación ben dimensionada, é dicir, cun número de cabezas manexable, con base territorial acorde con ese número, con pouca dependencia de insumos exógenos é rendible e plantexa poucos inconvenientes medioambientais como actividade sostible, como resistencia á volatibilidade de prezos, como xestión real do territorio, como asentamento poboacional acorde co medio. ¿Cal é a aposta do PP?

Porque este que subscribe non acerta a comprender que estraño virus levou os habitantes desta nación do galego a negarse a si mesmos. Un labradío é para o galego, ou era, un resultado de séculos de esforzo continuado, de laboreo, de suor, de ilusión e desespero compartidos. Ese labradío tórnase monte improdutivo en poucos anos. O feito de plantar o eucalipto é unha burrada maiúscula. Pois ben, ese virus Ence entrou tamén nas nosas mentes.

Señor conselleiro, ¿en cantos concellos se está levando a cabo a operación de cambio de uso de terras ou eliminación da protección agropecuaria? Sabe que cada vez vai haber máis plantacións de eucalipto encubertas, é dicir, clandestinas. Sabe que é unha operación de propaganda electoral valiosísima para vostedes nestes momentos electorais. ¿É consciente de que está habendo un movemento crecente de acaparamento de terra agraria e de monte?

Este gobernar para un país irreal que vostedes practican déixase ver tamén na ausencia de planificación e control das explotacións intensivas de porcino e aves, que tenden a concentrarse en comarcas onde esa concentración e masificación deriva en situacións de impacto ambiental, cunha alta densidade de residuos, xurros e esterco que satura perigosamente terras e augas con nitratos, fosfatos e ata antibióticos.

O non recoñecemento do problema, o eludir responsabilidades ollando para outro lado e culpabilizando os produtores, xeralmente autónomos, e dando como única solución ligar a xestión destes residuos ás terras de explotacións agrogandeiras, está xerando un conflito que calquera día nos estoupa nos narices; nos de todos e todas, non nos seus. E é o perigo, porque esta situación ameaza directamente o prestixio doutros sectores agrogandeiros. Saben disto algo na consellería, e sabe do que estou falando.



Porque a raíz do problema, deste problema, está na falta de planificación, previsión e control, en deixar o sector en mans dun favorito, dun *reyezuelo*, que fai canto lle peta da gana co presente e co futuro da carne porcina e avícola, e tamén cos ovos en intensivo.

E ¡que dicir do monte!, ese espazo de vida que para os galegos e galegas nunca foi, nin é, sinónimo de bosque. Nós non temos esa palabra na fala popular, todo máis temos a de fraga, que non é o mesmo que bosque. Ese espazo complementario do agrícola e do gandeiro, esa fonte de recursos tan útil antano e que se mostra inútil na actualidade pola súa atomización e pola falta dunha ordenación acorde cos novos tempos. Esta atomización e nova ordenación foi abordada con ánimo de solución integral polos do Bloque na súa etapa de Goberno, ¡velaí en que quedou iso!

A superación deste atranco tanto para o aproveitamento forestal como gandeiro, agrícola, apícola, lecer está aínda sen resolver porque o PP non ten proxecto de país, porque Ence ten outro destino para este espazo. ¡Falemos claro! O necesario reforzo das comunidades veciñais de montes e a imprescindible utilización de figuras de ordenación e xestión comunitarias —enténdaseme, colectivas, non do mercado común— para as propiedades privadas de monte fai que mentres non se aborde este problema con medidas políticas valentes, a longo prazo e con visión de país, non lle hai nada que facer. Pero Ence manda o contrario e ofrece regalías envelenadas e propaganda barata. Por certo, falou algo de revisión do Plan forestal. Vai sendo horas de que apareza por aquí, porque levamos anos oíndo falar del.

Un monte con madeira, claro que si, pero non só, ¡que lle vou contar! A tan manida multifuncionalidade e tamén a tan cacarexada diversidade na madeira a forestar. Falamos do nematodo do piñeiro e da súa progresión diante da indiferenza, con madeira queimada, afectada e sen cortar aínda dos lumes do 2017. ¡Aínda está no monte! Falamos dos bombeiros forestais, que remoen toxo e herba e que proporcionan ademais unha carne para presumir. Falamos das bestas salvaxes en liberdade e do perigo de extinción que ameaza a bestas e besteiros, espazo único no mundo de convivencia co lobo, equilibrio necesario. E a Administración que permite o seu esmorecemento pola súa ineptitude xestionando esta riqueza. Oliveiras, kiwis, cogomelos, mel, feixoas, ovellas e cabras, vacas mostrencas, herbas medicinais, paisaxe, enterramento de CO₂. ¿Que máis queren?

Si, xa sei, eucalipto. A nosa unidade de destino en lo universal. ¿É consciente, señor conselleiro, de que neste noso país hai xente que, con moi bo criterio, traballa leiras xeralmente alugadas e produce cebola, pemento, allo francés, nabizas e grelos, xudías, fabas, patacas...? Fáltame o boniato, que non atopei aínda quen o producise, pero nas ordes de axudas aos danos do porco bravo aparece o boniato e non aparece a xudía verde. (*Murmurios.*) ¡Iso é coñecemento do país de riba a abaixo, si señor! (*Aplausos.*) De verdade, parece unha coña pero non o é.

¿É consciente de que este sector de horta convencional —e non estou falando da ecolóxica nin da de subsistencia de alto abastecemento, estou falando da horta convencional, desa que utiliza tamén glifosato, esa que surte a cadeas alimentarias, esa que está esquecida porque foi deixada de man das axudas do porco bravo— deixada de man ten que presentar a PAC, ten que denunciar os danos nas setenta e dúas horas en que se producen? ¿Algún



que ten oitenta ou noventa fincas vai ter un todo terreo para percorrer de cada setenta e dúas horas cada unha das fincas a ver se lle entraron? ¡Non me fastidien! ¿Ou vai rodear esas noventa leiras cun pastor eléctrico? ¡Iso é descoñecemento do país de riba a abaixo! (*Aplausos.*) Si, si, si.

Este sector do que lle estou falando, en concreto, é un sector con moito futuro en Galicia, nesa Galicia dos mil climas e dos solos fértiles. É unha actividade económica con produción e transformación crecente e con posibilidades de fixar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: ...poboación no rural. Pois mire, para mostra un botón —que se di—, as recentes ordes de axuda e prevención dos danos do porco bravo son un insulto a estes traballadores.

Por certo, falando do porco bravo, non nos dixo nada dos protocolos imprescindibles para a bioseguridade; problema serio que temos —ou podemos ter— coa peste porcina. Está aí, está petando ás portas, igual que está petando ás portas da fronteira portuguesa con nós o nematodo; o nematodo de verdade, non os focos satélite que nos saltaron.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor RIVAS CRUZ: Están aí e necesitamos protocolos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas. Terminou o seu tempo.

O señor RIVAS CRUZ: Ben, moitas grazas. Logo sigo. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, boa tarde a todas e todos.

Señor conselleiro, boa tarde. Benvido a esta súa comparecencia.

A lexislatura do rural. No ano 2016 o señor Núñez Feijóo lanzou a súa terceira candidatura á presidencia de Galicia con este slogan: «A X lexislatura de Galicia será a lexislatura do rural». Esta frase foi repicada e utilizada metodicamente, en todo momento e lugar, por todos os cadros do Partido Popular durante a precampaña e a campaña das eleccións autonómicas de 2016. Debemos lembrar que cando isto se produce —reitero, 2016— o candidato do Partido Popular, o señor Núñez Feijóo, levaba dúas lexislaturas, dende o 2009, como presidente da Xunta de Galicia; oito anos de presidente, oito anos de esquecemento do rural. É máis, oito anos de presidente nos que o señor Feijóo só se preocupou do rural para desman-



telar as políticas activas neste eido do Goberno presidido polo señor Pérez Touriño. (Aplausos.) Oito anos de negación activa do rural galego e das súas potencialidades e posibilidades.

Teño a convicción de que o slogan «A lexislatura do rural» só respondía naquel intre ás negativas previsións das enquisas nas cidades e a tentar con ese slogan atraer o votante do rural para compensar a caída electoral nas cidades. Esa mensaxe, «a lexislatura do rural», rimbombante en palabras do naquel intre candidato do Partido Popular, señor Núñez Feijóo, ofrecía respostas a eses intereses electorais. Mais tamén escenificou un recoñecemento inequívoco de que nas lexislaturas anteriores —e foron dúas, oito anos de Goberno Popular co señor Feijóo como presidente— o rural galego non estivo na axenda dos gobernos do señor Feijóo; non estivo o territorio galego e non estiveron as mulleres e homes que viven no rural.

Señoras deputadas, señores deputados, esta comparecencia —animosa comparecencia, diría eu— produciuse pasado o ecuador da X lexislatura, é dicir, sobre pasados os dez anos de presidencia do señor Feijóo. Señor conselleiro, cando se constata desinterese tantos anos, tamén e sobre todo no rural, as galegas e os galegos botamos man dunha frase esclarecedora e definitiva: ¡tarde piaches! Os socialistas esperamos e desexamos que vostede non pía tarde, señor conselleiro, que sexa quen de reverter a situación.

Na súa comparecencia na Comisión 3ª para presentar os orzamentos de 2019, no que se refería ao seu departamento, dixémoslle que o Grupo Socialista é respectuoso coa cortesía parlamentaria, e, en virtude desa cortesía, outorgámoslle o correspondente período de graza. Tamén lle dixemos que o Grupo Socialista podía permitirse esa licenza pero o mundo rural —vostede o sabe— non se pode permitir esa concesión. Pola nosa parte, e tendo en conta a pasividade dos dez anos de goberno do señor Núñez Feijóo co rural, o noso compromiso de período de graza segue vixente. Nós imos cumprir con ese compromiso, vostede debe cumprir co compromiso co rural.

Señorías, valoramos no seu xusto termo as ambiciosas liñas de actuación expresadas polo señor conselleiro, pero permítanme que sexa moderadamente escéptico respecto ao seu cumprimento. Primeiro, porque exemplos temos dabondo de compromisos incumplidos polos gobernos do señor Núñez Feijóo no rural e co rural. Segundo, porque as liñas de actuación propostas necesitan de soporte económico para ser posibles e reais, pero os orzamentos da Consellería do Medio Rural para o 2019 son claramente insuficientes e semellan consolidar o esquecemento e desamparo ao rural. Na práctica, impiden o impulso que propón o señor conselleiro e que necesita o conxunto de Galicia. Non son suficientes para abordar políticas activas coa dimensión que se necesita para ser capaces de revitalizar o rural. Sería exixible un esforzo moito maior a nivel orzamentario para, nun contexto xeral expansivo, ampliar as posibilidades do rural, pero iso non acontece, e un marco xeral moi limitado reduciu e reduce as aspiracións da Consellería do Medio Rural e do seu conselleiro manifestadas na súa intervención. Só teñen a reducida posibilidade de exercer un impacto moi limitado sobre as abundantes necesidades do rural.

Os orzamentos de 2019 —os totais e os parciais— correspondentes a Medio Rural non afrontan con decisión nin dan soporte ás propostas que vostede nos acaba de relatar. Precisan ser ambiciosos cos proxectos do rural e rigorosos coas contas, pero non parece que estes orza-



mentos vaian nesa dirección. Mais ben parecen uns orzamentos de servizos mínimos que, aplicados ao rural, só poñen á súa disposición a posibilidade dunha dubidosa subsistencia.

Señorías, isto non é un retorno á análise orzamentaria que xa debatemos no seu día na Comisión 3ª referida ao orzamento de Medio Rural. Non pretendo reabrir ese debate nin incidir nel, só queremos poñer de manifesto a incongruencia palpable entre a xenerosidade das propostas e o raquitismo das partidas orzamentarias que supostamente as sustentan. Cremos que non é posible desenvolver esas propostas referidas polo señor conselleiro de xeito suficiente e eficiente. E tamén cremos necesario establecer ese vínculo entre propostas e orzamentos para visibilizar o grao de realidade do exposto respecto ao medio rural. Creo que temos a obriga de levar a argumentación á posición de que o mundo rural sexa quen de discernir e clarificar se son contas ou son contos. Temo que unha vez máis —e van dez anos dende que o señor Feijóo preside a Xunta de Galicia— o Goberno lle gaña a partida ao señor conselleiro do Medio Rural, dando continuidade á insensibilidade co territorio e habitantes do rural.

Señorías, as veciñas e veciños do rural teñen cada día máis necesidades e carencias; teñen necesidades os veciños e ten necesidades o territorio rural. E estas necesidades e carencias non se solucionan con padrenuestros e avemarías, tampouco se solucionan con contos, soluciónanse con propostas e proxectos que estean respaldados por contas, por dotacións económicas. Señorías, o que non son contas son contos, e nós cremos que as contas da Consellería do Medio Rural non sosteñen as liñas de actuación que nos conta o señor conselleiro.

Última reflexión que fago nesta miña primeira intervención. A suba dun 3,8 % dos orzamentos de Galicia para o 2019 respecto do 2018 impide o impulso que necesita o conxunto de Galicia e restrinxen as posibilidades da Consellería do Medio Rural para abordar políticas activas que revitalicen o medio rural. Neste marco é onde está situado o seu departamento: unha suba total do 3,8 % e unha suba da súa consellería dun 4,2 %. Non hai impulso na totalidade dos orzamentos nin hai impulso na parcialidade da consellería. Ademais, hai moitas outras consellerías con maior subida: Política Social, máis 4,6 %; Economía, Emprego e Industria, 10,3 %; Vicepresidencia, 4,7 %; Presidencia, 10 %; Cultura e Turismo, o 6,3 %; Consello de Cultura, máis 5,2 %.

Señor conselleiro, os orzamentos non respaldan as actuacións que nos propón e que nós valoramos na súa xusta medida. Non queda mal vostede con estas propostas, queda mal o territorio rural, os seus moradores e quen impide que as súas propostas teñan soporte económico. En todo caso, bota por terra unha vez máis o perverso slogan do señor presidente «esta é a lexislatura do rural», por iso somos escépticos respecto da concreción das súas propostas.

Polo de agora, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.



O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Boa tarde, señorías.

Señor conselleiro, está feito vostede un *Balbino de la vida*. Mal comezou vostede a súa intervención non lembrándose dos e das que aínda viven no rural, con ese bucolismo extremo co que vostede comezou a introdución, pois eu penso que deixou vostede caer a realidade do rural actual.

Non sei se estivo vostede en Madrid este domingo pasado e se deixou empapar por ese neofascismo que alá flotaba no aire, o cal lle fai vivir a vostede unha realidade paralela. (*Murmurios*.) Pero a realidade que presenta o rural galego actual dista —e bastante— do que vostede aquí hoxe nos veu contar. Se vostede non estivo, ten un punto. Señor conselleiro, un; señor presidente da Xunta, cero.

Certo é que pouco tempo leva aínda no cargo e que algunha das liñas que vostede hoxe aquí expuxo, a falta de estar aplicadas, polo menos na intencionalidade non son malas. Queda por ver se os *lobbys*, os grupos de presión cos que vostedes traballan e que responden a ese neofascismo —porque iso tamén é política—, lle deixan a vostede levalas a cabo.

Eu voulle expoñer aquí unha realidade. Non é a realidade deste deputado, é a realidade de organizacións agrarias, de produtores, de empresas de transformación agrogandeiras ou de cooperativas. Esa realidade é que existe un elevado grao de envellecemento no noso rural; que están suprimindo todos os servizos públicos que temos no ámbito rural; a realidade do abandono, da desertización de practicamente todas as zonas rurais do país, e que ten o seu reflexo na desestruturación do territorio, o que leva aparellados elevados riscos tanto de incendios forestais de grandes dimensións como de perda de biodiversidade biolóxica e, o máis importante, a perda de dinamismo social e de dinamismo económico e cultural destas zonas.

E isto é todo grazas ás políticas aplicadas nos últimos anos polo Partido Popular: responde á aplicación de políticas neoliberais; responde á consideración do medio ambiente —e isto hai que dicilo alto e claro— como moeda de cambio en beneficio do gran capital ou como un aspecto residual das lexislacións que afectan o noso medio rural; responde tamén á privatización da xestión dos montes veciñais en man común, e responde tamén á promoción e implantación de monocultivos forestais de crecemento rápido, á promoción de cultivos enerxéticos ou á megaminaría. Para vostedes, a consideración do rural é como un lugar de gozo das elites sociais e de aplicación dunha política agraria común que destrúe, ata o día de hoxe, economías familiares en beneficio das grandes multinacionais.

Falou vostede de infraestruturas. Desde En Marea, desde que empezamos esta lexislatura, sempre instamos o Goberno a artellar medidas necesarias para a selección, a priorización e a coordinación dos diferentes instrumentos de xestión das terras que xa existían e que vosdes suprimiron, como poden ser as Uxfor.



Tamén traballamos presionando o Goberno galego para impulsar a innovación da xestión do minifundio con medidas innovadoras de xestión territorial, fórmulas asociativas que superen a fragmentación da terra e a acción de cooperación público-privada. Insistimos en que o Banco de Terras ten que estar dotado de orzamento e en pleno funcionamento, algo que vostedes non foron capaces de aplicar desde que están gobernando. E algo moi importante: a mobilización de terras —que vostede falou aquí dela— ten que estar ligada sempre á posta en marcha de producións sustentables e innovadoras no rural galego. Non queremos unha mobilización de terras que veña encher todo de eucaliptos ou negocios que especulen ou esquilmen o territorio.

Falou vostede dos pastos en extensivo e de que van investir no concello de Cualedro. Non sei se sabe vostede que o concello de Cualedro é un dos concellos que máis cartos recibiu para as concentracións parcelarias nos últimos anos. Non sei se sabe vostede que o concello de Cualedro é un dos que máis incendios sofre todos os anos. Algo están a facer mal.

Falou aquí a anterior conselleira —no ano 2016, segundo tomamos posesión— dun plan de pastos en extensivo na zona do Macizo Central, en Chandrexa de Queixa. Nada se sabe aínda dese plan. ¿Executouse? ¿Levou a cabo? Nada se sabe.

Explotacións, a horta: a realidade da agricultura galega penso que no día de hoxe é moi mala, está pouco diversificada, está moi debilitada. Cada ano temos unha balanza alimentaria negativa de entre novecentos e mil millóns de euros. Unha parte importante é debida á alimentación animal, á soia e ao millo importados, pero tamén se importan diariamente grandes cantidades de hortalizas e froitas, moitas das cales poderían ser producidas aquí. E agora mesmo as terras con maior actitude agronómica seguen a abandonarse ou úsanse para forestar con eucalipto. Para iso, débense implementar plans sectoriais específicos para o fomento da horticultura e da fruticultura.

¿Que fixo a Xunta de Galicia ata o de agora? Estamos desaproveitando o gran potencial que ten este país na produción hortícola, un sector que pode crear emprego e dunha maneira sustentable.

Acceso á terra mediante un sistema eficaz —como dicíamos antes— do Banco de Terras.

Dotación de persoal das oficinas agrarias comarcais: agora mesmo están sendo desmanteladas; é necesario contratar persoal para estas oficinas agrarias, xa que moitos dos intentos da xente para iniciar un proxecto no agro ao final acaban tirados polo chan ou en fracaso por unha incorrecta formulación. A Oficina Agraria Comarcal de Xinzo de Limia, no día de hoxe, está baixo mínimos, e é unha das oficinas que máis solicitudes da PAC ten que cursar.

Non existen investigación e asesoramento públicos. Ben, hoxe vostede aquí recoñeceu que temos que investir máis en investigación e formación. O compañeiro Antón Sánchez —aínda non hai medio ano— levouno á comisión sobre Mabegondo e aquí se dixo que sobran prazas, que aquilo que estaba... Iso é mentira. Vostede, polo menos, recoñeceu.

Hai que comercializar a través da potenciación de circuitos curtos; creación de marcas de garantía galegas; compra pública en colexios, en hospitais ou en centros da terceira idade dos nosos produtos, introducir criterios de proximidade e dar prioridade aos produtos ecolóxicos.



O tema do leite: nós pensamos que o sector leiteiro agora mesmo non está nunha boa situación. Vostede vén aquí dicindo que se incrementou o prezo un seis por cento; ben, un seis por cento de pouco segue sendo pouco. No día de hoxe, o sector lácteo segue afrontando unha crise estrutural ante a que se precisa pór en marcha políticas públicas radicalmente diferentes ás que agora mesmo se están aplicando. O primeiro paso é facer unha boa diagnose da situación, cuestión que o Goberno non está a levar a cabo: cada vez que a Consellería do Medio Rural realiza unha valoración da situación na que se atopa o sector leiteiro, atopámonos con que esta é totalmente allea á realidade. A realidade amósanos que, a pesar dos anuncios que se fagan, os prezos en Galiza puideron subir, pero seguen sendo os máis baixos do territorio do Estado español, onde a media é de xa case trinta e catro céntimos. Só estamos algo por riba —é certo— das Illas Baleares, que representan menos do un por cento da produción do Estado. E, ademais, temos que partir da realidade de que o Estado español ten os prezos máis baixos da Comunidade Económica Europea, ou sexa, estamos na cola da cola, somos o refugallo do refugallo.

O peche de explotacións non frea: no ano 2017 pecharon catrocentas vinte e catro explotacións; nos últimos dous anos, mil cento vinte e nove. Son case medio cento de granxas que pechan cada mes no país. Isto débese a que aínda moitas explotacións seguen cobrando por debaixo dos custos de produción.

Falou vostede dun plan estratéxico. En Marea aínda presentou a semana pasada preguntas sobre este plan. ¿Que prazos se establecen para a posta en marcha deste plan? ¿Que medidas se levaron a cabo xa? ¿Que orzamento se executou? Non se sabe nada.

A apicultura, a velutina: a resposta do Goberno galego ante a *Vespa velutina* vemos que está sendo totalmente insuficiente. É unha especie invasora cun comportamento moi agresivo. O sector asociativo apícola non se está tendo en conta por parte da Xunta de Galicia, cando os seus coñecementos técnicos de campo poderían ser dunha grande utilidade; entón, nós vemos fundamental que se teña en conta todo este sector asociativo para levar estas medidas a cabo.

Tamén detectamos que a Comisión de seguimento da velutina non está socializando o traballo que están levando a cabo na mesma, como pasa na Comisión de seguimento da couza da pataca —unha iniciativa de En Marea, aprobada por unanimidade na Comisión 7ª—, que se tiña que reunir cada tres meses e informar os grupos, e mandáronnos un informe escrito unha vez. Eu penso que están vostedes faltando aos acordos parlamentarios, algo ao que estamos acostumados.

Os seguros agrarios: as pólizas de hoxe non serven. Vostedes teñen que traballar para a adaptación destes seguros agrarios á realidade galega.

A couza da pataca —falabámolo—, que, por certo, está a piques de comezar a época da sementeira nesta campaña e parece ser que se van seguir mantendo as prohibicións das zonas afectadas, pero non sabemos se é porque se recolleron probas da *Tecia* ou non. Totalmente escuro todo. E as indemnizacións que se lle dá a esta xente, ridículas.

A mesa do castiñeiro, a avespa do castiñeiro. A mesa da castaña que van crear: como sexa como a da couza, pouco imos arranxar.



No tema da PAC —home, segundo falou aquí vostede, agora vai vir o señor Blanco Paradelo e vaime acusar de romper a unidade de España—: negociación galega na que ninguén fala de prezos. Pois iso diciámolo nós; chegou vostede e dixo que Galiza vai falar diso. Nós acusámoslos de que non se falaba dun reparto máis xusto dos pagos directos; chegou vostede e dixo que si. Nós acusabámoslos de que non se falaba de que as explotacións galegas non ían entrar no cobro das axudas do primeiro piar; chegou vostede e dixo que si.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Vostede agora xa está na liña de facer unha PAC axeitada a Galiza —o señor Blanco Paradelo vaime poñer a andar agora, xa verá—. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor, ten despois outra rolda.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Vou rematando, señor presidente.

En investigación e formación recoñeceu vostede a falta de persoal. O aproveitamento do potencial de desenvolvemento das zonas rurais non vai ser posible sen a prestación de determinados servizos de soporte que son indispensables. Son imprescindibles para o desenvolvemento dos sectores tanto agrarios como forestais, para o cambio de modelos produtivos das explotacións gandeiras cara a un modelo de menor dependencia das subvencións, que neste caso é latente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Imos perder dez mil millóns co *Brexit* e imos estar afectados. Neste sentido, desde En Marea temos feito múltiples iniciativas e preguntas ao Goberno sobre a perda de recursos humanos e económicos nos nosos centros de capacitación agraria e de formación e investigación.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: A Consellería do Medio Rural segue a desmantelar a investigación e a formación públicas.

Polo de agora nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Boa tarde.

A verdade é que, señor voceiro de En Marea, señor querido e compañeiro de comarca, eu non ía acusalo de romper a unidade de España, pero vendo ese vergonzoso lazo amarelo que porta na súa camisa creo que, desde logo, si que está vostede cos que queren romper a unidade de España. (*Aplausos.*)



Quixera tamén dicirlle que estar... Eu creo que en todo o día que levamos non escoitei ningún compañeiro ou compañeira facerlles ningún tipo de comentario ou reproche pola súa manifestación que tiveron o domingo, ningún. (*Murmurios.*) A nós parécenos... (*Balbordo.*) (*Pausa.*) A nós parécenos ben que vostedes se manifesten... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*)

Ben, o señor Lago...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor. Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Silencio.

O señor BLANCO PARADELO: A nós parécenos ben que vostedes se manifesten, pero é que a vostedes non lles parece ben que nós nos manifestemos. (*Balbordo.*) Están preocupados. E eu quero dicir...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Lago, por favor. (*Balbordo.*) Silencio todos. Silencio todos. (*O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Lago, por favor, vostede non está no uso da palabra; escoite o que están dicindo, que non lle están faltando ao respecto a ninguén. Por favor, escoite. Silencio, silencio. Silencio todos, por favor. Silencio todos e escoiten a quen está no uso da palabra. Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor BLANCO PARADELO: Eu quería dicir... (*Balbordo.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Vega, silencio. Señor Lago, por favor. Silencio.

O señor BLANCO PARADELO: Eu quería dicir, amparado na liberdade de expresión e na democracia, que estar na praza de Colón significa defender España, significa defender Galicia e significa (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ningún privilexio a ningunha autonomía por encima doutras autonomías.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Lago, chámoo á orde —perdón, señor Blanco—; señor Lago, chámoo á orde, por favor. Por favor, non; escoite o que están falando. Pode compartilo ou non compartilo, pero non está faltando a ninguén. Así que, por favor, chámoo á orde por primeira vez. Por favor, silencio todos.

Señor Trenor, vai ser o seguinte. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vai ser o seguinte; se quere, facémolo xa.

Continúe.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, presidente.

Ben, señor conselleiro, xa viu que vostede puido comprobar que a oposición fai outra viaxe, e a min paréceme moi ben que se recorde conselleiros como Suárez Canal, quen ten todo o



noso respecto. Pero o curioso é que os bos conselleiros, os bos partidos que coñecen o territorio, ¿por que á primeira de cambio o pobo galego os mandou para a casa e os quitou do goberno? (*Aplausos.*) E resulta que nós, os que non coñecemos o territorio, os que non sabemos cales son as necesidades do rural de Galicia, gañamos elección tras elección, e especialmente no medio rural.

Señor conselleiro, aínda que xa debatemos con vostede na presentación dos orzamentos da súa consellería, hoxe comparece nesta cámara por petición propia por primeira vez desde que foi nomeado conselleiro do Medio Rural de Galicia. E fíxoo, ademais, abordando moitas novidades importantes ás que despois me referirei. Xa puido comprobar que os grupos da oposición deron a entender que lles preocupa moito o rural —eu diría que aos que máis—. Pois si, pero non tanto como para pedir a súa comparecencia, porque ningún grupo da oposición —repito: ningún grupo da oposición— pediu a súa comparecencia. Semella que non estaba na súa axenda. Iso demostra o moito que lles importa o rural, ou que ao mellor non o ven demasiado electoralista, ou que quizais non estea tan mal como din. E saben perfectamente que debatendo con vostede precisan argumentos sólidos máis aló das simples e habituais soflamas.

Polo tanto, señor conselleiro, queremos agradecer que vostede si quixera vir comparecer, dar a cara e debater cos grupos políticos sobre o rural de Galicia. Das súas verbas quedounos moi claro que vostede, pese a ser do Partido Popular, sente verdadeiro orgullo do rural, ten ilusión e paixón polo rural, e así o transmite sempre que pode. Unha actitude que nós compartimos e que, entre todos, ben faríamos en transmitirlo así ao conxunto da sociedade en vez das continuas mensaxes apocalípticas dalgún.

Señor conselleiro, falou vostede da nova estrutura da consellería, encamiñada a axilizar e a canalizar mellor a resolución dos problemas: un novo organigrama coa creación da Dirección Xeral de Defensa do Monte, que coordinará todas as administracións públicas con competencias na loita contra o lume e colaborará directamente cos concellos en cuestións como a limpeza das franxas de seguridade. Deste xeito, a política forestal pasará a ser xestionada pola Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal, separando así, por primeira vez, a planificación forestal da prevención e da extinción de incendios.

Parécenos esta unha decisión importante que, ademais, dá cumprimento a unha das recomendacións incluídas no ditame da comisión de estudo, que vostede, por certo —quero tamén dicilo—, antes de ser conselleiro, liderou en nome do Grupo Parlamentario Popular, demostrando unha gran capacidade para dialogar e para chegar a acordos co resto dos grupos. Valores que, en coherencia, vostede segue amosando, posto que, ao pouco de chegar á consellería, convocou no seu despacho todas as forzas políticas con representación nesta cámara para escoitarnos e explicarnos de primeira man os moitos proxectos que pretende desenvolver nos vindeiros anos.

Así mesmo, nas primeiras semanas tamén impulsou a creación da comisión de expertos encargada do deseño do novo servizo de extinción e prevención de incendios que, ademais, quixo vostede que se presentase no Parlamento, nesta casa. E hoxe mesmo volveu tenderlles a man aos grupos para colaborar e traballar xuntos. Polo tanto, é xusto recoñecerlle e agradecerlle que conte co Parlamento e cos grupos parlamentarios.



Señorías, señor conselleiro, o medio rural de Galicia enfróntase a grandes retos, pero é preciso contextualizar.

Andalucía: «*El relevo generacional es trascendental para el campo andaluz*». «*El campo está tremendamente envejecido*». «*Más de 82.000 andaluces con más de 65 años que deberían pensar en la jubilación*».

Extremadura: «*Uno de los retos para Extremadura es apoyar el relevo generacional con la triste realidad de la despoblación rural*». «*En 17 años se ha pasado de tener 25.093 explotaciones agrarias a 9.855*».

País Vasco: o Fondo de Suelo Agrario, cun dobre obxectivo: «*evitar su abandono y poner a disposición de las personas que necesitan tierras para usos agrícolas, ganaderos, forestales, etc.*».

Castela e León «*pone el acento en la despoblación, en el medio rural y el relevo generacional*». «*Una de las principales debilidades es la atomización, de tal forma que cerca del 80 % de las industrias agroalimentarias cuentan con menos de diez empleados*» e avogan pola necesidade de articular máis mecanismos para activar o campo, a innovación, a investigación e buscar o relevo xeracional.

¿Que demostra esta pequena escolma de noticias? Pois que os problemas que pode ter o rural de Galicia, pese as súas peculiaridades, non son exclusivos da nosa comunidade, nin son propiciados polos gobernos nin as políticas do Partido Popular, como así queren facer constantemente ver os grupos da oposición, que sempre que poden realizan unha análise afastada da realidade, interesada e nesgada que apoie o seu discurso pesimista.

Señor conselleiro, mentres vostede ten feito autocrítica e escoita a sociedade civil, os alcaldes e as alcaldesas —todos—, os colectivos e as entidades do sector, e, polo tanto, vai introducindo cambios en novos proxectos, os grupos da oposición —como acaba de escoitar— manteñen o mesmo discurso que hai varios anos, as vellas receitas do pasado. Polo que, pase o que pase, faga o que faga, dá igual; por iso non podemos tomalos en serio.

¿Cal é a súa estratexia —a da oposición—? Pois a estratexia de activar o tradutor rural da oposición.

Señor conselleiro, agora voulle explicar en que consiste este novidoso instrumento. Se vostede fala —por exemplo— da necesidade de que Galicia conte cunha nova lei de mobilidade de terras —na que estamos traballando— para afrontar os problemas derivados do abandono da terra e do despoboamento coa creación de polígonos agrarios, ampliar base territorial etc., pásano polo tradutor rural da oposición, e iso quere dicir: o PP quere botar a pouca xente que queda no rural para venderlle as terras ao gran capital, a catro empresarios de fóra.

Se os orzamentos do ano 2019 teñen un crecemento do 4,2 por cento máis que o conxunto e supoñen máis de cincocentos dezaseis millóns de euros, o tradutor da oposición di que queren cargarse o rural.



Se a Axencia Galega de Calidade Alimentaria —a Agacal— por primeira vez conta cun orzamento propio para a promoción da calidade alimentaria, o tradutor da oposición di: non apostan polos nosos produtos.

Tampouco lles importa a formación, a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no eido alimentario, aínda que nos orzamentos se conta con máis de quince millóns de euros; activan o tradutor e din: queren desmantelar todo.

Se aposta polo impulso dos selos de calidade, das denominacións de orixe, dos viños —contan con cinco millóns de euros— ou, como vostede anunciou, por poñer en marcha un plan estratéxico para as zonas vitivinícolas, o tradutor da oposición di: queren terminar co agro galego.

Dálles igual, dálles igual que vostede teña dito —e o presidente— o compromiso de rematar todos os procesos para a estruturación parcelaria, que é fundamental para a viabilidade das explotacións agrarias e para o seu desenvolvemento futuro, así como tamén o de dispoñer de máis base territorial suficiente. É que lles dá igual que para ese cometido se conte con 20,5 millóns de euros nos orzamentos; activan o tradutor da oposición e din: aniquilación do rural.

Non lles importa que, para fomentar a remuda xeracional e impulsar o emprego no sector agrario —con especial consideración cara ás mulleres— e tamén a fixación de poboación no medio rural e para evitar o abandono das explotacións, exista un programa con preto de cincuenta millóns de euros nos orzamentos; activan o tradutor e quere dicir: demolición do rural.

Dá igual que aproben, como hai uns días, axudas de apoio aos investimentos nas explotacións, nas incorporacións de agricultores mozos, na creación de empresas, e que para iso dediquen máis de cincuenta e dous millóns de euros; actívase o tradutor da oposición e iso quere dicir: afogar os agricultores e os gandeiros.

Tampouco lles importa que vostede anuncie un plan estratéxico para o sector lácteo galego en colaboración con todos os axentes para seguir impulsando a calidade; iso quere dicir: extermio do rural.

Por certo, gustaríame que dixeran en que benefician aos empresarios gandeiros coa súa mensaxe negativa, que favor lles están facendo trasladando continuamente esa mensaxe catastrofista do sector. Se falamos sobre a reforma da PAC, non lles importa que a consellería impulsara e facilitara a participación e o diálogo de todo o sector, e froito dese diálogo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: ...pactara un decálogo coas organizacións, que se presentou para ser incluído nun plan estratéxico nacional. Iso para o tradutor da oposición significa: traizoan a Galicia.

Señor conselleiro, vou rematando. Que importante foi a comisión de estudo, ¿verdade? Como vostede dixo, supuxo un gran traballo de país: logo de máis de sesenta comparecentes, todos



os grupos estivemos de acordo coa meirande parte das cento vinte e tres recomendacións aprobadas, aínda que despois, por tacticismo político...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BLANCO PARADELO: ...soamente puideron votar a favor o Grupo Socialista e o Grupo Popular. Esas recomendacións que se están levando a cabo son, sen lugar a dúbidas, a folla de ruta que vostede está seguindo na súa consellería.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Blanco.

Ten a rolda para a réplica o conselleiro do Medio Rural, o señor González Vázquez.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rodríguez, cando eu cheguei aquí como parlamentario moitos de vostedes dicían que a ver que facía, con este perfil, defendendo o rural; se agora xa me identifica con Balbino, pódolle dicir que eu me sinto tremendamente orgulloso de ser un home do rural —tremendamente orgulloso— (*Aplausos.*) e de loitar polo rural. E todos deberíamos facer o mesmo, señor Rodríguez, todos deberíamos facer o mesmo, home.

Eu, sen dúbida, despois de escoitalos atentamente —como non podía ser doutra maneira—, ou parece que non me atenderon ou que non me quixeron atender. Afortunadamente, nesta intervención eu podo recalcar, engadir, aclarar e contestar todo o necesario e, ademais —e isto é unha vantaxe de ser conselleiro— sen tempo na intervención. (*Risos.*)

Tamén teño que dicir que outra das vantaxes de ser conselleiro é que me dan un montón de argumentarios para contestar a todos vostedes, pero eu case os deixei todos aí, porque o discurso que teñen algúns de vostedes... ¡Por favor! Señor Rivas, eu diríalle que repase dende o primeiro momento a lexislatura, home, que algunha cousa vai cambiando, porque algunhas das cousas que están aquí pediunas vostede tamén; algunhas voullas recordar, porque, polo menos, díganos que van ben. O señor Rodríguez tivo o bo detalle de dicir que algunhas delas estaban ben.

Mire —a ver se encontro o que dixó, porque o anotei—: o principio da súa intervención foi tan potente de negatividade que —eu digo—, se fose eu un comprador de produtos galegos de calidade, deixaría de compralos só de escoitalo, señor Rivas, deixaría de compralos. (*Aplausos.*)

Mire: falou —agora o encontrei, si— de intensividade na explotación gandeira, de impacto brutal medioambiental, de explotacións que pechan aí, case que non poden nin aguantar —deben ser os pobriños labregos que están alí perdidos—, de industria e de distribución vistas como inimigas. Eu digo, vamos ver, ¿que empresa pon o seu cliente como inimiga? ¡Están sempre igual! Terán que traballar con elas arreo; teremos que, entre todos, botar unha man, pero non facelas inimigas.



Prezos miserables comparados con outras comunidades ou países. E nós dicimos: xente —os gandeiros, os empresarios e empresarias gandeiros— con ambición e con ganas de facer ben as cousas, xente preocupada polas condicións hixiénico-sanitarias e polo benestar animal, xente —por suposto, tamén— formada e que concibe a súa explotación como un negocio que ten que acadar rendibilidade —e podemos falar do prezo, falaremos do prezo—, xente que interpreta a gandaría como unha actividade que fixa poboación no rural e que ten que actuar tamén como custodio do territorio, xente orgullosa, señor Rivas, do seu leite, cunha calidade excepcional. Temos o mellor laboratorio de España e probablemente de Europa, (*Aplausos.*) o LIGAL.

Saben, señorías —e eu estiven esta semana, si, e ademais convídoos, a través da Comisión 7ª, a que o visiten se non o coñecen—, que o Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite fai a cada unha desas sete mil —que din que son tan poucas— explotacións galegas... ¿Saben cantos controis fai ao mes? Quince; todo o leite galego está controlado polo LIGAL. Pero, ademais, as cisternas que van ás nosas industrias no noso territorio tamén están controladas. Iso témolo que poñer en valor. Non hai produto que teña unha calidade e unha garantía de sanidade maior nestes momentos.

E aquí estamos a falar todos dun tema tenebroso, que isto se acaba, que desaparece. Eu díralle que, cando fale, señor Rivas, cando fale dos agricultores, dos gandeiros —certo, nas eleccións, no rural non lles vai moi ben—, non diga que son só do Bloque, porque tamén son de En Marea, son do Partido Socialista e tamén son, por suposto, do Partido Popular, ¡tamén! (*Aplausos.*) E nós, comprenderá que, se son tamén do Partido Popular, non os asoballamos —como di vostede—. Pero eu, como conselleiro, levo quince visitas xa a explotacións —amén doutras cousas—, e pódolle dicir que ese panorama que vostede está trasladando aquí non se corresponde coa realidade, e vostede sábeo.

Señor Rodríguez, eu acéptolle bastantes cousas, pero isto de neofascismo extremo... ¡Neofascismo extremo! Porque pode falar de Madrid, pode ter unha opinión pero ¡home!, non nos bote encima o de neofascismo extremo. Non tomen vostedes a representación de todo o rural.

Miren: faláronme aquí, en primeiro lugar, de que é necesario mobilizar a terra agraria. Faláronme tamén de que hai falta de base territorial. ¿Pero non escoitaron o meu discurso? Se queren, vólvolles ler todas as dificultades que temos na estrutura territorial de Galicia: eu falei aquí dun compromiso que eu tomei como conselleiro, que está posto xa de manifesto e, polo tanto, vólvome comprometer aquí. E, por certo, teño que agradecer o magnífico traballo que está a facer o Grupo Parlamentario Popular para redactar unha lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia. ¿Pódese facer maior declaración de principios? ¿Pódese dicir que nós imos loitar por axilizar moito máis os arrendamentos do Banco de Terras? ¿Pódese dicir que nós imos traballar para sacar adiante polígonos agrarios, polígonos gandeiros e polígonos forestais? ¡Sen ningunha dúbida! E sen ningún acaparamento de terras. Porque, como din as recomendacións —e prégolle, aínda que non as votaran, que as lean, porque están aí recollidas—, estes proxectos se teñen que poñer á disposición das explotacións do territorio para fixar territorio. Nós non estamos a falar de grandes empresas, que, por certo, xa saben vostedes que agora xa temos un máis no noso ideario; antes era Ence, e agora hai un *reyezuelo*, que nos podería aclarar o señor Rivas cal é ese *reyezuelo*. (O



señor Rivas Cruz: ¡Coren!) Coren. (Risos.) (Murmurios.) Ou sexa, a cooperativa que recuperou todo o territorio de Ourense e que foi quen de sacar adiante... (O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): ...todo o sector agrario ourensán é un reyezuelo, ¡un reyezuelo, señor Rivas! Ben... Ben. (Murmurios.) (O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Quen está no uso da a palabra é o conselleiro, por favor.

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): «Ideario rural de Ence». Eu aínda non tiven ocasión de falar cos propietarios e co conselleiro delegado de Ence, pero, cando teña ocasión de reunirme con el, pedireille ese ideario rural para ver se máis ou menos ten algunha referencia.

Fala tamén de eliminación de solo de protección agropecuaria, pero ¡caramba!, ¿non escoitou que temos o catálogo de terreos de alta produtividade agropecuaria e forestal? ¿Pero non sabe vostede que foi En Marea quen nolo pediu? Pois fixémoslles caso: tiñan razón, recollémolo na recomendación —aínda que votaron en contra desa recomendación— e estamos a traballar nel.

Nese catálogo, nós sabemos que Galicia ten dous millóns oitocentas mil hectáreas de superficie rústica, e hai que repartir terreo para forestal, terreo para actividade agrícola e terreo para actividade gandeira. Se me pregunta a min, hai que recuperar superficie agraria útil para a actividade agrogandeira, sen ningunha dúbida. Polo tanto, diríalle que nisto de «eliminación de solo de protección agropecuaria» —saque agora o exemplo de Curtis, xa llo dixen onte que no Consello Agrario— se equivocan totalmente, señor Rivas; totalmente. E xa o verá, porque o que vai pasar aquí é que os feitos se van poñer de manifesto, e eu pódolle asegurar que se equivoca de pleno. Vostede siga por aí, que vai mal seguro; polo menos, nese ámbito.

Ben, antes de que me olvide: por suposto, señor Fernández, eu agradézolle con toda certeza —de verdade— a súa intervención. Só hai algún detallíño: isto de «tarde piaches» e a comparación que fixo. Eu entendín, e pareceume ben, que non quixera falar de orzamentos, pero ao final fóiselle un pouquiño o tema dos orzamentos na comparativa coas outras consellerías. Pero eu pediríalle que manteña ese período de graza, e volve dicir por que —e tamén ao Partido Socialista—: por que todo o que falei hoxe aquí son recomendacións do ditame que votamos vostedes e mais nós, e, polo tanto, eu pídolle que sigamos nesa liña, porque creo que é o que nós pensamos naquel momento de reflexión que tivemos o que pode levar o rural galego a ese futuro que todos nós esperamos. Polo tanto, pídolle que manteñan esa confianza.

Nós estamos a traballar arreo: hoxe anunciei aquí, aproximadamente... Porque eu pensei que diso ía esta intervención: vir aquí anunciar o que estamos facendo; non o que imos facer, o que levamos xa iniciado. Entón, eu, cando falo do catálogo de terreos de alta produtividade



agropecuaria e forestal, poderíalle falar de orzamento que xa temos enriba da mesa e de traballo que se vai facer; cando falo de inventario forestal galego, que era unha demanda histórica do sector e que estamos a sacar adiante, tamén lle podo falar de orzamento. E, por certo, estase a facer coa universidade galega. Polo tanto, eu pediríalles que manteñan esa confianza.

Tamén lle quero agradecer o traballo que está a facer a Fegamp no convenio, porque aí temos unha cuestión importante que nos afecta a todos, e gustaríame determe nela, que xa foi, no curso das recomendacións, unha cuestión pola que todos estabamos preocupados. Porque este tema dos lumes pode levar por diante cousas, pero tamén pode levar por diante persoas, e nós temos que traballar nas franxas de seguridade, ao redor dos núcleos de poboación. E nese traballo ao redor dos núcleos de poboación, nesas franxas, nós imos poñer enriba da mesa —que son cartos ou, polo menos, paréceme a min, porque eu penso que os cartos públicos son finitos e hai que ter moito coidado con eles— vinte e oito millóns de euros, e o que fixemos cun convenio que xa era magnífico foi adecualo aínda máis ao que nos piden os concellos. Os concellos pediannos maior apoio administrativo, ¿e que lles dicimos nós? No convenio, nós ímoslles facer o plan básico de prevención e extinción municipal, e eu pediríalles que falen cos alcaldes dos seus concellos e que non gasten os cartos nisto, porque o imos facer nós, no seo do convenio. E tamén lles pido que, aqueles que faltan por adherirse —que son sobre cento sesenta—, se adhiran todos, porque todo son vantaxes.

Miren: ímoslles facer tamén os planos das franxas dos núcleos de poboación; facémoslles nós. ¿Por que? Porque dende a Xunta, e co Instituto de Estudos do Territorio, podémolo facer de forma máis centralizada. Non vai poder ser inmediatamente para todos, ¿por que? Porque os núcleos teñen que estar delimitados. Pero a todos aqueles concellos que teñan os núcleos delimitados nós facémoslles as franxas e, ademais, identificámoslles os titulares catastrais. E ademais —home, eu penso que isto é importante— estamos desenvolvendo un programa informático para toda a tramitación da limpeza das franxas, que o vai facer a Xunta coa Amtega, e vaino poñer á disposición dos concellos. ¿Pero isto non é importante? ¿Como temos que falar do pasado e do que non se fixo coas cuestións que estamos anunciando aquí?

Por outra banda, o convenio —como saben— o que vai facer é que, con fondos públicos e con medios públicos, imos entrar na limpeza das franxas, que é unha obriga dos propietarios, pero imos entrar tratando de limpar ao redor de toda a franxa cunha finalidade, señorías —e, de verdade, créano todos porque eu tamén o creo, pero ademais temos, entre todos, que convencernos e intentalo—: nós temos que conseguir, cando se limpen as franxas, que despois non se volvan limpar, porque se ten que implantar aí actividade agrogandeira, e, para demostrar isto, no convenio —e estamos a falar nestes momentos coa Fegamp— imos poñer cartos da Xunta de Galicia para que se poida desenvolver esa actividade agrogandeira. Haberá sitios nos que se poida desenvolver pastoreo, e imos facer nós os peches; é dicir, nunha aldea imos pechar todo o perímetro para que se poida facer pastoreo dentro dela. ¿Iso é bo ou é malo? Critiquen estas cousas, non me veñan con cousas do pasado, e falemos do que se ten que facer para recuperar o noso rural.

Nós entendemos —e isto tamén o quero dicir claramente— que, aínda que é ambicioso o proxecto, non podemos chegar aos trinta e sete mil núcleos de poboación. Ímolo facer pouco a



pouco, pero temos que incentivar entre todos esa limpeza, polo que estou dicindo eu de protección das persoas. Polo tanto, señor Fernández, pediríalle iso de que manteña o seu apoio.

Faloume tamén o señor Rivas de revisión do Plan forestal. Miren: eu collín un compromiso de diálogo e de tratar, na medida do posible, de consensuar as cousas. Ten que ter en conta —e tamén llo dixen antes— que se fixeron dúas direccións xerais: onde antes había unha soa agora hai dúas. O Plan forestal pasou á Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal; temos un novo director. Pedíume darlle unha lectura ao Plan forestal, pedíume adecualo, na medida das posibilidades, se cabe, máis ás directrices que se fixeron no seu día. E eu téñolle que dicir que si, por suposto.

Por outra banda, recollendo as reclamacións do sector, nós fixemos —ou comezamos a facer— o inventario forestal de Galicia, señor Rivas. Polo tanto, o Plan forestal terase que adecuar ás cifras do inventario forestal; penso que é de lóxica.

En todo caso, o compromiso deste conselleiro é que, cando este Plan forestal estea rematado, antes da súa aprobación pasará polo Parlamento. É un compromiso, pódeno apuntar e, se non o cumpro, botarmos enriba.

Falaba antes de bosque, eu non sei de que bosque. Cando eu digo que estamos a desenvolver, de acordo coas recomendacións do ditame, o concepto de «bosque modelo», teríalle que dicir que é un concepto internacional, non o inventa este conselleiro. Precisamente, o director xeral de Planificación e Ordenación Forestal foi o que me puxo enriba da mesa o concepto de «bosque modelo», que empeza xa hai uns cantos anos en Canadá, e que se veu desenvolvendo por outros países europeos, e tamén en España. Nós o que queremos é empezar a amosar como se ten que facer un bosque no que haxa unha diversidade de especies arbóreas; aquí non apoiamos ninguén —nós tampouco— o monocultivo, baixo ningunha circunstancia. Falamos dun monte multifuncional. Oia, a ver: ¿pero o plan de pastoreo en extensivo non é multifuncionalidade do monte?

Dicía antes o señor Rodríguez que aquí xa se falou dun plan do Macizo Central. Miren: nós próximos días —eu diríalle que antes do 15 de marzo— imos presentar —e eu invitareino a vostede— ese plan de pastoreo; por suposto, haberá pasteiros no Macizo Central, pero tamén en Cualedro. ¿Que ten que ver que se gastaran moitos cartos en Cualedro para que Cualedro sexa un sitio sistematicamente afectado polos incendios? E, ademais, nesas concentracións parcelarias que di vostede dáse algún dos problemas que temos nestes momentos no rural galego. ¿Sabe cal é? Que están abandonadas e cheas de xestas; que arden, ademais, recorrentemente. Polo tanto, penso eu —e corríxame se me equivoco— que será bo quitar esa xestas e poñer pasteiros para que haxa gandería en extensivo.

Trescentas hectáreas, con cartos da Xunta de Galicia. Imos facer os peches e imos poñer á disposición esas trescentas hectáreas, ¡oh!, ¿da gran empresa? Non, esas trescentas hectáreas ímolas poñer á disposición de gandeiros da zona. Home, eu, se quere, pídolles a adscrición política, pero non debería de ser cousa diso; a min o que me importa é que sexa xente do territorio e que fixe alí poboación. Polo tanto, téñolle que dicir que alí hai eses gandeiros para podelo facer.



Faloume o señor Rivas —é que hoxe, señor Rivas, deu para bastante a súa intervención— e dixo unha cousa que si me pareceu interesante, e xa llo dixen á miña xente: hai que ver, evidentemente, se na orde de danos do xabariil —aínda que non sexa competencia da Consellería do Medio Rural, que é competencia da Consellería de Medio Ambiente— non puxemos a xudía verde e puxemos o boniato. Pero non se preocupe, que faremos unha corrección de erros para coller a xudía verde tamén.

Pero faloume do nematodo e de que hai madeiras sen cortar. Si, claro, claro, claro, o que ten que facer é —e alí hai alcaldes tamén do Bloque— falar entre todos para que nos apoiem cos particulares cos que temos dificultades para poder entrar. E, ademais, ¿sabe o que pasa na zona aquela tamén? Apunte o que queira, señor Rivas, pero todas as cortas que se tiñan que facer pola Xunta de Galicia están feitas, porque antes de avisar, antes de falar coa xente —e non temos problema respecto dos datos, seguro—, que, por certo, é o que fixemos, preocupámonos diso. E agora quedánnos unhas hectáreas —que se poden cuantificar— de propietarios particulares. ¿E saben vostedes cal é o problema fundamental? Os ilocalizables, o gran problema do rural galego; a dificultade que trae consigo o minifundismo vese agravada polo descoñecemento da propiedade. É que non podemos actuar en moitos sitios polos ilocalizables.

Por iso, a lei de recuperación e posta en valor da terra agraria de Galicia vai atacar de raíz eses ilocalizables, vai poñer en marcha a facultade de investigación e, ao mesmo tempo que se pon en marcha esa facultade de investigación, que nós poidamos empezar a xestionar esas terras a través do Banco de Terras. Por certo, esa facultade de investigación vai ser nosa, vai ser galega, non do Estado, e para iso estamos a traballar. Espero que o Bloque non estea en contra de que a facultade de investigación sexa de Galicia e non do Estado.

Falaron tamén de canles curtas de comercialización. Señor Rodríguez, eu diríalle que hai unha orde a punto de publicarse do Agader —se quere, pásolla en borrador, por se quere facer algunha aportación— sobre canles curtas de comercialización, dotada orzamentariamente con quíntos corenta mil euros no ano 2019 e quíntos corenta mil euros no ano 2020.

Falou dun sector que a min me interesa especialmente, o da horta, que, por certo, case non existe. Nós temos IXP: temos pementos, temos a IXP do grelo, e, sen embargo, non estamos a conseguir que ese sector traballe adecuadamente. Eu penso que o decreto de artesanía alimentaria vai botar unha man niso, pero, aínda así, eu pedinlle á miña xente da Axencia Galega de Calidade Alimentaria que estudara a posibilidade de conseguir unha indicación xeográfica protexida para a horta galega, porque eu son un defensor da calidade dos produtos galegos. Todos os produtos galegos que nos fornecen e que nos fan sentir orgullosos como galegos están en denominación de orixe IXP —indicación xeográfica protexida—. ¿Saben todos vostedes para que? Para que precisamente poidamos apoialos coa promoción e poidamos defendelos fronte a calquera tipo de fraude. Polo tanto, eu penso que a horta ten que estar aí. A min gústame especialmente a horta como un elemento dinamizador do territorio.

Tamén hai outro produto que me parece moi interesante e que nos pode axudar a esta dinamización do territorio. ¿Saben cal é? O pan galego. Por iso queremos sacar adiante a indicación xeográfica protexida do pan galego na que —e este tamén é un compromiso— unha parte moi importante do seu cereal se vai exixir que sexa plantado en territorio galego e que,



ademais, sexa de variedades autóctonas. (*Aplausos.*) ¿Por que? Para fomentar esa mobilización. E non se preocupen, que non será para ningún *reyezuelo*; levamos en toda a lei medidas antiacaparamento. Ademais, pónollelo máis fácil: propoñan vostedes medidas, ¡nós non temos problema ningún con iso! Suficiente problema hai no territorio galego para que teñamos que traballar todos xuntos na mobilización.

Mire, señor Rodríguez: hai algunha cousa que —non lle vou mentir— xa tiña preparada, porque xa sabía que mo ía dicir. Falou de transparencia e vontade de diálogo —que non había—, escurantismo e toda esta historia. Hai unha cousa que si me preocupa do que dixó, e se é así corríxírmolo, pero quérollo dicir. Consello Agrario: en cento corenta días, dúas veces convocado. Está xa convocado o Consello Forestal; reuníme con todas as organizacións sectoriais e con todas as organizacións profesionais agrarias sen distinción de ningún tipo. Convocouse a Mesa da Pataca —se non lle chegou a información, farémolla chegar—, xa llo digo, xa o preguntei. Está convocada a Mesa da Castaña, que ten que ser un elemento dinamizador de algo tan importante para nós como é a castaña. Está constituído o grupo de traballo da PAC; queremos ser a primeira Comunidade Autónoma de España en constituír ese grupo de traballo para adiantarnos aos demais.

Por certo, cando falaba de que agora estamos a defender os agricultores e gandeiros galegos —sempre o fixemos—, nós o único que dixemos é que aínda non era o momento en Europa de falar diso. Cando eu estiven hai quince días en Madrid defendín, entre outras cousas —e fun a única Comunidade Autónoma—, os dereitos históricos dos agricultores e gandeiros galegos, e defendín tamén, dentro da concepción de agricultor xenuíno, ¿saben o que defendín?, a pluriactividade. Porque aquí hai agricultores e gandeiros a tempo parcial e vai seguir habéndoos, non só agricultores profesionais, que tamén nos fan moita falta. E temos que contar con esa actividade tan tradicional do noso agro.

Temos creados os grupos de traballo —non se chama Plan estratéxico, cambiámoslle o nome— da Estratexia de dinamización do sector lácteo galego. Mire, eu non dixen que estivera extremadamente ben o sector lácteo, eu din os números de forma diferente a como os dan vostedes, e o que digo é que, dende o ano 2016, asistimos a unha recuperación. ¿Que estamos nós satisfeitos? Non. ¿Que temos que mellorar? ¡Por suposto! ¿Quen nos ten que dicir como mellorar? O sector. Polo tanto, nós convocamos a todo o sector para traballar nesta estratexia de dinamización do sector lácteo galego. Son eles, a través de grupos de traballo. Eu dareille os nomes, non teño inconveniente ningún.

Dixo o señor Rodríguez antes que me tiña reunido con vostedes, gustaríame reunirme outra vez. E incluso se se queren incorporar á Estratexia de dinamización do sector lácteo galego os grupos parlamentarios, non temos absolutamente ningún inconveniente, ¡ao contrario! Pero a aportar, ¡eh!, a aportar todos. Nestes momentos hai xa xente da consellería, hai xente da universidade e, por suposto, hai xente do sector. Falouse onte, no Consello Agrario, con todos os representantes do sector; algúns deles moi ligados a vostedes, supoño que os formarían.

Temos tamén máxima interlocución con todas as asociacións do sector forestal sen ningún tipo de distinción, falamos con todos. ¡Home!, non me achauen a min falta de transparencia



e de vontade de diálogo. Eu penso que nestes cento corenta días que levo como conselleiro, moito máis non me puiden... Deume tempo a reunirme con case cincuenta alcaldes, pero para moito máis non me dá a vida.

Polo tanto, fronte a unha visión que teño que dicir, de verdade, que é francamente deprimente, señor Rivas... Non quero buscar un enfrontamento con vostede, vostede xa me coñece e non quero buscar un enfrontamento, pero penso que deberían de reflexionar. Se teñen que facer algo, critiquen a este conselleiro, pero non critiquen o rural de Galicia. (*Aplausos.*) Se teñen que facer algo, critiquen a este conselleiro. (*Aplausos.*)

Se nós non conseguimos ou non acadamos o obxectivo que pretendemos, que é que Galicia e todos nós nos sintamos orgullosos do noso rural, entón si que nos terán que chamar á responsabilidade. Pero eu digo —e xa con isto conclúo— que o rural galego ten futuro e que o futuro do rural galego pasa pola actividade económica rendible. Ademais, ese futuro que nós albiscamos ímolo levar co mandato parlamentario que nos deu a Comisión de estudo para a reforma forestal, na que se recolle un compendio de medidas que, se somos quen de aplicalas —e eu pediríalles o seu apoio para aplicalas—, podemos revolucionar o noso rural, para que o rural sexa un sitio no que, ademais de vivir nel, tamén se poida vivir do rural.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Abrimos unha rolda especial de aclaracións. (*Pausa.*)

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, xogan con vantaxe: dous voceiros, tempo ilimitado pola súa parte... Nós, en fin, imos ter que facelo telegraficamente.

Primeiro teño que dicirlle algo polo que si estou realmente cabreado —é a palabra xusta—. Nós non criticamos o rural, ¡criticamos a súa visión do rural! e criticamos o que vostedes fixeron no rural desde hai moito tempo, (*Aplausos.*) ¡iso si!, enténdasenos ben. (*Aplausos.*) Ademais, eu non veño aquí botarlles flores, evidentemente. Igual que vostedes non o facían cando a consellería de Suárez Canal estaba no Goberno. ¡Claro! O que pasa é que vostedes xa non se lembran daquilo, ¿verdade?

Mire, busque as visitas non guiadas, de verdade, son as únicas. Vaia vostede de improviso, entre, leve unhas botas de goma —desas katiuskas—, entre onde non o esperan, pregunte sen identificarse, e saberá a realidade. E saberá o desespero de moita xente que vai plantar terras agrarias si ou si porque non ten outra solución, porque vostedes non lles dan outra solución.

Vostede falou do custo de produción e falou dos prezos de Andalucía. Dígame vostede, ¿é que as empresas que comercializan o leite en Andalucía son *Hermanitas de la Caridad*? Son



freiras da caridade que lles pagan máis diñeiro alí que aquí, que lles custa máis producir. ¡É que eu non entendo!, de verdade, non entendo, porque o mundo empresarial non é así.

Vamos ver, eu pensei que vostede viña aquí falarnos dos polígonos agrarios, polígonos gandeiros e polígonos forestais e esmigallalos; é dicir, darnos unha boa lección do que pretenden facer. Non dixo nin pío. A mobilidade de terras segue sendo unha incógnita.

Mire, ¡claro que si!, claro que a mobilidade de terras é o miolo, é o centro da posible recuperación do rural, pero non a inventaron vostedes. Vostedes tivérona metida no armario, pechadiña con vinte chaves, para que non se lle vira, e agora, como están apretados, sácana. O que nós queremos saber, polo menos desde o BNG, é como van facer, porque desconfiamos, de verdade. Anos e anos de desgobierno do Partido Popular fannos desconfiar, e temos dereito a iso.

¿O nematodo? Aclarareillo. Os montes conveniados foron os últimos en facer as poxas —¡os que as fixeron!—. E dixo o señor Fernández Couto —¡isto díxoo en comisión o señor Fernández Couto, non mo negue!— que tiñan multitude de trabas burocráticas para poder facelo. ¡Elimínenas! Vostedes o que non poden facer é permitir que o nematodo progrese e que nos arruíne. ¡Claro!, non o poden permitir, ¡e xa lles tiraron das orellas desde Europa!

A base territorial é imprescindible neste país, tanto sexa para esa horta que vostede recoñeceu que é case inexistente pero que ten ganas... Sabe como se apoia a horta, ¿non? Con subvencións. Apóíase facilitándolle a vida e non poñéndolle croios no camiño. ¿Sabe que croios teñen no camiño? Pois que non poden alugar, porque é tal a situación das terras que lles permiten traballalas pero sen alugueiros fixos. Sabe que teñen unha leira aquí e outra alá e outra acolá. ¿Sabe vostede que se pagou este ano pasado a cebola chata de Betanzos a 1,60 ao produtor? ¡é rendible!, ¡é rendible! Vostedes o que teñen que facer é favorecer a existencia dese sector, e favorecer a existencia é aupalo, reunirse con eles e dicirlles: ¿que pasa?, e enfrontarse á realidade cruamente e buscar solucións, que non as buscan.

O Agacal —herdeiro do Ingacal—, preguntémoslle ao señor Fernández Couto como deixou o Ingacal, como deixou a investigación deste país. ¡Espoliada! ¡Desertizada! Alégrame moito que vostedes veñan agora e intenten facer algo. De verdade que me alegra moitísimo.

¿Lumes? ¡Ordenen! ¡Teñan valor! ¿Mosaico? ¡Ordenen! Fagan masas descontinuas. Iso está escrito non só polo BNG, senón por todo quisque que entenda algo de monte. Pero vostedes non se atreven, ¡Ence está detrás!

Mire, once anos despois vostedes recuperan as faixas. E fíxeme unha graza maligna, ¿van cerrar?, ¿van facer cerres perimetrais nas faixas? ¿De onde van sacar os cartos? ¿Ou van facer un par deles como exemplo, para poñer na Televisión de Galicia de propaganda? ¿De onde van sacar os cartos? ¡Claro, caramba! Vostede falou aquí —ou eu entendín mal, que tamén pode ser, que ás veces cando estou algo atravesado entendo mal— do ditame e falou do Servizo contra incendios, pero vostedes conculcaron o ditame, porque antes de que se reunira o comité de expertos vostedes xa estaban reformando o Servizo contra incendios, ¿ou non? O cal demostra que nós, bueno, votamos en contra porque, porque...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: ...¿por que?

Mire, se nós mantemos o mesmo discurso aparentemente, é froito do seu fracaso, froito do fracaso das políticas do Partido Popular.

E en canto ao ideario de Ence, pregúntelle ao señor Carlos del Álamo, el sabe bastante diso. Está en Madrid pero poden viaxar. De paso que viaxan a outras cousas, poden viaxar tamén a isto, ¿non? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RIVAS CRUZ: E de paso pode ser fructífero.

E pouquiña cousa máis.

Señor Blanco Paradelo, vostede non está informado, porque os grupos da oposición —e o señor conselleiro pódello corroborar— estabamos para pedir hai quince ou vinte días a comparecencia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor RIVAS CRUZ: Díxonos que ía comparecer e quedámonos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: ...con toda a educación que é necesaria.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra o señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, o territorio galego —sábeo vostede ben— amosa un manifesto desequilibrio entre o rural e o urbano. Na zona urbana, o 20 % ou 30 % do territorio, vive o 75 % ou o 80 % da poboación; e no rural, o 70 % ou 80 % do territorio, vive o 20 % da poboación.

Vostede ten manifestado que considera rural todo o territorio, eu téño escoitado varias veces. A min podería valerme esa proposta ou esa opinión súa, pero son moi evidentes as diferenzas entre o espazo urbano e o espazo rural. A realidade é que Galicia amosa un recoñecido escenario de debilidade nun amplo espazo territorial, a pesar das recoñecidas fortalezas das que dispón nese mesmo ámbito; estou falando, loxicamente, do ámbito rural.



O chamado medio rural avanza na despoboación e o abandono das terras, identificándose cada día máis, e tristemente, coa desertización. E isto non é unha mensaxe negativa, isto é unha realidade palpable que todos coñecemos e que deberíamos recoñecer. E ese manifesto desequilibrio entre o rural e o urbano limita e mesmo reduce o desenvolvemento global de Galicia en termos económicos, sociais, naturais, de emprego, medioambientais, etc. É preciso, polo tanto —e niso creo que coincidimos todos—, atallar esa dinámica negativa do despoboamento con políticas activas, claras, efectivas e avaliáveis, que promovan o impulso do rural rural.

Este é o escenario de actuación da súa consellería, e este escenario debilitouse permanentemente por múltiples razóns, tamén pola inacción dos gobernos e, singularmente, pola manifesta pasividade dos gobernos do señor Feijóo, que implicitamente recoñece ese esquecemento cando lanza para esta lexislatura a frase «a lexislatura do rural».

Esa debilidade do medio rural é visible e palpable, non é inventada. En poucos anos, en cuestión de servizos: menos servizos públicos no eido educativo, no eido sanitario, no eido do transporte, no eido da proximidade da Administración, etc. E menos servizos tamén privados: menos oficinas bancarias, menos farmacias, menos tendas de bebidas, de alimentación, de servizo de taxi, de comercio de proximidade. ¿Que vou dicir en poboación?: menos nenos, menos mozos e mozas, menos poboación no seu conxunto. As consecuencias son claras, sen relevo xeracional nas explotacións agrogandeiras, terreos agrarios e gandeiros abandonados e tendencia á desertización, como dicía anteriormente.

Señor conselleiro, xa non valen panos quentes, vostede sábeo ben. Sei que non o temos doado, e digo isto en plural porque a responsabilidade é de todos; é verdade que duns máis que dos outros, pero é de todos.

Hai cuestións básicas enquistadas na propia consellería, que vostede tamén sabe, pero que convén recordarllas. Por exemplo, as concentracións parcelarias, que se eternizan —xa vostede dixo algunha—. Simplemente como reseña, mire, esta semana pasada o Grupo Socialista rexistrou iniciativas sobre unha concentración parcelaria que se iniciou en 1991 e está sen rematar; pasaron vinte e oito anos. Tamén na xestión e incremento da superficie agraria útil ou na base territorial —como queiramos chamarlle—; precariedade dos servizos de proximidade e asesoramento, que xa saíu antes tamén, no que se refire ás cámaras agrarias comarcais, un gran servizo de información. Escasa eficiencia nas convocatorias de axudas e subvencións: no prazo de solicitude algunha, na resolución outras, e na percepción das axudas polos beneficiarios noutros casos. Hai un incumprimento manifesto do Convenio lácteo.

E tamén hai cuestións básicas de actualidade que é preciso dinamizar. Vostede dixo algunha: Lei de modernización do territorio, Lei de mobilidade de terras, reforma forestal, reorganización do dispositivo de incendios, Plan estratéxico do paquete lácteo, Documento estratéxico de Galicia para a nova PAC na política agraria común. Hai máis, vostede ben o sabe, estas son só unha mostra do abundante traballo que queda por facer; e todas estas cuestións debemos e podemos abordalas.

Podemos abordar estas cuestións de dúas formas. Podemos abordalas unilateralmente polo goberno, tal como se fixo, por exemplo, coas modificacións lexislativas a través do Proxecto



de lei de medidas fiscais e administrativas dos orzamentos de 2019. Lembremos que a través deste procedemento, lexítimo, o Grupo Popular que sustenta o Goberno fixo oito modificacións da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia; fixo unha modificación da Lei 6/2011, de mobilidade de terras; fixo dez modificacións da Lei 7/2012, de montes de Galicia; e fixo tres modificacións da Lei 4/2015, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia. Vinte e dúas modificacións de leis que afectan ao rural feitas de forma unilateral.

Pódense abordar —como digo— unilateralmente, pero tamén se poden abordar a través dun proceso participativo de compromiso compartido, como se fixo coa Comisión Especial non permanente de estudo das reformas da política forestal e de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan forestal de Galicia.

Señor conselleiro, as formas tamén son importantes, vostede sábeo ben. E son importantes ademais nun proceso compartido e participativo. Para este proceso pode contar —como digo— co Grupo Socialista, co obxectivo de dinamizar o rural e superar as carencias orzamentarias que deberían axilizar este proceso...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...pero que non están presentes, e estas carencias, de feito, impiden que esta sexa a lexislatura do rural.

Abramos entre todos, polo menos, a porta para que sexa posible que esta lexislatura do rural se poida conseguir na seguinte lexislatura.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Falaba o señor Blanco Paradelo do fascismo e da manifestación do outro día, e o señor conselleiro tamén. Vostedes manifestáronse co fascismo, pódeno disfrazar como queiran.

Voulle ler unha acta do día primeiro de agosto do ano 1936, que di: «*Don Serafín Rodríguez faleceu en despoblado el día de ayer a las 24 horas, a consecuencia de disparos de arma de fuego de fascistas en situación de estado de guerra.*» Vostedes manifestáronse con esta xente. Entón, [*vostedes son o Partido Popular da Falanxe.*] (*Expresión retirada por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento da Cámara*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Isto é verdade, e isto, señor presidente, é a miña escusa para que vostede non me expulse cada vez que lle chame [*partido da Falanxe*] ao Partido Popular. (*Expresión retirada por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento da Cámara*)



O señor PRESIDENTE: Non, non, pero é que iso é unha inexactitude. Eu creo que é unha inexactitude. É unha inexactitude total.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: O señor Norberto Uzal, que foi director xeral de Función Pública... —corríxame se me confundo— ...ata hai máis ben pouco, era abandeirado do señor Rueda, ten o carné da Falanxe. Ademais, ata creo que... (*Murmurios.*) non hai moito estivo nun acto con el. Entón, non se queiran esconder do seu pasado.

O señor PRESIDENTE: Vamos ao medio rural.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Sobre a comparecencia, señor Paradelo, eu penso que o portavoz do Bloque Nacionalista Galego llo dixo claro, nós iamos pedir a comparecencia do conselleiro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Iamos pedir a comparecencia para que nos explicara unha serie de cousas. Dixémosllo a el de boa fe e díxonos que non a pediramos. Agora que veña aquí vostede acusarnos de non pedir a comparecencia do conselleiro penso que sobraba. Se cadra non houbo comunicación entre vostedes, que tamén pode ser.

Cualedro. Deu vostede no cravo. ¿Canto levan investido en Cualedro en reestruturacións parcelarias? ¡Están cheas de xestas, algo non funciona! Algo non funciona. Non é a súa culpa, vostede acaba de chegar, ten razón. É culpa dos que estaban antes. Non lle boto a vostede a culpa que vostede acaba de chegar. Agora, se pasan por alí, non sabemos, porque posiblemente algunha desas parcelas de Cualedro acaben sendo esterqueiras dos residuos de Coren que xa non collen na Limia. E, jollo!, non estamos en contra de Coren, estamos en contra do modelo de xestión dos residuos que tanto a Consellería do Medio Rural como a Consellería de Medio Ambiente teñen que facer e non están facendo. Hoxe a comarca da Limia está soportando unha carga de residuos que equivale a 1.600.000 persoas nunha comarca. Teñen que facer algo, están envelenando o territorio. Estano permitindo, non envelenando; estano permitindo.

O Plan forestal. Hai un novo director xeral, hai dúas subdireccións, di que está revisando cousas. Pode ser bo, sempre que reduza ese aumento que se recolle de eucalipto, sempre que prohiban os cultivos enerxéticos, etc.

E sobre os incendios, ¡home!, a privatización do servizo segue aí. Natutechnia, os traballos da UME nestes lumes, as brigadas dos concellos non se sabe moi ben como van... creo que este ano van seguir igual. Nada quita que un concello privatice ese servizo. Iso tamén fai ao Servizo Público de Prevención e Defensa contra Incendios pouco operativo. ¿Que pasou co acordo dos axentes que asinaron a Consellería do Medio Rural e a de Medio Ambiente? Aínda non se levou a cabo tampouco, aínda lles deben as gardas de hai dous anos. Débenlle as gardas, a algúns axentes, do ano 2017. Iso é verdade e iso vostedes sábeno.

Plan de emerxencias e incendios municipais. Está moi ben, pero iso xa está recollido no artigo 7 da Lei de incendios forestais do ano 2007. Está recollido ese artigo. ¿Que queren inventar agora? ¿Por que non o executaron? Tiveron todos estes anos para facelo e, de momento, non se fixo. Só o 50 % dos concellos están adheríndose ao convenio coa Xunta e coa Fegamp. E outros concellos, e moitos tamén son do Partido Popular, non se están adherindo. ¿Por que? Porque lles vai supor problemas ese convenio.



Dúas direccións xerais. Está ben que lle quiten competencias ao señor Couto antes de que estoupe a pataca quente do tema dos helicópteros, que vai saltar, e se destape o negocio dos incendios forestais.

Diciáo o señor Fernández, e tamén deu no cravo o portavoz do Partido Socialista: cada vez temos menos servizos no rural. E pode ter vostede moi boa vontade desde a Consellería do Medio Rural, que como non vaia apoiado doutras iniciativas por parte doutras consellerías, de pouco vai valer que vostede queira inventar o ouro e o mouro se despois alí non imos ter onde ir a un médico.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Para aclarar o da petición da comparecencia, vostedes mesmos recoñeceron que hai doce ou quince días falaron co conselleiro para pedir a comparecencia. Ben, perderon para pedir a súa comparecencia o mes de outubro, o mes de novembro, decembro e xaneiro, catro meses; ¡catro meses para pedir a comparecencia! E voulle dicir máis. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BLANCO PARADELO: A outros conselleiros non lle dan tempo nin para respirar.

O señor Rodríguez, na última comparecencia que solicitaron, dicíalle á anterior conselleira que, sendo a lexislatura do rural, era a conselleira que menos tiña comparecido e que era unha vergonza. Diciáo vostede, téño aquí recollido. Pero pasan catro meses e vostedes non se acordan de pedir a comparecencia, ¡iso é o que lles interesa falar do medio rural neste Parlamento!

Mire, eu creo que o rancor e a nostalgia non son bos compañeiros de viaxe, por iso vostedes na súa viaxe ven todo de cor negra. É esa nostalgia do Bipartito, de que calquera tempo pasado foi mellor. Eu penso que iso a vostedes non lles convén.

A min gustaríame dicirlle ao señor Fernández, do Partido Socialista, só un matiz. Vostede estivo toda a súa intervención falando dos orzamentos. Eu non sei a vostede —se o comparamos cos orzamentos da Xunta de Galicia e cos orzamentos do Estado, que esperemos que mañá non se aproben— que lle parece que mentres a Xunta de Galicia tiña máis do 9 % do investimento rexionalizado, agora baixe a un 6,22 %, non sei que lle parece, cando o orzamento da Xunta de Galicia crece e o de Medio Rural un 4,2 %. E vostede dixo orzamentos insuficientes, orzamentos de servizos mínimos. Non sei, vaia pensando un cualificativo para o orzamento do señor Sánchez con respecto a Galicia.

A min, de verdade, sorpresa, e botei en falta a algún dos deputados ourensáns... Señor Rivas, ¿agora está vostede en contra de Coren? *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*



Non, non mo aclararon. Mire, estamos falando —e tamén vai para o señor Rodríguez—...

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, por favor. (*Murmurios.*) Silencio, silencio... Señor Rodríguez, todos os demais estiveron... Non, non, hai que respectar a palabra. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, perdón. Por favor. Non, porque a vostede, cando falou, non o molestou ninguén. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, silencio. Vouno ter que chamar á orde.

O señor BLANCO PARADELO: *Reyezuelo* chamoulle vostede...

O señor PRESIDENTE: Ademais temos pendente vostede e eu unha aclaración.

O señor BLANCO PARADELO: Miren, Coren é un modelo exitoso de agricultura que ten máis de 7.000 postos de traballo entre familias, cooperativistas e traballadores. E foi creada de abaixo arriba.

Comezou no ano 1953 Eulogio Gómez Franqueira e hoxe continúa o seu fillo. Oxalá houbera en Galicia moitos máis Franqueiras, ¡oxalá! (*Aplausos.*) Pero ¿como se pode dicir iso? ¿Como se pode dicir iso?

Señor Rodríguez, volvo insistir, non me aclarou en que nos beneficia a Galicia ese lazo vergonzoso amarelo que leva vostede na chaqueta. Non sei en que nos beneficia a Galicia a independencia de Cataluña. Nos orzamentos o que si vemos é que Cataluña gaña 724 millóns de euros, subindo do 13 % ao 17 %, e en Galicia perdemos orzamentos.

Quixera tamén dicirlles sobre a... (*Murmurios.*) Eu non entendo, señor presidente. É moi difícil así fiar un discurso, é moi difícil. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BLANCO PARADELO: Estou contestándolles a vostedes. A lexislatura do rural. Mire, aquí penso que tamén existe... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Vamos interromper, se lles parece.

Interrompemos o pleno un momento...

O señor BLANCO PARADELO: Estoulles contestando a vostedes o que significa... Señor Rivas, ¡hai que encaixar, home!, ¡hai que encaixar!, que os demais tamén...

O señor PRESIDENTE: ...se non, non podo... Silencio. Silencio. ¡Señor Rivas, silencio!

O señor BLANCO PARADELO: Pero vostede falou de todo o que quixo.



Respecto á lexislatura do rural, ese concepto, eu creo que algúns se confundiron. Cando o presidente Feijóo dixo que esta era a lexislatura do rural, non dixo que era a lexislatura da Consellería do Medio Rural. Vostede, señor Fernández, na súa trampa dialéctica falou da perda de bancos, dos taxis, das caixas etc. ¿Por que non recoñecen nos anos desta lexislatura os impostos cero nas transmisións, nas compravendas no rural? Nada. As casas niño para axudar a conciliar, o novo servizo de transporte público no rural, as casas do maior, a banda ancha no rural, as axudas á rehabilitación de vivendas no medio rural... ¿Iso si é traballar polo rural ou non é traballar polo rural? *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E respecto a un tema que lle preocupa moito, especialmente ao señor Rivas Cruz, eu lamento que non teña encaixe e que mostre ese pouco talante democrático. Mire, sobre os cambios de uso de terra agraria a forestal eu quixera aclarar, porque non convén alarmar e esaxerar. O número de solicitudes de cambio de uso forestal a agrario, de forestal a agrario, polas respectivas provincias, foi o seguinte. En Ourense, 199 solicitudes; na Coruña, 130 solicitudes; en Lugo, 1.565 solicitudes; e en Pontevedra, 46 solicitudes. En total, 1.900 solicitudes. Esta é a realidade de cambio de uso forestal a agrario, e non outra.

Polo tanto, señor conselleiro —e xa remato, presidente—, nós cremos que vostede en todo o seu discurso, e na súa segunda intervención, estivo nomeando continuamente a comisión e o ditame. Esa é a folla de ruta, ese é o plan de traballo, pero como vostede dixo, non é o plan do partido Popular, foi unha folla de ruta feita por máis de sesenta comparecentes que durante catro ou cinco meses estivemos traballando todos xuntos. Creo que cómpre dunha vez, señor Rodríguez e señor Rivas Cruz, dicir que vostedes non se sumaron a ese acordo por tacticismo político, pero, moitas desas iniciativas ás que vostedes votaron en contra, despois lévanas á comisión en forma de PNL. ¡Súmense dunha vez ao acordo!

E remato dicíndolle unha cousa, facendo unha reflexión, porque me molestou persoalmente o señor Rodríguez de En Marea. Se vostede está nun bar tomando unha cerveza ou un viño e resulta que entran unhas persoas que vostede sabe que van co carné ou que levan, ao mellor, algunha identificación dalgún grupo extremista, de esquerdas ou de dereitas, ¿sería xusto que eu lle dixera: *Oiga, usted va de cañas con la Falange o usted va de cañas con los extremistas?* Pois non sexan demagogos e permitan que todo o mundo exerza o seu dereito a manifestarse.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Blanco Paradelo.

Peche da comparecencia, señor conselleiro do Medio Rural.

¡Silencio, por favor!

O señor CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL (González Vázquez): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.



Señor Rivas, 28 millóns de euros no convenio da Fegamp e Seaga —tradúzollo non por ningunha razón especial— son 4.700 millóns de pesetas, para algún peche nos dará. Imos orzamentar nese convenio polo menos un millón de euros para estas actuacións, para empezar.

Gustaríame deixar claro que os agricultores, gandeiros e propietarios de monte de Galicia non son en exclusiva do Bloque Nacionalista Galego, e o Bloque Nacionalista Galego e as súas organizacións non son os únicos que escoitan os agricultores e gandeiros galegos.

Neste tempo que levo como conselleiro, tiven ocasión de visitar —sen que foran visitas preparadas, porque tamén me dedico a iso e me gusta— e ter reunións en Coristanco, en Valdoviño, en Folgoso do Courel. Estiven reunido co Consello regulador da D.O. Rias Baixas. Tamén visitei, e por iso podo falar delas, Sergude, Mabegondo e Pedro Murias, ao que por certo imos converter no referente de centro de formación da agricultura ecolóxica de toda España, polo menos do norte peninsular.

Eu diríalles, señorías, que estes minutos escoitando fixéronme reflexionar, lembrar as medidas do ditame, as que levamos posto en práctica e as que están por vir, e seguir sen entender como pode ser posible que unha cuarta parte da Cámara votase en contra del. É máis, observando quen votou en contra e mirando que medidas en concreto se votaron en contra, chega un á conclusión do desastre que sería para o medio rural galego que a Conselleira do Medio Rural estivese nas mans do Bloque ou de en Marea. *(Aplausos.)*

Se eu fose conselleiro do Medio Rural polo Bloque Nacionalista Galego, señorías, estaría en contra de promover a certificación e a xestión forestal sustentable. Estaría en contra tamén de que a madeira que se utiliza en edificios públicos e infraestruturas impulsadas pola Administración autonómica proceda dunha xestión forestal sustentable e conte con calquera selo de certificación aceptada a nivel internacional, porque tiña que ser galego. Negaríame a fomentar a utilización de madeira certificada e procedente dunha xestión forestal sustentable para a rehabilitación e construción de vivendas cando sexan apoiadas con subvencións públicas.

Non estaría, se eu fose do Bloque, de acordo con facilitarlles aos propietarios dos terreos situados nas franxas arredor dos núcleos de poboación o cumprimento das súas obrigas mediante a posibilidade de que deleguen no concello ou en Seaga estes traballos por un prezo fixo, ¡estámoslles aforrando cartos!

Pareceríame mal que se apoiara a xestión agrupada e profesional dos montes veciñais, ja xestión agrupada e profesional dos montes veciñais!, dando prioridade nesa xestión ás comunidades de montes que estean inscritas no rexistro de silvicultores activos.

Non me parecería adecuado, se eu fora conselleiro do Bloque, que se impulsara, se comprobara e se exixise, a través deste ente instrumental de Seaga, a elaboración dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Estaría tamén desconforme con promover o desenvolvemento dunha xestión forestal activa para a mellora e o incremento da capacidade de fixación de carbono das masas forestais, e



que esta capacidade sexa un factor que se teña en conta nos incentivos que as administracións públicas regulen polas externalidades ambientais nos montes.

Estaría en contra doutra das recomendacións que din que ten que ter o noso monte biodiversidade e ten que ter diferentes masas forestais, por non falar de mosaicos, non quixo votar a favor. E tamén estaría en contra —e isto... ¡manda truco!— de incentivar novas fórmulas, para a xestión conxunta do monte, ademais das Sofor, baseadas en calquera figura xurídica de natureza mercantil, administrativa ou de base asociativa que promova, impulse e poña en marcha iniciativas de xestión conxunta, sustentable e diversificada do monte.

Señorías, por outra banda, se eu fora conselleiro do Medio Rural das Mareas, estaría en contra de converter a xestión pública de montes nun referente de xestión forestal sustentable, centrándose naqueles montes nos que a produción veña moi condicionada por valores ambientais ou culturais de interese xeral, ou nos montes clasificados como protectores.

Non estaría tampouco de acordo con recoller nun único texto legislativo toda a normativa existente en materia de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia, pareceríame mellor que se seguira recollendo na lei de acompañamento. Por iso eu me comprométín aquí, neste Parlamento, a ter antes de que remate a lexislatura unha nova lei de prevención e extinción de incendios de Galicia, adecuada á realidade.

Estaría descontento tamén con regular a figura do silvicultor activo, entendendo como tal eses propietarios individuais, comunidades de montes, sociedades de propietarios forestais e sectores forestais que manexen a súa propiedade, individual ou colectiva, con criterios de xestión forestal sustentable.

Se eu fora conselleiro de En Marea, tampouco aceptaría os incentivos en actuacións de repoboación forestal e tratamentos silvícolas de axuda á rexeneración natural de frondosas caducifolias —¡votaron en contra disto!—, subvencionando a través do PDR. Nin tampouco apoiaría o impulso á ordenación progresiva das franxas de protección arredor dos núcleos de poboación, comezando polas áreas de maior risco de incendios,. Trataríase, como xa advertín, de que nesas franxas se desenvolvesen actividades agrarias que actuasen como zonas de protección.

Tampouco estaría por crear, como imos facer, un consello de comunidades de montes veciñais para a representación das comunidades, a defensa dos seus intereses específicos e a interlocución coa Administración. Nós non as queremos facer desaparecer, queremos crear, e imos crear, este Consello de comunidades de montes veciñais.

Tampouco apoiaría recuperar o uso —señor Rodríguez, estraño— das queimas controladas fóra do período de máximo risco para a redución do combustible acumulado no monte. E, tampouco garantir que na normativa urbanística se inclúa a disposición as faixas de protección como un requirimento para a expansión dos núcleos rurais.

Se me falasen de centralizar na Agader, na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, a coordinación de todas as fontes de información sobre a propiedade rústica galega, tratando



de mellorar o intercambio de información entre as diferentes bases de datos, diría —se fora de En Marea— que o catastro de rústica é unha marabilla, non o é. Tampouco estaría a favor do desenvolvemento de axudas específicas para a poboación rural en relación co mantemento de determinados tipos de actividades necesarias para a conservación de certos tipos de hábitat. Nin de dotar de máis peso as medidas destinadas aos pagamentos ambientais e por servizos ecosistémicos. Tampouco estaría a favor da implantación dunha rede de vixilancia forestal que, mediante cámaras de videovixilancia de xeito proporcional á actividade incendiaria de cada lugar, axude a identificar esa actividade incendiaria. Porque, señorías, as novas tecnoloxías non teñen transcendencia na extinción de incendios, non se poden utilizar. E, por suposto, tampouco estaría de acordo con promover o desenvolvemento dunha xestión forestal activa para a mellora e o incremento de capacidade de fixación de carbono das masas forestais.

Pero, señorías, por sorte eu non son ningún conselleiro como o que lles acabo de contar, senón o que acatando o mandato parlamentario está a desenvolver, e desenvolverá, todas estas recomendacións. E non só estou a favor de todo o que acabo de dicir, senón que tamén estou convencido de que imos sacar todo isto adiante, buscando unha resposta conxunta entre todos os elos da cadea implicados no rural e no monte galego.

Señorías —e vou rematando—, o rural precisa de nós e nós precisamos do rural, e o que fagamos polo rural nos vindeiros anos marcará o futuro da Galicia máis nosa. Por iso, señorías, aínda que sexa difícil, pídolles un esforzo; un esforzo que non é outro que o de traballar todos xuntos polo futuro do noso rural. Xuntos faremos un rural moito mellor, xuntos faremos unha Galicia máis rural, unha Galicia con máis futuro e unha Galicia máis orgullosa. Temos que sacar adiante o orgullo de ser do rural.

E remato xa como empecei a miña comparecencia hoxe, dicindo que o rural ten futuro e que o futuro de Galicia pasa, obrigatoriamente, polo rural.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Señor Tellado, ¿para que quere a palabra?

O señor TELLADO FILGUEIRA: Con base no artigo 76.3 do Regulamento da Cámara, por alusións que afectan ao decoro da Cámara e á dignidade do noso grupo.

O señor PRESIDENTE: Si, si, ten a palabra.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Aquí se dixo que houbo un concentración este domingo en Colón na que o Partido Popular participou xunto a Falange española, e iso claramente é unha mentira. A concentración de Colón do pasado domingo foi convocada... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Lago.



O señor TELLADO FILGUEIRA: ...por tres forzas políticas: Partido Popular, Ciudadanos e Vox. Para aclararlle ao señor Lago que, se é capaz de calar e escoitar algunha vez...,

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, silencio.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...debería saber que Falange española se manifestaba noutro punto de Madrid nunha protesta completamente distinta.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Polo tanto, eu quería, presidente, aclararlle esta cuestión, porque cando alguén trae á Cámara mortos do ano 1936, probablemente o debate no que está participando o ten perdido.

O señor PRESIDENTE: Constará iso no *Diario de Sesións*.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Dende logo, ninguén vai atopar neste grupo persoas que se saquen fotos nin con terroristas, etarras ou proetarras...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado. Quedou aclarado ese tema.

O señor TELLADO FILGUEIRA: E, dende logo, tampouco imos sacar lazos apoiando golpistas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Acabou o seu tempo.

Eu tamén teño que dicir algo, e como non estou seguro, vou comprobar que foi exactamente o que me dixo a min vostede cando me entregou este papel. Se é certo o que eu creo que entendín, xa lle digo de antemán que eu non milito en ningún partido fascista. Eu entendínlle algo similar cando me dixo isto.

Como non estou seguro, vouno comprobar. Non milito eu nin milita ninguén dos que están neste hemicycle. (*Aplausos.*) Vouno comprobar. Non, non, non o estou dicindo seguro, vouno comprobar, porque era un momento de certa confusión. (*O señor Rodríguez Estévez pronuncia palabras que non se perciben.*) Pois se mo quere aclarar, gustaríame. E que non considerase fascista a ninguén dos que están aquí.

¡Silencio!

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: En ningún momento dixen que ninguén das filas do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, señora Paula, por favor!



O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: En ningún momento dixen que ningún dos membros do Partido Popular que están aquí militaran en ningún partido fascista, o único que dixen é que vostedes acompañaron o fascismo nunha manifestación e que membros que tiñan cargos en direccións xerais do Partido Popular hai menos de dez anos tiñan carné da Falanxe. Foi o que dixen. E, polo tanto, eran falanxistas.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Xa está, aclarado.

Continuamos. Continuamos coa orde do día. Mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira, sobre a defensa pola Xunta de Galicia, nos espazos políticos e institucionais e nos acordos que leve a cabo, dos dereitos humanos, da igualdade de mulleres e homes e do autogoberno

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 45116).

Emenda de modificación.

Modificar o texto da parte resolutiva que quedaría da seguinte forma:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

«1. Defender en todos os espazos políticos e institucionais a Declaración Universal dos Dereitos Humanos e rexeitar pactos coa extrema dereita, con forzas políticas como VOX, que cuestionan os principios fundamentais da convivencia e alentan as discriminacións e o odio ao diferente como forma de facer política.

2. Defender o dereito á igualdade entre mulleres e homes e recoñecer a necesidade de políticas de discriminación positiva e de loita contra as violencias machistas, rexeitando as forzas políticas de extrema dereita negacionistas da existencia do patriarcado e que defenden, entre outras cuestións, a derogación da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

3. Defender o autogoberno de Galiza, rexeitando pactos con forzas políticas que non recoñecen a existencia de Galiza como nación e os dereitos políticos inherentes a esta condición, así como a posicionarse en contra da ofensiva recentralizadora lanzada desde Madrid e fronte a discursos e políticas que promoven, entre outros, a pervivencia da discriminación e vulneración dos dereitos lingüísticos do pobo galego.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Villares.



O señor VILLARES NAVEIRA: Boa tarde, señorías.

Compañeiro Davide de Manzaneda, que che quede claro, hai dúas extremas dereitas: a vella extrema dereita, que é a Falange española, e a nova extrema dereita, que é a de Vox. Coa vella extrema dereita non, coa nova extrema dereita si. Esa é a diferenza que che quedou clara, ¿verdade? (*Aplausos.*)

Agradecendo a aclaración do señor Tellado, comezamos coa defensa desta moción.

O pasado pleno —vese por onde vai a cousa e vese por onde proe—, o vicepresidente da Xunta de Galicia, interpelado por En Marea polos pactos do Partido Popular coa novas extrema dereita, cunha forza política negacionista da violencia de xénero, xenófoba e que pide a supresión da autonomía para Galicia, afirmou que a Xunta non se pronunciaba sobre a interpelación porque non se pronunciaba sobre temas que non afectaban a Galicia nin á Xunta de Galicia.

Resultou sorprendente xa daquela que un membro do Goberno da xunta de Galicia desperdicie calquera ocasión para defender o dereito á igualdade entre mulleres e homes e a defensa de políticas de igualdade e contra a violencia de xénero que o seu propio departamento practicaba. Cabería preguntarse se é que xa non existe violencia machista en Galicia ou se estaban de acordo coas afirmacións dos seus socios de Goberno en Andalucía.

Resultou tamén daquelas sorprendente que o señor Rueda desperdiciase a ocasión para defender os dereitos fundamentais de toda a cidadanía e rexeitar a xenofobia e o racismo dos seus socios de Goberno en Andalucía. ¿É que acaso o presidente comparte o discurso xenófobo de Vox? Non entendemos daquela por que gardaba silencio.

E resultaba tamén indecente, na nosa opinión, que o vicepresidente da Xunta de Galicia desperdiciase unha ocasión magnífica para defender o autogoberno de Galicia e a necesidade de autonomía fronte aos seus socios de goberno en Andalucía que postulan suprimir as autonomía, tamén a de Galicia. ¿É que acaso comparte esta posición o Partido Popular de Galicia? ¿É que acaso este tema non afecta ao autogoberno do noso país? ¿É que acaso non afecta ao propio Goberno e a esta Cámara?

Evidentemente, non era o problema que a Xunta non se quixese pronunciar sobre aquilo que non lle afectaba, o que pasa é que non se quería pronunciar sobre o que non lle interesaba, que son cousas diferentes. Feijóo quere ocultar nesta cámara os pactos do Partido Popular coa extrema dereita porque iso erosiona a súa fachada de centrista e moderado e deixa ao descuberto unha faciana que é o resultante dunha década de goberno: antiautonomismo e extremismo político, negación da autonomía e agora coqueteo cos negacionistas do machismo.

Para tapar esta vergoña —esta vergoña do silencio cómplice—, o Goberno inventou unha escusa, unha mentira, e é que non se pronuncia sobre temas que non teñen que ver con Galicia. Pero como as mentiras teñen as patas moi curtas, o propio xoves o vicepresidente da Xunta de Galicia sacaba unha declaración institucional pronunciándose sobre un tema que non afectaba a Galicia, que era unha proposta de mediación para un diálogo entre partidos



en Cataluña. A Xunta de Galicia, oficialmente, sacou unha nota institucional posicionándose sobre este tema. Entón, non entendemos se é que non teñen competencia para pronunciarse sobre as algaradas machistas, xenófobas e antiautonomistas de Vox e si a teñen para unha proposta que nada tiña que ver tampouco con Galicia, cando do outro si que pensamos que tiña que ver.

O caso é que agora, señorías, xa sabemos que empregan a Xunta para o que lles convén, e que poden pronunciarse sobre o que pasa dentro e fóra de Galicia. E, polo tanto, desde En Marea ímoslles dar hoxe, con esta moción, unha segunda oportunidade. Ímoslles dar, señorías do Partido Popular, a oportunidade de que se sitúen do lado da igualdade, dos dereitos fundamentais e da autonomía política. En definitiva, señorías, van ter a oportunidade de escoller estar do lado dos dereitos fundamentais ou do racismo, do lado da igualdade ou do machismo, e do lado do autogoberno ou da ditadura.

A primeira cuestión que nós traemos aquí —e forma parte da parte dispositiva— é a relativa aos dereitos fundamentais. É un alegato fronte ao racismo, a xenofobia e a conculcación das máis básicas normas de convivencia. O enunciado é ben fácil: defender en todos os espazos políticos e institucionais a Declaración universal dos dereitos humanos e rexeitar pactos con formacións políticas que fomentan a confrontación social, cuestionan os principios fundamentais da convivencia e alentan as discriminacións e o odio ao diferente na forma de facer política.

A segunda é a relativa ao dereito á igualdade entre as mulleres e os homes e ao rexeitamento das ideoloxías negacionistas do machismo. É un mínimo democrático esencial, señorías, rexeitar as propostas de quen quere quitar o castigo ao machismo do Código penal, de quen quere retirar as axudas ás vítimas de violencias machistas e de quen pensa que as mulleres deben estar amarradas na casa ao servizo do varón. O enunciado é ben claro, e di así: «Defender o dereito á igualdade entre mulleres e homes, e recoñecer a necesidade de políticas de discriminación positiva e de loita contra as violencias machistas, rexeitando os pactos con forzas políticas negacionistas da existencia do patriarcado».

Non é tan difícil de apoiar cando se cre na igualdade e nos dereitos fundamentais. Pero cando se titubea veñen os problemas. O Partido Popular, con Núñez Feijóo á cabeza, tivo que tomar unha decisión esta fin de semana: estar en Compostela coa cidadanía de Galicia reclamando e escoitando a petición de aumentar dereitos para unha sanidade pública mellor, na que ninguén quede sen atender en urxencias agardando un médico, ou sen medicamentos para a súa doenza, unha sanidade sen listas de agarda, sen colapsos de urxencias, con recursos suficientes para non deixar a ninguén atrás, para defender a dignidade do persoal sanitario no seu traballo e, sobre todo, o dereito que temos todas e todos como sociedade a coidar dos nosos cando están enfermos, isto por un lado, ou, ao mesmo tempo e noutro sitio diferente, estar en Madrid —e agora vou medir ben as palabras— acudindo a unha marcha acompañado de falanxistas —despois corríxirame o presidente se o considera— que desfilaron coas bandeiras da ditadura franquista —como se puido ver nos medios de comunicación nesa mesma concentración—, portando nos seus emblemas o fascismo, o machismo, a homofobia, a xenofobia e a supresión do autogoberno de Galicia, unha das peticións principais dun dos tres partidos convocantes, de Vox.



E o señor Núñez escolleu, e na nosa opinión escolleu mal. Escolleu o odio e a confrontación en vez de optar pola vida, pola saúde da xente e as condicións de traballo dignas do persoal sanitario. E por iso hoxe seguramente voten que non a estes dous puntos da proposta, porque lles falta, na nosa opinión, valentía política. Teñen unha covardía política consistente en ocultar os seus principios democráticos, que nós estamos convencidos de que os teñen. Estamos convencidos de que os teñen pero que os ocultan, disimulan para caerlles simpáticos aos seus socios da extrema dereita en Andalucía. Señorías, esconderse debaixo dunha bandeira para non defender a igualdade entre mulleres e homes é impropio dos que din defender a democracia. Agocharse baixo calquera bandeira para evitar condenar o odio ao diferente é unha decepción para todas as persoas que confiaron en vostedes en Galicia.

O terceiro pronunciamento desta moción, señorías, debería ser o orgullo de calquera parlamentario desta Cámara, e máis aínda para o propio presidente da Xunta de Galicia. E di así: «Defender o autogoberno de Galicia rexeitando os pactos con forzas políticas que piden a supresión da nosa autonomía». ¿Tan difícil é, señorías, poñerse do lado de Galicia e das súas institucións de autogoberno? Para o señor Feijóo parece que si. ¿Por que? Pois nós teremos que chegar á conclusión de que Núñez foi un político que no fondo nunca creu na autonomía de Galicia e na capacidade do autogoberno para xerar benestar. Foi un alumno avantaxado da dereita española reaccionaria, esa que sempre aceptou a España autonómica cando non lle quedou máis remedio. E non fai falta ir á aprobación da Constitución e quen votou a favor e en contra do título VIII. Núñez ten a súa propia historia negra na Galicia autonómica.

Para empezar, señorías, as galegas e os galegos lembramos a traizón na reforma estatutaria, sendo el líder da oposición liderou o «non» á reforma do Estatuto, o «non» a recoller unha carta de dereitos sociais, o «non» a aumentar dereitos fundamentais, o «non» a ampliar competencias que mellorasen as condicións de vida das maiorías sociais do noso país. Foi, en definitiva, un acto de traizón ao autogoberno e ao benestar das maiorías sociais de Galicia. Unha posición, señorías, que para Núñez non era simplemente un non querer pasar desapercibido estando na oposición, senón que foi unha constante durante dez anos de goberno, o seu empeño antigalego, antiautonomista e recentralizador foi unha constante destes dez últimos anos, por iso o balanço de competencias transferidas a Galicia en dez anos foi cero, ¡cero!, un decenio negro na historia da nosa autonomía contemporánea, un cero, que é a nota que merece, como consecuencia disto, en materia de transferencias como presidente da Xunta de Galicia.

Durante o tempo —e quero recordalo— que gobernou o Partido Popular no Estado, e con Rajoy á fronte, sete comunidades autónomas aumentaron o seu teito competencial, ¡sete! E para Galicia non houbo nin a primeira. ¿Por que? Pois porque Núñez impediuno activamente. Negoulle a Galicia a mellora do autogoberno porque non cría o suficiente nin en Galicia nin na súa autonomía.

Durante este decenio, Galicia puido estar na *Champions Ligue* das comunidades autónomas, puidemos ser referentes do Estado, cun estatuto moderno, social, con competencias, xestionando os seus recursos de forma responsable, xerando renda e riqueza, emprego e benestar, xerando expectativas de futuro para que a xente moza non tivese que emigrar, como



está facendo. Pero nada disto lle interesou. Por iso hoxe estamos no furgón de cola, non só no desenvolvemento do ferrocarril senón no desenvolvemento da autonomía.

Señorías, o tempo da ambigüidade deste goberno vai rematando. Se o señor Feijóo quere desfilar co tridente da ultradereita baixo bandeiras, nalgúns casos preconstitucionais —dalgúns dos seus acompañantes, para matizar ben a declaración e que non se me chame á orde—, como o domingo pasado, abandonando as súas funcións como presidente da Xunta de Galicia nunha viaxe institucional, que o faga, pero que deixe de facelo como presidente da Xunta de Galicia. Non se pode servir á Falanxe e a Galicia ao mesmo tempo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Rapidamente explicarei a emenda de modificación que presentamos desde o noso grupo. Unha das intencións, un dos obxectivos que tiñamos desde o BNG para presentar esta emenda de modificación, na que facemos algunhas engádegas ao texto, á parte resolutive que presenta o grupo de En Marea, era poñer nome e apelidos precisamente a algunhas das cuestións que verbalizaba agora o señor Villares na súa defensa da moción. A primeira era pór nomes e apelidos, precisamente, a esas forzas políticas ás que se refire a propia resolución, a parte resolutive desta moción, e falar directa e explicitamente de extrema dereita, como facía agora o señor Villares, poñer por escrito e facer referencia a esa forza política, a esas forzas políticas coas que o Partido Popular anda *paquí y pallá* estes días, de mobilización en mobilización, na capital do reino de España.

Despois tamén queríamos, no que ten que ver co segundo punto da parte resolutive, de novo facer referencia expresa non só a esas forzas políticas da extrema dereita negacionistas da existencia do sistema patriarcal senón ás cuestións que están a defender, entre outras —e poñémolo así na nosa emenda— esa derogación que pretenden, que defenden esas forzas de extrema dereita, da Lei orgánica 1/2004, que tanto custou ao movemento feminista gañar, esa Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Non só se nega a existencia do patriarcado senón que se atenta directamente contra os dereitos das mulleres, e preténdese derogar esa Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, esa lei orgánica do ano 2004.

Tamén é verdade que, lendo a parte resolutive da moción e escoitando o debate político e institucional, o debate social, a min me lembraba aquel proverbio popular do noso país: «de trás virá quen bo me fará», ou polo menos que intentará facerme bo. E a irrupción destas forzas políticas de extrema dereita, pouco cosméticas, moi desenfadadas, parece que nos queren dalgunha maneira dulcificar a historia recente do propio Partido Popular e algunha



das posicións absolutamente retrógradas, e absolutamente misóxinas que está a manter sobre todo a dirección do Partido Popular a nivel estatal. Porque falar de ideoloxía de xénero fálaos o señor Casado, presidente ata onde sabemos do Partido Popular, máximo dirixente político das súas señorías. Falar de recentralización política, pór en cuestión o autoanémico autogoberno do noso país, falar de suprimir as competencias en materia de educación, en materia de sanidade, arrebatarlles ao Goberno galego, á Xunta de Galiza, fálaos o máximo dirixente político das súas señorías do Partido Popular, o señor Casado.

Pero tamén podemos ir coa ollada un pouquiño máis atrás, e ver cal é a historia recente do Partido Popular. Porque eu ás veces creo que é pedirlle peras ao olmo, e está ben tamén refrescar un pouquiño a memoria. Eu collín tres exemplos da historia recente. O Partido Popular votou en contra da Lei do divorcio nos anos oitenta, votaban en contra dunha lei que era «*estridente —fun ao diario de sesións—, anticristiana y —unha novidade no argumentario— que atentaba contra la unidad de España*». Divorciarnos, decidir libremente sobre se unirmos ou non a outra persoa. (*Aplausos.*) Votaron en contra da Lei do aborto —agora queren volver poñer as mans enriba dos corpos das mulleres—. Votaron en contra do proxecto do ano 1983, ¿lembran? Levárono ao Tribunal Constitucional, declararon aquel proxecto inconstitucional, introducíronse modificacións e apróbase a Lei do aborto no ano 1985, e de novo vota o Grupo Popular en contra desa lei de aborto. Na lei de 2010, por suposto, oposición radical á Lei de interrupción voluntaria do embarazo. Manifestáronse, e agora pretenden volver cun pensamento absolutamente patriarcal e machista a decidir sobre os nosos propios corpos.

Votaron en contra do dereito fundamental da xente a casar, a casar con quen lle dea a gana. Votaron en contra da Lei do matrimonio igualitario, recorrérona tamén de novo diante do Tribunal Constitucional, atentando —insisto— contra o dereito fundamental de calquera persoa a casar con quen lle dea a gana e a meterse na cama de quen lle dea a gana. Nós introducimos, a maiores, cunha, dúas, tres persoas..., o que queiran. E creo que é bo facer memoria, porque parece que estamos instalados na idea de que detrás virá quen bo me fará, e creo que ás veces perdemos un pouco o foco e a perspectiva de con quen estamos a debater.

Por último, nós introducimos unha emenda que entendemos que complementa, polo menos máis, o sentir do Bloque Nacionalista Galego en relación con esa defensa do autogoberno —aínda que encorsetado e limitado— do noso país, rexeitando, por suposto, calquera tipo de pacto, como se formula na parte resolutiva, con forzas políticas que non recoñezan a existencia do noso país como nación e, polo tanto, os dereitos inherentes a esta condición, os dereitos políticos inherentes á nosa condición de nación e, por suposto, posicionándose en contra de calquera ofensiva recentralizadora lanzada desde Madrid e fronte a discursos e políticas que promovan, entre outras, a pervivencia da discriminación e vulneración dos dereitos lingüísticos do pobo galego. Tamén deberíamos facer memoria e lembrar que foi o Partido Popular quen prohibiu impartir neste país matemáticas ou física e química en galego. Foron os primeiros en atentar contra eses dereitos fundamentais inherentes ao noso pobo.

E digo que con calquera forza política que lance unha ofensiva recentralizadora, pero repito que con quen primeiro deberían romper alianzas é coa súa propia dirección política en Madrid, que é a primeira que está poñendo en cuestión o limitado autogoberno do noso país.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde.

O Grupo Parlamentario Socialista vai votar a favor desta moción porque, ao final, fala de democracia, de autogoberno e de igualdade. Nós levamos dende o Partido Socialista case cento corenta anos defendendo estes tres principios (*Aplausos.*) e non podíamos facer agora o contrario. (*Aplausos.*)

E de democracia, porque fala de rexeitar todo tipo de pactos con forzas políticas que minan precisamente esa democracia, xa estean na ultradereita, como VOX, ou estean no independentismo, como outras forzas catalás. Porque nós cremos de verdade que só dentro da democracia que nos demos, despois de corenta anos co fascista ditador Franco, seremos capaces de convivir respectando os dereitos humanos.

A segunda parte do primeiro punto fala, precisamente, de respectar os dereitos humanos. E eu quería citar o presidente do Goberno, que dixo: «*La política hace extraños compañeros de cama. El independentismo votará en contra de unos presupuestos sociales buenos para Cataluña y las derechas en contra de unos presupuestos sociales buenos para España*».

E falando de dereitos humanos, esta democracia non debe de estar tan mal porque o propio Tribunal Europeo de Dereitos Humanos non nos condena demasiado. Vou citar o fiscal de Medio Ambiente de Galicia, que dixo que hai que botar unha ollada a estas sentenzas. En Francia —que é un referente democrático—: 66 millóns de persoas, dende o ano 1959 ao ano 2017 as condenas por parte do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos foron 728. España, no mesmo período, 103. Iso quere dicir que, se pide a defensa dos dereitos humanos precisamente nesta iniciativa, non están tan mal no noso país.

Logo está a igualdade, e vou citar o señor Casado: «*Si queremos financiar las pensiones y la salud, debemos pensar en cómo tener más niños y no en como los abortamos. El día de mañana, cuando se vea en que quedan el sistema de pensiones y el de salud, entonces algunos que nos llaman tan protectores de la cultura de la vida empezarán a pensar que teníamos razón*». Á parte da ignorancia que supoñen estas declaracións, estaría ben que ao mellor o señor Casado vise os datos de Burundi, onde as mulleres non abortan, teñen fillos e non abortan porque queren, cando queren e como queren porque non teñen ese dereito, pero, evidentemente, en Burundi nin hai pensións nin hai unha sanidade pública de calidade como nos países democráticos, así que lle cae o seu sombreiro.

E non sabemos moi ben onde están vostedes, porque a señora López Abella dixo xustamente o contrario: «*A situación legal actual da Lei do aborto é axeitada*». Claro, cando a secretaria



xeral de Igualdade di unha cousa, o señor Casado di outra, e o señor Feijóo —que non sabemos se está para aquí ou para allá— non di nada, pois non sabemos moi ben onde están vostedes. Porque vostedes no ano 1980 estaban nestas manifestacións en contra da Lei do aborto. (*A señora Vilán Lorenzo amósalles unha fotografía ás súas señorías nas bancadas.*) E no ano 2010, cando se reformou a lei, estaban nestas manifestacións, curiosamente levando pancartas co señor Rajoy. E estaba o señor Abascal, ¡ah!, que, curiosamente, era militante do Partido Popular e agora está militando nun partido de extrema dereita. E non sabemos onde están vostedes, non o sabemos, (*Murmurios.*) ou cremos que vostedes non queren que saibamos onde están. E iso precisamente pasa co autogoberno, que é a terceira das peticións desta moción.

Cando Emilio Pérez Touriño era presidente da Xunta de Galicia promoveu a reforma do Estatuto de autonomía, pedindo máis competencias, e vostedes votaron en contra. Nestes últimos anos —case dez—, o presidente da Xunta non ten pedido ningunha soa competencia ao Estado; e citando o señor Aznar, cero patatero competencias. É máis, el, a señora Ana Pastor e Mariano Rajoy —os tres galegos de pro— vetaron a transferencia da AP-9 na Mesa do Congreso. El mesmo —vouno citar expresamente— dicía en novembro do ano pasado: «é necesario repensar o modelo de transferencia de competencias en materia de xustiza». E hai escasamente quince días dicía que había que constituír a Comisión Mixta de Transferencias pero votaba na Comisión 1ª en contra da transferencia das competencias en materia de tráfico.

Claro, ¡non sabemos onde están! É verdade que o Antroido está aí ao lado, e está ben disfrazarse de algo cando se pide máis autogoberno pero realmente non se está a pensar en máis autogoberno. Con iso de para aquí e para alá, un disfraz que estaría ben sería o de Coco —aquele personaxe que saía en Barrio Sésamo—, que dicía: «*ahora estoy aquí y ahora estoy allá*». Pois ao mellor vostedes están xustamente nese disfraz.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, eu felicito o portavoz de En Marea porque é difícil atopar, mesmo na xa longa historia deste Parlamento, un texto con tantas e extensas falacias como as que hoxe nos someten a consideración.

Unha falacia —sábena as súas señorías— é un argumento que parece loxicamente válido pero que non o é, polo que leva ao engano. Eu asumo moi tranquilo o deber de desfacer esa brillante colección de falacias que acaban de presentar, non sen antes referirme a un paradoxo, porque hoxe En Marea o que nos trae aquí é un texto para que os grupos desta Cámara rexeitemos pactos con formacións políticas que fomentan a confrontación social e que fomentan o odio. A min paréceme paradoxal —ou contrario á lóxica— que quen nos presente



esta proposta sexa o grupo cuxo fundador e referente moral fundamental ten dito desde esta mesma tribuna, empezando a lexislatura, que o PP é unha brigada de demolición, de limpeza étnica, de ecocidio ou de etnocidio, e rematando a lexislatura di que somos uns que utilizamos a maioría absoluta como o partido único dos nazis.

Paréceme paradoxal que estean en contra do odio e da linguaxe violenta aqueles que nos presentan esta iniciativa, cando hai ben pouco, no Debate do estado da Autonomía do pasado outono, votaron en contra dunha proposta de resolución —a 40 do PP, que foi apoiada polo Grupo Socialista e non polos de En Marea e o Bloque— que dicía textualmente que «o Parlamento ratificaba o seu compromiso coa convivencia democrática dentro do marco legal, co pluralismo político e co respecto á lexítima discrepancia de todas as opcións políticas. E por iso o Parlamento condena todo tipo de accións ou manifestacións que conteñan violencia verbal ou física e promovan o enfrontamento, o odio e menoscaben os dereitos das persoas». Votaron en contra (*Murmurios.*), e paréceme paradoxal que vostede veña con isto.

Como tamén me parece paradoxal que nos presente esta iniciativa quen representa a quen nos últimos anos ten inoculado na sociedade española o virus da confrontación populista: a casta, os de abaixo, os que mandan, os que tal... e agora pretende nada menos que erixirse en referencia moral sobre a decencia da política de pactos que poden ter as forzas políticas, por moito que sexan pactos que non se teñen producido e por moito que sexa con forzas que non están nesta Cámara nin nós as esperamos.

Porque de pactos políticos é exactamente do que estamos a falar. E de pactos políticos que, cando son públicos e transparentes como todos os que firmou o Partido Popular ao longo da súa vida política, fose cos nacionalistas cataláns ou ao que vostede se refire máis recentemente, en Andalucía, é do que versa esta moción. E preséntana para ver se nós caemos na trampa, como ese bispo ao que o xornalista ávido por titulares lle preguntou se a noite anterior visitara unha casa de lenocinio. Pois ben, non imos caer na trampa e vou desmontar as súas falacias, polo menos as dúas máis importantes.

A primeira, a de converter a parte no todo. Vostedes pretenden que asumamos que cada vez que un grupo asina un acordo con calquera outro partido, iso implica que se asume todo o que pensa o partido co que se asina un acordo. Isto é como se eu interpretase, por exemplo, que dado que o BNG pacta co PSOE e coas Mareas gobernar unha deputación; dado que o BNG e as Mareas están en contra da existencia das deputacións, o PSOE está en contra da existencia das deputacións, cousa que non é certa. E iso é exactamente o que están facendo vostedes con nós. (*Murmurios.*)

Ninguén cando firma un acordo, e ese acordo é público, está de acordo máis que co que se firma no acordo, e non co que propón, á marxe do acordo, calquera forza política coa que se firma un acordo. É máis, a democracia é firmar acordos precisamente desde a discrepancia, porque supoño que o feito de que nós pactásemos nesta lexislatura, neste Pleno, tras distintas conversacións, 64 PNL da oposición, 24 de En Marea; e en Comisión 204 da oposición, o 60 % do total aprobadas, 69 delas de En Marea, non quere dicir que En Marea e o Grupo Popular non manteñen as súas diferenzas profundas en tantos outros temas; por exemplo, como acordamos ou pensamos seguir acordando en temas de violencia machista.



Hai unha segunda falacia na moción, a das falsas dicotomías. Señorías, é unha falsa dicotomía vencellar un pacto ao apoio á declaración de dereitos humanos ou ao autogoberno. Tan falsa é esta dicotomía que ata o Bloque a tivo que emendar, porque no seu teor literal, como o Bloque, efectivamente, non apoia o autogoberno —que moi lexitimamente demanda unha soberanía, unha independencia—, se votamos o seu teor literal, ninguén podería pactar co Bloque. E eu teño pactado co Bloque polo ben de Galicia e penso seguir facéndoo.

A señora do Bloque díxonos que era o que non votáramos; fíxese que vostedes non votaron a Constitución, non votaron o Estatuto e non votaron a Constitución europea. E a Constitución europea lévame aos pactos sobre dereitos internacionais. É necesario precisar que a Declaración universal de dereitos humanos —que din que estamos ao lado na dicotomía falsa que nos presentan, se non votamos a súa moción—...primeiro, é unha declaración —como o seu nome indica—, e o instrumento xurídico que incorpora o ordenamento xurídico español son os pactos internacionais de dereitos civís e políticos e o Pacto internacional de dereitos económicos, sociais e culturais da ONU asinados no ano 1966. ¿Quen os incorpora ao noso ordenamento xurídico? No ano 1977, un ministro que militou e foi eurodeputado do Partido Popular, o señor Marcelino Oreja.

O segundo instrumento que fai que en España haxa unha protección explícita dos dereitos humanos é o Convenio europeo de protección dos dereitos humanos do ano 1950. O Consello de Ministros que decide incorporar isto á Constitución europea —que o Bloque e En Marea votan en contra— é o presidente Aznar. Iso incorpórase ao Tratado de Roma e hai un referéndum en España. ¿Quen pide o voto ao texto que incorpora o convenio como dereito aplicable directamente polos tribunais en España?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ¿Quen pide o voto a favor? O PP e o Partido Socialista. ¿Quen pide o voto en contra? O Grupo de En Marea, Izquierda Unida, Anova e todos os demais.

Evidentemente, eu non vou deducir —sería incorrer na mesma falacia— que por non ter votado a Constitución europea vostedes están en contra do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, ¡claro que non! Pero o que si é certo é que desde a lexitimidade que me dá estar no partido que impulsou a sinatura de todos estes convenios de dereitos humanos, do mesmo xeito que desde a lexitimidade que me dá estar no partido que impulsou o Estatuto, que empezou coa Autonomía, que construíu a Autonomía co Goberno de Albor, que a consolidou co Goberno de Fraga e que a reforzou co Goberno de Núñez Feijóo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...comprenderá vostede que non incorra na súa falacia.

Señor presidente, un minuto. *(Risos.)* Finalizo.

O señor PRESIDENTE: Medio minuto. *(Risos.) (Murmurios.)*



O señor PUY FRAGA: Como afirmaba recentemente o filósofo Lévy —e refírome a Bernard-Henri e non a Andrea—, o inimigo da dereita radical non é a esquerda, que, lonxe do que se ten dito, non ofrece en Europa unha resposta única con cordón sanitario. Hai moitos países onde goberna a dereita radical, por exemplo, en Noruega, en Austria, en Finlandia, en Italia ou en Grecia, onde a Syriza —e vostedes eran a Syriza galega— estivo gobernando ata antonte cun partido da dereita radical, os gregos independentes. *(Murmurios.)*

Neste contexto, algunhas esquerdas cometeron e cometen o erro de aventar a pantasma da extrema dereita para mobilizar os seus...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...e darlle pulos a quen quere desprazar ata a súa extinción os grandes partidos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...liberalconservadores que construíron Europa. *(Murmurios.)* Foi o erro que cometeu Mitterrand..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: ...meteu a Le Pen na Asemblea e acabaron votando a Chirac. Foi o erro que cometeu Susana Díaz, sacou a VOX no debate e acabou perdendo as eleccións.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Non incorran vostedes nese erro...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

O señor PUY FRAGA: ...perderán votos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: ...e só sairá gañando a dereita radical. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Non diga a dereita radical, ¡home!, diga a extrema dereita que non pasa nada, que todos sabemos de que está falando, señor Puy. *(Murmurios.)*

Mire, se están de acordo co primeiro punto, non hai ningún problema. Facemos votación por puntos, votan o primeiro e votan que non o segundo. ¡Mire se facilitamos a vida e fa-



cilitamos os pactos! Porque case todos os pactos son aceptables en democracia, pero non todos, e iso é o que lles viñeron dicir desde toda Europa a vostedes, membros e responsables do Partido Popular —e responsables, non irresponsables— desde o propio Goberno Merkel e desde o propio Goberno Macron, cando lles advertiron que non todo valía, non todos os pactos valían. Non valían con forzas que materialmente contradicían os seus valores e a súa praxe política: precisamente, os principios democráticos, os valores democráticos. Hai sitios onde gobernan porque teñen maioría suficiente, pero, cando non a teñen, a meirande parte dos partidos políticos en Europa optaron por non favorecer esa normalización dunhas forzas políticas que preconizan o odio ao diferente e que preconizan, nalgúns casos, o supremacismo.

Nós si que entendemos que é unha dicotomía, e nalgúns casos a dicotomía é moi clara, e é que non se pode estar polo machismo e pola igualdade ao mesmo tempo. A nós non nos colle na cabeza que non exista dicotomía aí; si que existe dicotomía aí. Entón, ou se está por un lado ou se está por outro, porque as políticas ou van por un lado ou van polo outro e, polo tanto, si que se pode escoller en que camiño se está.

Falaba vostede da Unión Europea e desa mal chamada Constitución europea, que —como os dous sabemos— non era unha constitución, era un tratado internacional. ¿Como iamos apoiar un tratado internacional, a Constitución europea —a mal chamada «Constitución europea»—, que, fronte á Constitución española, que recoñecía no artigo 35 o dereito ao traballo, recoñece o dereito a buscar traballo? Esa rebaixa de dereitos para nós non era aceptable, evidentemente.

Miren, señorías: as galegas e galegos non somos centralistas; uns podemos ser soberanistas, outros autonomistas, aqueloutros nacionalistas e tamén os haberá federalistas. O que non hai —espero que non os haxa aquí, nesta cámara— é abolicionistas da autonomía. Diso esperamos que non.

As galegas e galegos non somos racistas nin xenófobos; recoñecemos no inmigrante porque é un ser humano igual ca nós, pero, ademais, con especial sensibilidade, porque nós fomos —e somos agora mesmo— xente que seguimos vivindo e sufrindo a emigración. Pero, sobre todo, as galegas e galegos non somos machistas e, por suposto, a meirande parte dos que ata agora votaron o Partido Popular non o son. Por iso, o domingo, a inmensa maioría das galegas e galegos, incluso as votantes e os votantes do PP, quedaron abochornados ao ver a Núñez Feijóo desfilando xunto con forzas da vella e da nova extrema dereita, ou da dereita radical, ou como queira chamar a Falange Española e a Vox, nun discurso do odio, do machismo, da xenofobia e negacionista da nosa autonomía.

Señorías, é necesario posicionarse, o tempo da ambigüidade rematou. Non se pode ser autonomista e centralista ao mesmo tempo. Feijóo avala o pacto con persoas que negan a autonomía de Galicia e que, de facto, queredrían disolver este parlamento para que todas as decisións saian de Madrid. Non se pode ser demócrata e fascista ao mesmo tempo, nin se pode soste nunha man a Declaración universal dos dereitos humanos e noutra ir do ganchete da ideoloxía do odio nunha marcha acompañado por Falange Española e Hogar Social, ¡non! Non se pode ser centralista e extremista ao mesmo tempo; non se poden defender os



dereitos das persoas homosexuais e ao mesmo tempo pactar cos que negan os modelos de familia diferentes á heterosexual, non se pode ser feminista e machista ao mesmo tempo e non se pode pactar cos que negan a existencia da violencia de xénero, pois iso é colocarse do lado dos verdugos, dos asasinos. Desprotexer as vítimas reducindo os delitos machistas a simples delitos de ameazas, lesións ou asasinatos entre xente que non se coñece é negar o machismo social, e exculpar os homes polos actos machistas abre a porta a aniquilar toda política de igualdade. Lexitimar, alentar e acudir de ganchete a manifestacións cos que portan o odio machista coas súas palabras é saírse do campo do máis elemental dos valores democráticos, que é o da igualdade.

Remato xa.

Señorías, a manifestación do domingo trasladou o Partido Popular de Galicia á caverna pre-democrática. Saian dela, por favor. Saian dela antes de que a xente inocente empece a padecer as consecuencias dos seus excesos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda? ¿Acepta a emenda? (*O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.*)

Grazas, señor Villares.

Quérome dirixir ao deputado Rodríguez Estévez, do Grupo Parlamentario de En Marea. Teño o texto exacto do que aquí se pronunciou, voulle preguntar que opinión lle merece, e se retira isto. Non o leo todo, leo o que atinxe ao...: «Por tanto, [*vostedes son o Partido Popular da Falanxe*]. Esta é a verdade, esta é a miña escusa para que vostede non me expulse cada vez que lle chame [*partido da Falanxe*] ao Partido Popular».

¿Mantén vostede isto?

(*O señor Rodríguez Estévez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Chámoo á orde. Queda retirada a expresión. Queda retirada a expresión e chámoo á orde. Atenta, indubidablemente, contra o decoro e a dignidade da xente. Eu non me sinto identificado con iso nin ninguén do meu grupo nin ninguén de aquí. (*O señor Rodríguez Estévez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, síntoo. Deille a oportunidade, non dirá que non lla dei. ¿Vostede manteno? Ben.

Seguinte moción. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, si, hai que saber o que se di aquí desde aquí. (*Murmurios.*) Hai que saber o que se di desde aquí. É moi importante, todos o escoitamos. (*Murmurios.*)

Seguinte moción.



Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luísa Pierres López, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araújo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débense engadir á parte resolutive os seguintes puntos:

«8. Iniciar, durante o primeiro semestre do ano 2019, a posta en marcha dos acordos parlamentarios tomados o 12 de abril e o 11 de setembro do 2018, acerca da elaboración dunha macroenquisa galega sobre a incidencia das violencias machistas ao longo do ciclo da vida das mulleres, e dar conta e facer partícipe da elaboración desta á Comisión non Permanente de Estudo para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.

9. Incrementar progresivamente o orzamento dedicado a políticas de igualdade aumentándoo cando menos ata o 1% nos vindeiros orzamentos.»).

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda de adición.

Débese engadir ao punto 1 da parte resolutive o seguinte:

«Para isto, a Xunta de Galiza comprométese a:

1.1 Remitir nos próximos dous meses unha avaliación elaborada a través do grupo de traballo creado pola Xunta de Galiza no seo da Comisión Interdepartamental de Igualdade para realizar un seguimento do cumprimento das medidas incluídas no Pacto de Estado, a respecto do grao de cumprimento durante 2018 e debater o mesmo no Parlamento Galego ao que os grupos poderán presentar propostas de resolución.

1.2 Posteriormente remitir, ou incorporar como addenda no vindeiro informe anual que se elabora ao abeiro da Disposición Adicional Cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero información detallada sobre a concreción das actuacións financiadas polo Estado, de forma que se poida avaliar o alcance da aplicación do Pacto Estatal por parte dos ámbitos implicados na prevención e no tratamento da violencia machista. forma que se poida avaliar o alcance da aplicación do Pacto Estatal por parte dos ámbitos implicados na prevención e no tratamento da violencia machista.



1.3 4. Demandar o incremento cando menos no dobre as contías destinadas á administración local nos Orzamentos do Estado de 2019, así como a reformulación dos criterios de reparto para que se teñan en conta as especificidades do noso país como son a dispersión, o alto número de entidades de poboación e o avellentamento para que Galiza deixe de estar discriminada a ese respecto.».

Emenda de adición.

Débese engadir ao punto 3 da parte resolutiva o seguinte:

«Complementariamente, contificar o custo cuantitativa e cualitativamente dos recortes impulsados polo Partido Popular desde a súa entrada no goberno no ano 2009.».

Emenda de modificación.

Débese substituír o punto 6 da parte resolutiva polo seguinte:

«Para o seguimento por parte do Parlamento Galego, a Xunta de Galiza comprométese a facilitar os puntos 1.1 e 1.2 así como un debate anual ao respecto, conforme comprometido verbalmente polo Vicepresidente da Xunta de Galiza.».

Emenda de modificación.

Débese substituír o punto 7 da parte resolutiva polo seguinte:

«Autoavaliar o seu grao de cumprimento do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Convenio de Istambul), aberto a sinatura desde 2011 e as consecuencias para as mulleres galegas dos incumprimentos por parte do Estado de cara a reclamar internacionalmente medidas para forzar o seu cumprimento.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas as señoras e señores deputados.

Eu hoxe véxome na obriga de anunciarlles que desde o Grupo Socialista non imos permitir que en ningún deseño de futuro para Galicia se coloque as mulleres no vagón de cola. (Aplausos.) E non o imos tolerar porque non estamos dispostas nin dispostos a que ninguén decida sobre as liberdades e os dereitos que temos conquistados as mulleres. As mulleres non somos contedores de fillos e fillas, o noso fin vital non é reproducir obreiros e obreiras que paguen pensións. Se ao señor Casado lle preocupa a natalidade, que traballe por deseñar e propoñer desde o seu grupo verdadeiras políticas de conciliación, de corresponsabilidade ou de mellora da fenda de xénero. Eu supoño que todas estas derivas teñen que ver co costume do señor Casado de que lle regalen as cousas. Pero ás mulleres ninguén nos regalou nada; non pedimos privilexios, só igualdade e equidade. Queremos as oportunidades que nos foron negadas século tras século e que outros si tiveron. (Aplausos.)



E desde o camiñado e avanzado non imos permitir nin un paso atrás. No pasado pleno o señor Rueda acusaba esta deputada e, polo tanto, o Grupo Socialista ao que represento, de empregar as mulleres para desacreditar un partido. Pero, ¿se se desacreditan vostedes soños, non precisan de axuda! Non se pode pretender —e moito menos nesta cámara— que permanezamos impasibles, calados e caladas, cando, no contexto político actual, desde o propio Partido Popular se están lanzando mensaxes que ameazan moi gravemente —¡moi gravemente!— os avances conquistados en materia de igualdade, e máxime cando é a merma das políticas de igualdade a que se converteu na moeda de cambio, de transacción para favorecer pactos e alianzas entre grupos.

Ante este tipo de provocacións contra os dereitos das mulleres, ¿en serio alguén pode pensar que este grupo vai permanecer calado? ¿En serio cren que desde a responsabilidade podemos obviar todo este tipo de declaracións de intencións? Desde o noso grupo claro que estamos preocupados. Pero eu pregúntolles: ¿cal é o grao de preocupación do Partido Popular galego? ¿Parécenlles ben, entón, as declaracións do señor Casado? ¿Cren que poden estar tranquilas as mulleres galegas ante a continua ameaza do recorte dos seus dereitos?

Eu lémbrolles que o señor Casado convidaba esta fin de semana a todos e a todas a viaxar a Madrid. Agora sabemos que tamén quere que todas as mulleres viaxen con el ao século pasado, ao ano 1985, coa lei de supostos; esa viaxe que, segundo el, é o billete que teñen que coller as mulleres para garantir a supervivencia das pensións. O que non se lle pasou nin por un momento pola cabeza é que o prezo dese billete é un insulto á dignidade das mulleres. Porque o que o seu líder esquece, señoras e señores do PP, é que a maternidade se ten que desexar, non se pode obrigar, non se pode impoñer e, sen dúbida, non pode ser a excusa para xustificar prexuízos de índole moral. Relacionar o problema demográfico co recorte en liberdades e dereitos das mulleres é totalmente inmoral e unha absoluta irresponsabilidade.

Eu convídoos a que nos centremos, que nos centremos nas políticas e nas medidas que é preciso poñer en marcha en materia de igualdade, pero, para iso, asegúrennos que estas non están en perigo. Reseteemos e partamos desde aí, porque de nada serve discutir o deseño e a procedencia de políticas se non hai intención de impulsalas e non hai intención de continualas e de potencialas. Eu cóntolles o que di o recoñecido neurocientífico David Bueno, que investiga a relación, precisamente, entre o cerebro, a xenética e a educación: que as aprendizaxes e os conceptos que se adquiren na idade temperá —especialmente entre os 0 e 3 anos— son moi difíciles de eliminar en etapas posteriores. Poden traballarse, pero require un esforzo de moito tempo e, nalgúns casos, de anos. E é máis: afirma que en moitas ocasións un falso concepto instaurado no cerebro, incluso cando se traballe por rectificalo, sempre deixa un rastro que fai que co tempo volte aflorar e reproducirse.

Destas dúas cuestións penso que se extraen dúas conclusións que son moi acaídas para o debate de hoxe: a primeira, que o compromiso máis importante que un goberno pode amosar coa igualdade é traballar desde a prevención e a educación nas idades máis temperás, desmontar a cadea do machismo e dos estereotipos de xénero desde o primeiro eslabón coa necesaria implicación e formación de todos e todas, pero tamén desde o ámbito familiar, e a segunda, que o que o señor Casado nos está a amosar estes días é precisamente esa debilidad do cerebro, que reinsire no presente conceptos do pasado que xa parecían superados.



Por moito que un poña a capa da igualdade, se un non se sente cómodo con ela, pronto irase co vento.

E, por tanto, para ambas as cousas e desde o ámbito galego, nós solicitamos traballo e compromiso coa prevención, contra o machismo e contra aqueles e aquelas con responsabilidades políticas que non só non traballan por eliminalo, senón por acentualo.

Desde o Grupo Socialista estaremos sempre cos dereitos das mulleres e non imos permitir —insisto— que se dea nin un paso atrás en materia de igualdade. Non imos tolerar que se leve as mulleres a padecer leis doutro século, porque iso non é paso atrás, é desprazalas —como dicía antes— directamente ao vagón de cola. Non imos permanecer calados e caladas con propostas que sitúan as mulleres como cidadás de segunda, ao servizo da outra metade da poboación.

Polo tanto —¡claro que si!—, preocupación, profunda preocupación; ese é o sentimento que hoxe continúa neste Grupo Socialista. Un sentimento que, por certo, non espertamos nós, senón aqueles e aquelas que ultimamente están concentrando todas as súas enerxías en remexer as faíscas da desigualdade. Porque os pasos dados no pasado recente do noso país talvez non fosen suficientes, pero eran, polo menos, un bo exemplo da implicación e do ánimo conxunto de todas e todos por mellorar as políticas en materia de igualdade e contra a violencia de xénero.

Lembremos que o 15 de novembro do ano 2016 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobaba por unanimidade unha proposición non de lei pola que se instaba o Goberno a promover a subscripción dun pacto de Estado en materia de violencia de xénero, e tamén na súa sesión plenaria do 28 de setembro do 2017 se aprobaba, sen ningún voto en contra, o informe da Subcomisión para un Pacto de Estado en Materia de Violencia de Xénero. A Comisión de Igualdade do Senado decidía o 21 de decembro de 2016 a creación dun relatorio que estudase e avaliasse en materia de violencia de xénero os aspectos da prevención, da protección e da reparación das vítimas. O 13 de setembro de 2017 o Pleno do Senado aprobaba por unanimidade o Informe do relatorio de estudo para a elaboración de estratexias contra a violencia de xénero. E, no tocante ao Parlamento galego, desde a lexislatura pasada véñse traballando, desde a Comisión de Igualdade, no desenvolvemento dun pacto galego contra a violencia de xénero, cuestión que implica todos os grupos parlamentarios. E, se unha atende a todos estes precedentes, parece que unha iniciativa como a de hoxe non debería de ser necesaria, pero é que son as continuas declaracións de ameaza en recortes de dereitos e liberdades as que nos obrigan a solicitar a reafirmación de todos os grupos desta cámara no apoio e impulso incondicional ás políticas de igualdade.

Desde a prevención —insisto, desde a prevención— nós pedímoslles hoxe a todas e a todos que atendan a nosa solicitude para que o Parlamento de Galicia reafirme o seu compromiso coa igualdade e contra a violencia machista, así como a consecución inmediata dun pacto galego contra a violencia machista, instando a Xunta de Galicia a impulsar decididamente as medidas contidas no Pacto de Estado en materia de violencia de xénero; a manifestar a súa repulsa a todas as manifestacións da devandita violencia, o seu compromiso coas vítimas e tolerancia cero cos maltratadores; a expresar o seu rexeitamento a calquera posicionamento



político que propugne a eliminación ou minoración das medidas de protección das mulleres fronte á violencia machista, así como ao drama social e ás consecuencias que ten para as vítimas; a rexeitar a adopción de calquera tipo de acordo explícito ou implícito con formacións que plantexan a supresión ou redución das medidas de protección das mulleres; a comprometerse a impulsar a aplicación das medidas contidas nas leis galegas vixentes contra a violencia de xénero, en coordinación con todos os poderes públicos, tanto locais como autonómicos e estatais; a constituír con presenza dos grupos parlamentarios unha comisión de seguimento do Pacto de Estado e da súa aplicación en Galicia, e, por último, a garantir o cumprimento do Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica, coñecido como o Convenio de Istambul.

Non creo, sinceramente, que exista nin un só punto desta proposición que poida ser rexeitado en coherencia co camiñado ata o momento. Reafirmen, por favor, sen máis, as súas conviccións.

Pola miña banda, e polo momento, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Ben, alégrome de que esta voceira do Partido Socialista non comparara ser soberanista ou independentista con ser neofascista como os de Vox, (*Aplausos.*) porque me parece un pouco desafortunado. Eu, cando menos, creo que hai unha diferenza importante entrambas as cuestións.

Sobre a iniciativa que presenta a señora Pierres, eu quería facer varias consideracións ou reflexións, un pouco de contexto. A primeira, sobre o intento, a ofensiva que estamos vendo por parte do patriarcado de promulgar retrocesos en moitos dereitos que as mulleres temos conquistados ou impedir, facer de cortapisa á conquista doutros novos. Eu creo que é algo que é innegable e que estamos vivindo, especialmente, por exemplo, na esfera dos dereitos sexuais e reprodutivos, pero non só; unha ofensiva, ademais, que non só ten un contexto estatal, senón tamén internacional. Non podemos negar o avance dos fascismos, non podemos negar outras ondadadas. Eu, falando o outro día nun debate similar, puña como exemplo o que tiñamos visto ao fío de Bolsonaro, o que tiñamos visto ao fío das compañeiras arxentinas, que aínda hoxe non conseguiron unha lexislación digna para o seu dereito ao aborto, e demais. Pero o certo é que tamén ten unha vertente no Estado e unha vertente que chega a Galiza que nos pode afectar de forma importante as mulleres galegas; por iso nós compartimos o espírito de darlle resposta e de actuar de dique de contención.

Agora, tamén pensamos, na liña do que dicía a miña compañeira Olalla Rodil na quenda anterior, que hai que poñer as cuestións en perspectiva e non aplicar iso de que outro virá que



bo te fará. Entón, é un problema para nós que haxa forzas políticas que están emerxendo no Estado que cuestionen a existencia da violencia machista, é un problema que se poña enriba da mesa algo tan grave como a derogación dun marco que tanto custou construír, coa forza, tamén, do feminismo e da mobilización. Pero, ¡ollo!, tamén é un problema que o presidente do Partido Popular, o señor Casado, fale de violencia doméstica, un debate superado hai décadas; é un problema que ese señor fale de ideoloxía de xénero; é un problema que ese señor volva facer unha ameaza sobre os dereitos reprodutivos e sexuais —o dereito ao aborto—, e nós queremos insistir en que non porque un lobo ensine máis os dentes ca outro, este é máis cordeiro que o primeiro, ¿non?

Polo tanto, parécenos que é algo que non debemos perder de perspectiva. Tampouco a forza colectiva que temos as feministas, tanto nas institucións como fóra delas, porque xa paramos unha vez un intento de retroceso nesta cuestión concreta do aborto, e eu estou convencida de que volveremos parar calquera intento —por Vox, por Ciudadanos ou polo propio Partido Popular— de calquera retroceso nesta materia ou de impoñernos outras cuestións como as barrigas de alugueiro. Está claro que imos enfrontar debates importantes nos próximos anos e que cada quen terá que retratarse.

Por iso entendemos que debemos ser exixentes. Eu comparto algunhas das cuestións que puido dicir a señor Pierres nesta intervención, pero é certo que, vendo a iniciativa, hai algunha cuestión que nos parecía un pouco ambigua, e por iso presentamos estas emendas con vontade construtiva e de elevar o nivel de exixencia. E, desde logo, se o Partido Popular de Galiza quere empregar esta iniciativa para afastarse da liña do señor Casado, pois que non o faga gratis, que o faga a cambio dunha serie de compromisos, e non con declaracións que pode levar o vento.

Pedíanos a señora voceira do Partido Socialista que hai que centrarse, e nós compartímolo. Eu non podo deixar de facer, con ánimo construtivo, unha reflexión que xa teño feito noutras ocasións, e é que con cuestións de violencia machista debemos deixar de mirar un pouco para Madrid. E eu isto non o digo por ser nacionalista, aínda arriscándome aos chascarrillos que se poden facer desde esta bancada, eu isto dígoo porque é evidente que temos unha lei que ten máis dunha década e que, aínda así, é moito máis avanzada que ese Pacto de Estado que tanto mencionamos e repetimos nesta cámara. Vímolo hai pouco na comparencia do vicepresidente Rueda, onde había unha coincidencia en máis do noventa por cento das medidas que propón ese pacto, que xa se podían impulsar co marco galego. Polo tanto, sen desmerecer as achegas que pode facer —sobre todo por esas cuestións que son de ámbito estatal—, tamén temos que poñer o foco en que se cumpra e se avalíe a lei galega.

Por iso, as nosas emendas van nese sentido: van no sentido de fiscalizar desde Galiza o que nos afecta do Pacto estatal, pero tamén de ir un pouco máis adiante. Hai unha cuestión que para nós non se pode sacar deste contexto: están a debaterse os orzamentos xerais do Estado e nós pedimos que tamén aí se leve a exixencia necesaria de aumentar as partidas para o Pacto de Estado. E hai unha cuestión que nos preocupa e que volvemos sinalar, que é como afecta a marxinación que se aplica sobre os concellos galegos. Por poñer un exemplo: no 2018, de vinte millóns, Galiza recibiu un millón cen mil —un pouco máis—; é dicir, un 5,5 por cento dos fondos, cando representamos máis respecto do peso poboacional —aínda coa



caída demográfica patrocinada polo señor Feijóo—. Polo tanto, entendemos que moito amentar o Pacto de Estado está ben, pero que debemos exixir recursos de forma igualitaria a respecto doutros puntos do Estado.

Tamén introducimos un punto para que se avalíe o impacto dos recortes impulsados polo Goberno do Partido Popular desde que chegou ao goberno en 2009. Por poñer un exemplo: as axudas ás vítimas de violencia machista, que é unha cuestión na que están a rectificar; o certo é que unha das primeiras decisións que tomou o Goberno do Partido Popular foi reducir as contías e o número de axudas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Tamén discrepamos —e remato con isto, señor presidente— respecto da cuestión dunha comisión dentro do Parlamento galego para facer seguimento deste pacto. Nós entendemos que debe facerse seguimento dese pacto, por iso facemos unha serie de propostas concretas nas nosas emendas, pero entendemos que debe ir vinculado ás propostas de resolución que se poidan debater neste parlamento e ao seguimento que debemos facer —e que estamos niso— da propia lei galega, porque hai moitísimas cuestións que, se houbera vontade política de desenvolverlas, xa sen saírnos do noso propio marco teríamos moito que recriminarlle ao Partido Popular, independentemente dos seus pactos fóra de Galiza.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Nós, como primeira reflexión, cremos que non deberíamos ter que estar solicitando que se cumpriran moitos dos puntos que se propoñen na propia moción, e tamén incluso algún —en concreto, o punto 8— que presentamos na nosa emenda. Porque o mínimo, se existise un compromiso real coa loita contra as violencias machistas, sería que se cumprise o acordado; o Pacto de Estado fíxose para iso, para cumprirse. Nós, de feito, cando se debateu este Pacto de Estado incidimos moito, no noso grupo no Congreso, en que existiran prazos e orzamentos concretos porque, se non, obviamente, isto ía quedar en papel mollado, e agora vemos como, efectivamente, temos que estar debatendo mes tras mes sobre a aplicación específica do Pacto de Estado. Entón, quizais, que nos sirva de avaliación de por que nese momento nós insistimos tanto en pór prazos concretos para este traballo do pacto galego; de feito, xa temos manifestado en moitas ocasións que é fundamental que existan prazos concretos e tamén orzamento específico.

Pero o que é peor é que aínda teñamos que estar exixindo que se cumpra coa lexislación vixente. Doce anos da aprobación da lei galega —¡doce anos!— e vemos como moitísimos puntos desta lei están sen desenvolver; doce anos, e vemos como moitísimos puntos desta



lei non se cumpren, e o peor de todo é que non se fai nin unha mínima avaliación autocrítica sobre esta cuestión. O Goberno non está preguntándose por que está fallando a aplicación da lexislación. Doce anos cremos que é máis que suficiente para facer unha avaliación; de feito, moitas veces falamos de que a lei galega é moi avanzada en comparación coa lei estatal, pero o problema é que esta lexislación non se cumpre en moitísimos destes puntos. Entón, non nos serve de nada ter unha lei moito máis avanzada se despois, á hora da verdade, non se fai cumprir.

Algo semellante é, tamén, o que pasa co Convenio de Istambul; está moi ben, e nós apoiamos, por suposto, que se apoie. Pero o Convenio de Istambul está ratificado e pasaron cinco anos; pois ben, que o Goberno se poña xa mans á obra para que isto se cumpra. Cremos que é un pouco repetir e exixir o que xa vimos pedindo e xa está acordado por unanimidade. Entón, ante estas evidencias, en realidade preguntamos un pouco de que serve que debatamos mocións neste parlamento, non porque sexa esta en concreto, senón en xeral: moitas veces debatemos mocións que vemos, cando pasan meses ou anos, que non serven absolutamente de nada.

E tamén, e moi vinculado co debate que se estaba tendo anteriormente, cremos que é moi difícil entender de que serve que tratemos de facer un esforzo de chegar a propostas consensuadas en materia de igualdade se despois os partidos de dereitas —incluíndo o Partido Popular, porque claro que hai que incluír o Partido Popular— están facendo declaracións todas as semanas que nos fan retroceder ou que pretenden facernos retroceder nos nosos dereitos. Porque as declaracións infames —que son infames— foron moitas; non foi un des-piste, non foi unicamente vincular o aborto coa natalidade.

Se botamos a ollada dous meses para atrás —non digo a anos, que estivo moi ben a intervención da voceira do Bloque Nacionalista Galego, porque tamén hai que facer memoria quizais máis a medio prazo—, falar de ideoloxía de xénero, de violencia doméstica ou incluso falar de que nos xulgados hai certa indefensión dos homes ou de que hai un cansazo do feminismo exacerbado son declaracións que se estiveron facendo estes meses; só se botamos a ollada dous meses para atrás. Entón, cando se están facendo todas estas declaracións por parte de dirixentes do Partido Popular, comprenderá a xente do Partido Popular que nos resulte moi difícil tratar de chegar a un pacto con vostedes, porque, se non saen a desmentir estas declaracións infames, de que imos falar de igualdade cando están sentando e facendo comentarios todas as semanas que nos fan retroceder e que son comentarios que profundizan nas desigualdades.

E tampouco entendemos que haxa debate posible con quen pacta e con quen está saíndo a mobilizarse con quen nega a violencia machista. Porque se está negando a violencia machista, e no que vai de ano morreron máis de dez mulleres. Entón, non serve de nada que aquí falemos de que hai que loitar e que hai que poñer un compromiso moi importante contra a violencia machista se despois se están mobilizando con forzas que negan a desigualdade estrutural que sufrimos as mulleres e que pretenden derrogar a Lei de violencia. Xa non estamos falando —obviamente, que eu defendo por igualdade— dos dereitos sexuais e reprodutivos; xa sei que aí non temos nada que ver co Partido Popular. Pero, incluso coa Lei de violencia aí, están facendo uso de todos os argumentos máis rancios e reaccionarios que non



describen en absoluto o que pasa coa realidade. Entón, nós cremos que é moi difícil e moi contradictorio ter estes debates, a verdade, nestes momentos.

Aínda así, nós concordamos con esta moción; especificamente, o punto 6 parécenos interesante, porque cremos que é o que incorpora un punto máis novidoso. No resto —como digo— concordamos, pero cremos que xa se debería estar facendo. E despois metemos dous puntos a maiores porque entendemos que... Primeiro, o tema da macroenquisa, que era un pouco vinculado co que dicía: non é aceptable que se aprobe unha macroenquisa en abril e en setembro do ano pasado, e no día de hoxe non teñamos ningún tipo de información sobre cando se vai facer esta macroenquisa, cales van ser os indicadores, como se vai recoller... Cremos que xa pasou un tempo razoable, e como non nos vale escoitar que se vai facer unha macroenquisa non sei cantas veces, poñemos un prazo razoable de que no primeiro semestre deste ano se leve adiante e que se conte co Parlamento para iso.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: E, por último, o tema orzamentario: cremos que sen orzamentos —como levamos repetindo todo este tempo— non hai debate posible. Cremos que pedimos unha proposta absolutamente razoable: un un por cento nos vindeiros orzamentos; é algo que é asumible se hai vontade política, porque —volvemos repetir— non serve de nada que cheguemos a acordos. Para nós, os pactos teñen que vir, obviamente, detallados con orzamento específico e cunha cuestión temporal; se non, pasarán outros doce anos e a lexislación seguirá sen cumprirse. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señora Pierres, escolleu hoxe mal día para falar de igualdade laboral e de facilidades de acceso ao traballo; pregúntelles aos seus compañeiros de Vigo como está a cousa. *(Aplausos.)*

Señorías, síntome orgullosa de pertencer ao Partido Popular, síntome orgullosa de pertencer ao Grupo Parlamentario Popular e síntome orgullosa de pertencer a esta cámara e, sobre todo, nesta lexislatura.

Miren: eu entrei como deputada no ano 2009, e tanto na lexislatura do 2009 como na lexislatura do 2012, a oposición, todos os grupos da oposición, consideraron oportuno non pactar co Partido Popular nin unha soa iniciativa, moción, proposición non de lei ou cuestión relacionada nin coa igualdade nin coa violencia de xénero.

Dende setembro de 2016, cando iniciamos esta lexislatura, eu non sei se pola confluencia das voceiras ou de persoas que teñen máis capacidade de consenso nesta cámara, conseguí-



mos chegar a acordos, acordos moi importantes. E o primeiro e máis importante que conseguimos foi chegar a un acordo unánime para enviar a Madrid un documento no que recollésemos todas as propostas de Galicia para o Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Foi a única comunidade autónoma de España que foi capaz de enviar a Madrid un documento, aprobado por unanimidade de todos os grupos desta Cámara, en materia de violencia de xénero. Non é unha cuestión baladí nin sinxela, señorías. No contexto político de confrontación política que estamos a vivir, isto non era fácil. Podía ser incluso máis fácil no 2009 ou no 2012, pero deuse a partir do ano 2016. *(Aplausos.)*

Ben, pois a partir dese consenso foron moitos máis os consensos e moitos máis os acordos aos que chegamos entre todos os grupos da Cámara. ¡Claro que temos diferenzas ideolóxicas, por suposto! Pero fomos quen de poñer por riba dos intereses partidistas o beneficio que lles estabamos a dar ás vítimas de violencia de xénero. Todos tivemos xenerosidade para renunciar a aquilo que nos separaba e poñer en común o que nos unía. E o que nos unía era a loita contra o drama social da violencia de xénero, poñer enriba da mesa máis recursos para as vítimas e loitar contra ese maltrato sistémico que teñen moitas mulleres galegas vítimas de violencia de xénero.

Ese documento foi defendido polo vicepresidente da Xunta no Senado, e ese documento foi incorporado en case toda a súa literalidade ao Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Galicia está cumprindo ese pacto. Decía a señora Quinteiro que non só debe quedar no papel, que hai que cumprilo. Pois ben, o 20 de novembro, señora Quinteiro, compareceu nesta Cámara o vicepresidente da Xunta para informar da evolución e de como se estaban poñendo en marcha esas medidas. Falou de catro medidas prioritarias, que xa se estaban poñendo en marcha, e de catorce máis que se estaban tamén a poñer en marcha. Lembren que foi en outubro, un mes antes, cando o Goberno do Estado autorizou a partida para poñer en marcha esas medidas; por tanto, só un mes e o vicepresidente da Xunta compareceu nesta Cámara para dar conta. A día de hoxe, en febreiro, nin un só conselleiro de ningunha outra comunidade autónoma de España compareceu no seu parlamento para dar conta dos avances da implementación do pacto de Estado na súa comunidade autónoma, nin sequera a tan feminista Mónica Oltra compareceu na comunidade valenciana, señorías.

Galicia segue sendo pioneira e avanza na implantación de medidas contra a violencia de xénero. ¿Por que queren vostedes ensombrecer ese traballo se vostedes son protagonistas deste éxito? Vostedes forman parte deste éxito, todos formamos parte deste éxito. ¿Por que queren tirar abaixo este traballo que estamos facendo entre todos, señorías?

Pois ben, eu creo que fan mal, fan mal. Porque Podemos, por exemplo, non apoiou o pacto de Estado no Congreso dos Deputados. Se seguimos a iniciativa da señora Pierres —o de non pactar con quen non apoia contra violencia de xénero—, nós non teriamos pactado con vostedes, nós non teriamos asinado o documento que remitimos a Madrid. Pois non, señorías, nós si que podemos pactar con Podemos nesta Cámara, porque puxemos o interese das vítimas por riba dos intereses partidistas, e seguiremolo facendo, señorías, seguiremolo facendo. *(Aplausos.)* Nós non imos entrar no debate partidista na loita contra a violencia de xénero. Nós imos apoiar esta moción en todos os seus puntos, señora Pierres, do primeiro ao último. E mesmo, se vostede acepta as emendas dos outros grupos, estamos dispostos a



falar, porque estamos dispostos a aceptar tamén puntos das emendas do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea. Se queren seguir no consenso, se queren seguir sentados á mesa negociando iniciativas para avanzar na loita contra a violencia de xénero, poden contar co Partido Popular. Se queren debates partidistas, con nós non conten, porque nós non imos utilizar o drama da violencia de xénero para debates partidistas nin para botarnos as vítimas á cara só polas siglas. Coas siglas non imos xogar coas vítimas de violencia de xénero, porque nós contra os maltratadores, intolerancia cero, señora Pierres (*Aplausos.*) Nós imos apoiar a todas as vítimas, a todas as que sofren discriminación ou violencia, dende as máis mediáticas —a das manadas, Diana Quer, Laura Luelmo, pasando polas compostelás Maruxa e Coralia— a todas as vítimas de violencia de xénero que a sofren en silencio e que non saen nos medios de comunicación e que precisan de todos os recursos de todas as institucións para poder saír dese círculo. Nós imos estar sempre ao lado das vítimas e nunca ao lado dunhas siglas. (*Aplausos.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado del Río.

Ten a palabra, por parte do grupo autor da moción, a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Pois permítanme agradecer, de forma aberta e sincera, o apoio de todos os grupos a esta moción, porque eu penso que é importante que hoxe deste debate se poida extraer a disposición clara e firme de todos os grupos que conformamos este Parlamento para traballar dende a prevención e o compromiso firme coa igualdade, e para que esta mensaxe lles chegue a outros grupos e a outras persoas, como o señor Casado, que pretende bombardear o traballo pola igualdade (*Aplausos.*)

Ao Grupo Socialista parécenos que é importante, que era importante, reforzar este consenso para seguir traballando de forma eficaz, dentro da Comisión de Igualdade, na elaboración e consecución do Pacto galego contra a violencia de xénero. Todas as voceiras e vocais dos diferentes grupos que participamos na Comisión saben que temos falado xa nas nosas reunións do importante —como dixo a señora Prado— de atopar os puntos de encontro, de tratar de chegar a acordos, e manter os desencontros fóra das discusións para tratar de chegar a consensos. Pero entenderán que existen cuestións que, se transcenden como debates públicos por parte dalgún dos grupos contradicindo o mero espírito das modificacións legislativas que se poidan derivar, ou limitando o alcance das medidas e accións que se propoñen desde o resto dos grupos, nos vexamos na obriga de solicitar explicacións ou as rectificacións que consideremos precisas.

En todo caso, reitero a miña satisfacción con este acordo que hoxe se referenda. E, en canto ás emendas presentadas, quero comentar que aceptaremos en parte as presentadas tanto polo grupo de En Marea como do BNG. No caso do BNG imos aceptar a inclusión dos puntos 1.1 e 1.2 dentro do punto 1 da nosa iniciativa, e con iso o cambio do punto 6, que se derivaba tamén da introdución destes puntos. Porque realmente consideramos que efectivamente se



pode traballar xa no seguimento do pacto de Estado dentro desa Comisión Interdepartamental de Igualdade e despois trasladar o debate ao Parlamento, que é o que nos parece en todo caso o máis acaído.

No caso do Grupo de En Marea, aceptamos o punto 1, tamén como unha forma de manter ese seguimento e ese compromiso, un punto que volve incidir en referendar os compromisos que aquí se adquiren. O resto dos puntos —aínda concordando con algúns deles— consideramos que non están dentro do espírito que se buscaba nesta iniciativa, que era basicamente referendar e reafirmar o compromiso de todos os grupos desta Cámara coas leis e co traballo de cara á igualdade.

Pola nosa banda, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Bará Torres.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado D. Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción [doc. núm. 45125 (10/MOC-000124)])

Emenda de adición.

Engadir o seguinte texto, a seguir do punto 4:

<<Asemade, o Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

— Non apoiar nin subvencionar os campionatos de matanza do raposo.

— Demandar do Goberno do Estado que promova os cambios lexislativos necesarios para a prohibición das touradas.>>)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción, ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Boa tarde outra vez a todas as súas señorías.

Grazas, presidente.

Hoxe traemos unha moción que ten que ver coa normativa que temos en Galicia en relación co benestar dos animais de compañía. Ten catro puntos, e nós cremos que dende o grupo



maioritario que apoia o Goberno deberían, ou poderían, ser aceptados sen ningún tipo de problema os catro puntos, porque son razoables e van na liña da propia Lei de protección e benestar dos animais de compañía do ano 2017 que se aprobou nesta Cámara.

O primeiro deses puntos fai referencia á necesidade de cumprir esta lei e á obriga que ten o Goberno, á responsabilidade do Goberno, de controlar o seu cumprimento. O outro día falabamos —tanto a conselleira na interpelación como eu mesma dende o Grupo Socialista— do que aconteceu na Estrada cando unha muller foi atacada por varios cans dun veciño. E foi no ano 2018, pero a conselleira manifestou aquí que era certo que no ano 2016 xa circulara que eses cans existían e que os veciños sabían o que pasaba, o Seprona sabía o que pasaba, e o Concello e a Consellería sabían o que pasaba porque recibiran informes do propio Seprona. A conselleira dixo que efectivamente eses informes existían pero que estaban nun limbo, que había un limbo —coma se houbo un limbo xurídico—, e que os informes seguiron o seu curso ata o final. Non concretou máis. E o certo é que mentiu porque non había limbo ningún, había unha lei, que era a Lei de protección dos animais domésticos e salvaxes en cativeiro, do ano 1993, que regulaba a posibilidade de incluír determinadas actividades nas infraccións e sancionar esas infraccións.

O feito de ter animais perigosos era unha infracción grave nesa lei que agora está derogada. Ter varios animais, como mínimo un, un can perigoso, potencialmente perigoso, como tiña este propietario na Estrada, pois xa podía ser considerado unha infracción grave coa lei do ano 1993, cando se recibiron eses informes do Seprona. E podía ser sancionado como tal infracción grave, ou moi grave, segundo a lei.

Non se fixo, non se fixo. «O que se fixo» —dixo literalmente a conselleira— «foi que eses informes seguiron o seu curso ata o final». Pois non é certo, non seguiron o seu curso ata o final porque nin houbo cualificación de infracción nin houbo sanción. Supoñemos que eses informes, como dixemos varias veces, acabaron metidos nun caixón, porque sancións non houbo e, polo tanto, non se cualificaron esas infraccións. É máis, eses informes puideron servir para acordar medidas preventivas coa nova lei do 2018 na Estrada, e tampouco se fixo.

É dicir, non é que non se cumprise a lei, senón que tampouco se controlou o cumprimento da lei por parte do Goberno. E iso é precisamente o que pedimos neste primeiro punto da nosa moción.

Pedimos tamén que se defenda os concellos, fundamentalmente os concellos pequenos que non teñen financiamento suficiente para facerse cargo cada un deles das canceiras. E eu teño aquí dous informes, da Deputación de Pontevedra e da Deputación de Ourense, que falan precisamente das canceiras. En concreto, a Deputación de Ourense fala de centros de acollida no Carballiño, Xinzo de Limia, a Baixa Limia e Valdeorras; e a Deputación de Pontevedra, do centro de acollida e protección de animais da Armenteira. Falan do que custa ter centros coma estes, dos gastos que supoñen e dos ingresos que recibe a deputación por facer este servizo.

Os custos, máis ou menos, están nos 700.000 euros anuais. E os ingresos que veñen das aportacións dos propios concellos, dos fondos propios da deputación e dos prezos públicos que se recadan dos cidadáns pois son uns 500.000 euros máis ou menos. Hai un déficit nese



financiamento que os concellos non poden asumir, nin as deputacións —e escollín unha que non está gobernada polo Partido Popular e outra que si está gobernada polo Partido Popular—. E ese financiamento non chega.

Por iso lles pedimos nesta moción que o Goberno abra coa Fegamp un acordo para financiar as canceiras dende o Goberno, aínda que a xestión recaia ben nos concellos onde así a teñan ou ben nas propias deputacións. Porque son os propios concellos e as propias deputacións as que están dicindo que efectivamente non poden facerlles fronte.

O noso terceiro punto pide tamén o cumprimento da lei. A lei di que daba un prazo de doce meses de máximo para desenvolve-la a través dun regulamento. Non se fixo. Pasaron doce meses —pasaron trece meses, porque o 11 de xaneiro foi o día no que se cumprían eses doce meses— e non se pode agardar máis, porque esta lei do ano 2017 remítese a ese regulamento futuro case en trinta ocasións. Iso quere dicir que o que se tería que regular por regulamento non está regulado e está xerando moitos problemas. O outro día había representantes do colectivo veterinario neste hemiciclo e, efectivamente, así nolo dicían.

A conselleira, na súa intervención, comprometeuse a facelo dentro deste ano. Xa pasaron trece meses —máis de trece meses, trece meses e dous días para ser exactos— e nós cremos, dende o Grupo Parlamentario Socialista, que non se pode agardar máis, e por iso lle pedimos que sexa antes de que remate este período de sesións, que abra un proceso participativo para todos aqueles sectores que necesitan dicir algo sobre o cumprimento da lei e que a levan cumprindo dende a súa entrada en vigor, e que saque ese regulamento o Goberno antes de que remate o período de sesións, porque xa levamos trece meses de atraso.

E, por último, o último punto, finalmente, pide que se traballe por parte do Goberno coa Oficina de Epizootias da Organización Mundial de Sanidade Animal. Falar de rabia pode soar un pouco raro ou incluso medieval, pero a rabia existe, non só nos morcegos, senón que existe nos cans e nos gatos. Dende a Organización Mundial da Saúde, xa no ano 1996, dicíase que España tiña que seguir vacinando gatos e cans e aconsellaban a revacunación anual. ¿Por que? Como programa preventivo fronte a rabia, por dous motivos fundamentais: primeiro, porque hai países endémicos nos que a rabia existe como pandemia nos gatos e nos cans e hai animais que veñen ás veces importados deses países sen ningún tipo de control sanitario nos seus países de orixe e ás veces os postos de inspección fronteiriza pois non funcionan como deberían funcionar. E logo porque, como España está preto de Marrocos —nós non estamos alí pegados pero Marrocos existe—, hai animais, alí hai rabia como pandemia, e esporadicamente ten habido no noso país casos de rabia transmitidos a outros animais, a cans e a gatos —fundamentalmente a cans—, que ás veces teñen trabado as persoas. Pois nós cremos que non se pode mirar cara a outro lado e que os propios veterinarios —así o din— cren que é necesario abrir un programa preventivo fronte á rabia que inclúa a revacunación ano a ano dos animais domésticos.

Como lles dicía ao principio, cremos que é fácil que vostedes asuman estes catro puntos. Creemos que lle fariamos un favor á lei do ano 2017 se todos votásemos a favor desta moción e por parte do Goberno se asumisen os compromisos que se asumiron o día da súa aprobación.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Por parte dos grupos parlamentarios, ten a palabra, en primeiro lugar, o representante do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Boa tarde.

A nosa intervención é, loxicamente, para anunciar o apoio á proposta do Grupo Socialista porque nos parece obvio pedir que se cumpra a lei, que se desenvolva a lei segundo o previsto. Que se faga un regulamento, que se cubran os baleiros que ten a lei, pois é algo elemental, ninguén se debería opoñer a isto, aínda que non agardamos moito por parte do Goberno, dada a parálise normativa e tamén xa non digamos da lei senón do propio desenvolvemento regulamentario das leis.

Tamén nos parece lóxica a proposta —porque xa fixemos esta crítica cando se debateu a lei— de que se transferían competencias aos concellos pero non se transferían os medios e os recursos para facerlles fronte a esas competencias. E agora vemos como os concellos se ven desbordados, superados, pola situación, tendo en conta ademais que a lei provocou un efecto que foi o de maior abandono de animais, polas propias exixencias da lei. E todo iso está recaendo sobre os concellos, moitas veces concellos pequenos que non teñen capacidade para afrontar esas novas responsabilidades —xa digo— porque non se lles transferiron os medios e os recursos. E loxicamente tamén compartimos a preocupación polas enfermidades transmisibles aos seres humanos polos animais. Entón, loxicamente, isto supoñemos que terá o apoio de todos os grupos.

E nós, a través das emendas, queremos reclamar máis cousas, porque pensamos que o benestar animal se pode medir como unha especie de termómetro pola sensibilidade que os gobernos e as sociedades teñen arredor do bo trato ou do maltrato que se lles dá aos animais. E neste sentido xa no seu día denunciámos que a lei excluía situacións que nos parecían aberrantes, que nos parecían denunciáveis, que entendiamos que debían estar recollidas na lei, por exemplo a situación dos cabalos e das eguas salvaxes, dos équidos. Porque, ademais das cuestións que teñen que ver cos aspectos ecolóxico-sociais, tamén hai aspectos patrimoniais que hai que ter en conta. Hai, ademais —estanse denunciando continuamente—, ataques e maltrato a estes cabalos e eguas, e pensamos que hai que ter unha normativa específica que os protexa.

Igual que entendemos que non ten sentido que a lei excluía a situación de prácticas de maltrato aos animais como, por exemplo, as touradas. Xa sabemos que hai unha lexislación de ámbito estatal, pero a lei fala de prohibicións xenéricas e di concretamente: «a utilización de animais en pelexas, festas, espectáculos ou calquera outra actividade que leve consigo o sufrimento, o maltrato e a crueldade contra os animais». E por iso, e tendo en conta tamén a definición que fai a Unesco da tauromaquia, propoñemos mediante unha



emenda dirixirse ao Goberno do Estado para que promova os cambios legais da lexislación. Porque entendemos, ademais, que hai unha maioría nestes momentos parlamentaria favorable a facelo así, e deberíase prohibir —como lle chaman agora o Partido Popular e mais os seus aliados de Vox— a tauromaquia —agora estalle cambiando así..., parece que é unha palabra máis doce, máis suave, que a matanza dos touros nas touradas, nas corridas de touros—.

E tamén unha sociedade que combate o maltrato e a crueldade tampouco debería permitir, ao noso entender, estas cousas, (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) estas matanzas de raposos disfrazadas de competicións deportivas que están convertendo Galiza nun auténtico santuario no Estado español e en Europa do masacre do raposo. E isto cando xa noutros países europeos se prohibiron expresamente estas competicións deportivas, que son anacrónicas, que son medievais, que son crueis. E desde o BNG, desde logo, sentimos vergoña dun goberno que permite estes massacres, (*O señor Bará Torres mostra de novo a fotografía.*) estas matanzas de raposos. E por iso solicitamos na nosa emenda que a Xunta non promova, non patrocine, non colabore, non financie estas matanzas.

Vostedes, ademais, apoiaron no seu día unha proposta do BNG, que se aprobou de maneira unánime, para que non se fixesen estes apoios, e agora vemos como nas competicións de matanza de raposos que se organizan aparecen os logotipos da Xunta de Galiza (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) e de Deporte Galego, que financia, que apoia, que colabora na organización destas prácticas.

Entón, teñen agora unha oportunidade para demostrar se están a favor do benestar animal ou se apoian estas prácticas crueis de sufrimento e de maltrato.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra o señor Casal Vidal.

O señor CASAL VIDAL: Grazas.

Boa tarde.

Ben, despois de máis dun ano estamos aquí outra vez a falar da Lei de benestar animal. Como demostramos na tramitación da lei, a nosa intención era chegar á mellor lei posible e non facer dela unha loita política nun asunto —os dereitos dos animais— recoñecido desde as Nacións Unidas ata a maioría da cidadanía. Neste senso, a aprobación no Congreso dos Deputados de considerar os animais seres dotados de sensibilidade foi outro paso adiante. Por iso non presentamos naquel momento unha emenda á totalidade, para dar espazo ao diálogo sincero e xeneroso. Lamentablemente, as nosas principais emendas, despois de renunciar á maioría en aras de chegar a un acordo, non foron recollidas, e o tempo —como vou explicar— está a darnos a razón de que eran absolutamente imprescindibles.



Consideramos que a lei foi un paso adiante, pero, como previamos, quedou en papel mollado, cunhas consecuencias realmente dramáticas. ¿E que dicían as nosas emendas que nós plantexabamos xa irrenunciabes, porque presentamos oitenta, baixamos a trinta e, finalmente, quedamos con seis, para poder apoiar esta lei? Fundamentalmente, un punto moi importante: non excluír os équidos —xa se mencionou— da protección desta lei. O Grupo Popular argumentaba que xa teñen unha normativa propia, pero nesa normativa a protección animal brilla pola súa ausencia e déixaos totalmente desamparados. A situación é realmente dantesca: cabalos mortos de fame por falta de atención por parte dos seus propietarios —como pasou en centos de casos no pasado verán—, cabalos asasinados salvaxemente a golpes en Oia, sen que se vexa que vai haber sancións por este motivo.

Despois —xa o falamos moitas veces—, non excluír os touros da protección desta lei. Que se siga promocionando a tauromaquia nun país como Galicia parécenos totalmente ridículo e sen ningún tipo de xustificación, por non ter ningún apoio social e un rexeitamento absolutamente masivo.

Despois tamén plantexabamos emendas para conseguir de verdade o sacrificio cero e diferenciar claramente o sacrificio da eutanasia. Ben, vostedes meteron un punto onde se poñen todo un montón de excepcións. ¿Que está sucedendo? Nas cancelas séguese sacrificando por cuestións teoricamente de benestar animal pero que realmente é soamente un problema de sobrepoboación, ou sexa, un problema económico.

Despois segue a sobreexplotación das femias de cría e non hai un control exhaustivo da compravenda ilegal, sobre todo no caso dos cazadores, e seguen a campar polo territorio de maneira totalmente escandalosa. E a mesma situación estase a producir en moitos lugares con residencias ilegais que non teñen ningún tipo de control administrativo.

E agora chegamos ao punto fundamental, o que plantexabamos: que a Xunta de Galicia estivera obrigada tanto a desenvolver convocatorias para dar axudas económicas ás asociacións de protección e defensa dos animais como aos concellos, que tiñan que aplicar esta lei. Ben, pois ¿cal foi? Durante os debates da lei calculamos que, tendo en conta que en Galicia hai ao redor de quince e vinte mil abandonos de animais, o custo para poder aplicar a lei sería de arredor de 3 millóns de euros. Pois ¿que fixo? E, de feito, nos debates da ponencia asegurábase que os orzamentos se ían incrementar. Pois no ano 2017 —antes da lei—, o programa 541B estaba dotado con 300.000 euros. Chegou a lei e nós dabamos por feito que, vale, ao mellor non chegabamos aos 3 millóns no primeiro ano pero polo menos a 1 millón. ¿Cal foi a realidade? Orzamentos 2018, 100.000 euros. Sacan a adiante unha lei non sei para que, ao mellor para darlle puntos á exconselleira de Medio Ambiente, a ver se con iso a axudaban a conseguir a Alcaldía da Coruña. Ao mellor agora, como xa dá por feito que non ten nada que facer, que probablemente vai ter o peor resultado da historia do Partido Popular na Coruña, pois agora a lei xa queda agochada. ¿E por que queda agochada? ¿Saben os orzamentos no ano 2018? 100.000 euros, a terceira parte que cando non había a lei. ¿E no 2019? 125.000 euros, un pouquiño máis.

Pero ¿saben vostedes que no ano 2018 foron abandonados en Galicia vinte e dous mil cans, tres mil máis que no ano 2017? ¿Saben a canto sae por can? A 5 euros. ¿Saben vostedes canto



gasto supón para un concello a captura, esterilización, chipeado e despois o proceso de adopción dun can? Un mínimo de 200 euros, ou sexa, corenta veces máis do que vostedes orzan. Desta maneira é imposible poñer en marcha e facer cumprir unha lei. ¿Como llelo poden exixir aos concellos que non teñen orzamentos para isto se vostedes non o dotan orzamentariamente?

Só un exemplo: o Concello da Coruña. Só a canceira do Concello da Coruña está orzada con 160.000 euros...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CASAL VIDAL: ...máis as campañas de chipeado, as campañas de esterilización e a campaña de xestión de colonias felinas. Ou sexa, só o Concello da Coruña gasta máis do dobre que a Xunta de Galicia ao ano.

Desta maneira, non ten sentido que estiveramos aquí máis de tres ou catro meses debatendo unha lei que parecía que ía ser unha lei con moito futuro e con moitas expectativas, ou polo menos nós as puxemos. Vostedes, cos orzamentos, demostran o que lles importa o dereito animal. Ao mellor tamén é...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: ...cousa de contaxio dos seus novos socios, que, como xa é evidente, defenden o maltrato animal. Espero que vostedes non se contaminen tamén diso. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, boas tardes.

Eu, señor Casal, e aínda que sexa así só como brincadeira, alégrome de que fale vostede da futura alcaldesa da Coruña. A enquisa á que vostede fai referencia o que está a dicir é que vostedes baixan un 20 % o apoio que tiñan da cidadanía e que perden tres concelleiros, e o Partido Popular é a primeira forza, vai ser a primeira forza na Coruña. *(Aplausos.)* Vostede entenderá que nós estamos bastante contentos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. Silencio, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Xa verán, xa verán. Non se poñan nerviosos. Xa verán como gobernamos. Incluso ata vostedes van estar contentos de que gobernemos. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*

Mire, o Goberno galego, como non podía ser doutra forma, está a aplicar estritamente a lei dende a súa entrada en vigor e cumpre todo o disposto no texto; unha lei que, como vostedes ben saben, actualizou unha normativa que tiña máis de vinte anos e que naceu pola necesi-



dade de dotar Galicia dunha lei máis exixente dende o punto de vista sanitario, ambiental e de benestar respecto dos animais.

Dá resposta tamén esta lei a un sentir maioritario da sociedade galega, cada vez máis sensibilizada, e busca dar resposta ás demandas da cidadanía ante a problemática do abandono e o maltrato animal. Equipara tamén a nosa normativa á doutras comunidades e Estados europeos e conta cun triplo obxectivo: o sacrificio cero, a loita contra o maltrato animal e o non abandono.

En resumo, unha lei que fomenta a adopción e a concienciación da cidadanía, que tamén, por suposto, endurece as sancións previstas e aposta pola tenza responsable dos animais de compañía, algo que é sen dúbida ningunha o principal instrumento para prever o abandono e o maltrato animal.

¿Que balance podemos facer despois de doce meses? Incrementouse significativamente o rexistro dos animais de compañía, xa que a identificación é obrigatoria sen excepción coa nova lei; de feito, en só un ano rexistráronse 84.851 novas altas no rexistro. Incrementouse tamén o número de expedientes sancionadores por infraccións tipificadas na nova lei. E, por suposto, hai que aclarar que —aínda que este non é o obxectivo da lei— está sobradamente demostrado que o feito disuasorio das multas por infraccións debe terse en conta como unha ferramenta máis á hora de conseguir o obxectivo de loita contra o maltrato animal en todas as súas vertentes.

E seguiron poñéndose en marcha axudas aos concellos e asociacións protectoras. En concreto, destinouse un total de 550.000 euros dende a posta en marcha da lei. Autorizáronse tamén tres novos centros de recollida de animais abandonados e tamén quero lembrarlles que, grazas a esta lei proposta polo Goberno e aprobada nesta Cámara co apoio do Partido Popular, en Galicia xa non hai mutilacións de animais por cuestións estéticas, non hai tiro ao pombiño e non hai circos con animais silvestres. Todo isto foi, señorías, grazas a esta lei que apoiou o meu partido.

En relación, señorías dos grupos, cos puntos da moción, o Goberno galego está a desenvolver as medidas e actuacións necesarias para garantir o cumprimento da lei dende a súa entrada en vigor.

En canto ás competencias recollidas e establecidas na lei respecto da recollida e atención dos animais domésticos abandonados, así como das posibilidades da xestión desta competencia, non variaron respecto da lei de 1993. A nova lei atribúe as mesmas competencias aos concellos; e, ademais, é lóxico, porque estas competencias veñen marcadas pola Lei de bases de réxime local. Isto xa o falamos cando se debateu a lei, pero a vostedes dálles absolutamente igual cal é o marco xurídico co que se redacta esta lei; vostedes marcan unha velocidade, poñen un piñón e aí van a piñón fixo, pero quero dicir tamén como isto reflicte a súa forma de ser e a súa forma de defender as propostas.

Cando se debateu esta lei, aquí falamos das dificultades que había dalgunhas das propostas, dos problemas que ía haber de carácter orzamentario, do tema dos abandonos. Di o señor



Bará que a lei provocou que houbera máis abandonos. Iso sabíámolo e falouse na lei, e vostedes, aínda así, querían que, por exemplo, houbera a obrigatoriedade de chipar todos os felinos; esa era a súa proposta, e aínda sabendo que ía haber máis abandonos... (*Murmurios.*), non, vostedes dicían que non, que non os ía haber; agora vostede recoñeceuno.

Mire, en canto ao regulamento, estase a traballar nel dende o primeiro momento, estase a buscar e favorecer a participación de todos os implicados, buscando o máximo consenso. E imos seguir facéndoo así. Podíamos facer como fan vostedes: atopar, non escoitar e tirar para diante vía decreto, pero non, nós preferimos escoitar.

Sobre a emenda, señor don Lois Bará, de calquera outro deputado pódese entender, pódese entender, pero é que vostede foi ponente desta lei, vostede fixo algunha achega a esta lei e vostede é perfectamente coñecedor do ámbito de aplicación desta lei. E mire, o raposo, por moito que vostede queira, non é un animal de compañía; é máis, se vostede sabe de alguén que teña un raposo como animal de compañía, díganolo, porque chamamos o Seprona. Vostede sabe... (*Murmurios.*) que esta foi unha boa lei...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TRENOR LOPEZ: ...quizais a mellor das leis posibles, pero non son capaces vostedes de admitilo, pero non faga que descoñece o seu ámbito de aplicación.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Polo menos, se quere seguir facendo que a descoñece, moi ben, pero sexa vostede polo menos coherente e faga o mesmo que aquí pide onde vostedes gobernan. Mire, no Bipartito houbo máis campionatos do raposo do que hai agora, houbo máis campionatos cando vostedes gobernaban que en calquera dos anos que goberna o Partido Popular. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LOPEZ: Pero a súa sensibilidade vai e vén segundo gobernan.

E mire, aquí lle saco unha foto, (*O señor Trenor López mostra unha fotografía.*) por exemplo, do seu alcalde de Ponte Caldelas, Andrés Díaz, do Partido Socialista, pero creo que goberna co apoio...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, terminou o seu tempo.

O señor TRENOR LOPEZ: ...do Bloque Nacionalista Galego, nunha clausura e nunha entrega de premios dun campionato de caza do raposo. Co cal, señoría, vaian primeiro aos seus alcaldes, convenzan primeiro...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor. Terminou o seu tempo. Moitas grazas.

O señor TRENOR LOPEZ: ...os seus alcaldes e despois veñan aquí.



E xa para rematar...

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas. Non, moitas grazas. Xa terminou o seu tempo. (*Murmurios.*) Xa se pronuncia o grupo autor da moción sobre a emenda.

Grazas. Xa está, xa a coñecen, perfecto. Terminou o tempo. Grazas, moitas grazas. (*Aplausos.*)

Grupo autor da moción, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Sempre é un pracer escoitar o señor Trenor, pero para falar das emendas dos outros grupos hai que traer a interpelación e a moción aquí, e suponse que sobre a emenda teremos que posicionarnos dende o Grupo Parlamentario Socialista e non dende (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) o Grupo Parlamentario Popular.

O certo é que non lle debeu de gustar demasiado á señora Beatriz Mato a súa intervención, porque marchou correndo despois de que vostede comezou, non sabemos se... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) para comprar unha bandeira para cando...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora VILÁN LORENZO: ...sexa a próxima manifestación na praza de María Pita e coller sitio en primeira fila, unha bandeira de España; ao mellor é para iso, ¿non? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio, silencio, silencio, por favor.

Estamos terminando xa, silencio, non interrompan. Por favor, silencio.

(*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*) Señor Tellado, por favor, silencio.

Silencio, silencio. (*Murmurios.*)

A señora VILÁN LORENZO: O señor Tellado o outro día non tiña voz e creo que neste pleno lle vai pasar unha cousa parecida, aínda que o outro día puido berrar perfectamente, que o escoitamos todos, incluso para mandar calar aos que estamos nesa bancada de aí; hoxe ao mellor pásalle o mesmo, señor Tellado.

É unha lástima que vostedes non voten a favor, señor Trenor e o seu grupo, porque o único que se lle pide... (*Murmurios.*) Non dixou vostede o que ían votar, o único que dixou foi, o único que dixou foi... (*Murmurios.*) ...é que a lei se está cumprindo, dixou que eu pretendía abandonar o marco xurídico e di o meu compañeiro Abel Losada que estou feita unha anarquista, porque polo visto estou pedindo cousas fóra totalmente do marco xurídico, que é o que vostede me di.

Eses 550.000 euros dos que vostede fala gustárame que me concrete en que partida orzamentaria están, porque nós nin ningún grupo os atopamos. Ao mellor están en sobres, pode



ser que estean en sobras, pero nos orzamentos non están, seguro, *(Aplausos.) (Murmurios.)* seguro que non.

E menos mal que para o regulamento levan vostedes máis de trece meses para facelo, porque —non sei— vai rematar a lexislatura e aínda non van ter tempo de ter o regulamento feito. O outro día a conselleira comprometeuse a ter o regulamento este ano. Pois nós pedímosllo, porque vostedes non falaron con ninguén para o regulamento e aí estaban os representantes dos empresarios.

Señor Trenor, vostede veu aquí, falou o que quixo, falou máis tempo do que lle correspondía... *(Murmurios.)* Déixeme rematar e así podemos marchar, votar e marchar todos para a casa.

Se non lles chegaron trece meses, pois ao mellor non lles chega este ano. E iso quere dicir que a conselleira non vai cumprir ao que se comprometeu o outro día, que era que este ano estea o regulamento, e nós pedímoslle que estea antes de que remate este período de sesións.

Agradecemos a posición do Grupo de En Marea, aínda que non dixo especificamente que ía votar a favor, pero entendemos que é así, e agradecemos a súa posición tamén ao BNG.

Non podemos aceptar a emenda porque, efectivamente, para que o raposo xa non sexa unha especie de caza, o que hai que modificar é a Lei de caza, e, de feito, o outro día na Comisión 2ª falamos diso e ao mellor é o seguinte que temos que traer a este Parlamento. E o mesmo ocorre coas touradas.

Dos circos con animais e dos équidos falamos no seu día, e cos équidos non tivemos demasiada sorte, pero si dos circos con animais conseguimos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...sacalos desta lei.

O certo é que, cando esta lei se debateu aquí, dende o Grupo Parlamentario Socialista fixemos unha emenda á totalidade para cambiar a súa denominación e poder incluír tamén a prohibición dos équidos, do tiro ao pombiño e tamén das touradas, e o Grupo Parlamentario Popular non quixo. Fomos o único grupo que presentou...

O señor PRESIDENTE: Sobre a emenda, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—remato— emenda á totalidade.

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre a emenda?

A señora VILÁN LORENZO: Xa dixen que non podemos aceptar...

O señor PRESIDENTE: Non a acepta. Grazas.



A señora VILÁN LORENZO: ...a emenda do BNG, e é unha lástima.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

A señora VILÁN LORENZO: Veremos o que vota o Partido Popular.

Grazas. (*Aplausos.*)

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Rematado o debate sobre as mocións, pasamos á votación. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa de dona Eva Solla.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para evitar as situacións de saturación nos servizos de urxencias dos hospitais do Sergas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea por iniciativa do señor Villares.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ou do PSOE, non sei. Si, ¿dígame?

O señor VILLARES NAVEIRA: Si, con relación a esa emenda, incorporamos o punto primeiro e o segundo da proposta de emenda do BNG e deixamos na versión orixinal o terceiro.

E se o Partido Popular quere votar a primeira, aceptamos a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos tal e como explicou o señor Villares a proposta.

Votamos.



Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira, sobre a defensa pola Xunta de Galicia, nos espazos políticos e institucionais e nos acordos que leve a cabo, dos dereitos humanos, da igualdade de mulleres e homes e do autogoberno.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción. s

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa da señora Pierres.*

¿Acéptase o punto 1 e o punto 2 da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, así como o cambio do punto 6? ¿Como é o tema? Eu non estaba no debate. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Ah!, hai unha transacción. É un pouco longa. ¿Quere lela, señora Pierres?

A señora PIERRES LÓPEZ: *Xa a coñecen os grupos, pero introdúcese un punto 2 do BNG e tamén o cambio do punto 6 que propón o BNG en relación con ese punto 1 que se introduce, e acéptase o punto 8 que propón En Marea.*

O señor PRESIDENTE: *¿É o que dicíamos nós ou non?*

A señora PIERRES LÓPEZ: *É, pero eu ratifícollo.*

O señor PRESIDENTE: *Non entendemos nada, pero é igual. A transacción está, ¿non? Pois votamos a transacción, acabamos antes.*

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López, sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta moción por 71 votos a favor.

O señor PRESIDENTE: *E votamos por último a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de D^a Patricia Vilán.*

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co cumprimento da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa noite.


Suspéndese a sesión ás oito e un minuto da noite.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mourinho Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

